BARBANTIA

Anuario de Estudos do Barbanza

Ano 2020 - Nº 16

O BAMLANIVIMAB, UN PROTECTOR FÁRMACO PARA MAIORES E CRÓNICOS. GALICIA SEGUE POR RIBA DOS 600 HOSPITALIZADOS POR COVID PERO A INCIDENCIA BAIXA. GALICIA INCORPORA O TEST QUE DETECTA GRIPE E COVID NA MESMA MOSTRA. A XUNTA INTERVÉN A RESIDENCIA DE MAIORES DE SALVATERRA. A OFERTA DOS AEROPORTOS GALEGOS REDÚCESE INDA MÁIS E SÓ SE MANTEÑEN DEZ DESTINOS. A COVID NON SE CEBA CON BARBANZA PERO DISPARA OS CASOS DE ANSIEDADE. ERTE E PECHES, A PANDEMIA ARRUÍNA AS AXENCIAS DE VIAXES BARBANZÁS. A AMEIXA ROXA AO PREZO DA CENTOLA, A DESFEITA NO MERCADO DO MARISCO. O DÍA DAS LIBRARÍAS BUSCA REMONTAR UN ANO CON CAÍDA DO 22,5 % NAS VENDAS. A LOITA CONTRA A VELUTINA FRACASA NO BARBANZA. A XERACIÓN DO PICHE CHEGA Á MAIORÍA DE IDADE. TRUMP EMBÁRCASE NUNHA PURGA EN DEPARTAMENTOS CLAVES DO GOBERNO. NOVAS DO BARBANZA E DO MUNDO, NOVEMBRO DE 2020.

Coordinación
Manuel Cartea
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Revisión Lingüística
Manuel Cartea

Consello directivo
Presidente: Manuel Cartea Gómez
Vicepresidenta: María Isabel Santos Davila
Vicepresidenta: María Xesús Blanco López
Secretaria: Milagros Torrado Cespón
Tesoureiro: Francisco Xosé Bugallo Otero
Vogal: María Dolores Arxóns Álvarez
Vogal: Xesús Román Laíño Briones-Arén
Vogal: Xosé R. Losada Vicente
Vogal: Manuel Mariño del Río
Vogal: Adolfo Muíños Sánchez
Vogal: Encarna Pego Paz
Vogal: Antón Riveiro Coello
Vogal: María Teresa Villaverde Pais
Vogal: Pilar Sampedro Martínez

Administración
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Deseño e maquetación
vexota

Edita
A. C. Barbantia
Rúa Poeta Manuel María, s/n
Centro Social
15930 Boiro (A Coruña)
Tlfno.: 981 84 26 35 Fax: 981 84 27 25
http: www.barbantia.org - www.barbantia.es
Blog: www.cafebarbantia.barbantia.org
www.cafebarbantia.barbantia.es
correo: barbantia@barbantia.org
barbantia@barbantia.es

@barbantia

Asociación Cultural Barbantia

Imprime
Gráficas Garabal, S.L.

ISSN
1889-0946

Depósito Legal
C-2792-05

ÍNDICE

5 **LIMIAR**
X. Ricardo Losada

9 **BOIRO, ENTRE A DEFENSA DA REPÚBLICA E O INICIO DA REPRESIÓN MILITAR (xullo 1936-abril 1937)**
Antón Rodríguez Gallardo

35 **AS BISBARRAS DE NOIA E BARBANZA NAS *"MEMORIAS DE JERÓNIMO DEL HOYO (1603-1620)"***
Manuel Mariño del Río

55 **OS ESCRITOS DE RAMÓN OTERO PEDRAYO REUNIDOS POLO MUSEO VALLE-INCLÁN**
Antonio González Millán

77 **MULLERES EN LOITA DURANTE A 2ª METADE DO XIX E O 1º TERZO DO XX. *Invisibilizadas pero na vangarda***
Patricia Torrado Queiruga

91 **AGOIROS DE MORTE NO CONCELLO DE RIANXO**
Natividad Rey Ordóñez

103 **A GALIZA PESQUEIRA NO ESPAZO E NO TEMPO**
Manuel González Vidal

125 **RIBEIRA HAI 100 ANOS A TRAVÉS DO LIBRO DE PLENOS DE 1920**
Ezequiel Lago Mallo

163 **A XENEROSIDADE DA CULTURA GALEGA (I)**
Pilar Sampedro

173 **8 DE MARZO. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**
Pili Pereiro

179 **LA PERLA AGRÍCOLA**
Francisco Antonio Vidal Blanco

185 **EL UROGALLO. UNHA REVISTA EN ARTES (con Blanco-Amor ao fondo)**
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

205 **REFLEXIÓNS DUN SEÑOR CHAMADO OITO**
Emilio García Portosín

269 **AS VACAS DE OLIMPIO OU A FILOSOFÍA DA VIDA. *(Tres cornadas e un desafío contra o Coronavirus)***
Xesús Santos

AIRES DE FÓRA

275 **AS SÁTIRAS DE PERSIO. Limiar, tradución e notas**
Margarita Fernández Gómez

BARBANTIA ANO XVI

321 **BARBANTIA. BALANCE ANUAL**
Pastor Rodríguez

351 **RELACIÓN DE SOCIAS/SOCIOS**

Limiar

Xosé Ricardo Losada

O día que me recordaron que tiña que escribir o limiar deste anuario estaba lendo o facsímile do primeiro número de *Nós. Boletín mensual da cultura galega* que o xornal Nós Diario publicou o mesmo día, o 30 de outubro, que saíra o orixinal en 1921. Cumpríanse cen anos do comezo dunha aventura intelectual e política, no mellor sentido da palabra, que eu admiraba moito. É fácil entender por que lendo o prólogo, *Primeiras Verbas*: "É a ansia qu´oxe sinte Galizia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrente, a evidencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e o xenio da nósa Raza, e mais na eficacia do nóso esforzo pra levala ó cumprimento do seu fado grorioso. Oxe chegou á vida na nósa Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nósa autividade creadora. *Nós* ven a recoller todos ises esforzos d´integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo".

Como é un tema de máxima actualidade, e non creo nas casualidades, decidín falar neste limiar desas primeiras palabras da conciencia cultural galega. Pero, como me adoita pasar, en canto souben de qué ía falar, comezaron na miña cabeza os conflitos intelectuais, case sempre en forma de loita de opostos para, deseguido, buscar ese perigoso pero fértil terreo da matización.

Neste caso, o primeiro oposto era a idea de que me debía limitar a copiar, unha a unha e na mesma secuencia, esas primeiras verbas escritas hai cen anos coa mesma intención coa que Borges escribiu *Pierre Menard, autor de El Quijote,* pois esas mesmas primeiras palabras escritas por min e lidas por un lector do século XXI serían unhas primeiras palabras moi diferentes. Pero axiña me decatei de que, aínda sendo certo que inevitablemente serían unhas palabras diferentes, e non só porque o galego da época nos dificultaría a lectura, e non só porque o uso de palabras como *Raza* ou *ser verdadeiro e inmorrente* nos parecerían pouco apropiadas ou excesivamente solemnes, tamén me decatei de que o máis probable sería que nos parecesen as mesmas palabras. Ao fin e ao cabo, aínda hoxe, cen anos despois, vivimos co imperioso deber social de crear para sempre (aínda non está garantido) a cultura galega.

O outro oposto, moi propio da miña dinámica mental e intelectual, sería intentar desmitificar esas *Primeiras Verbas*, comezando por unha crítica aos puntos débiles que, como todo texto e como toda opinión, había de ter. Loxicamente, que detrás desa revista estivesen personalidades da talla de Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Cuevillas, Cabanillas ou Losada Diéguez, lonxe de intimidarme, estimulábame o meu espírito desmitificador. Estou convencido, creo que é a base do espírito crítico, que quen mitifica unha idea ou unha personalidade convértese nun crego ou nun profeta, e que quen as desmitifica, nun intelectual, outra vez no bo sentido da palabra. Aos primeiros, Castelao chamaríalles homes que traballan por non traballar, ou homes que son abreviaturas, estratos, esencias, resumes, pois mitificar evita pensar, ese encordio para o sono, o resto da túa vida.

Por suposto, optei por cumprir co meu deber. Desmitificar. E con esa intención lin o resto desas primeiras palabras. Resto que agora resumo en breves telegramas:

Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete. Só deben cumprir un requisito: estar orgullosos de seren galegos. (Nada que desmitificar)

Nós *ama tanto a tradición galega como os valores novos que están a xurdir nos nosos tempos.* (Nada que desmitificar).

Nós *representa a personalidade galega na súa ansia de se afirmar como valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fóra da terra.* (Nada que desmitificar)

Nós *quere relacionar o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos sen intermediarios, abrindo as súas páxinas a personalidades doutras culturas e dando a coñecer aos galegos os movementos culturais doutras latitudes.* (Nada que desmitificar).

Nós *está convencida de que este proxecto vai triunfar por sermos galegos e por seren o Tempo e o Mundo quen o piden.* (Nada que desmitificar).

Nós *conta achar agarimo e xenerosa axuda en todos os que pensen o mesmo.* (Nada que desmitificar).

Non hai ningunha dúbida de que os promotores da revista *Nós* ben poderían denunciarnos por plaxio aos promotores do anuario Barbantia pois non outros son os nosos obxectivos, tomando o Barbanza como o que realmente queremos que sexa, unha sinécdoque de Galicia. Por iso, non creo que haxa mellor limiar para este anuario que aquelas primeiras palabras da revista Nós, esas palabras que vos acabo de ofrecer como un facsímile do seu espírito.

Boiro, entre a defensa da República e o inicio da represión militar (xullo 1936-abril 1937)

Antón Rodríguez Gallardo

O 13 de xullo de 1936 producíase en Madrid o asasinato do deputado e líder de Renovación Española José Calvo Sotelo. Como quedou demostrado, os responsables foran un grupo de gardas de asalto que, en colaboración con militantes socialistas, actuaron en desquite polo asasinato horas antes do seu compañeiro José Castillo, socialista e tenente da Garda de Asalto, a mans de pistoleiros de extrema dereita. O país quedou perplexo polo sucedido, especialmente polo asasinato do coñecido ex ministro da ditadura de Primo de Rivera. Celebrados no mesmo cemiterio, os enterros convertéronse en manifestacións políticas que derivaron en violentos enfrontamentos con vítimas mortais[1].

Culminando o proceso conspirador iniciado meses antes e, aproveitando o estado de opinión xerado polo asasinato de Calvo Sotelo, entre o 17 e o 18 de xullo sublevábase contra o Goberno da República, declarando o estado de guerra, o Exército de África e Canarias xunto a algunhas gornicións da Península. O xeneral Francisco Franco, un dos principais conspiradores, explicaba por radio dende Tenerife os motivos do golpe militar, alegando que España estaba sendo destruída por unha vaga de anarquía, folgas revolucionarias e rexionalismo, e que as forzas armadas viñan sendo calumniadas sistematicamente polos inimigos da orde pública.

Ao tempo que intentaba tranquilizar a poboación a través dos medios de comunicación asegurando que a sublevación se reducía a algunhas cidades do Protectorado de Marrocos, o Goberno presidido polo galego Santiago Casares Quiroga promovía a disolución de todas as unidades do Exército participantes na rebelión, licenciando as súas tropas e cesando a varios mandos militares. Cando o día 19 a rebelión militar se estende pola maioría dos cuarteis da Península, Casares Quiroga dimite da xefatura do Goberno, pasándoa a ocupar José Giral Pereira, despois do inédito gabinete de concentración nacional de Diego Martínez Barrio. Consciente da magnitude da sublevación e sen querer ceder, o novo presidente aceptou apoiarse nos sindicatos e partidos de esquerdas dispostos a opoñerse coas armas ao golpe de Estado. Unha vez tomada esta decisión –rexeitada polo dimisionario Casares Quiroga–, serán os gobernadores civís os responsables de organizar a defensa da República nas súas respectivas provincias, dando instrucións aos delegados gobernativos de cada partido xudicial para que estes, á súa vez, coordinasen as accións das corporacións municipais.

A XESTORA BOIRENSE ASUME AS ORDES DO GOBERNO DA REPÚBLICA

Ante a gravidade da situación provocada pola insurrección militar e en consonancia coas ordes do Goberno, o gobernador civil d'A Coruña, Francisco Pérez Carballo, promoveu nos concellos da provincia a organización dos denominados Comités de Defensa da República ou Comités da Fronte Popular, que estarán localizados fundamentalmente nas casas consistoriais e integrados na súa maioría polos responsables políticos e sindicais de maior significación (Fernández Fernández,

[1] [...] "El día 14 –relata J. M. Gómez Ortiz, 1977– tuvieron lugar dos entierros en el cementerio del este. En primer lugar el del teniente Castillo, cuyo féretro, envuelto en una bandera roja, fue acompañado por una multitud izquierdista que saludaba puño en alto. Poco después el de Calvo Sotelo, amortajado con el hábito de capuchino, con una muchedumbre semejante que en este caso saludaba a la romana. Goicoechea, jefe de Renovación española –monárquica-, juró ante los presentes que el crimen no quedaría sin venganza. De nuevo se cruzaron disparos y el día fue zanjado con cuatro muertos más que añadir a la lista de víctimas de la violencia política".

2018:66). En consecuencia, seguindo as instrucións de Severino Iglesias Siso, alcalde de Noia por Izquierda Republicana e delegado gobernamental no partido xudicial, organizouse o comité boirense con membros da xestora, nomeada o 10 de marzo, e os principais directivos dos partidos da esquerda (Agrupación Socialista e Juventud Socialista) en unión das organizacións sindicais afíns a UGT e CNT.

Xunto ao alcalde en funcións, José Martínez Virel (Izquierda Republicana)[2], integrarán o comité boirense José Caballero Rubio (Unión Republicana), José Benito Segade e José Ramón Blanco (Partido Galeguista), Francisco Castro Castro, Manuel Benigno Pena, José Iglesias Peiteado, Juan Outeiral Outeiral e Antonio Lago Outeiral (concelleiros, á vez que directivos, da Agrupación Socialista Obrera), Victorino Somoza Rebollido e Antonio Somoza Outeiral (presidente e secretario, respectivamente, da Juventud Socialista), Vicente Silva Somoza (secretario da Unión de Canteros y Oficios Varios), José Viturro Ozores e Manuel Ogea *Torrecilla* (presidente e secretario do sindicato La Alianza, de Cabo da Cruz), Juan Manuel Muñiz Santiago (presidente do sindicato da *CNT* Sociedad de Trabajadores de Mar y Tierra, de Escarabote) e José Saavedra García (do tamén cenetista sindicato mineiro de Lousame). Así mesmo, formarán parte do comité ou, cando menos, van colaborar estreitamente con el, Ramón e Felipe Somoza Rebollido, militantes socialistas e irmáns do alcalde titular Juanito Somoza, e dous administrativos do Concello: Marcial de Diego Andreu e Emilio Blanco Fuciños, substitutos dende o mes de xuño dos funcionarios sancionados pola xestora[3].

A pesar da crítica situación, o optimismo predominaba entre os membros e colaboradores do comité. Sobre todo cando se difunden as novas de que tanto en Madrid como en Barcelona a insurrección fracasara grazas á colaboración entre as organizacións obreiras da UGT e CNT e as forzas armadas leais. "Aquí pensamos que era cuestión dunha broma –contábanos Marcelino Castro, voluntario do comité–, dous ou tres días e tal, e os militares van para o carallo". Porén, a pesar do optimismo das primeiras horas, o día 20, mesturadas coas novas do cruento asalto ao Cuartel da Montaña que remataban co último reduto rebelde de Madrid, chegaron outras informacións desacougantes ao confirmarse que, ese día, oficiais da VIII División Orgánica, con sede n'A Coruña, declaraban o estado de guerra despois de deter os xenerais Enrique Salcedo e Rogelio Caridad Pita, máximas autoridades militares da división e leais ao Goberno da República. A rebelión iniciada no Protectorado de Marrocos estendíase, xa que logo, tamén a Galicia, Asturias e parte de León.

Como relata Fernández Santander (2000), tras a declaración do estado de guerra, os militares golpistas sacaron as tropas ás rúas d'A Coruña nas primeiras horas da tarde daquel

[2] O alcalde Juan Somoza Rebollido, popularmente coñecido como Juanito, o *Chono*, atopábase en Madrid cando se produce o golpe de Estado. Ausente tamén de Boiro nesas datas, José Martínez Virel regresaba o día 20 pola tarde despois de suspender unha excursión escolar.

[3] A relación de membros do comité de defensa da República completouse grazas á información facilitada por persoas ás que entrevistamos, como Marcelino Castro Gallardo –socialista e miliciano do comité–, José Iglesias Peiteado –concelleiro socialista e membro do comité–, José Ramón Blanco –concelleiro polo Partido Galeguista e membro do comité– ou Ramón Somoza Outeiral –fillo do alcalde socialista Juan Somoza Rebollido–, e aos testemuños recollidos nas causas 470/1936 (peza separada instruída "contra Manuel Benigno Pena por rebelión militar") e 4267/1938 ("contra José Martínez Virel y 18 más por el delito de robo de la lancha a motor nombrada San José Nº 2 folio 3.112 de la 3ª lista de la Puebla del Caramiñal y adhesión a la rebelión"). Archivo del Tribunal Militar Territorial Cuarto. Archivo General de la Zona Marítima del Cantábrico.

día e, en unión da Garda Civil, comezaron a tomar os enclaves estratéxicos da cidade. Como reacción, ao tempo que se declaraba a folga xeral, grupos afíns ao Goberno, en unión dos carabineiros e gardas de asalto leais, enfrontáronse ás forzas rebeldes. Case de xeito simultáneo, no resto das cidades galegas declarábase tamén o estado de guerra; e, coa excepción de Lugo e Ourense, as autoridades civís en unión cos partidos de esquerdas e sindicatos decidiron opoñerse á rebelión militar.

DOMICILIOS DE SIGNIFICADOS DEREITISTAS SON VIOLENTADOS

Dende o abrente do día 20 foran concentrándose nos arredores da casa consistorial boirense, no barrio de Cimadevila, numerosos afiliados de organizacións políticas esquerdistas e sindicatos afíns a UGT e CNT, tanto do propio municipio como de localidades veciñas, destacando a presenza dun grupo de traballadores das minas de San Fins (Lousame), armados e provistos de explosivos. Ao tempo que se declaraba a folga xeral ordenada polas autoridades, os concentrados agardaron expectantes o desenvolvemento dos acontecementos. Cando á primeira hora da tarde se confirmaron as novas da declaración do estado de guerra n'A Coruña, seguida da resposta armada das organizacións esquerdistas, os responsables do comité decidiron actuar e prepararse para afrontar a situación. Seguindo as ordes do gobernador civil, o tenente de alcalde, José Benito Segade, dirixiuse ao cuartel da Garda Civil localizado no Lodeiro co fin de solicitarlle ao cabo José Sánchez Castro, comandante do posto, a entrega das armas en depósito[4]. Porén, a reiterada negativa do cabo Sánchez a acatar a orde do gobernador, provocou que o xentío concentrado en Cimadevila decidise conseguilas pola súa conta, dirixíndose a algúns domicilios onde se sabía que as había.

A súa primeira parada foi na casa do médico municipal, Benigno López, na propia Cimadevila, a escasos metros de onde estiveran concentrados dende a alba do día. Tal vez porque don Benigno, que aos seus 63 anos seguía a ser unha persoa irascible e difícil de dobregar, se negase a entregar as súas armas, a afervoada turba acabou violentan-

Casa do doutor Benigno López. Cedida por Carlos López del Río

[4] Como sinala Galán Ortega (2015), co fin de solucionar o problema da obtención de armas para os distintos comités de defensa da República repartidos por toda a provincia, o Goberno Civil ordenara aos comandantes dos postos da Garda Civil a entrega de armas en depósito ou excedentes do uso profesional aos alcaldes ou representantes da Fronte Popular. Trasladada a través do comandante Ríos e o tenente coronel Clarés vía telefónica na maioría dos casos a orde non sería acatada.

do a casa, onde quedara atrincheirado o seu fillo maior, Bernardino, xunto ao persoal de servizo doméstico, unha vez que o doutor, a súa dona Benigna e o seu sogro fuxiran. Tras abrir fogo contra o edificio e ameazar co uso de explosivos, varios individuos conseguían acceder ao interior da vivenda trepando polo balcón da fachada principal. Tres pistolas e dúas armas brancas de grandes dimensións, ademais de documentación, algúns cartos e utensilios diversos constituíron o botín daquela tumultuaria acción.

Dende esta casa, o grupo debeu marchar polo camiño vello para, despois de atravesar o barrio da Ferrería, chegar á reitoral de Santa Baia, outro dos seus obxectivos, onde se sospeitaba que o párroco Clemente Moreira agochaba armas. Ao dicir de Ramón Somoza, familiar dalgúns dos milicianos, negándose a franquear o portón da finca murada que gardaba a propiedade, o temperamental crego realizou uns disparos desde unha das ventás do piso superior, conseguindo alporizar aínda máis os concentrados, que decidían derrubar a porta. Porén, parece ser que, convencidos polo concelleiro socialista e membro do comité Juan Outeiral, desistiron do seu propósito de tomar ao asalto a reitoral. Dende Boiro o xentío marchou pola estrada de Barraña ata O Saltiño, xa fóra do casco urbano, buscando o domicilio do industrial e ex alcalde, Arturo Sieira. Entre disparos e detonacións a turba acabou requisando armamento e atemorizando os seus habitantes[5].

A pesar do aparente descontrol das accións, en todos os casos os asaltos foron selectivos, dirixidos cara a destacados persoeiros do conservadorismo local dos que se sospeitaba podían estar vinculados coa trama civil do golpe de Estado contra o Goberno da República. De feito, o doutor Benigno López era un dos históricos xefes políticos da dereita monárquica boirense e concelleiro en tempos da ditadura de Primo de Rivera[6], e o seu fillo Gonzalo permanecía preso en Padrón despois de que, en unión doutros mozos que como el se definían publicamente fascistas, estivera implicado nun tiroteo contra a Casa do Pobo. Pola súa parte, o párroco Clemente Moreira estaba considerado polos socialistas como o



O párroco de Santa Baia, Clemente Moreira.
Cedida por Carlos López del Río

[5] O relato dos asaltos daquela xornada procede da información recibida das persoas ás que entrevistamos (Marcelino Castro Gallardo, José Iglesias Peiteado, Ramón Somoza Outeiral e Ángel Carbajosa Maestre); doutros testemuños recollidos nas causas 470/1936 e 4267/1938, e tamén do contido de varias cartas de José Martínez Virel e Benigno López a Bernardino López Romero (Arquivo particular Carlos López del Río).

[6] A pesar da histórica filiación monárquica de Benigno López, membro destacado do Partido Conservador, cando se proclama a República promoveu dende a sombra a agrupación local da ORGA, aliada dos socialistas de La Fraternidad nas eleccións do 31 e durante os primeiros anos do período. Porén, o devir político da localidade fixo que esta alianza se rompese dun xeito abrupto.

ideólogo da dereita monárquica máis radical, que se opuxera á República e ás organizacións obreiras valéndose do púlpito e da Juventud Católica, organización á que politizou e radicalizou. Pola súa parte, a casa de Arturo Sieira xa fora rexistrada no mes de abril por orde das autoridades da Fronte Popular ao sospeitar que diversa documentación relacionada coa referida organización católica, da que o seu fillo Víctor era dirixente, estaba depositada naquel lugar.

Ao igual que en Boiro, noutros concellos da comarca producíronse reaccións inmediatas contra o golpe de Estado, nalgúns casos de cariz violento. Como relata para o caso de Noia e Lousame Agrafoxo (1995: 26-28; 2013: 15-24), co fin de demostrar o seu apoio ao Goberno da República, os dirixentes do Sindicato Minero de Oficios Varios de San Finx convocaron aos seus afiliados para acudir á vila noiesa o día 18 de xullo. Provistos de artefactos explosivos e escopetas requisadas nas aldeas próximas recorreron o casco urbano cometendo actos violentos contra a casa dalgún persoeiro dereitista e, sobre todo, contra bens da Igrexa. Aínda que os milicianos tamén atacaron outros edificios relixiosos, como a residencia dos frades de San Francisco e o convento das Trinitarias, os maiores danos producíanse na capela de San Bernardo, onde foron queimados varios símbolos sagrados e lanzada ao río Traba unha talla do santo. Cunha actitude máis temperada, á mañá seguinte, día 20, grupos de mineiros de San Finx e outros afiliados sindicais volveron participar nunha concentración de repulsa contra a conspiración dereitista, para acabar abarrotando os camións e autobuses requisados pola alcaldía e os dirixentes obreiros que, á tarde, partiron con dirección a Santiago e A Coruña co fin de evitar o triunfo da rebelión militar.

Como lemos en *Diarios de Julio Silva* (Pérez Fernández, 2019: 129-137), na noite do 18 ao 19 de xullo os responsables do sindicato da UGT de Ribeira acordaban permanecer vixiantes da evolución dos acontecementos, establecendo garda continua na súa sede. Daquela xa andaban pola rúa algúns esquerdistas armados, especialmente na localidade de Palmeira. Tras a declaración do estado de guerra nas principais cidades galegas e a marcha da Garda Civil para Santiago, o alcalde José Fernández Bermúdez promovía a organización do comité de defensa da República, integrando os líderes da UGT e CNT. Tamén foron organizados comités n'A Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Rianxo. Nesta última vila, xente armada vinculada ao sindicato de Taragoña concentrouse na capital municipal para amosar a súa disposición a defender a República, sen que o seu ofrecemento fose aceptado polos responsables do comité. De regreso, algúns realizaron requisas de alimentos en tendas de Rianxo (Santos, 2004:105-107).

O ALCALDE MARTÍNEZ VIREL FIXO VALER A SÚA AUTORIDADE

A pesar de que a partida de exaltados milicianos que actuaron en Boiro nas primeiras horas da tarde do día 20 de xullo anunciaba accións similares noutros domicilios do mesmo perfil, finalmente non se levaron a cabo. A marcha da localidade dos traballadores cenetistas das minas de San Fins, xunto ao feito de que José Martínez Virel, alcalde en funcións, ao tempo que máximo responsable do comité de defensa da República, que conseguiu facer valer a súa autoridade, semella que foi clave para que unha certa calma volvese á localidade.

Por outra banda, mentres se producían os asaltos ás casas de Benigno López, Clemente

Moreira e Arturo Sieira, a Garda Civil permaneceu acuartelada en espera de ordes. Nin sequera interviu cando, alarmado polo cariz que estaba a tomar a situación, o comerciante de Cimadevila, Juan Silva, acudira ao cuartel do Lodeiro en demanda de auxilio[7]. En calquera caso, foi unha decisión moi prudente ante a efervescencia daqueles momentos e a actividade desenfreada dos arredor de cen milicianos que percorreron as rúas da localidade realizando disparos e facendo detonar artefactos explosivos. As instrucións agardadas chegaron e, contra a noitiña daquel día 20 de xullo, os garda civís do posto de Boiro saíron concentrados cara a Santiago en unión dos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal e Rianxo. A súa partida recordábaa Ramón Somoza Outeiral, fillo do alcalde socialista Juanito Somoza:

> *A Guardia Civil subira nun camión –recordaba–, nun camión pequeno, e iban saludando ¡Viva la República!, que salían concentrados para Santiago. En Padrón ou Santiago. Eu sei que os concentraron, pero cando pasaron por aquí, pola carretera de Boiro, especialmente por diante do Ayuntamiento, que era donde eu estaba, gritaban ¡Viva la República! Eran cinco, me parece. Cinco guardia civiles. Un deles era cabo*[8].

A pesar de que o comandante do posto se negara previamente a facilitarlle armas ao tenente de alcalde José Benito Segade, antes de marchar entregoulle a Martínez Virel unha pistola, numerosos cartuchos de escopeta e dúas máquinas para cargalos, pólvora, postas e tacos[9]. Tal vez esta entrega haxa que entendela como un xeito de congraciarse nalgunha medida co comité para que este velase pola seguridade das familias dos gardas, que quedaban no cuartel do Lodeiro en unión dos dous carabineiros do posto d'O Chazo (Abanqueiro) que non marcharan concentrados a Noia, e as familias destes[10].

Cos ánimos máis temperados despois das abruptas actuacións do día 20, e coa situación en certa medida controlada tras a marcha dos cenetistas das minas e a actuación do alcalde en funcións, o comité de defensa da República seguiu adiante coas directrices marcadas polo Goberno Civil: armarse e controlar as poboacións, evitando que a insurrección militar se espallase polo concello da man dos extremistas de dereitas. En consecuencia, Martínez Virel asinou autorizacións para que, dun xeito oficial, grupos de milicianos requisasen armas naquelas casas particulares onde as había. Maioritariamente, estas casas correspondían a domicilios de familias podentes, de marcada ideoloxía dereitista case todas, polo que, ao tempo que se armaban as milicias da Fronte Popular ao servizo da defensa do Goberno da República, se desarmaba aqueles elementos que, chegada a ocasión, se sospeitaba poderían apoiar coas armas o golpe de Estado. Por outra banda, os directivos de La Alianza de Cabo da Cruz incautaron algunhas cantidades de

[7] Así o manifestaba o doutor Benigno López, cuñado de Juan Silva, nunha carta datada o 14 de marzo de 1940 e dirixida ao seu fillo Bernardino para aclarar algúns aspectos relacionados coa actuación co comité de defensa boirense (Arquivo particular Carlos López del Río).

[8] Fragmento correspondente a unha entrevista persoal realizada no ano 2000 a Ramón Somoza Outeiral, popularmente coñecido como Moncho o *Chono*, na súa casa de Cimadevila.

[9] Esta información procede dunha carta que, con data 10 de marzo de 1940, José Martínez Virel lle escribía a Bernardino López Romero (Arquivo particular de Carlos López del Río) e de varios testemuños recollidos na causa 4267/1938.

[10] Os carabineiros puideron escoller entre permanecer en Boiro ou marchar a Noia para poñerse ás ordes do capitán leal á República Francisco Marín Moya. Dous quedaron e dous marcharon concentrados, para acabar formando parte da pasaxe dos dous barcos requisados polas autoridades noiesas que partirán dende Muros rumbo a Bilbao na noite do 26 de xullo.

dinamita aos patróns de pesca daquel porto, que xunto á proporcionada polos anarquistas das minas de Lousame e, posiblemente, algún material conseguido nas minas de Lampón, serviu para que afiliados da Unión de Canteros y Oficios Varios xunto a persoal da pirotecnia de Escarabote elaborasen artefactos explosivos. Todo o rudimentario armamento conseguido (escopetas de caza, algún fusil, unhas cantas pistolas, munición, dinamita e bombas caseiras) foi depositado na casa do concello, para ser distribuído cando fose preciso entre os voluntarios das organizacións políticas e sindicais.

De cara a exercer un control máis efectivo do municipio, Martínez Virel responsabilizou da vixilancia nas parroquias a distintos líderes sindicais, asignando a parroquia d'O Castro a José Viturro Ozores, presidente do sindicato uxetista La Alianza, de Cabo da Cruz; a de Lampón a J. Manuel Muñiz Santiago, presidente da cenetista Sociedad de Trabajadores de Mar y Tierra, de Escarabote, e a de Cespón e Bealo ao cenetista José Saavedra García e os mineiros de San Fins veciños daquelas parroquias. Non nos constan outras delegacións, polo que é posible que o resto do concello (parroquias de Boiro, Abanqueiro, Cures e Macenda) quedase baixo o control directo do comité.

As requisas afectaron tamén a outros ámbitos. Buscando garantir a mobilidade dos dirixentes do comité ao tempo que facilitar a comunicación entre este e os milicianos, requisáronse polo menos dous vehículos: o taxi de José Blanco Bouzón, para servizo de Martínez Virel e o seu círculo máis próximo, e a camioneta do industrial Ramón Romero Rodríguez, que, conducida polo secretario en funcións Marcial de Diego, motorizaba unha partida volante de enlace coas milicias das parroquias. Foron utilizados así mesmo outros vehículos cedidos voluntariamente polos seus propietarios, caso do camión do concelleiro José Benito Segade, que realizou varias viaxes ás minas de Vilacoba. Por outra banda, co obxectivo de vixiar a costa incautáronse tres embarcacións, incluíndo un barco pesqueiro a motor de certo porte, o *San José* nº 2, con base en Cabo da Cruz e propiedade de José López Muñiz, *O Catalán*. Para saber da evolución dos acontecementos nas principais cidades, foron requisados varios aparatos de radio, que permanecerán constantemente acendidos na casa do concello, nas sedes dos sindicatos e no domicilio de Martínez Virel. Ao mesmo tempo, vaise ocupar e poñer baixo o control da Juventud Socialista a central telefónica d'A Tenencia. E co fin de abastecer os milicianos ao servizo do comité, tramitaranse vales para adquirir alimentos, facendo o mesmo para prover de combustible os vehículos en uso.

Con todas estas accións parecía cumprirse a misión encomendada polo Goberno Civil: controlar a orde pública, vixiar as comunicacións terrestres, marítimas e telefónicas, e reprimir, como xa reiteramos, calquera intento da dereita local de dar apoio ao golpe militar[11]. A pesar de que as armas eran poucas e cativas, a munición escasa e practicamente nula a destreza no seu manexo, o entusiasmo miliciano era grande, sobre todo entre os membros das mocidades socialistas. Ramón Somoza, recordaba algún daqueles momentos boirenses de finais de xullo do 36, cando o seu irmán máis vello Antonio, de 18 anos, e os seus tíos Victorino, de 25, e Moncho, de 30, andaban comprometidos coa defensa do Goberno da República:

[11] Os comités de defensa da República do resto dos concellos da comarca actuaron dun xeito similar ao boirense.

Xuntáronse escopetas de caza, que era o que máis había [...] Tamén había fusiles, fusiles de verdad, alemáns [...] E municións, municións que estalaban. Os máis entusiastas eran os das xuventudes socialistas. Acórdome que foran facer tiro ao blanco aquí donde había un xogo de bolos, aquí no monte de Espiñeira, donde está ahora o cuartel da Guardia Civil. E nese xogo de bolos puxeron unhas tablas alí, unha porta vella, e estuveron facendo puntería cos fusiles esos que che dixen. Eran fusiles de guerra [...] Non había disciplina, había entusiasmo. Un do Saltiño que lle chamaban Vicente había estado no servicio e trataba de enseñar instrucción militar, media vuelta e todo eso (risas) [...] Acórdome tamén que algúns andaban con bombas de dinamita. Andaban lucíndose coas bombas feitas de dinamita, con mecha.[12]

As patrullas armadas polas estradas e pola costa, os controis e rexistros, as requisas e a ameaza dos imprevisibles anarquistas de San Fins provocaron un clima de inseguridade e temor entre a poboación, especialmente entre os máis proclives á insurrección militar. Os esforzos de Martínez Virel, que mesmo chegou a devolver parte do material incautado nas accións do día 20 e a estender salvocondutos, non serían dabondo para acalmar os máis significados dereitistas da localidade. Desarmados e sen a protección da Garda Civil, concentrada en Santiago, e ante a posibilidade de que grupos descontrolados volvesen actuar, algúns optaron por fuxir en unión das súas familias. Así o fixeron, por exemplo, o doutor Benigno López, o industrial Ramón Romero ou o funcionario municipal José María Rey Eiras, que buscaron refuxio nos montes do Barbanza e nas súas aldeas. Outros, en cambio, decidiron permanecer agochados por Boiro, como o párroco de Santa Baia, Clemente Moreira, ao que o concelleiro socialista Juan Outeiral lle procurou refuxio seguro[13].

A REITORAL DE SAN CRISTOVO DE ABANQUEIRO É REXISTRADA EN VARIAS OCASIÓNS

Como era previsible, a resistencia ofrecida nas cidades galegas polas forzas leais ao Goberno da República foi de contado reducida polas tropas rebeldes. Unha vez confirmada a caída dos gobernos civís e as principais cidades, o nerviosismo dos comités da Fronte Popular dos diferentes concellos do partido xudicial de Noia incrementouse ante a certeza de que os sublevados chegarían á comarca para dobregar as últimas resistencias ao golpe de Estado. A sospeita de que un destacado xefe dereitista ía desembarcar por algún punto da costa comprendida entre a ría d'Arousa e a de Muros e Noia provocou o reforzo das quendas de vixilancia por todo o litoral[14]. O rumor da chegada do personaxe en cuestión pola localidade boirense de Abanqueiro, levou as autoridades locais a pensar que se podía atopar refuxiado na casa reitoral ou na igrexa daquela parroquia, ambas a escasa distancia da beiramar, baixo a protección do crego

[12] Fragmento dunha entrevista persoal realizada a Ramón Somoza Outeiral no ano 2000.

[13] A información procede de Marcelino Castro Gallardo e Ramón Somoza Outeiral.

[14] No testemuño de José Pedreira Burés, primeiro tenente de alcalde de Noia, sobre aqueles intensos momentos, recollido por Agrafoxo (1993:332), inclúese un parágrafo que fai referencia ao rumor sobre a chegada á comarca dun importante direitista: "Unos días antes de salir de Noya para tomar los Bous de Muros, nos avisa el Gobernador que se sospecha en las costas de Puerto del Son a Boiro, de un militar de alta categoría; se estableció una vigilancia severa pero no se presentó el personaje. Más tarde se habló que se trataría de Sanjurjo, que trató de pasar de Portugal a España en una avioneta recargada de peso, que se estrelló al tratar de despegar, matándolo".

Reitoral de San Cristovo de Abanqueiro. Procedencia: José Manuel Blanco Romero

e recalcitrante dereitista antirepublicano, Manuel Davila García. Por este motivo, o día 22 foi rexistrada a reitoral por un grupo de milicianos armados, estendéndose a busca ás casas próximas sen resultado positivo e co consecuente desasosego do cura e a súa familia así como da veciñanza, especialmente tras producirse uns disparos intimidatorios ante a negativa inicial a abrir a porta da reitoral. Os rexistros repetíronse en días posteriores, afectando así mesmo á igrexa parroquial.

Ao parecer, á fronte destas accións significáronse o líder comunista pobrense José Fernández Vázquez, o *Noé*, e Ramón Somoza Rebollido, Moncho o *Chono*, irmán do alcalde socialista Juanito Somoza[15]. Outras informacións, apuntan a que tamén o cenetista de Bealo, José Saavedra García, encabezou algún daqueles rexistros á procura do enigmático persoeiro dereitista, no que participaron un grupo de mozos, sobre todo das parroquias de Bealo e Cespón, armados na casa do concello[16]. Por aqueles mesmos días, tal vez o 22 ou o 23, o propio José Saavedra comandou a partida miliciana que dinamitou a ponte de Beluso, na estrada de Padrón a Ribeira, co fin de obstaculizar a posible chegada do Exército por esa vía[17].

COA CHEGADA DO EXÉRCITO A NOIA O COMITÉ BOIRENSE ACELERA A EVACUACIÓN

Con excepción de Vigo, onde houbo focos de resistencia ata algún tempo despois, o día 22 quedaron practicamente sometidas todas as principais cidades galegas, nalgúns casos despois de cruentos enfrontamentos entre defensores do Goberno da República e as forzas rebeldes, saldados con feridos e vítimas

[15] Así o testemuñou en sucesivas declaracións o párroco de Abanqueiro, Manuel Davila. Causa 4267/1938.

[16] Información recollida no traballo "Asalto á reitoral de Abanqueiro nos comezos da guerra civil" (I e II), realizado por Xosé Comoxo e Xesús Santos e publicado en http://rianxeiros.blogspot.com (2009).

[17] A información procede da declaración do concelleiro socialista e membro do comité Juan Outeiral Outeiral recollida da Causa 4267/1938, e os testemuños de Marcelino Castro Gallardo e Manuel Lorenzo Fernández, neste último caso recollido en Villaverde (1995: 88-90).

mortais[18]. Logo de ocupar os gobernos civís, as deputacións e as corporacións municipais das principais cidades galegas, o seguinte obxectivo do Exército sublevado foi o control dos concellos de menor entidade que non se sumaran ao golpe de Estado, caso dos do partido xudicial de Noia, que, xunto con Tui, eran os únicos que se mantiñan ao lado do Goberno saído das eleccións de febreiro.

Tras a detención do gobernador civil d'A Coruña, Francisco Pérez Carballo, e as autoridades civís e militares leais, todo o peso da representación do Goberno da República nos concellos do partido xudicial noiés recaeu no delegado gobernativo, Severino Iglesias Siso. Descartando a rendición, Severino Iglesias dispuxo a evacuación da zona por mar dende o porto de Muros, onde se incautaron dous barcos pesqueiros, os bous *Santa Rosa* e *Santa Eulalia*. A voadura de varias pontes na estrada a Santiago dificultaría o avance das tropas, permitindo aos republicanos ganar tempo de cara a abandonar a comarca.

Despois de que na véspera un hidroavión da base naval de Marín deixase caer sobre a vila uns panfletos cominando á rendición e unhas bombas intimidatorias, o domingo 26 os republicanos da área de Noia saían por mar desde o porto muradán xunto cun grupo de carabineiros leais, ao mando do capitán Francisco Marín Moya. Ese mesmo día chegaban as forzas de artillería de Santiago para declarar o estado de guerra en apoio da rebelión militar. Tras oficializar a destitución da xestora de esquerdas, tomaba o mando do Concello de Noia como comandante militar e delegado da Orde Pública, o tenente da Garda Civil Perfecto Ruíz Rubio (Agrafoxo, 1995). A vila noiesa ía converterse na sede do eventual cuartel xeral das forzas golpistas que avanzarían sobre as poboacións da contorna para sometelas, destituír as corporacións da Fronte Popular e nomear alcaldes da súa conveniencia.

A decisión de abandonar a zona ante a chegada do Exército foi comunicada polo delegado, Severino Iglesias, ao resto dos comités do partido xudicial, aos que ofreceu formar parte da pasaxe dos barcos incautados en Muros que ían saír da comarca (Agrafoxo, 1995:63). No caso de Boiro e A Pobra do Caramiñal, os dirixentes de ambos comités determinaron preparar pola súa conta e de maneira conxunta a evacuación, tamén por mar. Neste momento xa estaban na comarca tres destacados republicanos de Vilagarcía da Arousa chegados á punta d'O Chazo, na parroquia de Abanqueiro, tras a caída daquela localidade. Eran o alcalde de Izquierda Republicana e deputado a Cortes, Elpidio Villaverde Rey, e os seus colaboradores Pedro Díaz Abalo e José Rodríguez Alarcón. Máximo responsable do comité de defensa vilagarcián, Elpidio Villaverde, chegara a Boiro coa idea inicial de recrutar milicianos para reconquistar a localidade. Porén, a realidade dos feitos levouno a desestimar esta idea e a sumarse ao plan de evacuación por mar previsto polo comité local. Victorino Somoza Rebollido, presidente das mocidades socialistas e membro do comité boirense, recordaba esta circunstancia:

> *Después apareció Elpidio Villaverde que estaba perdido en la ría, en una lanchita y había un muchacho que era masón con el ... Xa tomaran Villagarcía. Vino a Boiro y quería que fuésemos a reconquistar Villagarcía ... Y estabamos preparados, había armas bastantes, algún fusil, ametralladoras no, pero*

[18] Foi o que sucedeu n'A Coruña, a onde acudira en defensa do Goberno Civil un numeroso grupo de mineiros de San Fins e outros traballadores cenetistas da zona que, unha vez caída a cidade, se viron obrigados a fuxir cara ás terras de Lousame e Noia, tras sufrir algunhas baixas e detencións (Agrafoxo, 1995: 53-57).

querían tomarla por sorpresa, ibamos a ir a Cortegada y salir a la madrugada para tomar el cuartel de la Guardia Civil... pero ya estaba toda Galicia caída. Después quiso ir para la Puebla, porque no tenía mucha confianza con la gente de Boiro y quiso ir para la Puebla.[19]

Os preparativos para a saída da comarca aceleráronse cando dous dos tres milicianos desprazados a Noia por orde de Martínez Virel para obter información de primeira man sobre a situación, xa non regresaron ao quedar detidos polas forzas rebeldes[20]. En consecuencia, co propósito de retrasar o inminente avance da tropa e permitir ganar tempo aos que ían fuxir, o día 26 varias ducias de milicianos atrancaba con penedos a estrada provincial de Noia a Boiro á altura de Cabrais, no concello de Lousame. Así lembraba Marcelino Castro, o *Pinchudo,* o episodio:

Na víspera fóramos tirar cos outeiros que estaban pola parte de *Cabrais. Outeiros que alghún pesarían sete, oito ou dez toneladas, e estaban como pousados na ladeira. E con palancas feitas con pinos tirámolos para abaixo, para cortar o paso. Houbo alghún que saleu da carretera para abaixo coa forza que levaban, e romperon pinos .... E entonces as tropas cando chegharon a Cabrais, á costa, pois tuveron que desfacer con dinamita os outeiros para poder pasar [...]* [21]

A COLUMNA MILITAR DEIXA UNHA PEGADA DE SANGUE NO SEU PERCORRIDO POR BOIRO

O luns 27, ao día seguinte da súa chegada, saía de Noia en dirección a Boiro unha columna de artillería auxiliada por varios números do Corpo de Carabineiros e da Garda Civil, xunto a algúns voluntarios dereitistas, que se desprazaba en numerosos automóbiles e un autobús equipado con artillaría. Aínda que a súa marcha se viu entorpecida, os penedos botados á estrada polos milicianos boirenses non foron impedimento abondo para que, tras unhas horas habilitando un paso, o convoi militar continuase avanzando cara a Boiro.

Nun último intento de obstaculizar o avance da columna militar, Martínez Virel dou instrucións para que a ponte de Goiáns, na estrada estatal de Padrón a Ribeira, fose voada. A decisión de destruír este paso, a escasos metros do empalme desta estrada coa de Noia, por onde se prevía a chegada das tropas, provocou un tenso enfrontamento na casa do concello entre Martínez Virel e Marcelino Castro, do que este último nos falou:

Faltaría un día ou por aí para que chegharan as tropas, e estábamos todos no ayuntamiento. Estaban vellos e mozos. Estaba todo dios alí. E entonces Martínez Virel estáballe decindo a dous irmáns do Saltiño que lle chamaban os Silvas, Vicente Silva e Ramón Silva; a un tal Romero, que fixo de cura cando o enterro de Gil Robles no antroido,

[19] Fragmento dunha entrevista a Victorino Somoza Rebollido publicada en Villaverde (1995:65-72).

[20] A orde de ir a Noia fora dada por Martínez Virel despois de que o concelleiro de Cures José Ramón Blanco, de garda na alcaldía, atendera unha chamada telefónica da Garda Civil do posto boirense, que se atopaba concentrada en Santiago, informando da inminente chegada do Exército á localidade noiesa e demais concellos da comarca. Só o condutor da camioneta, Marcial de Diego Andreu, secretario accidental do concello ao tempo que membro do comité, puido regresar para informar da chegada das tropas. Cornelio Vicente Rebollido e Antonio Fernández Ferreirós, os seus acompañantes, ambos de 22 anos, quedaron detidos na localidade noiesa polos militares sublevados.

[21] Fragmento dunha entrevista persoal realizada a Marcelino Castro Gallardo no ano 2000 na súa casa de Praia Xardín.

..., e estáballe decindo a todos eses que voasen a ponte Ghoiáns así que él *pasase para A Puebla. El e máis Pedro Díaz e máis aquel. E, entonces, foi cando eu lle salín ao frente: coño, vos sodes parvos ou qué. De maneira que usted –díxenlle a Virel- marcha para A Puebla e máis os seus amigos, e despois tiramos coa ponte Ghoiáns, non? Coño. E Virel dime: -Le voy a meter en la cárcel. –Coño, a min? Carallo! E despois de que alardeou .... Elpidio Villaverde non estaba con el, estaba o outro, Pedro Díaz, e intervineu e ... Porque despois a min os outros casi non me fixeron caso, sabes. É verdad. Non volveron por min nin me deron a razón tampouco. Eu tuven o enfrentamento con Martínez Virel pola ponte porque alí vivía o finado do meu hermano, tamén; tiña a muller e mailo fillo aí, non sabes. E, ademáis, era unha traición que se facía, non? El sempre lle daba para atrás a todos. Xa andaba el e máis o Meano, un que lle chamaban Antonio, que tiña unha panadería en Escarabote; era concejal, tamén, e andaban os dous sempre xuntos. Claro, eu díxenlle: Non, non, para abajo* [refírese ao calabozo] *va usted! Qué se cree usted aquí? Ahora aquí no hay alcalde ni hay ostias. Aquí no hay nada. E entonces veu Pedro Diaz e apacighuou. Alá un dos Chonos, o Moncho, se puxo do lado deles tamén a apacighuar, e tal. E quedou a cousa así en nada.*[22]

A pesar da oposición de Marcelino o *Pinchudo*, a orde de Virel prevaleceu, e un grupo de milicianos con varios canteiros á fronte marchou a barrenar a ponte. Non obstante, antes de poder dinamitala foron sorprendidos polos militares, iniciándose un intercambio de disparos. A superioridade da tropa fixo que os milicianos fuxisen a través do denominado camiño do Coído para acabar internándose no bosque da Torre de Goiáns. Sen conseguir capturar a ningún tras perseguilos polo Coído, alerta de posibles emboscadas, a columna continuou o seu avance en dirección a Escarabote.

Aínda non a un quilómetro d'A Ponte, á altura do Sequelo, nas inmediacións da finca da Torre de Goiáns, as forzas mataban o labrador de 72 anos, Ruperto Lapido Outeiral, disparándolle, ao parecer, mentres corría a alertar o seu neto Jesús, que se atopaba na beira do río apacentando unha xugada de vacas. Xa en Escarabote, Ramona Noal Maneiro, xornaleira de 25 anos e nai de dúas criaturas, recibía un disparo mortal ao asomarse á ventá da súa vivenda, nas proximidades do sindicato obreiro daquela poboación. Igualmente vítima das balas do Exército, o 9 de agosto falecerá no Hospital de Santiago de Compostela o mariñeiro de 16 anos, Jesús Fungueiriño López, tiroteado nos Outeiros[23].

Despois do seu percorrido pola parroquia de Lampón, a funesta columna militar retrocedeu cara á capital Cimadevila para realizar os primeiros trámites do cambio do goberno municipal. Ángel Carbajosa Maestre, daquela un rapaz de 16 anos, veciño do lugar, revelounos que, cando os militares entraron na capital boirense, toda a veciñanza, aterro-

[22] Fragmento dunha entrevista persoal realizada a Marcelino Castro Gallardo no ano 2000.

[23] É probable que as tropas matasen tamén o mozo de 18 anos, Santos Ruíz Fajardo, o maior dos seis fillos da industrial Concepción Fajardo Dieste, coñecida popularmente como Concha a *Santanderina*. Producida en Cabo da Cruz o 29 de xullo, a súa morte por disparos, consignada na acta de defunción, lévanos a pensar que puido ser consecuencia do tiroteo efectuado polos militares naquel lugar ese mesmo día, e que presenciara o ribeirense Julio Silva cando viaxaba detido no autobús da columna do capitán Saavedra. O testemuño de Julio Silva é recollido por Pérez Fernández (2019:144) e salienta que houbo dous mortos e un ferido.

A ponte de Goiáns. Cedida por Rita Romero Pérez

rizada, permanecía resgardada nas súas casas. E que, formados en dúas filas ao longo das beiras da estrada, os soldados apuntaban cos seus fusís ao tempo que vixiaban as vivendas, mentres o capitán Saavedra berraba violentas ameazas contra os "rojos" ata que, convencida polo propio oficial, a xente franqueou as portas e ventás das súas casas e saíu á rúa[24]. Ademais de deter a algúns individuos sen releve[25], o capitán Manuel Saavedra Ascariz, oficial ao mando da columna, notificaba a través dun oficio a Bernardino López Romero, médico de 27 anos, a súa decisión de suspender a corporación municipal da Fronte Popular, vixente dende o 10 de marzo, e nomealo alcalde interino. Dous días despois da súa toma de posesión, constituirase a nova comisión xestora municipal[26].

DEZANOVE ESQUERDISTAS NAVEGAN A PORTUGAL NO *SAN JOSÉ Nº 2*

Ao tempo que chegaban os militares a Ponte Goiáns e se producía un tiroteo entre estes e os milicianos sorprendidos minando aquel paso, un grupo de mozos armados marchaba á carreira dende a capital, Cimadevila, cara ao porto de Cabo da Cruz na pequena camioneta requisada ao industrial Ramón Romero. Deste episodio dounos conta Ramón Somoza:

> *Sentimos un tiroteo moi grande na Ponte. Eu estaba en Espiñeira. Non sei a que había ido alí. E entonces, sentimos o tiroteo e viñémonos para a casa a correr. Cando cheguei, salía o camión de Ramón Romero, que había sido requisado, e manejábao un tal Marcial, que era da Coruña, que lle estaba facendo de oficial no Ayuntamiento [...] Era un Ford 4. Non era de rodas gemelas siquera, sinón que unha camioneta. E entonces, vímolo pasar todo cheo de xente, non. E eu supuxen, bueno, vanlle para facerlle frente a ese tiroteo, non. Pero, non, o que iban era para Cabo de Cruz.*[27]

Os que escapaban in extremis cara a Cabo da Cruz eran os mozos socialistas Victorino Somoza, Antonio Somoza, Emilio Blanco,

[24] Fragmento dunha entrevista persoal realizada a Ángel Carbajosa Maestre en 2001 na Casa da Cultura "Ramón Martínez López", de Boiro.

[25] Os testemuños de Marcelino Castro e José Ramón Blanco confirman a detención de varios individuos que se atopaban en Cimadevila. Tratábase de varios mozos que, aproveitando a situación, parece ser que se dedicaran a realizar pola súa conta requisas en distintos lugares do concello. "Sempre había de todo –relatábanos Marcelino– Cando chegharon as tropas había unha chea deles que foran requisar uns xamóns á de José de Cariño, sabes. E estaban facendo unha ola de caldo grande cos perniles. Estaban alá nun hueco que había ao pé da casa de Xan Ramón, no principio da carretera de Abanqueiro, e estaban alí coa ola de caldo [risas]. Non quixeron escapar porque tiñan o xamón para cocer [risas], e prendéronos [...] Pero xa digo que eran uns pobres diablos e soltáronos (risas). Eles iban ao grano, xa sabían a quen tiñan que aquelar, sabes".

[26] Nomeada e presidida polo propio alcalde, estará integrada polo canteiro Manuel Pérez Fernández e o comerciante Juan Silva Eiras, ambos de Cimadevila ao igual que o novo rexedor; Manuel Nine Viturro, patrón de pesca e presidente do Pósito de Pescadores de Cabo da Cruz, e Andrés González Ramos, practicante nas minas de Lampón e dirixente do sindicato falangista CONS. Acta plenaria do 29 de xullo de 1936. (Arquivo Municipal de Boiro).

[27] Fragmento dunha entrevista realizada a Ramón Somoza Outeiral en 2001.

Antonio Ferreirós e Marcial de Diego, e o presidente do sindicato cenetista de Escarabote José Muñiz, que, tras embarcar nun bote de pesca patroneado por Bautista Viturro, navegaron na busca do *San José* nº 2, incautado no porto cabodacrucense ao seu armador José López, *O Catalán,* e trasladado posteriormente ao porto de Insuela (Palmeira). Moitos anos despois, Victorino Somoza aínda se lembraba desta circunstancia:

> *Nosotros éramos cinco o seis de las Juventudes Socialistas y seguimos los pasos de los primeros evacuados por Cabo de Cruz, donde nos informaron que el barco del Catalán, después de trasponer Cabío, no saliera para fuera. Entonces se nos ofreció un marinero que nos llevó con las redes en el barco como si fuese a pescar, para disimular. Traspusimos Cabío y La Lombiña y al pasar La Corna apareció el barco ... ¡Estaba en Insuela!* [28]

Localizado o *San José* Nº2 e vencida a negativa inicial de Elpidio Villaverde ao seu embarque[29], os mozos socialistas e o sindicalista escarabotense incorporábanse á pasaxe do pesqueiro. Ao cabo foron dezanove homes, todos implicados membros da resistencia ao golpe militar, os que abandonaron por mar a comarca aquel 27 de xullo. Ademais do patrón José Viturro Ozores, o motorista José Ogea Torrecilla e os chegados in extremis dende Cabo da Cruz, marcharon Ramón Somoza Rebollido, Antonio Lago Outeiral e José Martínez Virel, os vilagarciáns Elpidio Villaverde, Pedro Díaz e José Rodríguez Alarcón, e os socialistas pobrenses Antonio Domínguez Fontán, Carlos Iglesias, Pastor Núñez, Antonio Pérez Gómez e Venerando Porteiro. Co barco aprovisionado de combustible, pan, conservas de sardiña, chocolate e coñac, e cos cartos collidos por Virel na caixa de caudais do Concello de Boiro, ademais dos propios de cada un, buscaron a complicidade da noite para emprender a singradura.

Tras rexeitar outros destinos, e coa mira posta na zona republicana, o barco do *Catalán* colleu rumbo a Portugal para atracar un día despois no peirao de Leixoes tras unha desacougante singradura. Identificados e desarmados polas autoridades lusas[30], os esquerdistas galegos foron detidos e recluídos no forte de Caxías, cerca de Lisboa[31]. Pouco tempo despois, a motora *San José* Nº 2 retornaba a Cabo da Cruz patroneada polo seu armador José López, *o Catalán*.

Esta embarcación non foi a única que buscou unha saída por mar dende o norte da ría da Arousa para levar a xentes da esquerda cara zona segura. Pérez Fernández (1993:102-103; 2019:18), apunta outros intentos de fuxida

[28] Fragmento dunha entrevista a Victorino Somoza Rebollido publicada por Villaverde (1995:65-72).

[29] Alegando que eran demasiados, Elpidio Villaverde puxo reparos ao embarco dos mozos socialistas, pero a resposta irada do boirense Antonio Ferreirós logrou que o veterano político de Vilagarcía cambiase de opinión. A tensa escena producida instantes antes de partir era recordada por Pastor Núñez, socialista pobrense e membro da pasaxe do *San José* Nº2: "Cando ibamos a marchar, Villaverde botou un discurso. Éramos dezanove e dixo, somos moitos! El quería que foran namais cinco ou seis: el, o alcalde de Villagarcía (sic), Pérez, Porteiro, ... A infantería nada! E Ferreirós, que era medio arroutado, sacou o revólver e díxolle: Mire Don Elpidio, usted aínda debe agradecernos que o levemos nós a usted, o barco é noso [...] O Ferreirós era medio arroutado, o Elpidio Villaverde non sabía ben con quen estaba falando, porque se o colle o Ferreirós, arre carallo" (Villaverde, 1995).

[30] Segundo a declaración dun funcionario da capitanía do porto de Leixoes (Causa 4267/1938) fóronlle confiscadas ao grupo unha "arma de fuego", 5 escopetas de caza e 18 pistolas, ademais de 18 cargadores, 38 cartuchos e 212 balas para pistola e escopeta corta.

[31] Neste lugar permanecerán ata que, ante as presións internacionais, o ditador portugués Salazar dispón a súa evacuación xunto á de centos de refuxiados máis. O deputado Villaverde, os alcaldes Virel e Pérez, Antonio Lago, Porteiro, Rodríguez Alarcón e Díaz, embarcarán para Francia a finais de agosto; o resto farano en outubro rumbo a Tarragona. Todos ou a maioría acabaron incorporándose ás frontes de guerra.

Porto de Insuela (Palmeira). Procedencia: Arquivo José Antonio Pérez

que, no seu caso, acabaron en fracaso, ben porque no último momento non se chegaron a materializar, caso da tentativa dos membros do comité de defensa de Ribeira[32], ben porque un accidente desbaratou a evacuación, como lle sucedeu a un grupo que, facéndose ao mar dende A Pobra do Caramiñal na motora *María Teresa*, acabou encallando pola punta da Mercé e buscando refuxio no monte tras sufrir unha avaría cerca da illa de Sálvora[33].

O mesmo día 28 en que o *San José* Nº2 arribou a Leixoes, as tropas rebeldes tomaban o control de Ribeira e A Pobra do Caramiñal. Como nos descubre Pérez Fernández (2019: 18-19), a súa chegada a Santa Uxía estivo precedida, ao igual que sucedera en Noia, polo voo dun hidroavión da base naval de Marín, que deixou caer unha bomba na praia de Coroso. Tras esta acción intimidatoria atracaban no peirao ribeirense as forzas navais ao mando do tenente de navío Manuel Garay Lobo e o alférez José Saavedra Patiño, que tomaron posesión do Concello para nomear alcalde ao subdelegado marítimo de Ribeira, José Mosquera Manso. O mesmo día pola tarde chegou por terra a columna mandada polo capitán Manuel Saavedra Ascariz.

Coa irrupción do Exército en cada un dos concellos da bisbarra, remataba o intento dos partidarios da Fronte Popular de desactivar o golpe de Estado a través dos comités de defensa da República. Se ben a súa estratexia resultara efectiva en canto ao desarme e control dos dereitistas locais proclives a apoiar o golpe de Estado, tan pronto as tropas avanzaron sobre as poboacións barbancesas os integrantes dos comités non tiveron máis alternativa que renderse, agocharse ou evacuar a zona. A responsabilidade recaída sobre os comités era tan grande e os medios tan escasos que o desenlace final era totalmente previsible. Das palabras de Marcelino Castro, o *Pinchudo,* miliciano do comité boirense, despréndese a absoluta precariedade destes comités a todos os niveis:

> *Non houbo defensa. Pero qué defensa podía haber andando cunha carabina por aí facendo o indio? De verdad. E cos cartuchos tamén anduven eu xa antes, antes da guerra. Porque pensei que tamén era moi revolucionario, que unha revolución se facía con dous foghetes e máis dúas escopetas, sabes. E despois, cando cheghou a hora da verdad, doume conta que eso era unha ridiculez, namáis. [...] Unha escopeta e uns cartuchos de dinamita para irlle*

[32] Baseándose no testemuño de Manuel Paz Vizcaya, Pérez Fernández (2019:18) di que, a pesar de contar cun barco requisado, os do comité ribeirense desistiron de partir convencidos por un dos seus membros, Manuel Fernández Sendón, familiar dos propietarios da embarcación.

[33] As saídas seguiron producíndose meses despois. Villaverde (1995: 118-119) recolle unha entrevista ao pobrense Tomás Hermo González, na que este explica a súa fuxida en unión de varios veciños, xa contra o verán do 37. No barco dun tal Franco, aparellado como se fose pescar, este grupo iniciaba unha axitada travesía de varios días que os levaría dende Cabío ata Casablanca (Marrocos), onde se presentaron no consulado español e conseguiron incorporarse á zona republicana. Pereira (2010:472) apunta, a este respecto, que o barco, a traiñeira a motor *Nuevo Marujita,* aproveitou unha recalada co obxecto de prepararse para a pesca do bonito e puxo rumbo a Casablanca, onde chegaba cinco días despois con dez homes, incluíndo o patrón-armador, a tripulación e varios fuxidos.

tirar os muxos o Pozo Neghro e por aí, sabes. Nada. É verdad.

E non había experiencia de nada. Quén se pon...? E viña Saavedra, ese Saavedra que che dixen, e dicía: "Si pasan por la Puente Beluso los van a tener que coger en una zaranda" (risas). Alghún aínda non sabía que era unha zaranda, non sabes? [...] Saavedra estuvera en Buenos Aires moito tempo, aghora despois mezclárase cos mineiros. De Cespón para arriba todo era dos mineiros. Os mineiros estuveron os primeiros días da guerra, pero despois, nin os mineiros nin nada; non había nada. Cando se iba a acabar todo, o alcalde non orghanizou nada. O alcalde, Martínez Virel, tan pronto veu aquí Elpidio Villaverde e un tal Pedro Díaz, que viñeron facendo propaganda que íbamos tomar Villagharcía e todo eso, pero o carallo, eles xa non saliron máis de aquí; de Boiro para A Puebla e da Puebla para Boiro. E Virel arrimouse a eles xa, e xa non fixo caso nin de Dios.[34]

UN NOVO TEMPO POLÍTICO MARCADO POLA REPRESIÓN

As columnas de artillería que someteron Boiro e os outros concellos da zona entre o 27 e 28 de xullo seguiron percorrendo a comarca varios días máis, dando batidas polos montes, recuperando armamento e dinamita, e realizando, en colaboración coas forzas da Garda Civil, Carabineiros e falangistas, numerosas detencións de simpatizantes da Fronte Popular. Segundo lemos en *El Ideal Gallego* (5 agosto 1936), a súa marcha definitiva para Santiago producíase o 4 de agosto. Nunha pancarta colgada nun dos vehículos do convoi podíase ler: "Paz en Noya y sus contornos".

Xa controlada polas autoridades golpistas, a prensa galega facía balance do sucedido nos concellos barbanceses durante os cerca de dez días nos que os comités de defensa da República controlaron a situación, usando termos como "barbarie incalificable" e atribuíndolles aos milicianos a condición de "pistoleros", "extremistas", "hordas salvajes" ou "sujetos distinguidos por su barbarie". Porén, a pesar dos episodios de violencia e tensión vividos, a prensa non puido informar de que se produciran vítimas mortais nin tan sequera danos persoais de consideración.

Tras a marcha das tropas ao mando do capitán Saavedra, en Boiro volvía facerse cargo da orde pública a Garda Civil, comandada polo cabo José Sánchez Castro, que regresaba ao seu cuartel do Lodeiro despois de estar concentrada en Santiago. Coa encomenda de auxiliar este corpo e o apoio económico de persoas podentes da localidade, fundábase a agrupación local de Falange Española de las JONS, baixo a xefatura de Victor Sieira Stone, fillo do industrial madeireiro e ex alcalde na República, Arturo Sieira Alonso[35]. Esta organización de carácter fascista contará cunha milicia integrada por vinte homes armados e uniformados coa preceptiva camisa azul, cobrando un xornal de 2 pesetas[36]. A maioría

[34] Fragmento dunha entrevista realizada a Marcelino Castro Gallardo no ano 2000.

[35] Afectado por turbios asuntos vinculados con recadacións en nome de Falange, Víctor Sieira cesou pouco máis de dous meses despois do seu nomeamento. O seu substituto foi o panadeiro Arturo Noal Alcalde, que se mantivo á fronte da organización fascista dende o 10 de outubro ata o 31 de decembro, data na que aparece morto por causas naturais no propio cuartel de Falange. A partir dese momento exerceu a xefatura Julio Carreño Lira, boticario d'A Tenencia.

[36] Así se desprende de varios informes da alcaldía ao delegado da Orde Pública e ao Gobernador Civil. Libro rexistro de saída,

dos falanxistas procedían da Juventud Católica e dos sindicatos amarelos que, tanto nun como noutro caso, mantiveran moi serios enfrontamentos coas organizacións socialistas ao longo de todo o período republicano. A sede de Falange estableceuse en Cimadevila, nun inmoble próximo ao cruzamento da estrada de Abanqueiro[37].

Por outra banda, aínda non transcorrido un mes desde a creación da nova xestora boirense, Bernardino López Romero foi cesado polo gobernador civil e tenente coronel da Garda Civil, Florentino González Vallés, máxima autoridade na provincia da denominada Junta de Defensa Nacional, goberno militar con sede en Burgos. Na súa substitución, o gobernador poñía á fronte do concello, en calidade de delegado civil, o ex alcalde da ditadura de Primo de Rivera, Guillermo Torrado Jáudenes, abastado propietario de 64 anos, de talante autoritario e enérxico, pero con sona de honrado e traballador. Catro días despois do seu nomeamento, o 22 de agosto, constituíase o Consello municipal do pobo de Boiro, con subdelegados por cada parroquia[38]. Curiosamente, entre os novos xestores locais había algúns que desempeñaran cargos destacados durante a etapa republicana, caso dos alcaldes Arturo Sieira e Benito Calo, e o díscolo concelleiro Jesús Vázquez, aliado dos socialistas de La Fraternidad durante os tres primeiros anos do período, nos que fora líder da ORGA.

O proceso de cambio político iniciado polo Goberno Civil, a instancias da Junta de Defensa Nacional, incluía tamén a ilegalización das organizacións integrantes da Fronte Popular e daquelas que se opuxeran ao golpe de Estado. En consonancia co ordenado pola autoridade militar, en Boiro quedaron oficialmente disoltas a Agrupación Socialista Obrera, Juventud Socialista, Partido Galeguista, Izquierda Republicana, Unión Republicana, as uxetistas Sociedad Agraria La Fraternidad, Unión de Canteros y Oficios Varios, Sociedad Agraria, Marítima y de Oficios Varios El Centro Obrero de Escarabote, e o anarquista Sindicato de Oficios Varios Mar y Tierra. Os afiliados destas asociacións terían a obriga de entregar os seus carnés na casa do concello ou no cuartel da Garda Civil. Co obxecto de cumprir a orde de desmantelar as sedes das organizacións ilegalizadas e incautar os seus bens e documentación, milicianos de Falange rexistraron o local que en Cimadevila tiña alugado a Sociedad La Fraternidad, confiscando as súas escasas pertenzas e queimando a prensa, libros e folletos da súa biblioteca. Tras ser purgado polos falanxistas, o local da combativa sociedade esquerdista converteuse nun comedor administrado pola organización de inspiración fascista Auxilio Social. Do mesmo xeito que La Fraternidad foi

31 de xullo e 19 de outubro de 1936, respectivamente (Arquivo Municipal de Boiro).

[37] Unha das súas primeiras encomendas foi colaborar no arranxo provisional da derrubada ponte de Beluso para que se puidese restablecer o tráfico pola estrada de Padrón a Ribeira. O grave accidente sufrido polo camión que transportaba os puntais de piñeiro na curva da Fontaíña, á saída de Cimadevila, provocaría a morte de catro mozos, dous deles falangistas.

[38] José Benito Piñeiro Romero, labrador veciño d'O Breiro, sería o subdelegado da parroquia de Boiro; Ramón Mariño Blanco, labrador de Triñáns, de Abanqueiro; Manuel Otero Filgueira, veciño de Boimazán, tamén labrador, de Bealo; o comerciante de Pesqueira Jesús Pérez Costa, representaría á parroquia do Castro; Jesús Vázquez Rodríguez, propietario de Lamas, á de Cespón; Pedro Canabal García, labrador de Mieites, a Cures; o industrial de Escarabote Antonio Crusat Pardiñas a Lampón, e a Macenda Benito Calo Beade, labrador de Insuachán. Para substituír eventualmente o delegado civil era nomeado Arturo Sieira Alonso, industrial aveciñado n'o Saltiño, e para síndico Alejandro Rey Eiras, comerciante d'A Tenencia. Conforme ao establecido polo Goberno Civil, o 4 de novembro o Consello municipal pasaría a constituírse en comisión xestora, incorporándose como novos concelleiros Antonio Chouza Ojea, Manuel Fajardo Piñeiro, Leopoldo González Reino e Antonio Torrado Ogea. Información procedente da acta plenaria do 22 de agosto de 1936 (Arquivo Municipal de Boiro).

rexistrado e desmantelado o centro obreiro de Escarabote.

Aínda que no mes de agosto a rebelión militar triunfara na totalidade de Galicia, o fracaso do pronunciamento militar en diferentes territorios do Estado, como Madrid, Cataluña, Pais Vasco, Valencia ou Asturias, dividía España en dúas zonas: a republicana, baixo responsabilidade do Goberno lexitimado nas urnas o 16 de febreiro daquel ano 36, e a sublevaba, produto da conquista polas armas. Galicia pasaba a formar parte desta última zona, autodenominada nacional, onde a Junta de Defensa Nacional ía exercer funcións de Goberno provisional mentres non se constituíse un directorio militar. As poboacións galegas estarían lonxe das frontes da guerra civil que se iniciaba, pero quedaron sometidas a un réxime de terror que non reparará en medios con tal de asegurar o control do poder e consolidar os territorios conquistados. "Es necesario crear una atmósfera de terror, hay que dejar sensación de dominio eliminando sin escrúpulos ni vacilación a todo el que no piense como nosotros. Tenemos que causar una gran impresión, todo aquel que sea abierta o secretamente defensor del Frente Popular debe ser fusilado", dispoñía o xeneral Emilio Mola, xefe dos golpistas.

Pese á súa temperán incorporación ao sector sublevado e a feble resistencia ofrecida ao Exército insurrecto, a represión nas localidades galegas resultou desmedida. E produciuse unha masacre da poboación fiel á República que lles afectou tanto ás autoridades militares e civís que se opuxeran ao golpe, como a persoas que participaran nos comités de defensa da República, se significaran na actividade política ou sindical, tiveran algunha actitude a prol do republicanismo e a esquerda, ou mesmo simplemente simpatizaran cos seus dirixentes. Como pon de manifesto o proxecto interuniversitario *Nomes e voces*, foron matados os catro gobernadores civís das provincias galegas, numerosos alcaldes (Santiago, Vigo, A Coruña, Ferrol, Ourense, Marín, Betanzos, Fisterra, Verín, Viveiro, etcétera, etcétera), e multitude de concelleiros e persoas sen cargos públicos. De acordo cos datos facilitados polo referido proxecto, as vítimas mortais producidas entre 1936 e 1939 en Galicia achegáronse a 4.700.

DETENCIÓNS INDISCRIMINADAS, MALLEIRAS E ESCARNIOS PÚBLICOS

O Concello de Boiro non permaneceu alleo á represión emanada da Junta de Defensa Nacional, que dende o seu cuartel xeral de Burgos, e con man de ferro, gobernaba a zona sublevada. Tras un corto período de relativa tranquilidade no que se deron os primeiros pasos cara á organización do novo statu quo, as accións de castigo chegaron da man da Garda Civil e Falange Española, que actuarán con total impunidade. Ramón Somoza lembraba aqueles momentos:

> *Non podo precisar as fechas, pero sei que pasaron días, tal vez semanas sin que houbera nin siquera palizas, non. Os primeiros días, sería por temor a que non triunfaran ou algo, ao que viron encerrárono na cárcel que había no ayuntamiento, que era o sótano. Dábanlle unha patada e tiraban coa porta, pero ... Nos primeiros días, non. Despois, tal vez pasadas unha semana ou dúas, foi cando empezaron as grandes malleiras. Cando empezaron os paseos [...] Ao principio había, si ti queres, un asomo de legalidad [...] Eu creo que o grueso das matanzas*

empezou despois da fracasada toma de Madrid, non. Cando fracasaron na toma de Madrid foi cando empezaron aquelas cousas. Unha cousa bestial [...] Eso continuou hasta moito despois de acabar a guerra. O terror implantado. A Guardia Civil tiña patente de corso: Buenas Noches ¿Por qué saluda usted? Pin, pas, dúas bofetadas. Si non saludabas. Pin, pas ¿Por qué no saluda?[39]

As detencións indiscriminadas e as malleiras constituíron unha práctica cotiá en Boiro, sobre todo nos primeiros meses do goberno dos militares, afectando tanto cargos políticos e sindicais como persoas sen cargo ningún. Aínda sen poder precisar cifras, as fontes orais falan dun elevado número de persoas que foron brutalmente golpeadas; moitas na horta do xulgado de paz de Cimadevila, a carón dunha vella nogueira que pasaría á memoria colectiva como unha especie de icona da represión[40]. Vivindo a escasos metros do xulgado, Ramón Somoza foi testemuña do que sucedía a cada momento:

Mallaron unha chea, centos. Cando daban as malleiras, baixaban ao mellor dez ou doce do xusghado, que os mallaban en serie. E José o Bichano obligado a tocar o tambor detrás. E cando cheghaban á casa da finada da miña avoa obligábanlle a decir ¡Mueran los Chonos! Ao cheghar diante da nosa casa, tamén ¡Mueran los Chonos! Eso sabeo todo o mundo.

Con balcón, o xulgado de Cimadevila.
Cedida por Elisa Silva García

Un dos casos que coñecemos de primeira man foi o do concelleiro polo Partido Galeguista e veciño de Cures, José Ramón Blanco (Ramón de *Reperto*), que despois de acudir á casa consistorial o 22 de agosto para formalizar a destitución da corporación da Fronte Popular, foi detido e encarcerado por membros de Falange para acabar recibindo unha brutal malleira co selo da Garda Civil, que o deixou sen coñecemento:

Firmamos a destitución. Marchamos. E era o 22 de aghosto. Era feira en Espiñeira, e eu iba por onde está a finca de Escurís ahora. E aí ven unha camioneta. Mirei algho para atrás, e xa iban os fusiles enriba da cabina. Ao cheghar á miña altura *parano. Baixa Víctor* (refírese ao xefe de *Falange*) *e dime: estás detenido. Home, por que estou detenido? Aquí todos do Frente Popular xa tiñas que estar fusilados. Bueno. Vou para abaixo, para o ayuntamiento. Métenme alí no depósito hasta que un día me botaron fóra, que me chamaron a declarar. E estaba o criminal aquel de Proupín* (refírese a un garda civil). *Qué! Firmástedes a destitución da Garda Civil! Tuvéramos*

[39] Fragmento dunha entrevista persoal realizada a Ramón Somoza Outeiral no ano 2000.

[40] Naqueles tempos acuñouse a expresión "ir á nogheira", como un sinónimo de recibir unha malleira no xulgado de Cimadevila a mans da Garda Civil.

un acuerdo de botalos fóra; cambialos, ló, ou destituílos. Eso fora certo... Hasta mandou a Edelmiro (outro garda) *ir comprobalo ao ayuntamiento. Xa non sei si entraría adentro. E cheghou e ... si home, si, destitución. E xa, pumba, pumba! Unha e outra, veña verghallo, e pum, pum!, hasta que me derrumbaron. Sei que me quedei sin sentido. O que máis acordo é que quedou así, na man esquerda, o verghallo del, dese Proupín. E dicíame el, arríe Blanco, arríe Blanco! Pero eu non sei como me fixeron, que eu arriar o verghallo non o arriaba xa. Debín quedar sin sentido, porque cando me levantei estaba algho mollado [...] Cánto teño paseado o camiño á miña casa, e teño unha memoria especial, pero non son capaz de decir por donde vin, qué che parece? Non son capaz de decilo. Estaba a muller a dar a luz na casa, e as veciñas que estaban a atendela atendéronme a min. E ao sacarme a camiseta tuvéronma que despeghar da piel. A partir desa xa parei pouco na casa* [41].

Na memoria dos que viviron aquela época quedou especialmente gravada a imaxe maltreita da concelleira Brígida Muñiz Suárez, forzada a recorrer o pobo acompañada dun tamborileiro, coa cabeza rapada e as siglas UHP[42] pintadas na fronte. O seu compañeiro da corporación, José Ramón Blanco, recordaba aquel episodio:

Brígida estuvo..., tuvérona enriba, no ayuntamiento, despois levárona ao cuartelillo. Non sei si a mallaron ou si non. O que si lle fixeron foi traghar non sei canto aceite de ricino. E despois peláronlle ..., afeitáronlle a cabeza e puxéronlle UHP. E fixérona pasear por Boiro adiante a ver si ela caghaba por si. E o Bichano a tocarlle a caixa.

Marcelino Castro apunta que mesmo foi violada:

Brígida foi para a cárcel. Entonces alí violárona, dixoo ela mismo, e cortáronlle o pelo. Rapárona de todo e pintáronlle UHP na cabeza. E, despois, tocáronlle o tambor carretera abaixo, carretera arriba.

Rita Romero, veciña de Boiro, que daquela tiña uns 16 anos, que tamén se acordaba de Brígida camiñando pola estrada co pelo rapado acompañada do son do tambor, gardaba así mesmo a imaxe doutras mulleres represaliadas, paseadas pola rúa chorreando as feces despois de ser obrigadas a inxerir abundante aceite de rícino. Rita falounos de Manuela Briones (Manuela da Barreira) e de Peregrina Noal (Peregrina da Viuda), casada co socialista Antonio Álvarez, o *Paragüero,* e irmá, curiosamente, dun dos xefes de Falange, da que di ademais que levou moitas malleiras. A estas dúas mulleres aldraxadas engade Juana Martínez (Juanita do Rexedor), filla dos socialistas Salvador Martínez e Teresa M. del Rio, e outras, como Dolores Ferreirós, Celia de Pouso e Virginia Triñanes, a *Pajera*. E lembraba, por outro lado, mozas como a súa irmá maior Dolores, de 15 anos, condenadas a realizar traballos forzados na estrada de Abanqueiro a Cespón.

Ademais das citadas, houbo outras mulleres máis que sufriron represión. Dous exemplos salientables son María Rodríguez

[41] Fragmento dunha entrevista persoal realizada a José Ramón Blanco na súa casa de Cures no ano 2000.

[42] Uníos Hermanos Proletarios (UHP), consigna adoptada por forzas da esquerda obreira a partir da Revolución de Asturias de 1934.

López, redeira de 51 anos, xulgada por rebelión e condenada a doce anos de prisión[43], e Consuelo Outeiral Outeiral, sometida a un continuo acoso por ser dona do alcalde Juanito Somoza e porque o seu fillo maior Antonio, secretario das mocidades socialistas, fuxido a Portugal no pesqueiro *San José* Nº2, fora un activo miliciano do comité boirense. Na mente doutro dos seus fillos, Ramón Somoza, daquela un neno de 13 anos, quedou gravada unha noite na que Consuelo foi sacada violentamente da casa por uns falanxistas para embarcala nun automóbil con destino descoñecido:

> *E entonces chegharon ... Non eran daquí de Boiro. Chegharon nun coche uns falangistas. Chamaron á porta da nosa casa. Botárona abaixo e á finada de mamá collérona polos periquitos, trouxérona a rastro, a patadas, ... e a mín con ela. Metéronnos aos dous no coche. E xa habían encendido o coche, cheghou don Pepito, o médico, que estaba solteiro e paraba na casa da señora Digna, donde está ahora o Cisne, enfrente da nosa casa. Eu creo que debían ser da Puebla ou don Pepito os conocía. E don Pepito alí parou a cousa e levounos para adentro. E nós dentro do coche, e mamá a chorar. E ... Era valiente, mamá era valiente. Despois serenouse. Chorando pero serena. E alá foron para dentro, e parece que don Pepito os convenceu porque mamá andaba embarazada da miña irmán a máis nova, que naceu en febreiro do 37. E entonces, co conto de que andaba embarazada mamá parece que parou a cousa. A min tamén me tiñan .. Non sei si ... A ela si, era para asesinala. Sacala de noite da casa, metela nun coche, ... E a min con ela. Eu tiña trece anos".* [44]

CADÁVERES ABANDONADOS EN MONTES E CAMIÑOS

A represión física non se limitou ás detencións arbitrarias, malleiras brutais, escarnios públicos ou traballos forzados, senón que tamén se materializou en asasinatos. Nos pouco máis de catro meses comprendidos entre mediados de agosto, cando temos noticia da primeira morte violenta, excepción feita das catro causadas polos militares, e finais de ano foron asasinadas ao menos dez persoas, cuxos corpos acabaron abandonados en montes e camiños, do propio concello ou limítrofes. Nuns casos tratábase de milicianos do comité de defensa da República, como Ricardo Vilas Quintáns, carpinteiro de 42 anos de Treites (Cespón), que participara na voadura da ponte de Beluso integrando a partida do cenetista José Saavedra (Villaverde, 1995:88-90); como José e Maximino Somoza Piñeiro, *os Carestos*, irmáns e veciños de Escarabote, de 24 e 22 anos de idade, cuxos cadáveres apareceron nunha paraxe de Taragoña, ou como Francisco Tubío Vicente, *o Chiquelo*, zapateiro de 27 anos veciño de Bealo, acusado de participar nos rexistros armados na reitoral e igrexa de San Cristovo de Abanqueiro[45] e na voadura da ponte de Beluso. Noutros casos, como o de Agustín Horta Resúa, de Bealo coma o anterior e 26 anos de idade, dise que o mataron porque se negou a delatar o seu irmán Celestino,

[43] Información procedente do proxecto universitario *Nomes e voces* (www.nomesevoces.net).

[44] Fragmento dunha entrevista persoal realizada a Ramón Somoza Outeiral no ano 2000.

[45] Información recollida no traballo "Asalto á reitoral de Abanqueiro nos comezos da guerra civil" (I e II), realizado por Xosé Comoxo e Xesús Santos e publicado en http://rianxeiros.blogspot.com (2009).

sindicalista daquela parroquia, cuxa muller, Manuela Creo, tamén sufrirá represalias[46].

Outras persoas foron asasinadas, na nosa opinión, debido unicamente á súa militancia política. Foi o caso do concelleiro Manuel Brión Suárez, unha das figuras máis representativas do ámbito socio-político boirense do período republicano. Baixo o titular "Muerte de un comunista en Boiro" o xornal *El Correo Gallego* (26 novembro 1936) informaba da morte a tiros do discreto e pacífico concelleiro socialista de 50 anos nun operativo dirixido pola Garda Civil e auxiliado por falanxistas. "Era sujeto peligroso", remataba laconicamente a noticia. Co fin de conseguir información do seu paradoiro, unha sobriña e afillada súa, de nome Erminda, dependenta da taberna e casa de comidas que o finado tiña na Ribeira Grande (Cabo da Cruz), fora torturada ata o punto de perder parte dunha orella sen que os seus verdugos conseguisen facela confesar[47].

Un caso similar ao de Brión foi o do tamén concelleiro José Caballero Rubio, mestre de 24 anos da escola de Triñáns (Abanqueiro) e andaluz simpático e cordial, afín á Unión Republicana, do que non nos consta participación máis que nominal no comité de defensa da República. "Caballero ollóu-nos cheo de estupor. Cala por uns instantes e dos seus ollos baixan unhas bágoas que, resinado, seca co dorso das súas mans. A xoven sorrisa decote reflexou-se no seu simpático rostro. Vistéuse e contóunos o último chiste. Sonrrimos todos con marcada tristura. Era a derradeira chanza dun bo amigo que iba a morrer de xeito tan salvaxe cando somentes tiña vintecatro anos... Caballero, en mangas de camisa, sorrinte e con sosego, fóinos abrazando a un por un. Quixémo-nos facé-los fortes, mais as bágoas mollaron os nosos ollos. Foi-se moi ergueito. Desde a porta mandóu-nos coa man o último adeus". Así relata Xerardo Díaz Fernández no seu libro "Os que non morreron" a saca do cárcere de Santiago, de Caballero Rubio, compañeiro seu de cativerio, nunha noite de outubro de 1936. Entregado polo oficial da prisión aos seus verdugos, o seu cadáver tiroteado dise que foi abandonado no monte Confurco (Lousame).

Ás dez mortes violentas producidas durante os últimos meses do 36, hai que unir a de Cándido Castillo, o *Pichón*, xornaleiro con cargos na Agrupación Socialista e a Unión de Canteros y Oficios Varios, asasinado a pleno día, xa na primavera do 37, no barrio d'A Ponte Goiáns, ao pé da súa vivenda. Ao igual que nos dous casos anteriores, tampouco nos consta a participación no comité de defensa da República deste home con sona de boa persoa ao tempo que de indolente e inxenuo.

FUSILAMENTOS EN BOISACA E PENAS DE PRISIÓN TRAS CONSELLOS DE GUERRA

Outros veciños de Boiro vinculados coa esquerda, obreira ou republicana, ou simples paisanos que colaboraran co comité, morreron tamén de xeito violento. Sen garantía ningunha para a súa defensa, e acusados do delito de –cruel paradoxo– rebelión, foron condenados a pena de morte en consello de guerra Juan Outeiral, José Maceiras, Santiago Miranda, Ramón Lojo, Bautista Torrado, Braulio Castro e Rodrigo Álvarez Gantes. Os cargos imputados aos seis primeiros estaban relacionados coa súa participación nos comités de defensa da República ("comité

[46] Información procedente do proxecto universitario *Nomes e voces* (www.nomesevoces.net).

[47] Así nolo confirmou Yolanda Vázquez Brión, familiar do concelleiro e da moza torturada, nunha entrevista realizada na Casa da Cultura "Ramón Martínez López" en 2019.

revolucionario", segundo o instrutor da causa), especialmente no referido á requisa de armas e rexistros domiciliarios. No caso do mestre da confraría de Escarabote e concelleiro de Izquierda Republicana, Rodrigo Álvarez Gantes, os cargos son de tipo político. As acusacións na súa contra van desde intervir en mitins de carácter marxista ata ser un propagandista destacado desta ideoloxía dentro e fóra da escola, que obrigaba o alumnado a cantar a Internacional, saudar co puño en alto e dar vivas ao comunismo, inculcándolles ao mesmo tempo a non existencia de Deus. Tamén era acusado de distinguirse durante a súa etapa de concelleiro na toma de acordos para prexudicar a Garda Civil e persoas dereitistas, así como de incitar mariñeiros e obreiros a sindicarse en organizacións revolucionarias[48]. Os sete veciños de Boiro foron fusilados contra as tapias do cemiterio compostelán de Boisaca ao abrir o día 23 de febreiro de 1937. Uns meses despois, no mesmo lugar, caía tamén morto diante dun pelotón de fusilamento, Gerardo Piñeiro, boirense de Cespón, de 21 anos, ao que se lle imputaron actos como a voadura da ponte de Beluso ou o asalto á casa do médico municipal, Benigno López (Villaverde, 1995:85-88).

Con penas menos crueis, pero igualmente desproporcionadas, outras sentenzas de consellos de guerra acabaron abocando a longas penas de prisión unha trintena de boirenses máis. Acusados do delito de rebelión ou auxilio á rebelión, as súas condenas oscilarán entre os doce anos e a cadea perpetua. Marcial de Diego, Antonio Lago, José Ogea *Torrecilla*, José Viturro e Victorino Somoza, cinco dos dezanove homes que o día 27 de xullo marcharan a Portugal no pesqueiro *San José* Nº2, foron algúns dos condenados de por vida[49] .

Ilegalizando as súas organizacións e desmantelando os seus centros, encarcerando a parte dos seus líderes e militantes significados, e matando outra parte, a xunta militar estaba a cumprir escrupulosamente o seu plan de varrer a esquerda do mapa socio político da zona sublevada para deixarlle o paso franco á dereita reaccionaria e ao seu partido único, Falange Española de las JONS (Falange Española Tradicionalista y de las JONS, tras integrar os carlistas).

No referido á represión contra as corporacións da Fronte Popular, este plan tivo unha especial incidencia en Boiro, que, como nos descobren Iglesias Amorín e Regueiro Méndez (2018:149-150), foi un dos concellos máis afectados da provincia d'A Coruña. Directa ou indirectamente, a maioría dos dezaoito edís da corporación boirense acabaron sufrindo as consecuencias da política do goberno militar. Nuns casos, como o do alcalde socialista Juanito Somoza, o horizonte de represión precipitou o seu exilio a Latinoamérica unha vez rematada a guerra civil, despois de estar preso en Valencia e Alicante[50]. Noutros casos, como o de Manuel Benigno Pena, Francisco Castro Castro e José Benito Segade Torrado, a opción elixida foi

[48] Información procedente da Causa 470/1936 contra Rodrigo Álvarez Gantes y otros, incluída 4267/1938. Archivo del Tribunal Militar Territorial Cuarto. Archivo General de la Zona Marítima del Cantábrico.

[49] Información procedente do proxecto universitario *Nomes e voces* (www.nomesevoces.net). Compre dicir que, a pesar das sentenzas, a maioría dos condenados veranse beneficiados por sucesivos indultos, polo que non chegarán a cumprilas integramente.

[50] Como nos contou o seu fillo Moncho, tras permanecer en Madrid durante gran parte da Guerra Civil, Juanito Somoza trasladaríase a Valencia seguindo ao Goberno da República. Unha vez rematada a contenda, acabou recluído na prisión das Escolas Pías, en Gandía, e no campo de concentración de Albatera. Tras conseguir a liberdade, e despois de salvar moitos atrancos, viaxou a Bos Aires e, máis tarde, a La Habana, antes de establecerse definitivamente en Venezuela, onde o seu fillo maior Antonio, tamén exiliado, montara un pequeno taller de refrixeración.

andar escapados, eludindo as continuas persecucións da Garda Civil e os falanxistas. Os tres permaneceron fuxidos durante un longo período de tempo. Pena entregouse en 1940, xa sexaxenario, para ser sometido a un consello de guerra que o condenará a quince anos de reclusión; en 1944 Castro seguía figurando oficialmente como desaparecido, e Segade poñía fin á súa etapa como fuxido a finais de 1948, despois de doce anos de angustia[51]. Escapado andou tamén un tempo o concelleiro de Cures, José Ramón Blanco, ata que, chegado o momento de incorporarse a filas, presentouse ante as autoridades, para acabar nun batallón disciplinario de traballadores en Huesca ao servizo do exército italiano. E voluntario para a Lexión marchou José Iglesias Peiteado despois dun tempo agachado, para así poder sortear a represión e que as súas causas quedasen sobresidas. Xa falamos do calvario vivido pola concelleira Brígida Muñiz, e da fuxida do alcalde en funcións Martínez Virel, e o depositario Antonio Lago Outeiral, neste último caso capturado e condenado a cadea perpetua. E tamén o fixemos dos concelleiros José Caballero Rubio, Manuel Brión Suárez, Juan Outeiral Outeiral e Rodrigo Álvarez Gantes, que pagaron coa vida o seu compromiso político.

Por outra banda, toda a corporación da Fronte Popular tivo que responder dos fondos da caixa de caudais do concello que o alcalde en funcións Martínez Virel levara consigo cando fuxiu a Portugal. A subtracción dos cartos públicos derivou na instrución dun expediente para depurar responsabilidades. Como resultado, a nova corporación, presidida polo delegado civil Guillermo Torrado, acordaba en pleno declarar mancomunada e solidariamente responsables o propio Martínez Virel, Antonio Lago Outeiral e ao daquela secretario Manuel Villanueva Carrillo, tendo que devolver ao Concello 4.971,71 pesetas que, segundo as contas do goberno, faltaban dos caudais públicos. O mesmo acordo declaraba responsables subsidiarios os restantes concelleiros, que quedaron obrigados a asumir a devolución dos cartos subtraídos ou a responder cos seus bens[52].

Aínda que diminuirá a partir de mediados de 1937, a represión seguiu existindo en Boiro ata moito tempo despois de rematada a Guerra Civil. Será unha represión menos brutal pero igualmente lesiva contra os intereses e prestixio daqueles homes e mulleres que tomaran partido polo ideario republicano e de progreso social, e que en xullo de 1936 permaneceron do lado da legalidade fronte aos promotores e cómplices do golpe de Estado que acabou en guerra civil.

[51] Detido pola columna do capitán Saavedra, José Benito Segade foi enviado ao cárcere de Santiago. Grazas a unhas amizades saíu en liberdade cando o ían fusilar, aproveitando para regresar a Boiro e esconderse en casas de familiares e coñecidos repartidas por toda a comarca. E percorrer así mesmo os montes en unión do socialista Felipe Somoza, *O Chono*, e máis fuxidos, como o cenetista de Bealo José Saavedra, e outros de tanta sona como Benigno Andrade, *Foucellas*. Así o testemuña José Segade Pose, fillo do concelleiro, nunha entrevista recollida por Villaverde (1995: 73-74).

[52] Información procedente do acordo contido na acta plenaria do 12 de decembro de 1936 (Arquivo Municipal de Boiro).

As Bisbarras de Noia e Barbanza nas "Memorias de Jerónimo del Hoyo (1603-1620)"

Manuel Mariño del Río

As *Memorias del Arzobispado de Santiago* recadan a información que o cóengo cardeal Jerónimo del Hoyo recolleu na visita pastoral a todas as freguesías daquel arcebispado realizada en nome do arcebispo Maximiliano de Austria entre os anos 1603-1620.

Determinado de escribir y poner con alguna puntualidad, por memoria, en este breve sumario todo el distrito del Arçobispado de Santiago (...) de que mi corto yngenio y talento alcançase.

Na presentación o texto orixinal vai redactado do seguinte xeito:

> ***MEMORIAS de las yglesias del arçobispado de Santiago de quien presenta para ellas y de los feligreses que cada una tiene, de su valor y de las sincuras repartidas por las desta ciudad de Santiago y el deanazgo y arcedianatos de Mendos y Cornado Trastamara y Sanles con las de Cacabelos León y Castilla y las vicarias de Alba y Aliste Carabajales y alcanicas.***

Leva a continuación unha nota manuscrita indicando: *Dispuesto por Don Geronimo del Hoyo, Canonigo Cardenal de esta Sta. Iglesia y visitador del Arzobispado por el Sr. Maximiliano de Austria. Año de 1607 y 1620 Fº 512= cuando se hizo este libro.*

Aquel extenso manuscrito estivo gardado no Arquivo do Pazo Arcebispal e logo trasladado ao Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, cando se constituíu, e onde permanece na actualidade.

No ano 2016 levouse a cabo unha reprodución facsimilar por parte do Consorcio de Santiago e a Universidade Compostelá coa colaboración do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Esta nova publicación daquel texto facilita a súa consulta facendo deste manuscrito unha obra imprescindible para o estudo da Idade Moderna en Galicia.

Consta de 545 folios con numeración arábiga precedidos por 28 folios que conteñen cadros sinópticos que resumen o seu contido e que están ordenados con números romanos.


MEMORIAS
de las yglesias del arcobispado de Santiago de quien presenta, para ellas y de los feligreses que cada una tiene, de su valor y de las Sincuras Repartidas por las desta Ciudad de Santiago y el deanazgo y arcedianatos de Mendos y Cornado Trastamara y Sanles con las de Cacabelos León y Castilla y las Vicarias de Alba y Aliste Carabajales y alcanicas

Portada do Libro das Memorias

DIVISIÓN ADMINISTRATIVA DA ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO

Administrativamente, a arquidiocese de Santiago divídese en tres vicarías territoriais: A Coruña, Santiago e Pontevedra que, á súa

vez, se reparten en trece zonas pastorais, e estas en arciprestados.

As diferentes freguesías que abranguen este pequeno estudo e ás que nos referiremos a continuación, pertencen aos arciprestados de Posmarcos de Arriba, Posmarcos de Abaixo, Entíns e Iria Flavia. Deles, as Memorias sinalan o seguinte:

Arciprestados neste estudo

Arciprestado de Posmarcos de Arriba

Este Arciprestado está rodeado de mar, polo que abonda o peixe. Tiñan algún gando e collíase unha importante cantidade de cereais. Había limoeiros e laranxeiros en boa cantidade e nalgunhas partes había viñas aínda que o viño non era de moita calidade. Había algunha xente nobre pero o común eran labregos e pescadores. Este arciprestado rodéao o mar case desde Rianxo á volta de Corrubedo para volver polo mar na volta cara a Noia. (Fol.188 r)[1]

[1] No texto orixinal de J. Del Hoyo, as freguesías de Posmarcos de Arriba e as de Posmarcos de Abaixo estaban situadas no arciprestado contrario ao que actualmente ocupan.

Parroquias do arciprestado de Posmarcos de Arriba

Arciprestado de Posmarcos de Abaixo

Este arciprestado abrangue as freguesías que van desde a vila de Noia ata San Pedro de Baroña e ten preto o mar, e o demais era terreo montañoso lindando co arciprestado de Posmarcos de Arriba e cara ao oriente co da Mahía. Collíase neste arciprestado abundante cantidade de cereais e algún viño. Na zona montañosa, apañábase unha boa cantidade



Parroquias do arciprestado de Posmarcos de Abaixo

de castañas e unha importante cría de gando. (Fol. 195 r)

Arciprestado de Entíns[2]

Este arciprestado, desde había pouco tempo estaba divido en dous; un, que retiña o propio nome de Entíns, e outro que se chamaba de Carnota. Organizábanse como un arciprestado único que era o de Entíns. (Fol. 315 r)



Parroquias do arciprestado de Entíns

Arciprestado de Iria Flavia

Por medio deste arciprestado pasa o río da vila, comezando desde Carcacía ata Carril e Rianxo, e todo alcanzaba moi boa terra de trigo, millo miúdo, centeo e algunhas viñas nas que se collía bastante viño e produtos de horta, en especial moitos limóns, laranxas e algunhas limas doces. A ría proporcionáballe todo xénero de peixe e polas (...) que alcanza de (...). Nas montañas criábase unha importante cantidade de gando de todo xénero. (Fol. 164 v)

Parroquias do Arciprestado de Iria Flavia

CONCELLO DE LOUSAME

Todas as súas parroquias pertencen ao arciprestado de Posmarcos de Arriba.

Parroquia de San Xoán de Camboño

Esta freguesía tiña catorce fregueses. Os froitos que levaba o reitor valían cen ducados ou cincuenta cargas de cereais[3]. Era de

[2] Orixinalmente figuraba *Arciprestazgo de Entins junto con Muros.*

[3] No texto orixinal ía redactado "cargas de todo pan".

Igrexa de San Xoán de Lousame

presentación de San Martiño. A fábrica tiña de renda trinta e un ferrados de centeo e un de millo miúdo. Había daquela unha ermida de Santa Mariña e outra de San Luís. (Fol.198r)

Parroquia de San Martiño de Fruíme

Esta freguesía tiña quince fregueses. Entregaban sesenta ducados ao reitor. Era de presentación de San Martiño. A fábrica tiña de renda seis cargas de cereais. (Fol. 199v)

Parroquia de San Martiño de Lesende

Esta freguesía tiña vinte e catro fregueses. Os froitos que percibía o reitor valían máis de cen ducados. Era de presentación de San Martiño. A fábrica non tiña renda ningunha. (Fol. 200r)

Parroquia de San Xoán de Lousame

Tiña esta freguesía sesenta fregueses. Os froitos que recibía o reitor estaban valorados en douscentos cincuenta ducados. Era de presentación de San Martiño. A fábrica tiña de renda tres ferrados de centeo e nove reais. Na freguesía do Obre había algunhas cabezas de gando. Había daquela dúas ermidas, unha de (...) e outra de San Marcos. O reitor anterior mandou labrar unha boa casa no Igrexario. (Fol. 197r)

Parroquia de San Pedro de Tállara

Esta freguesía contaba con sesenta fregueses. Entregaban os froitos ao reitor aínda que este mantivo un preito cun cardeal de Santiago sobre a metade dos mesmos, que dicía lle

pertencían por sinecura[4]. O reitor presenta o mosteiro de San Xusto e a sinecura pretende-una o devandito cardeal por presentación de Suero Gómez de Sotomaior. Rendía a reitoría máis de douscentos ducados. A fábrica tiña varias leiras que rendían un ferrado de cereais e seis medias vacas. (Fol. 199v)

Parroquia de San Xusto e Pastor de Toxosoutos

Esta freguesía era priorado e mosteiro de San Xusto e Pastor, da orde de San Bernardo, e este estaba anexo ao mosteiro de Sobrado. Tiña catorce fregueses e mantiñan un preito co arcebispo e frades do referido mosteiro ante a Real Audiencia sobre os froitos que levarían os frades ou deixarían para que o ordinario puxese un clérigo que se servise deles posto que se lles facía pouco. (Fol. 200r)

Parroquia de Santa Baia de Vilacova

Esta freguesía tiña trinta fregueses. Cos froitos facíanse catro partes. Tres e un decimeiro[5] eran para o reitor e a cuarta por *sinecura collativa eclesiástica*[6]. A reitoría era de presentación de San Martiño (o do seu foreiro). A fábrica da igrexa tiña algúns bens aforados. (Fol. 200r)

[4] Sinecura era un cargo retribuído que non causaba ningún ou case ningún tipo de traballo.

[5] *Decimeiro*, era a persoa que pagaba o décimo, ou tamén a persoa que o percibía. O *décimo* era a prestación en froitos e gando que os veciños aboaban á Igrexa e que consistía xeralmente nunha décima parte do produto das colleitas.

[6] A *sinecura collativa eclesiástica* era un beneficio económico polo que se outorgaban rendas ao seu titular ou beneficiario. Adoitaba levalo a cabo un vigairo cando o responsable do clero tiña ocupacións superiores.

CONCELLO DE NOIA

Todas as súas parroquias pertencen ao arciprestado de Posmarcos de Arriba.

Parroquia de Santa María de Argalo

Esta freguesía tiña corenta fregueses. Cos froitos facíanse catro partes. Unha e un decimeiro eran para o reitor, dúas para o cabido de Santiago e a outra por sinecura collativa. Á parte do reitor, estimábaselle un valor de cincuenta ducados. A cuarta parte da (...) está unida á cura[7]. É de presentación do cabido (...). A fábrica tiña de renda catro ferrados de cereal, uns castiñeiros é algún gando, aínda que pouco. (Fol. 198v)

Parroquia de Santa Cristina de Barro

Esta freguesía tiña cincuenta fregueses. Cos froitos facíanse seis partes. Tres levábaas o arcebispo, dúas o cabido e unha e un decimeiro o reitor. Había un preito sobre os miúdos[8] por aplicarse por un provisor ao reitor. Era de presentación da dignidade. A fábrica tiña de renda tres ferrados de cereais e unhas leiras que rendían un real e lograba para a igrexa un lugar e herdade que é da dignidade arcebispal. Estaba aforado a un labrego o cal pagaba as contas co que collía nel. (Fol. 198v e 199r)

Parroquia de San Pedro de Boa

Tiña esta freguesía catorce fregueses. Cos froitos recollidos facíanse tres partes. Dúas e un decimeiro eran para o reitor e valían corenta ducados e, a outra parte, a San Martiño,

[7] Coa expresión *a cura* pensamos que se refería ao *curato*, ou sexa á parroquia ou territorio que estaba baixo a súa xurisdición e a súa capacidade de extraer rendas que constituían o seu beneficio eclesiástico.

[8] *Miúdos* ou *miudeza* eran aqueles produtos non cargados no décimo.

a quen pertencía a presentación. A fábrica non tiña renda ningunha. (Fol. 197r)

Parroquia de San Martiño de Noia

Dicía Jerónimo del Hoyo que esta vila de Noia fora fundada por Noela, filla de Noé, polo que que a súa fundación era moi antiga. Está asentada nun val, entre dous ríos, un que bate nas casas e o outro o Tambre, que pasa a carón. Ambos xúntanse preto desta vila antes de chegar ao mar. Está rodeada de mar polas dúas partes. Esta vila e a súa xurisdición pertencía aos arcebispos de Santiago e, naquel tempo, tiña moita riqueza. Despois o rei vendeuna a un xenovés e estaba daquela pobre e necesitada. Adoitaba ter uns oitocentos veciños e naqueles intres tiña pouco máis de catrocentos.[9] A fábrica da igrexa tiña de renda noventa e seis ferrados de centeo, vinte e dous e medio de trigo, seis de millo miúdo, seis lampreas, catro cabritos, dúas porcas e un carro de leña. Dos foros e pensións das casas e dos que se arrendaban tiña douscentos reais e vinte e seis marabedís, e todo xunto valía máis de setenta ducados.

A este beneficio estaba anexo o de Santa Mariña do Obre que estaba xunto ás casas do arrabalde, coa condición de que o reitor neste anexo tivese un capelán. Cos froitos facíanse tres partes. Unha levábaa o cura, outra o arcebispo e a terceira o Colexio Maior de Santiago. Da terceira parte que correspondía ao arcebispo, levaba o reitor os décimos persoais e os décimos de allos e cebolas e demais miúdos por concordia que houbo entre o señor arcebispo Don Juan de Sanclemente e o reitor o día vinte e un de xullo do ano 1591, ante Gregorio (...), escribán de número e concello da cidade de Santiago.

Este beneficio acostumaba presentalo o arcebispo, e o do Obre, o abade de San Martiño. Despois de anexionarse presentábao unha vez o arcebispo e outra o abade, frades e mosteiro de San Martiño. Daquela estaba previdо o reitor presente. Era presentación de San Martiño e a primeira vacante tería que presentarse ao arcebispo.

Confrarías:

- A do Santísimo Sacramento A do S Sº
- A do Corpo Santo A de San Martiño
- A da Nosa Señora do Rosario A dos Clérigos
- A de San Nicolás A de San Pedro
- A da Nosa Señora da Misericordia A de San Xulián
- A de San Xoán A de San Roque

Destas confrarías, a dos clérigos que é da (...) Tiña de renda (...) con obriga de dicir (...) misas das cales as (...) eran cantadas e as (...) rezadas, e os confrades que había daquela eran dez de rigor que din as devanditas misas e levaban aquela renda. (Fol.195v e 196r)

Igrexa de Santa María a Nova de Noia

Esta igrexa estaba nos arrabaldes de Noia e fóra dos muros. Había nela Santísimo Sacramento pero non había pía bautismal. Tiña de renda seis reais e sete marabedís, máis trece reais e medio sobre unha casa e a metade dun lugar que rendía 16 ferrados, dous de centeo.

Capelanías: A de San Xoán, que fundou Fernán Trigo; a de San Fins, que fundou Vasco Prego; a de San Xoán e Santo Antón, que fundou don Xoán Núñez de Ponte; a do Santo Espírito que fundou dona Xoana de Guisamonde, e a de Gabriel Freire.

[9] Esta importante perda de poboación corresponde á peste sufrida en toda Galicia en 1598-1599.

Igrexa de San Martiño de Noia

Hospital e cátedra: Había nesta vila dous hospitais. Un situado fóra dos muros, que tiña de renda como cinco cargas de cereal e 18 ducados. Outro dentro dos muros, que tiña de renda dez cargas de trigo e centeo por metade e máis 28 reais. Había tamén unha cátedra de gramática. (Fol.196v)

Parroquia de Santa Mariña do Obre

Esta igrexa estaba anexa á de San Martiño de Noia. Tiña cen fregueses. A fábrica dispoñía de dous reais e a renda dunhas nogueiras. Cos froitos facíanse tres partes. Dúas e un decimeiro levábaas a cura, que valían vinte cargas de cereal, e a terceira levábaa o mosteiro de San Martiño. Había unha confraría do Santísimo Sacramento e unha ermida de Santo Alberte. (Fol. 196v e tamén en 198v)

Parroquia de Santa María de Roo

Nesta freguesía vivían corenta fregueses. A fábrica tiña de renda cinco ferrados de trigo, catro de centeo e trinta e seis marabedís. Cos froitos facíanse dúas partes. Unha e un decimeiro coa metade do igrexario levábaa a cura, que valía corenta cargas de cereal, e a outra por sinecura Diego Gutierres, diocese (...). Era presentación cura e sinecura do mosteiro de San Martiño. (Fol. 199r)

CONCELLO DE OUTES

Todas as súas parroquias pertencen ao arciprestado de Entíns.

Parroquia de San Tirso de Cando

Esta freguesía tiña trinta e catro fregueses. Entregábanlle ao cura os froitos que estaban valorados en corenta e seis cargas de cereais. Era de presentación de San Martiño. A fábrica non tiña renda ningunha. O mosteiro de San Martiño non levaba padroado. A ermida de Nosa Señora da Ponte Nafonso era anexo ao priorado e mosteiro de San Xusto de Toxosoutos. Había once fregueses dos cales o devandito mosteiro levaba a metade dos décimos e a renda das herdades que tiña aforadas; a outra levábaa o reitor de Cando pola administración dos sacramentos pois ían á súa igrexa a recibilos, o mesmo que os oficios divinos. Non había Santísimo Sacramento nin pía bautismal. (Fol. 323v)

Parroquia de Santa María de Entíns

Esta freguesía tiña vinte e tres fregueses. Entregaban ao cura os froitos cos do anexo de San Xulián de Taras, que valían sesenta cargas de cereais. Provisión eclesiástica ordinaria. A

fábrica tiña de renda seis ferrados entre trigo e centeo dalgunhas herdades. (Fol. 323r)

Parroquia de Santo Ourente de Entíns

Esta freguesía era anexa a Santa Tasia, cabeza do arcediago de Santiago, e estas dúas estaban unidas tanto nos ornamentos coma na administración dos sacramentos porque aquí había pía bautismal e non Santísimo Sacramento, e en Santa Tasia si que o había pero non pía bautismal. Os enterros celebrábanse normalmente en Santa Tasia aínda que cada igrexa tiña sinalados os seus fregueses. Polo servizo a esta parroquia daba ao arcediago seis cargas de trigo, dúas de centeo e dúas de millo miúdo. Había oitenta fogos[10]. Os froitos entregados ao arcediago cos de Santa Tasia valían seiscentos ducados. A fábrica non tiña renda. (Fol. 322v)

Parroquia de San Lourenzo de Matasueiro

Esta freguesía tiña catorce fregueses. Os froitos entregados ao cura supoñían vinte cargas de cereais. Non había daquela Santísimo Sacramento pero xa tiña licenza para telo. Era de presentación do bacharel (...) Gómez de Vilas de Francos e levaba a de padroado unha carga de cereal. A fábrica non tiña renda ningunha. O reitor desta freguesía tiña a obriga de dicir tres misas cada semana e o arcebispo Don Francisco Blanco reduciunas aos domingos e festas. (Fol.322v e 323r)

Parroquia de San Cosme de Outeiro

Esta freguesía tiña trinta fregueses, máis os once de San Martiño de Rates. Os froitos entregados á cura valerían como sesenta e cinco cargas de cereais. Presentación do cabido. A fábrica non tiña renda ningunha, agás a metade dunha xovenca. (Fol. 322r)

Parroquia de San Pedro de Outes

Esta freguesía tiña cento cinco fregueses, máis outros trinta que tan só acudían a ela a recibir os santos sacramentos e os oficios divinos nas cinco festas do ano xa que nas demais ían a San Miguel de Valadares. Os froitos repartíanse en tres partes. Unha e un decimeiro á cura e as outras dúas ao cabido. A parte da cura valía corenta cargas de cereais. Presentación polo ofrecemento que desta freguesía, xunto con outras dez fixera no século anterior o arcebispo Don Cristobo Fernández de Valtodano. A fábrica tiña de renda vinte e un ferrados de centeo e un de trigo. Había unha ermida de San Martiño. (Fol. 322r)

Igrexa de San Pedro de Outes

[10] No texto figura *fuegos*. Fai referencia ao número de fogares. En cada fogar había unha media de catro ou cinco persoas da que saía o número de veciños.

Parroquia de San Xoán de Roo

Esta freguesía tiña corenta fregueses. Todos os froitos que recibía a cura valían sesenta cargas de cereal. Presentación de San Martiño. A fábrica tiña de renda dez ferrados e medio de cereais. Había unha ermida de Nosa Señora e unha confraría do Nome de Xesús. (Fol. 321r)

Parroquia de San Xoán de Sabardes

Este foi mosteiro e estaba anexo a San Martiño de Santiago e aforado pola viúva do bacharel Calo de Noia. Había setenta fregueses. Servía por capelanía Alonso Rodríguez Portugués. A fábrica tiña de renda catro ferrados de cereal.

Parroquia de San Xiao de Taras

Esta freguesía tiña doce fregueses. Os froitos que recibía a cura valían o que quedaba da dita provisión eclesiástica ordinaria. Non había Santísimo Sacramento aínda que si pía bautismal. A fábrica non tiña renda ningunha. (Fol. 323r)

Parroquia de San Miguel de Valadares

Esta freguesía tiña trinta e cinco fregueses e outros trinta máis que só oían misa todas as festas, agás cinco que ían a San Pedro de Outes onde tamén se lles administraban todos os sacramentos e pagaban os décimos por metade en ambas as partes. Os froitos repartíanse en tres partes. Unha, un decimeiro e o igrexario á cura, un terzo ao mosteiro de Balbís e o dito sinecura collativa eclesiástica ordinaria que (...) por morte do deán de Sevilla e (...) un cóengo de Salamanca. Cura é presentación dos herdeiros de (...) Gómez de Sotomaior que valían vinte cargas de cereal. (Fol. 324r)

CONCELLO DE PORTO DO SON

Curiosamente, as parroquias deste concello pertencen a dous arciprestados diferentes, polo que o sinalaremos ao comezo de cada unha.

Parroquia de San Pedro de Baroña
(Arciprestado de Posmarcos de Arriba)

Tiña esta freguesía trinta e catro fregueses. Os froitos que levaba o reitor supoñían unha renda de preto de douscentos ducados. Presentación de leigos. A fábrica tiña de renda algunhas herdades que estaban arrendadas en dúas cargas de centeo. Había unha ermida en San Xoán que tiña de renda a dun lugar máis preto a ela, que era sinecura collativa, e outra ermida de San Tomé de Montemuíño, que tamén era sinecura e rendía trinta ducados. (Fol.198r)

Parroquia de Santa María de Caamaño
(Arciprestado de Posmarcos de Abaixo)

Tiña esta freguesía corenta fregueses. Os froitos que levaba o reitor valían daquela douscentos ducados con dous anexos que son dúas ermidas, San Fins e San Félix, e a Madalena que estaba no alto dun monte. Era presentación da casa de Nebra. A fábrica desta igrexa tiña só dous ferrados de centeo e un cuartillo en cartos. Tiña o igrexario unha boa casa, unha herdade e un muíño que mandara construír o reitor anterior.

Nesta freguesía quedaron por vender, cando se vendeu Noia, catorce fregueses que vivían na ermida de San Fins de Ribasieira, que están acumulados á xurisdición de Rianxo. (Fol. 192v)

Parroquia de San Sadurniño de Goiáns
(Arciprestado de Posmarcos de Arriba)

Esta freguesía estaba anexa á de San Martiño de Miñortos e semellaba que fora antigamente de relixiosos. Había indicios dun claustro pequeno, moi antigo, ben feito e de boa pedra que levaba arredor da igrexa. Esta freguesía tiña daquela trinta e catro fregueses. Os froitos que recibía o reitor, xunto cos de Goiáns estaban arrendados en douscentos cincuenta ducados. Presentación de (Congio). Algúns dicían ser de San Martiño. A fábrica tiña algunhas terras que se arrendaban en trece reais e un ferrado de centeo. (Fol. 197v)

Parroquia de San Martiño de Miñortos
(Arciprestado de Posmarcos de Arriba)

Tiña esta freguesía trinta e tres fregueses. Os froitos que recibía o reitor xunto co anexo San Martiño estaban arrendados en douscentos cincuenta ducados. Presentación de San Martiño (...). A fábrica tiña tres ferrados de cereais de renda. (Fol. 197r)

Igrexa de San Vicente de Noal

Parroquia de San Pedro de Muro
(Arciprestado de Posmarcos de Abaixo)

Esta freguesía tiña trinta e catro fregueses. Os froitos repartíanse en tres partes. Unha e un decimeiro era para o reitor que lle valía oitenta ducados e presentaba ao reitor do cabido de Santiago. As outras dúas eran para unha sinecura collativa que tiña Sebastián Palomino. A fábrica tiña catro celemíns de trigo e un ferrado e medio de centeo. Había unha ermida de San Bieito. (Fol. 192r)

Parroquia de Santa María de Nebra
(Arciprestado de Posmarcos de Arriba)

Tiña esta freguesía sesenta fregueses. Os froitos dividíanse en doce partes. Cinco e un decimeiro co igrexario eran para o reitor e as sete restantes por sinecura collativa. Valíalle ao reitor cento cincuenta ducados cura e sinecura. É presentación de (...). Había dúas ermidas, unha de San Miguel que estaba caída, tiña dezanove veciños na redonda e pagaban o décimo e o subsidio. O décimo dividíase en vinte e catro partes. Cinco levábaas o reitor para administrar os santos sacramentos e as dezanove restantes por sinecura collativa. A outra ermida era de San Martiño, e era tamén de sinecura collativa. (Fol. 197v)

Parroquia de San Vicente de Noal
(Arciprestado de Posmarcos de Arriba)

Tiña esta freguesía cen fregueses. Os froitos repartíanse en tres partes. Unha, un decimeiro e un casal correspondían ao reitor e estaban valoradas en oitenta ducados. A segunda á capela de Alba da cidade de Santiago[11], e a terceira por sinecura collativa. Houbo preito

[11] Esta capela fundouse na década dos anos vinte do século XVI e tiña como unha das súas funcións principais servir de panteón para os cóengos da catedral de Santiago.

para saber se era presentación do cabido de Santiago, ou ordinario, resolvéndose como ordinario. A fábrica tiña oito celemíns de centeo e seis de trigo. Mencionábase daquela a ermida de Nosa Señora da Misericordia. (Fol. 197v e 198r)

Parroquia de Santo Estevo de Queiruga
(Arciprestado de Posmarcos de Abaixo)

Tiña esta freguesía trinta fregueses. Cos froitos facíanse dúas partes. Unha e un decimeiro eran para o reitor. A outra ao cabido de Santiago, que tamén levaba a presentación. A fábrica tiña dous celemíns de trigo, dous ferrados e medio de centeo e un real en efectivo. Indicábase que nesta freguesía había unha ermida de dous santos, Santa Lucía e San Roque. (Fol. 192v e 193r)

Parroquia de San Fins de Ribasieira

Xa se mencionou na freguesía de Caamaño.

Parroquia de Santa Mariña de Xuño
(Arciprestado de Posmarcos de Abaixo)

Tiña tamén esta freguesía outros trinta e catro fregueses. Os froitos dividíanse en catro partes. Dúas e un decimeiro eran para o reitor e valían cen ducados; un cuarto as tres capelanías do Caramiñal que fundou Estevo de Xunqueiras, e o outro Don Diego das Mariñas por foro de San Martiño por quen así mesmo tiña a presentación. A fábrica tiña de renda trece celemíns de cereais aínda que parte deles estaban en litixio. (Fol. 192r)

CONCELLO DE BOIRO

Todas as súas parroquias pertencen ao arciprestado de Posmarcos de Abaixo.[12]

Parroquia de San Cristovo de Abanqueiro

Tiña esta freguesía trinta fregueses. Os froitos repartíanse en dúas partes. Unha e un decimeiro para o reitor e a outra por sinecura levábaa un cóengo de Salamanca. Valíalle ao reitor a súa parte cen ducados. Tiña ademais casa e horta preto do mar cunha boa fonte entre as froiteiras. A cura e sinecura eran de presentación de San Martiño. A fábrica tiña de renda media carga de millo miúdo, tres ferrados de centeo e dous reais e medio. (Fol. 193v)

Parroquia de San Pedro de Bealo

Tiña esta freguesía vinte e sete fregueses. Cos froitos facíanse oito partes. Tres e un decimeiro eran para o reitor e as outras cinco para o cabido de Santiago. Era presentación de leigos. A renda ao reitor estaba valorada en oitenta ducados. A fábrica desta igrexa tiña de renda dous ferrados de centeo e un de millo miúdo ademais de tres vacas, dous bois mansos e un bravo. (Fol. 193r)

Parroquia de Santa Baia de Boiro

Tiña esta freguesía cento trinta fregueses. Era anexo ao cabido de Santiago con vigairo perpetuo. Cos froitos facíanse catro partes. Unha era para o reitor e as tres restantes para o cabido. Tiña esta tenencia don Francisco Manuel, inquisidor de Toledo. Valíalle ao reitor a súa parte cen ducados. A fábrica tiña de

[12] No texto orixinal de J. Del Hoyo, as freguesías de San Cristovo de Abanqueiro, Santa Baia de Boiro e San Xoán de Lampón figuraban en Posmarcos de Arriba e o resto en Posmarcos de Abaixo.

renda dous reais. Presentación do cabido. Esta freguesía tiña tamén unha ermida de San Salvador de Comoxo (...) foi parroquia e por unha enorme vaga de peste[13] na que morreu o reitor e case todos os fregueses, quedou como ermida. Tiña daquela oito veciños na contorna. (Fol. 193v)

Igrexa de Santa Baia de Boiro

Parroquia de Santa María de Cabo de Cruz-Castro

Non figuraba no texto orixinal.

Parroquia de San Vicente de Cespón

Tiña esta freguesía cen fregueses. Os froitos repartíanse en tres partes. Unha e un decimeiro eran para o reitor, valorada en cincuenta ducados, e as outras dúas por sinecura. A reitoría era de presentación do mosteiro de San Xusto e a sinecura era de presentación eclesiástica en todo tempo. A fábrica tiña de renda vinte e seis ferrados de centeo e doce de trigo. A freguesía tiña unha ermida coñecida como de San Lázaro. (Fol. 193v)

[13] Supoñemos que se referiría á sufrida en 1598-1599 como xa indicamos no caso de San Martiño Noia.

Parroquia de Santo Andrés de Cures

Esta freguesía tiña corenta fregueses. Todos os froitos que entregaban ao reitor valían douscentos ducados. Presentación de leigos. A fábrica tiña de renda un ferrado de centeo e algunhas eguas. (Fol. 199v)

Parroquia de Santiago de Lampón

Esta freguesía tiña vinte fregueses. Todos os froitos que entregaban ao reitor valían sesenta ducados. Presentación do señor do couto de Goiáns. Na freguesía había unha ermida con advocación de Santo Amaro na que se celebraba unha misa cada semana e dispoñía dunha renda de doce ferrados. A fábrica da igrexa tiña de renda tres ferrados de centeo e dous de millo miúdo. (Fol. 194r)

Parroquia de San Xoán de Macenda

Esta freguesía tiña catorce fregueses. Os froitos que recibía o reitor valerían daquela setenta ducados. Presentación de leigos. A fábrica non tiña renda ningunha. (Fol. 199v)

CONCELLO DA POBRA

Todas as súas parroquias pertencen ao arciprestado de Posmarcos de Abaixo.

Parroquia de Santa Cruz de Lesón

Tiña esta freguesía trinta fregueses. Todos os froitos que recibía o reitor valían cen ducados. Presentación do Deán. Na freguesía había dúas ermidas, unha de San Lázaro e outra de Nosa Señora da Mercede. Na primeira había ermitáns e á segunda acudía moita xente devota. (Fol. 194v)

Parroquia de Santiago de Pobra do Deán

Esta vila é dos señores deáns de San (...) de pescadores que viñan pescar polbos. Fixeron as súas casas (...) e despois foi medrando e chegou a ter trescentos vinte fregueses. Tiña moi boas casas e algunhas hortas con moitas laranxeiras e limoeiros, sendo as laranxas das mellores de Galicia. A xente facía tratos coa pesca de pescadas, congros, sardiñas e polbos. A pescada era a mellor de todos os portos de Galicia. Houbo algúns homes moi ricos nesta vila pero daquela era xa todo pobreza causada, por unha parte, pola escaseza de peixe no mar, e por outra, polos preitos e disputas que houbo e aínda había entre os pescadores da devandita vila.

A igrexa é de bo tamaño, aínda que non tiña máis que unha nave. A fábrica tiña cada ano pouco máis de trescentos ducados. Estaba sen sancristía pero había nela unha capela fundada polo licenciado Figuero(a) coa condición de que fixese aquel servizo.

Os froitos repartíanse en catro partes. Un terzo levábao a fábrica da igrexa, un cuarto o cura e outro cuarto os capeláns da confraría de Nosa Señora do Coro de Santiago, e un sexto ao cabido da Santa Igrexa. Collíase na parte da cura tres cargas de cereais, os décimos dos polbos que entrasen na súa parte e un ducado. Era presentación *in solidium*[14] do deán de Santiago (rectifica engadindo que era do cabido de Santiago). A parte do cura con todos os seus aproveitamentos valía dous mil reais.

Capelas: Había nesta igrexa as capelas seguintes: unha do Bo Xesús, outra de Santo Antonio, outra de Figueiro(a), outra de San Xoán Bautista e outra do Corpo Santo.

Confrarías: Unha do Bo Xesús, outra de San Sebastián, outra do Corpo Santo, outra do Santísimo Señor, e outra da Veracruz.

Hospital: había un hospital nesta vila onde se recollían os pobres e peregrinos. (Fol. 188v)

Parroquia de Santo Isidoro de Posmarcos

Tiña esta freguesía trinta e catro fregueses. Todos os froitos que recibía o reitor valían sesenta cargas de cereais. Presentación de (...). A fábrica tiña de renda dous réditos de catrocentos ducados sobre o mesmo concello. (Fol. 194r)

Parroquia de Santa María de Xobre

Esta freguesía tiña douscentos trinta fregueses, contando cos veciños do Caramiñal. Cando se realizou a visita pastoral dixeron que non había máis de cento cincuenta todos eles vasalos de Don Diego das Mariñas. A fábrica non tiña renda ningunha agás o que supoñía a recadación do petitorio. Os froitos eran para o reitor e valían setenta cargas de cereais, ademais dos décimos dos polbos que valían uns cen reais. Tamén levaba os décimos persoais que lle valían case douscentos reais. Toda a parte do cura valorábase daquela en trescentos ducados. Era de presentación de Don Diego das Mariñas, amo foreiro de San Martiño.

Mosteiro de San Francisco: Nesta freguesía está o mosteiro de Santo Antonio, de frades franciscanos. Tiña doce frades, todos eles facían unha vida moi santa, sendo casa dunha gran devoción. Tiña boa horta e gozaba de terra e mar.

[14] In solidiun. Expresión latina que significa "por enteiro", "por todo".

Fortaleza: Nesta freguesía estaba a fortaleza de Xunqueiras de Don Diego das Mariñas. Era moi forte e dominaba terra e mar. (Fol. 190v)

Parroquia de Santa María da Pobra do Caramiñal

Xunto a esta vila do Caramiñal, a carón das casas estábase comezando a fundar unha famosa igrexa de moi boa cantería a cal, no que atinxe á capela maior, estaba acabada, pero as obras do corpo central da igrexa e as paredes ían con moita lentitude, semellando non acabarse xamais. O fundador desta igrexa foi Gómez Pérez das Mariñas, pai do xa nomeado Don Diego.

Ermida: Xunto a esta vila hai unha ermida do Señor Santiago que fundou Gregorio Xiance e Alberta Domínguez, que deixaron para o seu repouso e para dicir tres misas o día do Señor Santiago, unha cantada e dúas rezadas, catro cargas de cereal, dúas de trigo e outras dúas de centeo, para que as gozase Gregorio de Xiance, o seu fillo coa devandita carga.

Igrexa de Santa María da Pobra do Caramiñal

Na devandita ermida fundou a citada Alberta Domínguez unha capelanía de dúas misas cada semana. Deixou para ela quince cargas de trigo e centeo, que gozaba coa dita carga Rodrigo Charlín, o seu fillo. O cal era xa clérigo e dicía as ditas misas. Na visita que fixo o ano de 1606 non era clérigo o referido Charlín e así lle fixou un cargo de 510 misas, dou por descargo 90 e as restantes 420 que se farían dicir logo. (Fol. 190r)

CONCELLO DE RIANXO

Todas as súas parroquias pertencen ao arciprestado de Iria Flavia.

Parroquia de Santa Baia do Araño

Visitou a igrexa o día 20 de abril de mil seiscentos seis. A freguesía tiña corenta fregueses. Xurisdición de Rianxo. A fábrica tiña de renda trece ferrados de centeo, oito de millo e tamén algunhas cabezas de gando. O reitor era Francisco (...), natural de Rianxo. Dos froitos facíanse catro partes. Tres e un decimeiro levábaas o reitor cun valor duns douscentos cincuenta ducados e a cuarta parte por sinecura era para o cabido de Santiago. Presentación do devandito cabido. Nesta freguesía había dúas ermidas, unha de San Mamede e outra de San Xoán. (Fol. 180r)

Parroquia de Santa María de Asados

Visitou esta igrexa o mesmo día 20 de abril de mil seiscentos seis. A freguesía tiña corenta

fregueses. Destes, oito eran vasalos de Don Diego das Mariñas e os demais do arcebispo de Santiago. Xurisdición de Rianxo. A fábrica tiña de renda cinco ferrados de millo miúdo e outros cinco de centeo e isto (...) e algunhas eguas. O reitor era Fernando de Abrilles, natural de Noia. Cos froitos facíanse tres partes. Dúas e un decimeiro levábaas o cura cun valor equivalente a unhas corenta cargas de cereais e a outra restante os capeláns de Don Diego.

Misas: Había unha capela que fundara Juan Torrado, o vello, de dúas misas cada semana e festa o día de Nosa Señora da Espectación que oficiaba o reitor. E para ela deixou sesenta cargas de cereais cos patróns.

Ermidas: Nesta freguesía había unha ermida de Santa Lucía na que se facía feira no seu día. (Fol. 180v e 181r)

Parroquia de Santa María de Isorna

Visitou esta igrexa o día 25 de abril de mil seiscentos seis. A freguesía tiña dezaoito fregueses. Eran vasalos do Arcebispo. Xurisdición de Rianxo. (...)

A fábrica tiña de renda cinco ferrados de cereais, medio ducado en efectivo e catro eguas.

Reitor: O reitor era Alonso de Ribera, natural da terra de Tabeirós. Cos froitos facíanse catro partes. Tres e un decimeiro levábaas o cura valoradas en vinte cargas de cereais; a outra parte de sinecura lévaa o cabido de Santiago.

Capelas: Daquela estaba en construción unha capela como nave de igrexa, fundada por Gregorio (...) reitor que foi de San Martiño de Fruíme e mandouna facer coa súa sancristía o fillo de Juan González. O fundador mandou que comezasen as misas nela pasados catro meses coa revisión dos visitadores, e nomeándose unha persoa que o fixese cumprir. (Fol. 181v e 182r)

Parroquia de Santa María de Leiro

Visitou esta igrexa o mesmo día, 25 de abril de mil seiscentos seis, antes da misa maior e con asistencia de moita xente. Tiña trinta fregueses que eran vasalos do Arcebispo. Xurisdición de Rianxo. A fábrica tiña de renda como (...) cargas de centeo e tres de millo miúdo. O reitor era Domingo (...), natural de Rianxo. Cos froitos facíanse dúas partes. Unha levábaa o cura cun valor estimado de trinta e cinco cargas de cereais e tres ou catro pipas de viño. A outra levábaa o cabido. de Santiago. Presentación dos herdeiros de Inés (...) Goiáns.

Confraría: Na freguesía había unha confraría do Bo Xesús. (Fol. 181r)

Parroquia de Santa Columba de Rianxo

Visitou esta igrexa o 16 de abril de mil seiscentos seis, oficiou a misa cantada e predicou desde o púlpito (...). Tiña cento trinta fregueses, que eran vasalos do Arcebispo de Santiago. Era cabeza de xurisdición. Tiña a fábrica trinta e seis reais dos cales, trinta e tres pagaba o reitor por razón dunha comida que se tiña a obriga de dar ao concello cada ano. O reitor da freguesía era Andrés Seco Migens, natural da Mahía. Como estaba tolleito das mans, enfermo de gota, axudáballe a servir Bastián González de Comoxo, natural de Rianxo que tamén servía en Taragoña. Cos froitos facíanse dúas partes. Unha era para o reitor e a outra por sinecura eclesiástica levábaa Don Rodrigo. (...) e o inquisidor, o seu sobriño Don Lope, pero pretendíaa o reitor indicando que lle pertencía

a el. Perdeu a causa ante o xuíz eclesiástico. Logo tívoa Don Luís Enríquez da Apostólica Igrexa de Santiago. Valíalle ao reitor vinte cargas de cereais, dez pipas de viño e sesenta ducados en efectivo pola venda de peixe. Era presentación ordinaria segundo constaba nunha visita que realizou Don Francisco Blanco, aínda que o reitor indicou que non se lle debía dar crédito. A parte correspondente ao cura valía preto dos trescentos ducados.

Misas: Todos os luns había misas polas ánimas, todos os martes por (...) todos os mércores por Juan Saco, todos os xoves ao Santísimo Sacramento, os venres de Teresa Álvarez de Neira, cumpridor o doutor Prado, todos os sábados á Nosa Señora. Ademais había outras moitas misas de confrarías e aniversarios.

Ermidas: Unha de Nosa (Sra) das Angustias, outra de San Bartolomeu rodeada de mar, outra moi boa que se chamaba Mª S. de la Cruz que fixo o capitán Bastón.

Confrarías: Unha do Santísimo Sacramento, outra da Veracruz e outra de Nosa Señora do Rosario.

Hospital: Había un hospital onde se recollían os pobres e peregrinos que pasaban pola vila.

Esta vila de Rianxo tiña cento trinta veciños. Era cabeza de xurisdición, tiña xulgado e nove freguesías e metade de (...) e estas ademais da vila distribuídas desta maneira: Sta. Mª de Leiro; Sta. María de Asados; San Salvador de Taragoña; San Pedro de Bealo, San Vicente de Cespón, San Cristovo de Abanqueiro, San Xoán de Macenda, San Pedro de Ribasieira que cae na freguesía de Santa María de Caamaño, que quedou por vender cando se vendeu a xurisdición de Noia e os arcebispos poñían nela un xuíz dos naturais dela e porque como eran poucos os fregueses desta de San Pedro de Ribasieira o arcebispo Maximiliano de Austria anexionounos e incorporounos coa desa xurisdición de Rianxo; a metade de Santa Baia de Boiro e a Insua de Abaixo; a metade de Santo Andrés de Cures. Tiña, ademais da xurisdición de Rianxo outra freguesía chamada Santa Baia do Araño. Todas sumaban dez e dúas metades. Toda a xurisdición tiña como seiscentos vasalos pouco máis ou menos.

Esta vila fundouse na ribeira do mar cara ao norte porque polo mediodía e o poñente está rodeada polo mar. (Fol. 171r, 171v e 172r)

Igrexa de Santa Columba de Rianxo

Parroquia de San Salvador de Taragoña

Esta freguesía tiña corenta fregueses. Cos froitos facíanse tres partes. Dúas e un decimeiro levábaas o reitor e a terceira por sinecura o cabido de Santiago. Presentación de Don

García de Caamaño, e a outra metade doutro leigo valíalle ao reitor sesenta cargas de cereal. Tiña casa e horta do igrexario. A fábrica tiña de renda dous ferrados de centeo e dezaseis reais en efectivo. Na freguesía figuraba unha ermida que chamaban de San Xoán. (Fol. 193r).

CONCELLO DE RIBEIRA

Todas as súas parroquias pertencen ao arciprestado de Posmarcos de Abaixo.

Parroquia da Virxe do Carme de Aguiño

Esta parroquia figuraba daquela como un pobo da freguesía de Carreira.

Parroquia de San Xián de Artes

Tiña esta freguesía trinta fregueses. Os froitos entregábanse ao reitor e valían cincuenta cargas de cereal. Era de presentación de San Martiño. Hai unha ermida da Nosa Señora. A fábrica desta igrexa tiña oito celemíns de centeo e medio de trigo e de renda cento trinta e un marabedís (Fol. 191v)

Parroquia de San Paio de Carreira

Esta freguesía tiña cen fregueses. Os froitos entregábanse ao reitor e valían máis de trescentos ducados. Dicían que era presentación de San Martiño. A fábrica desta igrexa ten de renda once ferrados de centeo e outros poucos de trigo. Daquela mencionábase unha ermida advocación de Nosa Señora da Guía. (Fol. 191r)

Parroquia do Bo Pastor de Castiñeiras

Esta parroquia figuraba como un pobo de Carreira.

Parroquia de Santa María de Corrubedo

Esta parroquia figuraba como anexa da de Olveira. (Fol.192r)

Parroquia de San Martiño de Oleiros

Esta freguesía tiña cincuenta fregueses. Cos froitos facíanse tres partes. Dúas, o igrexario e todas as primicias eran para o reitor. A terceira era para San (...) de Santiago que presenta a reitoría. A parte do cura valía douscentos cincuenta ducados. A fábrica tiña once celemíns de centeo, catro de trigo e o rédito de douscentos ducados. Mencionábase unha ermida de San Tomé pertencente a esta freguesía. Don Rodrigo de Mendoza deixou unha obra pía de pan para os pobres, cartos que non entregaban os fregueses considerados máis ricos.(Fol.191v e 192r)

Parroquia de Santa María de Olveira

Esta freguesía tiña noventa fregueses. Cos froitos facíanse tres partes. Unha, un decimeiro e o lugar do igrexario eran para o reitor e as outras dúas por sinecura ao mosteiro de San Martiño. Como foreiro daquela figuraba Don Diego das Mariñas quen ademais levaba dez cargas de centeo pola medida nova. A parte do reitor valía cen ducados. Era de presentación de San Martiño. Había dúas ermidas, unha de Santa Tareixa e a outra de Nosa Señora dos Remedios no porto de Corrubedo, *donde el mar es bravo sobremanera y el puerto muy peligroso*. (Fol. 191v)

Parroquia de San Pedro de Palmeira

Esta freguesía tiña porto. Nela vivían sesenta e dous fregueses. Trinta e dous eran pescadores e os outros trinta labregos. Os froitos partíanse do seguinte xeito: o trigo e

Igrexa de Santa Uxía de Ribeira

polbos parte coa dignidade arcebispal; o reitor levaba dúas partes de centeo e millo miúdo e outra a dignidade arcebispal. Os miúdos lévaos todos o reitor. Rendía cincuenta cargas de cereais e vinte ducados dos miúdos. Era de presentación ordinaria en todos os meses. A fábrica tiña dous ferrados de trigo e catro celemíns que presentaban os arcebispos en todo tempo. (Fol. 190v e 191r)

Parroquia de Santa Uxía de Ribeira

Tiña esta freguesía noventa fregueses. Os froitos repartíanse en seis partes. Unha e un decimeiro eran para o reitor, tres por sinecura á Colexial da Coruña e as outras dúas son sinecura. A parte do reitor custaba cincuenta ducados. Presentación de San Martiño. A sinecura era eclesiástica collativa. Xa se mencionaba a ermida de Santo Alberte, con ermitán e confesor. A fábrica da igrexa tiña de renda dous ferrados de trigo e sete de centeo (Fol.191r)

Os escritos de Ramón Otero Pedrayo reunidos polo Museo Valle-Inclán

Antonio González Millán

Sabido é que o Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal suma varias décadas de empeño por rescatar, salvagardar, poñer en valor e divulgar con rigor unha sorte plural de testemuños patrimoniais de primeira orde museística nos ámbitos galego e estatal. En especial, a carón de bens mobles, fondos das belas artes, manuscritos orixinais e edicións do universal escritor a quen se consagra esta institución, debemos subliñar tamén o ronsel de materiais relacionados coa figura dunha das amizades sobranceiras daquel: don Victoriano García Martí, intelectual que foi pensador, ideólogo, activista cultural, ensaísta e, ante todo, escritor.

En 2003 ingresaba neste centro un legado excepcional, o volume principal de canto a día de hoxe se coñece orixinal do estudo de García Martí, por ofrecemento da familia Bermejo Rubio, comprometéndose as partes para garantir a súa custodia e beneficiar a investigación, logo de previas intervencións deontolóxicas de inventario, catalogación e depósito ordenado.

Esta ponla familiar de don Victoriano, descendentes do seu sobriño Fernando Bermejo, de Santiago de Compostela, entendía o especial valor engadido e sentimental que para A Pobra do Caramiñal debería ter o ronsel biográfico e profesional do seu ilustre Fillo Predilecto. Unha figura eminente na república das letras españolas que, por imposición da forza e do silencio, foi voz quebrada e personalidade cuberta por unha inmisericorde capa de esquecemento. Se o seu grande amigo Ramón del Valle-Inclán, finado de enfermidade antes da incivil guerra de 1936-1939, sufriu logo de morto persecución póstuma, censura editorial e distorsión biográfica na marusía dun mar de anécdotas inda presentes no imaxinario popular dunha sociedade mal

Victoriano García Martí, no despacho da súa casa dos Areos, A Pobra do Caramiñal.
Foto Quintana, A Pobra do Caramiñal, 1951

instruída e gozosa na súa ignorancia, no caso do exquisito García Martí, o sufrir humano fíxoo protagonista de encadeamento inxusto, xuízo de guerra, degradación profesional, castración intelectual, imposibilidade para editar ou ser reeditado vivo ou morto.

Malia todo, don Victoriano florece no Caramiñal: prestando o seu nome a unha praza céntrica da vila e á biblioteca pública municipal, inspirando varias publicacións, e un II ciclo de xornadas que esta institución organiza xuntamente co concello da localidade, na existencia mesma deste Museo Valle-Inclán na Torre de Bermúdez, como el propuña en 1922 e en 1935.

Dentro da denominación xenérica de «*fondo Victoriano García Martí*» inclúense varios apartados, en razón dos materiais obxecto de depósito e da súa desigual importancia; principais son os manuscritos e mecanoescritos, o epistolario postal recibido, a escolma de artigos de prensa en orixinal ou en copia impresa, a colección de impresos seus e de libros dos que é autor, incluído o texto parcialmente inédito de "Meditaciones en la playa" –título imposible como publicación por mor da censura–, a serie fotográfica, algúns obxectos persoais, ou o expediente da acusación militar en tempos de guerra.

Sobre este epistolario convén advertir que é o resto supervivente de canto debeu reunir García Martí ao longo dunha vida intelectual tan intensa como azarosa. En concreto, a parte conservada polo Museo Valle-Inclán é aquela que o seu sobriño Fernando recolle do seu estudio profesional, na casa dos Areos, logo do pasamento de don Victoriano. Os intereses persoais, os temores vivenciais, a disciplina da autocensura, os azares da conservación patrimonial naquel fogar pretérito, condicionan o noso coñecemento do reunido antes das perdas parciais por accidente, por expurgo e por dispersión, en tanto que actúan como filtros que permiten que cheguen a nós ou que desaparezan determinados documentos e as informacións contidas neles. Resultando obvio que, por conveniencias persoais, ou de terceiras persoas, estamos ante a escolma interesada dun corpo epistolar que foi maior. Sabémolo pola nómina desequilibrada dos remitentes e dos períodos históricos a que corresponden esas cartas, as máis delas posteriores á causa instruída en tempos de guerra e á depuración gobernativa do corpo de altos funcionarios, por anotacións en papeis de época que apuntan á existencia de epístolas logo perdidas ou extraviadas, por copias posteriores dalgunhas cartas extractadas, por depósito recente de dispersos noutros museos.

O obxecto do presente traballo é dar a coñecer a serie completa de cartas dirixidas por Ramón Otero Pedrayo a Victoriano García Martí. Dous intelectuais protagonistas de vidas paralelas xunguidas por unha inalterable amizade, arelas, dificultades, propósitos literarios, anuncios de visitas, os gozos e as sombras nun país sen espazo para as almas libres. Como todos os escritos relacionados cos ámbitos privados da amizade e da creación artística teñen grande interese en si mesmos, pois son o testemuño directo dunhas actividades humanas —persoal e creativa— que permiten reconstruír unha parte dos procesos e vivencias relacionados coa acción ou a vida persoal privada, así de remitente como de destinatario. Desde outro punto de vista, este tipo de fontes documentais proporcionan xeralmente uns

Victoriano García Martí, retrato de estudio destinado a imaxe promocional, Madrid. Foto Goya, Madrid, ca. 1930

datos moi interesantes caracterizados pola súa precisión e veracidade, sen intérpretes nin intermediarios.

En 2020 ingresaba nesta mesma institución unha nova carta inédita, máis ben cabería dicir que escolma de comentarios laudatorios sobre a obra de Valle-Inclán publicados en 1926, 1928 e 1932, escrita e asinada de puño e letra por Otero Pedrayo. Foi cedida con varios documentos máis por Xaquín del Valle-Inclán Alsina, colaborador habitual deste Museo, e, segundo se cree, tivo por remitente a Josefina Blanco Tejerina en data próxima á morte do literato, marido seu.

Ofrecemos aquí a transcrición literal de toda esta correspondencia coa esperanza posta no expresado por Otero Pedrayo en 1961 a un García Martí que coñece dende 1906: «*Muchas cartas nos hemos cruzado en nuestra larga y sincera amistad. Conservo, cuidadosamente las más de las tuyas. Significan entre otras cosas una continuidad que fortalece y ampara*». De subsistir outras cartas dirixidas por don Victoriano serán un corpus informativo excepcional de dúas figuras ilustres que sentiron, reflexionaron, opinaron e defenderon Galicia.

Concluamos esta introdución mencionando o feito de que algunha das cartas que ofrecemos aquí para facilitar a súa lectura íntegra figuraron nas seguintes exposicións: «*Rosalía de Castro por Victoriano García Martí. Cartas dende o exilio interior*», comisario: Antonio González Millán, centro: Museo Valle-Inclán, A Pobra do Caramiñal, vixencia: 24 de abril a 24 de xullo de 2015, prorrogada ata o 30 de setembro; «*Nunha punta de Europa: Victoriano García Martí*», comisaria: Rosario Mascato Rey, documentalistas: Rosa Méndez García e Antonio González Millán, centro: Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, vixencia: 19 de abril a 7 de xullo de 2017; ídem., de ídem., centro: Museo Valle-Inclán, A Pobra do Caramiñal, vixencia: 11 de outubro de 2019 a 12 de xaneiro de 2020; «*Galicia, de Nós a nós*», comisarios: Afonso Vázquez-Monxardín Fernández e Ana Acuña Trabazo, centro: Cidade da Cultura de Galicia-Museo Centro Gaiás, vixencia: 2 de outubro 2020 a 17 de xaneiro 2021.

[CARTA 1]

Trasalba (Orense) Junio 1942

Sr. D. Victoriano G. Martí
Madrid

Mi querido y recordado amigo: Te habrá extrañado mi falta de correspondencia inmediata al generoso envío de tu libro. Llegó a mí poder con algún retraso por mis constantes desplazamientos entre Trasalba y Orense pero además, esperaba algún ejemplar de los libros que últimamente he publicado –o me han publicado– en Buenos Aires, especialmente de una biografía novelada de Juan Rz. del Padrón. Como no llegan te escribo sin poder enviarte algo mío como gratitud por tu ensayo sereno y amargo. Así tenía que ser dado tu temperamento y admirable facultad de abstraer de lo transitorio una visión del conflicto eterno y universal. Trágico. Quizá aun no escribiendo deprisa, no hubiera encontrado una palabra más justa. Como frecuento desde hace tiempo la sociedad de los dramáticos antiguos tal vez sufra de su poderosa influencia. Creo que no. He leído tus páginas con emoción un poco semejante a las que producen un Sófocles o un Séneca desglosadas del ambiente y desarticuladas de la escena, la liturgia, y el lenguaje de las cosas. Tú, en la historia percibes lo escueto y terrible de la contienda jamás resuelta, más

perceptible si una ráfaga de intimismo humano te lleva a suponer pos- [p. 1] // turas y posibles matices de El dorado. Tu libro entre otras calidades –y conste que hablo como un lector sin trascendencia, el puro lector, sin complicaciones de crítica perturbadoras de la emoción del pensamiento, como el discípulo que es en verdad un buen lector– posée un alto grado la siguiente: suscitar, sin querer, la teoría opuesta, como contrapunto a cada capítulo. Esto parece fácil en todo libro de reflexión y cuidada ponderación. Pero no es así. Tu libro sitúa en posición y actitud de diálogo. La tésis no por sentida es menos expuesta en estilo de sugerencia huyendo del dogmatismo que imposibilita la conversación. Por eso de cada lector sabes hacer un amigo y tu círculo de amistades desconocidas si no inmenso –nunca puede ser innumerable la amistad– será selecto y agradecido aun cuando excites en tono mesurado la discusión. Esa manera pudorosa y cortés de evitar lo superfluo, lo obsceno, lo apasionado e incompleto, me parece rara en el libro actual. Es muy digna de un hombre de la vieja estirpe gallega; Feijoo en nuestros días hubiera sido así, al faltarle la tremenda impreca- [p. 2] // ción de los émulos. Puede significarse toda tu obra como un diálogo constante, enderezado a suscitar y recordar, socrático en cierta manera y en otra quizá más expresiva de XVII francés, claro, diáfano, un poco angustiosamente diáfano. Ya que no retrocedes ante el dilema y solo por un reto de cortesía, más necesaria cada vez en las relaciones intelectuales, te esfuerces en paliarlo. Así las gentes no se asustan y caen en el ensayo de dudar deliciosamente si no son héroes obscuros de un drama. Sentirse personaje central es grande y excepcional destino. Nosotros, coro, no actores, sacamos de la acerba polémica, por lo menos, un lucir de dignidad humana. Alguien encontrará peligrosa tu manera de enjuiciar y escribir. Me refiero a la facilidad aparente de un estilo de pensar y escribir, escueto. Quien lo ensaye aguarde por lo menos al fruto de una larga experiencia. Total que he disfrutado de tres admirables medias horas, como esos paisajes de Marzo en que un ligero viento nos trae "mementos" aún más inquietantes que los del otoño.

Gracias. No sé si habré logrado decir mi impresión, señor maestro de capilla de la opera universal de la historia. Tu interpretación se asustará de los lujos orquestales de Spengler. El eslavo como a todo occi- [p. 3] // dental también te atrae, Victoriano. El eslavo es al europeo lo que el scytha (sic) al griego, lo que al hebreo el cananeo: una barbarie sorprendente de intuiciones. Yo desconfío mucho de Berdiaeff y de su sinceridad. ¿Si en pura realidad no pasara nada nuevo y éste drama actual fuera el mismo de siempre solo distinto en volumen y extensión, calidades de la materia muerta, que no tocan esencialmente al espíritu?

Muchos saludos al gran Matías, enhorabuena por la lectura que me has proporcionado y mil abrazos de tu entrañable amigo que mucho te recuerda y desea abrazarte en carne y hueso

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 2]

Trasalba (Barbantes, Orense) 11 Febrero 1944

Sr. D. Victoriano G. Martí
Madrid

Queridísimo amigo: Grande alegría me dio tu carta. Pensé en ti muchas veces. Ahora

estamos muy separados. Yo no puedo dejar mi aldea que es mi modo de vida y además tengo miedo al tren. ¡Ya ves a lo que llega un impertinente y entusiasta viajero que dedicó en otro tiempo endechas y octavas al exprés de Galicia y recuerda con emoción los aguamaniles en que se lavaban las viejas políticas en la estación de Pontevedra! Me gustaría volver a contemplar el galo moribundo y hojear el Port-Royal de Sainte-Beuve que está en el armario presidencial de la primera sala de la Biblioteca. Te recuerdo mucho. Debías escribir una comedia moratiniana. En tu categoría de académico libre y algo Nodier de las Letras y la vida eres tal vez único en Europa. Debemos ponernos de acuerdo para éste verano. Porque tú irás a La Puebla. Entre las biografías que se me ocurren figura la de Fernández Varela. En Orense no se puede hacer nada. Me salva mi entusiasmo de adolescente por emprender estudios que se quedan a la mitad dejándome un sabor agridulce de Homeros y Eurípides apenas comprendidos. Como eres un filósofo en el sentido de la Ilustración y, sobre todo un hombre bueno, los disgustos serán para ti una nueva cosecha de amable y cordial optimismo apenas velado. De todo corazón los lamento. Pero más la gripe. Ahora ya pasó y has de disfrutar como nunca de la primera y un poco angustiosa insinuación primaveral que a todos nos vuelve un poco estudiantes. Un abrazo a Candamo, un hombre único que ejerce sin cátedra un magisterio profundo y envidiado. A veces me lo represento como la pura encarnación del espíritu de ese Madrid siempre promesa y recuerdo y nunca plena realidad.

Te escribo envuelto en un vivo sol impropio de éstas latitudes y por tanto desvergonzado y sin modales. En Galicia ya no llueve. Los líquenes de las torres de Santia- [p. 1] // go se mineralizan y hasta en el acento de las gentes se nota la esclerosis. Falta el acento suave y su curva fonética trasposición del ritmo del llover en los pinos. Sufren los azules y el verano próximo intensificará el colorido de la flor de las adelfas que en los jardines suceden a las rosas y sus lágrimas.

¿Qué te voy a decir del proyecto de edición de Rosalía? Todas las que hay son pobres. Sería grande una publicación completa: depurada, finamente anotada, sin que la filología estorbara el puro florar y la decoración de paisaje y momento. Habría que captarla en sus fuentes. Mil problemas: el origen, la educación, el matrimonio. Todo ello respetuosamente. Una obra que anulara todo lo anterior. Comprendo las dificultades. Tu estudio preliminar será magnífico y certero. Basta para realzar la edición sobre las otras aun sin investigaciones nuevas. Podrías seguir la vista de los estudios de Rosalía en Madrid. Sobre ediciones será fácil enterarse. Debe tenerlas la familia. La primera de los "Cantares" –Vigo 1863– es rarísima. Yo sólo he visto las primeras de "Follas Novas" (Propaganda Literaria, La Habana, 1880) y de "En las Orillas del Sar" (Fé, 1884), ambas muy bellas. La de Páez sobre todo en los "Cantares" es inquina por las intromisiones del "corrector". Parece que la de Hernando, citada en tu carta, es la mejor. En fin, tú sabes de ésto y de todo, mucho más que yo. Y además en contacto con el editor sabes los límites de la empresa. Si de mí dependiera haría lo indicado al principio aunque costara mucho trabajo y tiempo. Ya me tendrás al corriente. Yo de poco te puedo servir. Todo lo poco que pensé sobre Rosalía está en el discurso que conoces y es bien poco. Creo que en Buenos Aires se ha publicado una tesis sobre Rosalía, de una señorita gallega. Hace años la esposa de Felipe Fz. Armesto ("Augusto de Assía" [no estoy seguro del pseudónimo conocidísimo

de "Ya"]) presentó otra sobre igual asunto en la Universidad de Berlín.

Saludos de mi madre y esposa que agradecen cordialmente los tuyos. Y un gran abrazo de tu antiguo e invariable amigo que mucho te quiere y recuerda

Ramón Otero [Rubricado]

[CARTA 3]

Trasalba (Orense) 3 de Marzo de 1944

Sr. D. Victoriano G. Martí, en Madrid

Mi querido y recordado amigo: Te escribo dispuesto a salir para Orense donde pasaré tres o cuatro días. Ya me voy desacostumbrando de la ciudad. Mi aislamiento en Trasalba me ha puesto a cubierto de muchos zarpazos y el mordisco de la carrera en que llevo cerca de ocho años destituido no me afecta moralmente aunque en lo económico me cortó por lo menos un alón y vuelo mal y torcido.

En lo demás como un estudiante de Derecho romano de aquellos de bombín y gabán azul de cuando la boda del rey y la boga de Maeterlinck. Trabajo mucho alegremente y también anárquicamente. Espero publicar éste año algunas cosas. Con gusto iría a Madrid unos días. Charlaríamos. Pero ni la edad de mi madre ni las rentas de tierras de centeno y la renta de un "cabaceiro" de maíz y poco más permiten los hoteles de 30 pts., los cines a 10, y los helados "flamboyants" a 14. Me contentaré con ir en Mayo a Santiago y Betanzos. En efecto Mur- [p. 1] // guía era Martínez Murguía, como Risco es Mz. Risco. Bien lo sabía Pedreira, y el autor latosísimo (no recuerdo ahora su nombre) de las "Películas académicas" y por ello atacaron mucho a Murguía. Pequeñeces olvidadas. Pueda la belleza del artista y la indiscutible ciencia y sobre todo el certero poder de adivinación del historiador. Un editor de Madrid me pidió prólogo y selección de Rosalía. Aun no hay nada concreto. Quizá al saber lo de Aguilar se desanime. Agradezco infinitamente tu recomendación a Aguilar. No debes perder tu trabajo. Un estudio detenido sobre fuentes originales llevaría mucho tiempo y dinero. Es cosa que algún día habrá que hacer.

El Instituto P. Sarmiento se formó por el Centro de Investigaciones para substituir al Seminario de Estudios Gallegos. Lo preside S. Cantón y figuran al frente de las secciones muchos de los antiguos (Bouza Brey, Filgueira, Pedret, etc.) que me votaron a mi Presidente de aquel en 1935. Yo me negué a colaborar en el nuevo y lo mismo Risco y Cuevillas. Tendrán dinero y algunos trabajarán bien en erudición pero lejanos al espíritu de Galicia, fatalmente. Recuerdos al gran Candamo, saludos de mi madre y esposa y un gran abrazo de tu amigo fiel

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

¿Conoces a Francisco Elías de Tejada Spinola, cat. de Salamanca? Habla muy bien de ti, con justicia, en un libro que pronto saldrá.

[CARTA 4]

Trasalba (Orense) 24 Marzo 1944

Sr. D. Victoriano G. Martí
Madrid

Mi querido y recordado amigo: Perdona mi tardanza en contestar a tu última. Se quedó en

Trasalba (Orense) 3 de Marzo de 1944.

Sr. D. Victoriano G. Martí, en Madrid

Mi querido y recordado amigo: Te escribo dispuesto a salir para Orense donde pasaré tres o cuatro días. Ya me voy desacostumbrando de la ciudad. Mi aislamiento en Trasalba me ha puesto a cubierto de muchos zarpazos y el morbisco de la carrera en que llevo cerca de ocho años destituido no me afecta moralmente aunque en lo económico me costó por lo menos un alón y vuelo mal y torcido.

En lo demás como un estudiante de derecho romano de aquellos de bombín y gaban azul de cuando la boda del rey y la boga de Maeter Linck. Trabajo mucho alegremente y también anarquicamente. Espero publicar este año algunas cosas. Con gusto iría a Madrid unos días. Charlaríamos. Pero ni la edad de mi madre ni las rentas de tierras de centeno y la renta de un "cabaceiro" de maíz y poco mas permiten los hoteles de 30 pts, los cines a 10, y los relados "flamboyants" a 14. Me contentaré con ir en Marzo a Santiago y Betanzos. En efecto Murguía era Martínez Murguía, como Risco es Mª Risco. Bien lo sabía Pedreira, y el autor betanzino (no recuerdo ahora su nombre) de las "Películas académicas" y por ello atacaban mucho a Murguía. Pequeñeces olvidadas. Queda la belleza del artista y la indiscutible ciencia y sobre todo el certero poder de adivinación del historiador. Un editor de Madrid me pidió prólogo y selección de Noralia. Pero no hay nada concreto. Quizá al saber lo de Chaquéllan se desanime. Agradezco infinitamente tu recomendación a Chaquéllar. No debes perder tu trabajo. Un estudio detenido sobre fuentes originales llevaría mucho tiempo y dinero. Es cosa que algún día habrá que hacer.

El Instituto P. Sarmiento se formó por el centro de Investigaciones para substituir al Seminario de Estudios Gallegos. Lo preside S. Cantón y figuran al frente de las secciones muchos de los antiguos (Bouza Brey, Filgueira, Pedret, etc.) que me votaron a mi Presidente de aquel en 1935. Ya me ocupé a colaboran con el mismo Risco y Cuevillas. Tendrán dinero y algunos trabajarán bien en condición pero lejanos al espíritu de Galicia, lastimosamente. Me acuerdo al gran Cordeiro, soldado de un ideal y esperar y un gran abrazo de tu amigo fiel

Ramón

¿Conoces a Francisco Elías de Tejada Spínola, cat. de Salamanca? Habla muy bien de ti, con justicia, en un libro que presento sobre

Orense y hasta hace poco no la he descubierto. Sobre el signo (¨) puesto sobre la "x" en la primera edición de Rosalía a que te refieres no sé qué decirte. Será un compromiso sin consecuencias para reproducir el variado sonido que se traduce en gallego ordinariamente por "x" (algo de "ch" francesa), consagrado por el uso y los autores aunque los etimologistas lo desdeñen y preconicen el uso de la "j" o de la "g" según la procedencia etimológica del vocablo. He mirado las dos Gramáticas más autorizadas del gallego (Saco y Arce, y García de Diego) y no dicen nada de tal signo. Alguna razón tendría Rosalía. Pero no sé cuál.

He visto en "Arte y Letras" un artículo sobre Giraudoux de nuestro Candamo. Yo sigo emperezado con la primavera. Muy seca, cálida y brillante. Lo de la vaporosa y verde [p. 1] // Galicia se va desvaneciendo como un sueño.

¿Qué tal tus trabajos? No hace falta mi consejo. Escribe con ilusión, complacido en tu trabajo, sin esperanzas de editor o negocio, por el gusto mismo del escribir. Es el mejor antídoto contra los disgustos y, además, conserva la juventud.

Recuerdos de mi madre y de Fita y un gran abrazo de tu antiguo amigo,

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 5]

Orense 21 Junio [1944]

Sr. D. Victoriano G. Martí
Madrid

Queridísimo Victoriano:

Con infinito gusto recibí tu última carta. Como siempre. Eres de los pocos y antiguos amigos. ¡Cuánto siento no estar más cerca de ti!

Veremos si éste verano puedo cumplir una antigua esperanza: visitarte en tu feudo y jardín de belleza del Caramiñal. El tiempo fluye muy deprisa. Intentaré agarrarlo por las orejas, detenerlo y que me permita por lo menos dos días cerca de ti.

Es un dolor lo que me dices de la edición de Rosalía. Editores y escritores corren tras el negocio, la publicidad y el premio, únicamente, y así salen las cosas. Pero hay un prólogo tuyo. Lo espero con ansiedad. Conste que solo merezco un ejemplar con tu letra. ¿Has visto "El concepto de la Tradición Gallega" de Tejada Spínola?

Afectos de mi madre y esposa, que están aquí, a mi lado, y recibe un gran abrazo de tu amigo,

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 6]

Trasalba 11 de Agosto de 1944

Sr. D. Victoriano G. Martí
Madrid

Mi querido amigo:

Ayer en Orense, donde pasé muy atareado unas horas a pesar del calor de plomo vi, un momento tan solo, el ejemplar que me envías de tu Ensayo sobre Rosalía en edición aparte del volumen de Aguilar. Digo un solo momento porque el libro está en poder de

Florentino Cuevillas, lector minucioso que me lo dejará en cuanto termine su lectura, que le entusiasma. Pero en aquel breve momento disfruté vivamente, con íntima y noble satisfacción como quien toca emocionado una recompensa que aún no cree merecer, del valor y la prueba de la amistad al leer mi nombre estampado, con el de Filgueira, en la portada del libro. En un minuto viví nuestra inalterable amistad de treinta y ocho años desde el viejo Ateneo de las esperanzas y las amargas e ingénuas dudas de jóvenes, los libros nuevos del "Mercure" y "Miau", las tardes angustiosas de Madrid con sus filtros de quimeras y tempranas renunciaciones, algunas noches de Santiago, tantos amigos más lejanos hoy que si fuesen contemporáneos del P. Feijoo, los viajes en tren, [p. 1] // nuestra inutilidad práctica, tus regresos de un Paris tan desvaído hoy como una Samarkanda de leyenda, tus series de libros hondos, raras flores en sucesivos y contradictorios ambientes, tantas cosas íntimas, inexplicables, en la que va tejida la historia de nuestro tiempo que solo algún novelista podría escribir. Una vez al desembarcar en el andén del Norte me dijiste: "Llevo diez años llegando a Madrid y nadie me espera. Otros al segundo viaje tienen coches blasonados y oficiales aguardándoles". Y sigues igual. Has sufrido tremendas desgarraduras pero en tu frágil elegancia personal eres el dueño de una fuerza que envidiarán los energéticos al verte sentado en la misma silla de la Biblioteca del año 6, del 7, del de... Nuestras vidas –ya que tu gentileza me autoriza a hablar de mi– han transcurrido en el mismo cauce del amor de Galicia y del Espíritu. Nada nos podrá ser reprochado. Podríamos proclamar en alta voz nuestra nobleza si valiera la pena. No es extraño que me tiemble la mano al escribirte en la vieja casa de Trasalba que bien pronto dejaré sin que la estirpe que termina en mí, sea continuada. ¿Quién amará los agros de centeno, el jardín y los viejos castaños? Me acuerdo de tu madre al ver la mía que reza en su sillón. Y no continúo. Solo quisiera tenerte cerca para darte el abrazo silencioso que diría cuanto significa para mí la dedicatoria de tu último trabajo.

Creo que no nos veremos en este verano. He pasado con mi esposa diez días en Santiago, no pueden repetirse los dispendios de viajes y debo salir para Santander dentro de tres días. Veremos si el próximo invierno tengo un respiro económico para ir a Madrid. Entonces hablaríamos largamente. Tuyo, siempre agradecido amigo,

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 7]

Hoy 24 de Agosto de 1944

Sr. D. Victoriano G. Martí
La Puebla del Deán

Querido amigo: Apenas llegado del largo y fatigoso viaje de Santander recibo tu carta. No puedo concretar nada. Pero, tal vez, si el trabajo no apremia y mi madre sigue bien, me plante cualquier día, si aviso, por esas tierras que me llaman con el doble incentivo de la belleza y de tu amistad. Te escribí hace días y dirigida al Casino de Madrid una carta, que no habrás aun recibido, agradeciendo la dedicatoria de tu hermoso libro sobre Rosalía. Mandé a "La Región" de Orense un artículo sobre el mismo. Creo que aun no se ha publicado. Por lo menos no lo vi entre los periódicos llegados en mi ausencia. He oído hablar sin haberlo leído, del desdichado artículo de "El Español" a que te refieres. Yo en "El Español" no puedo escribir. Se me ha solicitado, no

acepté y alguna cosa mía salió en "El Español" por no sé que caminos, sin anuencia mía. Si conociera el artículo podría contestarlo —no sé si Válgoma se pase— un "Miriáu" el único periodista de Madrid a que tengo acceso.

En mi carta aludida me refería a nuestra anti- [p. 1] // gua amistad. La siento ahora, ya casi viejo, como uno de los valores esenciales de mi vida. Díaz quiere que nos veamos en éste verano. Hay mucho de que hablar, no faltarán proyectos en éstos días de vértigo y esperanza, ni tampoco las seguras amicales.

Mi esposa quedó en Santander. Recuerdos de mi madre, un saludo respetuoso para tus hermanos y un abrazo de tu amigo de siempre

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 8]

Trasalba (Orense) Octubre 4 de 1944

Sr. D. Victoriano G. Martí
Madrid

Mi queridísimo amigo:

No pudo ser. Mi esposa retardó su regreso de Santander y aunque mi madre me animaba no podía dejarla sola. ¡Cuánto hubiera disfrutado en tu compañía con los ilustres y gentiles fantasmas de esas Riberas! –Pues ahí todo es noble, hasta palaciano y rococó. Puebla del Deán, mocedades feudales educadas cabalgando potros de la Barbanza, y esa sirena heráldica de Sálvora. Otra vez será. Tal vez nos veamos en Madrid si hay posibles y voluntad para dar una vuelta por Sta. Ana y el Prado. Se me deshacen como espumas, se me quiebran como porcelanas pero vuelven a "agurgullar" (sic) y a juntarse en fondos levemente moratinianos. ¿Era de La Puebla el célebre Fernández Varela, Comisario de Cruzada, el de los puros mejores que los de Fernando VII? Yo creo que sí. Aunque todos [p. 1] // –no he consultado muchos– le hacen del Ferrol, ciudad del Despotismo Ilustrado.

Tengo varias cosas empezadas. Madrugo con alegría en el trabajo pero no llego nunca a la tarde. ¿Porque no haces la historia íntima de Santiago, el Ulla y Arosa entre el Cura de Fruíme y la muerte de Aurelio Aguirre? Es empresa reservada a tu pluma.

Saludos al maestro del Parnaso y los Simbolistas, de la Fuente de los Obispos y la "rue" de las Carboneras, Bernardo G. de Candamo, y un gran abrazo de tu amigo que a todas horas te recuerda

Ramón Otero [Rubricado]

[CARTA 9]

Trasalba (Orense) 30 de Diciembre de 1944

Sr. D. Victoriano G. Martí
Madrid

Queridísimo e inolvidable amigo: Recibí con emoción tu carta pero no el abrazo del amigo Vega. Como ésta temporada he bajado muy poco a Orense, sin duda no hemos coincidido. Te he recordado también mucho, sin escribirte porque las cosas y anhelos que nos ligan piden mejor la soltura y lo imprevisto de la conversación en los pasillos del Ateneo, en los soportales de la Rúa Nova. Lamento la dolencia a que aludes. Sin duda entra en ello tu aprensión. Eres fuerte y sabes cuidarte. No te amilanes nunca. Dados tu carácter y

Trasalba (Orense) Octubre 4 de 1944

Sr D Victoriano G. Martín
Madrid

Mi queridísimo amigo:

No puedo ser. Mi esposa retardó su regreso de Santander y aunque mi madre me animaba no podía dejarla sola. ¡Cuanto hubiera disfrutado en tu compañía con los ilustres y gentiles fantasmas de esas Riberas!- Pues aquí todo es noble, hasta palaciano y novecó. Puebla del Deán, mocedades feudales cruzadas cabalgando sobre de la Barbaura, y esa escena heráldica de Salvora. Otra vez será. Tal vez nos veamos en Madrid si hay posibles y voluntad para dar una melta por Sta Ana y el Prado. Se me deshacen como espumas, se me quiebran como porcelanas pero me atrevo a "aperpullar" y a juntarme en pondos lerenmente nuevatínianos. ¿Era de Sta Puebla el célebre Fernández Vareta, comisario de Cruzada, el de los puros mejores que los de Fernando VII?. Yo creo que sí. Aunque todos

- no he consultado nuestros - le hacen del Ferrol ciudad del Despotismo Ilustrado.

Tengo varias cosas empezadas. Madrugo con alegría en el trabajo pero no llego nunca a la tarde. ¿Porque no haces la historia íntima de Santiago, el Ulloa Ahora entre el Cura de Trúmue y la muerte de Ruzelio Arguine? Es empresa reservada a tu pluma.

Saludos al maestro del Parnaso y los Símbolos, de la Fuente de los Obispos y la "rue" de las Canonesas, Bernardo G. de Cambamora y un gran abrazo de tu amigo que a toda hora te recuerda

Manuel Otero

estudios estás en lo mejor de la vida. Para producir y lo que es más importante aunque parezca egoísmo sutilizado, para disfrutar de la pulpa del fruto madurado en tantos años de meditación en tu pomar interior. Dices que trabajas poco. Conozco y sospecho esas intermitencias, ensayos, dudas, desalientos y breves goces. Se abre un libro, se meditan unas páginas y en lo mejor el pensamiento se va por otros caminos. Es que algo nuevo surge sin que la conciencia lo note. Son turbaciones y desalientos de adolescencia. Sin duda un nuevo libro insinúa sus primeros temas en ti. Quieren llegar silentes y disfrutan en ésta pre-vida como muchachos sumamente inteligentes en la voluptuosidad que precede a la acción.

Preguntas por mi vida. Ninguna regla y [p. 1] // muchos intentos de disciplina. Algunos artículos. Tucídides, Cicerón o algún otro clásico en turno, alguna novela (Kypling, las ediciones de la "Nave"), los gallegos de siempre. Trabajo en un estudio histórico de mucha documentación, penoso y árido, con algún rayo de vida antigua y pintoresca, sobre los caballeros sanjuanistas de la famosa Encomienda de Beade en el Ribeiro de Avia, con sus priores grandes catadores de blanco y tinto, etiqueteros y celosos de su rango, impertinentes cobradores de rentas de lampreas y mujos, y muy poco teólogos y letrados. Tengo en Aynia una novela, de publicación prometida y realidad estancada y en Buenos Aires han salido, según dicen, algunas más que envié y no he visto.

De acuerdo sobre Eugenio. Aún no he podido ver sus "Melodías" de Toscana y Los Uffizi. Muy actor sin descender a histrión, muy conocedor del mundo y del público, en el fondo le importa sobre todo el aplauso de Galicia. El espíritu fino de Orcure (sic) se refugia en algunos muy pocos que andan con el gabán dado la vuelta y desnivelan su presupuesto decimonónico si obsequian a un forastero con un "Chateaubriand" en el Bar Roma o una langosta en el Bar Pingallo. Lo demás estraperlo, coñác, mucho "sleeping" para ir a Barcelona y mucha murmuración estéril. Un miedo y un respeto como nunca a los abogados del Estado. Las tardes, en Orense, son más que de plomo, de enrejados de aburrimiento y maldad. Vigo está estupendo de casas nuevas, parques y actividad. Pero los hombres y no hay que decir las mujeres, llevan demasiados miles de pesetas encima y las lucen un poco sorprendidos y engallados.

Feliz año nuevo. En éste momento nace un plenilunio como una magnolia del pazo frío de la noche. Muy cariñosos saludos de mi madre y de Fita. Mi madre te recuerda muchas veces como a buen hijo y cordial amigo.

Un gran abrazo, hasta otra carta, de tu invariable,

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 10]

Trasalba (Orense, Barbantes) 2 de Sep. 1945

Sr. D. Victoriano G. Martí

Mi querido amigo: ¡Bienvenido a Galicia! Estuve con Fita bastantes días en Santiago, por los del Apóstol. Hoy, con desearlo vivamente, no puedo dejar a mi madre y ésta aldea para abrazarte.

Leo en "El Correo Gallego" de ayer unas bellas líneas tuyas. Me conmueven hondamente. En ellas palpita una vieja amistad. Por ella te

suplico hagas lo posible –y puede mucho tu autoridad– para que el generoso y absurdo homenaje sea olvidado lo antes posible como tantas cosas que se escriben. Por fortuna el público olvida pronto. Yo estoy infinitamente agradecido pero nada cambiará mi decisión de no aceptar. Esto sería cruel, doloroso, violento. Hay que evitar que se produzca. No es difícil. En éste sentido escribo a "Leda" que es Goñi el Director de "El Correo" y lamento no haberlo hecho antes. Pero recibí muy tarde el periódico.

Te mandaré la "Guía" a Madrid porque ignoro tu domicilio y cuantos días estarás en Galicia. No salió mal del todo. Podría estar mucho mejor. Veremos para otra edición, si hay lugar.

Tengo muchos deseos de charlar contigo. Veremos si puedo ir a Madrid en el próximo invierno. Recuerdos de mi madre y de Fita y un abrazo de tu agradecido admirador y amigo,

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 11]

Trasalba 14 Marzo 1947

Sr. D. Victoriano G. Martí

Mi querido y recordado amigo: De buena gana hubiera corrido a la calle de Fernando el "Justo" o al Ateneo para darte en persona el abrazo que te envío en éstas líneas por tu nuevo libro. Ya conocía, tú me lo has leído en la parte de esencial dramatismo, el "Nuevo Fausto". Has logrado –no hablemos de otras cosas– un estilo clásico y vibrante, parco y rico, un poco seco y sonoro de ramas de arboledas de parque desflorado por el otoño de frondas antes desconocido en castellano. Haces algo así, sólo que más tardíamente, lo que Descartes al francés. Otros pensadores y ensayistas escribieron como literatos. Tú encontraste ese difícil didactismo –comunicación– de los matices por medio de palabras sencillas, tan sencillas que parecen disculparse de su carga eléctrica de emotividad. Claro que hay otra excelencia fácilmente advertible, a su costa, por cada lector: La reintegración a la inquietud fundamental. Todo el aparatoso juego oficial tiende a una confianza adormecedora en el pensamiento y la tradición. Todo está hecho. Solo cabe florar y aplicar. Sólo por sacudir a u-[p. 1] // nos cuantos lectores de su sueño –de un dormir a un ensoñar– serías digno de un constante parabién.

Creo que el publicar te hace mucho bien. Porque canaliza tus pensamientos y liberta el caso particular de su dolor en parte al menos, al diluirse en una gran atmósfera simpatizante. Deseo para ti salud, tranquilidad y que nunca la vida, el éxito o la pesadumbre te hagan renunciar a ese género de escritos que es la primera y casi leve floración del bosque del espíritu - a la última. Hay casos en que se duda si es primavera o otoño.

Un abrazo de tu agradecido y antiguo amigo y admirador que mucho te quiere y recuerda

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

Saludos de mi madre y de mi esposa.
Perdona mi tardanza en escribirte. Estuve en Orense.

[CARTA 12]

Trasalba 16 – X – 1958

Sr. Dn. Victoriano García Martí

Mi querido y recordado amigo: El día 12, domingo, viví con tu presencia y recuerdo dos horas en el Ateneo de Madrid. Es emocionante la vejez, la ruina, la simpatía. Los retratos, los modestos rincones enaltecidos por tanto idealismo. Las gentes nuevas, indiferentes. Lo lustroso, usado de todo, como playa en una larga y triste resaca de otoño, impregnan el espíritu de una melancolía valiosa y sutil, resina de viejos pinos, aroma de rosales abandonados. La vista y hasta las manos acarician las cosas. Los retratos, casi ingrávidos. Los libros conocidos como mantos de hojas de noviembre agradecen finamente un poco de atención... Estuve en el salón de sesiones. Dejé una tarjeta a Candamo y otra a Mariano. Ninguno estaba allí. Sobre todo viví un momento en la ilusión de dialogar contigo.

Yo fiel a mis costumbres paré en el centro en el H. Asturias. Creo que Madrid no estaba tan animado como otras veces. Por aquí en enero se trabaja mucho. Los actos del C. G. en recuerdo del casamiento de Rosalía fueron realzados por la fina y bella intervención de Dámaso Alonso. Parece que serán publicados los discursos. Aunque Dámaso queda, con todo su saber, muy por debajo de la interpretación psicológica de Rosalía en que tú y G. Sabell y Piñeiro sois maestros.

Sé que estás en La Puebla. Por lo menos estabas hace pocos días. Yo recuerdo a Santiago a cada momento. Pero es- [p. 1] // toy a gusto. Leo mucho, paseo. Fita gobierna con admirable tino la vieja hacienda.

Creo que no tardaremos en ir a Compostela a pasar unos días.

Saludos de mi mujer y un abrazo de tu viejo amigo que mucho te quiere, admira y recuerda

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 13]

Orense 7 de febrero de 1961

Sr. Dn. Victoriano G. Martí
La Puebla del Caramiñal

Mi querido y recordado amigo:

Muchas cartas nos hemos cruzado en nuestra larga y sincera amistad. Conservo, cuidadosamente las más de las tuyas. Significan entre otras cosas una continuidad que fortalece y ampara. No faltan las impregnadas de tristeza. He aquí una más. Al ver en "La Noche" de ayer la esquela sentí que otra luz palpitante y afectuosa se apagaba en tu contorno. Se volvió para ti más oscura la noche y más ronco el mar. Tienes bien probado tu metal de espíritu en la adversidad. Cada dolor te conduce más cerca de Dios y deja tu soledad más despojada de lo mundano.

De todo corazón te acompaño en éstos y en todos los días. Vienen de muy lejos los recuerdos. Y al aproximarse nos consuelan. Parecen de ayer. Así la sonrisa y el acento de tu santa ma- [p. 1] // dre. Significaba la antigua alegría. Así tantos amigos. Te ruego que transmitas a tus hermanos, los que quedan y a tus queridos sobrinos la expresión de mi pésame y mi saludo.

Es posible que nos veamos pronto. Pienso estar en Santiago por marzo, mejor hacia el final algunos días con Fita. Saludos, también, muy afectuosos de mi mujer para ti y para los tuyos.

Siempre el viejo amigo que mucho te quiere y recuerda

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 14]

Trasalba 24 de abril de 1961

Sr. Dn. Victoriano García Martí
Santiago de Compostela

Mi querido y recordado amigo:

Un abrazo y el afecto de siempre duplicado. Mi tratamiento un poco molesto por las inyecciones y las medias de goma y, sobre todo, la necesidad de acudir pronto a ésta casa tantos días abandonada, no me dejaron disfrutar del placer y dulce satisfacción de amistad de acompañarte ayer en la solemnidad de la Academia Gallega. Viví, de lejos el momento, y como viejo amigo puedo asegurarte que para los académicos significó el cumplimiento de un viejo y justo deseo.

Espero verte en Santiago en junio o quizá antes. Ahora hay mucho que hacer aquí. Lucho, a mi edad, con muchas dificultades.

Con saludos a tus familiares, siempre tuyo amigo y admirador

R. Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 15]

Orense 26-XI-1962

Sr. Dn. Victoriano G. Martí
Santiago de Compostela

Mi querido y recordado amigo:

Mucho sentí no verte en la semana pasada. Estuve siempre apurado, un poco griposo, y tuve un viaje a La Coruña. En cuanto vuelva por esas queridas rúas lo primero que haré será buscarte. Me fortalece el ánimo, me complace y consuela la tersa y al tiempo conmovida expresión de tus artículos. Sé, por otros medios, que sigues bien.

Orense muy animado para todos. Y para mí triste y como lejano. Me duele mucho la enfermedad y desmoronamiento de Vicente Risco. Los médicos luchas heroicamente, pero la arterioesclerosis avanza.

No abuses del invierno. Espera por la primavera. Saludos a los amigos y muy agradecido a tu tarjeta.

Con un fuerte abrazo

Ramón Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 16]

Trasalba 28 de Diciembre de 1964

Sr. Dn. Victoriano García Martí
Puebla del Caramiñal

Mi querido y recordado amigo:

Un abrazo deseando para ti las mejores Navidades posibles y el nuevo Año bien rico de horas calmas y dichosas de recuerdo y esperanza. En cuanto vaya a Madrid, allá en la primavera, si es posible, mi primera visita será para el Ateneo y para saludar tu retrato. Pocos colocados con tanta justicia.

Aquí, en Trasalba, estamos Fita y yo muy contentos con admirables criados honrados y sobre todo afectuosos. Baste decir que cada vez al llegar de viaje nos espera la vieja casa adornada de flores.

En Santiago estuve últimamente en dos ocasiones, y siempre de prisa. Tengo miedo al gentío y no iré, probablemente, a la apertura de la Puerta de los Perdones.

García Sabell me dijo que pronto te haría una visita.

Siempre viejo admirador y amigo con un abrazo

Ramón Otero Pedrayo [Rubricado]

[CARTA 17]

MEMBRETE [Escudo / UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA / EL RECTOR]

12 de abril de 1965

Sr. D. Victoriano García Martí
La Puebla del Caramiñal

Estimado amigo:

La Universidad y la Facultad de Filosofía y Letras desean rendir a V. el merecido homenaje de su dedicación de tantos años al cultivo de las letras y de la pluma.

Por ello hemos pensado en organizar un acto académico en su honor el próximo martes de Pascua a la una de la tarde, en el salón Artesonado de Fonseca, en el que hablará sobre su obra y personalidad el destacado publicista y Profesor de Oviedo, D. Dionisio Gamallo Fierros.

Esperamos que este acto sea de su agrado y conformidad y, espero también tener la satisfacción de verle a mi lado en este acto.

Queda de V. affmo. Amigo.

Ángel Jorge Echeverri [Rubricado]

[DISCURSO]

Santiago de Compostela, abril 1965

Texto literal del escrito conque el ilustre profesor y escritor Ramón Otero Pedrayo se adhirió al homenaje [tributado a Victoriano García Martí por la Universidad].

VICTORIANO GARCÍA MARTÍ

En septiembre de 1906, entré por primera vez en la Biblioteca del Ateneo de Madrid. Allí estaba Victoriano García Martí, en la primera silla, a la izquierda al fondo de la llamada entonces Biblioteca Nueva. En marzo de 1950, la última vez que estuve en el Ateneo, Victoriano, al atardecer leía o recordaba, sentado en la misma silla... Entre los libros de los armarios próximos figuran el "Port-Royal", algunas series stendhalianas, los clásicos Didot.

Matías en 1906, acababa de subir a la Biblioteca. Mandaba en Jefe, pero suavemente el buenísimo Iglesias, antiguo estudiante de Teología, orensano, de San Cibrao das Viñas... Por las tertulias se hablaba de las estupendas ofertas de Santos Chocano. Costa pasaba días enteros manejando la "España Sagrada", bebiendo al caer la tarde alguna botella de Mahou. Casi todos los atardeceres, cuando empezaba a coletear por Madrid el logro pirotécnico de la sesión del Congreso, Moret llegaba y decía en la portería a Teodoro: "¿Ha llegado D. Gumersindo?". La contestación era: "Si, o no, D. Segismundo". Otras veces D. Gumersindo preguntaba por D. Segismundo.

García Martí en aquel tiempo de sombreros de copa, tal vez pensaba en alguna cátedra de Derecho natural, de Derecho político. Hubiera estado mejor en la Facultad de Filosofía, pero ya es conocida la poco frecuente adecuación del carácter a los títulos académicos. Sobre todo entre gallegos...

García Martí, observó muy bien, muy despacio, sin esquematismos sistemáticos, los hombres y las cosas, y los imperceptibles cambios de los hombres y las cosas. No sabía cuál era su vocación en 1906, ni al publicar su primer libro "Clave del Mundo Interior", quizá no lo sepa hoy ni le preocupe. La vocación declarada mucho ata. García Martí, sigue curioso de novedades, sin prisa, sin desdén, no [fol. 1] // atreviéndose al empleo de todos sus íntimos tesoros, de experiencia por no caer en el horror del inventario, por respeto y amor a la posible novedad.

Nunca presumió de enterado y al día. Vió muchas generaciones de pensionado. Vivió siempre entre gente intelectual. Sabe aguardar, conoce el secreto del momento único de trascender hombres e ideas, del mundo actual. Uno de los frutos de su vida, suya, no podrá fructificar en otras vidas.

La indiferencia y el modo menor a lo García Martí, son de estilo diferente a los de Azorín. No es indiferente por principios. García Martí ama la metáfora y el énfasis. Los ama. Y teme por ellos. Prevee (sic) los sabores de ceniza y opta por paliar su aridez, como ofreciendo agua a las dunas. No le atrae lo pequeño y minucioso como trama del devenir. Profesa la vivencia de lo filosófico en las gentes. Gusta del tema humanizado, y no desdeña lo gris, lo diluido. Sabe las inconsecuencias y falsas resonancias de las grandes ideas. Y como así se va formando la historia moral de los hombres.

Está pronunciada muy pronto, tal vez, la palabra definitiva. No quisiéramos, sin embargo, escribir: moral. Y García Martí es fundamentalmente un moralista, de la vieja, rara y constante escuela. Por moralista consiguió una prosa a la que cuadraría el rubro de "didáctica" de los viejos manuales. Sin duda el autor pensó en una lengua de salón, y en otras estaciones de su vida en una lengua de aula. Las dos, más la del artículo y el ensayo, la novela y la conversación necesaria, al estilo garcimartiniano, dueño de la riqueza sólida de las palabras necesarias, y no otras, y de la oportunidad de los silencios y la gracia y consuelo de las antítesis nunca artificiosas... Moralista a lo francés del XVII. Lo cual quiere decir reflejos griegos y un arte de suavizar los diedros de las pro- [fol. 2] // posiciones, de amenguar con un vaho humano la fuerte luz de conceptos cuajados bella y suavemente.

Reflejos de Arosa... Es simular el prestigio y Don de las riberas de Arosa. Rosalía, Castelao, Valle-Inclán... Compostela de Arosa se combinan diversamente en cada mente y corazón. García Martí nació en un barrio de

una villa orgullosa. Una Compostela del último barroco, un caer de lentas tardes y otoños de Arosa, pueden vislumbrarse en García Martí remontando a las fuentes de su sensibilidad...

En Rosalía y Castelao, el mismo aspirar e idéntica dedicación, se expresan en lágrimas y humor... García Martí puede como nadie meditar, como forma y dimensión el dolor de Rosalía, un dolor metafísico, valiente en lo especulativo sin decirlo, nada sensiblero... Amigo de Valle-Inclán, conoció la oficina del arte suntuoso de la palabra. No le tentó... De no salir de Galicia, hubiera sido García Martí el completo novelista que no le dejó ser el gusto y deber de las realidades morales y una cultivada facultad caracteriológica. Se la debe al aire fino de Madrid, y algo también al de París. García Martí en el Parterre del Retiro, en la acera del Español –nunca lejos del Ateneo– algo moratiniano y a lo Larra, conciencia reposada del 98, color de ceniza y gris de crepúsculo, después de apagados los colores violentos...

En los largos días de adversidad, no pudo desgarrarle la ingratitud. No se creyó héroe ni espejo de estoicos. Difunden en torno los hombres del temple silenciosos de García Martí, formados en lamentación del dolor, consuelos de incomparable validez...

Hace años, se hablaba de la candidatura de García Martí, a la Academia de Ciencias Morales y Políticas. Elección demasiado acertada para ser imposible. Por variados conceptos, digno de un sillón, [fol. 3] // –cuidadosamente elegido, si pudiera ser, en los de tradición de discretos y finos reflexivos– en la Española. Uno de los motivos el papel de García Martí, como ateneísta puro y defensor en sus tiempos, de la familia literaria.

Han desaparecido Valle-Inclán, Gómez Carrillo, entre los buenos ateneístas, sólo queda Bernardo G. de Candamo. En 1906 Candamo era un prodigioso y sutil crítico, avaro, como hoy, de sus juicios y riquezas. O tal vez un admirable voluptuoso de las letras, erizado de puntas críticas para disfrutar mejor de su bien.

García Martí y Candamo, van juntos en el homenaje dedicado –¡al fin!– a la grave y cordial entereza, a la simpatía del espíritu, a medio siglo de labor afectuosa, purísima...

Ramón Otero Pedrayo

[CARTA 18]

«Don Ramón del valle-Inclán sabe captar en breves líneas o en capítulos de orfebrada prosa los temas del otoño y del invierno gallegos: el viaje del marqués de Bradomín en las primeras páginas de la "Sonata de otoño" como las dedicadas al jardín del pazo de Brandeso, los trazos breves formidables de evocación intercalados en el diálogo de "Romance de lobos" los cuadros recargados y barrocos de un barroquismo bien gallego, de "Flor de santidad". Valle-Inclán acentúa el gesto trágico del invierno y el mar bravo conducido por una natural disposición de su espíritu literario hacia el contraste trabajado a punta de buril, y ha sabido acertar con características de paisaje que incluso producen una rápida impresión de las realidades geográficas.»

(Del cap. "La interpretación artística del paisaje gallego", pág. 191, del libro "Problemas y paisajes geográficos de Galicia", Volumen II de la "Biblioteca de Estudios Gallegos", pub. por la Compª. Ibero-Americana de Publicaciones. Madrid, 1928)

«Lo mas substantivo de la obra de Dª Emilia Pardo Bazán es gallego como lo es la exaltación trágica o grotesca de Valle-Inclán. Como Barbey d´Aurevilly es el [p. 1] // gran bretón refinado de las letras francesas en el precioso estilo castellano de Valle-Inclán viven una psicología y una estética del paisaje esencialmente gallegas.»

("Guía de Galicia". Madrid, Calpe, 1926)

«Solo un nombre debemos destacar: (entre los gallegos que escriben en castellano), el de Valle-Inclán. Señor de una de las más ilustres torres de marfil de principios del siglo, lanzado después a buscar en lo más colorista, dramático y grotesco de la vida española, Valle-Inclán conoció el temblor de orígenes y la gloria barroca de una Galicia finamente percibida y llevó a sus prosas preciosos matices psicológicos y atisbos de paisaje natural y humano inéditos antes de "Flor de santidad", "Sonata de otoño" y "Romance de lobos".»

.....

«El carlismo estético de D. Ramón del Valle-Inclán y el carlismo un mucho regionalista, grandiosamente oratorio — de D. Juan Vázquez de Mella son dos reflejos del carlismo gallego exaltado en personalidades muy individualizadas en una intuición de Arte o de Dogmática.» ("Ensayo histórico sobre la cultura gallega", "Nós", Santiago, 1932)

Ramón Otero Pedrayo [Rubricado]

(Continuará)

Mulleres en loita durante a 2ª metade do XIX e o 1º terzo do XX. Invisibilizadas pero na vangarda

Patricia Torrado Queiruga

A memoria histórica é feble, e moito máis cando falamos de cuestións de xénero. Cando alguén comeza a pescudar nas diferentes versións dunha mesma historia pode atopar cousas moi curiosas, invisibilizacións que semellasen pasar inadvertidas. Algo así me aconteceu a min hai uns anos cando investigaba algunhas revoltas agrarias. Por proximidade, a de Cans, en Nebra, Porto do Son. Catro mulleres e un home asasinadxs malia que na maioría dos ensaios sobre o tema se refiren a este grupo como "Os mártires de Nebra" [Francisca Carou, Rosa Cadórniga Maneiro, Ramona Suárez Pouso, Generosa Vidal Cadórniga e Antonio Sobrado Luaces]. Non sería máis axeitado chamarlles "As mártires de Nebra"? Partamos de que a linguaxe é posicionamento e o posicionamento política de facto.

Invisibilizadas, esta é a razón pola que, ao longo da historia, as mulleres se viron silenciadas se non lles tocaba nacer en berces da realeza ou da aristocracia, e mesmo así.

Non existiron, ou coma se non o fixesen, porque ninguén se refire a elas máis que como escudos humanos. Desmontemos, pois, este argumentario, arcaico xa nos nosos días, e sinalemos algunhas preguntas por ver se lles atopamos resposta.

A meirande parte dos estudos sobre o agrarismo galego, sobre as revoltas en xeral, mesmo no eido industrial, pasan por alto o papel das mulleres que se viron implicadas nas mesmas.

Primeiro mitin galeguista. Praza do Campo, Betanzos (06-10-1907) F. Ferrer. Arquivo Municipal de Betanzos

No caso de Nebra, deuse por sentado que as féminas ían na vangarda da protesta "porque o acordaran en asemblea" (deixádeme que sexa escéptica neste punto xa que non se gardou constancia da acta desta antedita reunión). Acordaran ir diante porque o máis probable era que deste xeito non as atacasen. Foi iso certo? Por que, se pensaban que non as ían atacar, recuaron e decidiron non levar a cativos e cativas con elas? Dificilmente poderemos descubrilo, e moito menos demostralo, pero deixádeme que deite un pouco de luz sobre o asunto.

As mulleres non apareceron no eido político sindical cos ollos pechados; elas, ao igual que os seus conxéneres do sexo contrario, tiveron unha participación masiva e, sobre todo, activa. Aínda que semella que a historia se esqueceu deliberadamente deste asunto. Foi na etapa da I República cando máis decididamente se incorporaron a este activismo que non buscaba outra cousa que defender os seus dereitos. Colaboraban na prensa da época e estaban á fronte de numerosos sindicatos femininos, pedían xa o dereito ao voto, pois como parte da sociedade tiñan o mesmo dereito a opinar sobre quen querían que fosen os seus ou as súas representantes nos órganos de goberno.

ADIANTOS NAS POLÍTICAS DE ATENCIÓN ÁS MULLERES

Os lexisladores víronse abocados a ollar, inda que fose de esguello, para as mulleres e encetar leis que as protexeren no traballo ou, cando menos, que non as obviasen como se viñera facendo en séculos anteriores. Así se comezaron a definir uns parámetros de descanso previo e posterior ao parto, establecer uns permisos para aleitar as crianzas e salvagardar a sanidade, o posto de traballo e o dereito a cobrar; o que hoxe chamariamos "unha baixa por maternidade".

Ley de 13 de marzo de 1900: condiciones de trabajo de las mujeres y de los niños.

> 9.º No se permitirá el trabajo a las mujeres durante las tres semanas posteriores al alumbramiento. Cuando se solicite por causa de próximo alumbramiento por una obrera el cese, se le reservará el puesto desde que lo haya solicitado y tres semanas después de dicho alumbramiento. Las mujeres que tengan hijos en el período de la lactancia tendrán una hora al día, dentro de las del trabajo, para dar el pecho á sus hijos. Esta hora se dividirá en dos períodos de treinta minutos, aprovechables, uno, en el trabajo de la mañana, y otro, en el de la tarde. Estas medias horas serán aprovechables por las madres cuando lo juzguen conveniente, sin más trámite que participar al director de los trabajos, y al entrar en ellos, la hora que hubieren escogido. No será de manera alguna descontable, para el efecto de cobro de jornales, la hora destinada á la lactancia.

O 18 de xaneiro de 1906 presentábase unha moción á lei referida en canto ás condicións de traballo das mulleres e dos nenos, perante o Instituto de Reformas Sociais na que se propoñía:

- Ampliar o prazo de descanso entre 4 e 6 semanas logo de dar a luz.
- Modificar un artigo da lei para que se puidese deixar o traballo antes do parto.

O papel da muller labrega ía dende o coidado da facenda e da familia ata o coidado do gando e do agro. Labregas en Baroña. Foto cedida por Ovidio Queiruga González

- Conseguir protección económica para as mulleres que deixaban o traballo por esta razón, xa que era cando máis precisaban o seu soldo.

Se ben as leis avanzaban de cara a facer que o traballo da muller se valorase, así como os seus dereitos, estas avanzaban na industria. Mais o agro foi sempre un campo descoñecido para os lexisladores e non se regulaban estas condición de execución dos tempos, polo que as labregas saíron prexudicadas.

En Washington, o 29 de outubro de 1919, celebrouse a I Conferencia Internacional do Traballo, á que tamén acudiu España, na que se asinou o convenio para ampliar os dereitos da nai traballadora:

1. Dereito a descansar 6 semanas antes de dar a luz e a prohibición de traballar as 6 semanas posteriores ao parto.
2. Dereito a conservar o posto de traballo incluso se tivese semanas extras de descanso por complicacións ao parir.
3. Dereito á asistencia médica gratuíta e indemnización pola baixa maternal.
4. Dereito de dous descansos de media hora (un na quenda de mañá e outro na de tarde) para aleitar a filla ou fillo.

E chegados a este punto, cabe preguntarse, foi a educación da época unha perpetuación da desigualdade?

- Nenas:

  Baixa alfabetización (empezaban tarde a ir á escola, ían poucos días e abandonábana antes).



Un dos traballos que as mulleres da época desempeñaban fóra da casa ou no seu propio domicilio era a costura, que lles supoñía un soldo a maiores para sacar a familia adiante. Famosos foron os cursos da marca de máquinas de coser Singer, coma este en Porto do Son o 27-07-1929. Foto cedida por María López Ben

En canto sabían andar e falar comezaban a axudar na casa mesmo coidando os máis pequenos.

Incorporación máis temperá aos traballos do agro e das fábricas.

Incorporación máis tardía á emigración debido á alta taxa de analfabetización, ou emigración de proximidade.

Futuro por diante: casar, ter un feixe de fillos, ser ama de casa ou mesmo criada se estaba na casa dos sogros.

- Nenos:

Maior alfabetización.

Agardar a que lles chegase a idade de traballar para non soportar tan novos os labores que lles serían encomendados.

Incorporación máis tardía aos labores do agro e das fábricas.

Incorporación temperá á emigración ultramarina e a Europa (os poucos cartos que houbese na casa gardábanse para que os varóns puidesen ter un futuro mellor).

Futuro por diante: traballar para pagar os foros da familia no agro, no mar ou nas fábricas, emigrar, casar, ter un feixe de fillxs.

É dicir, a desigualdade de xénero viña perpetuada pola educación recibida nos fogares, nos que o valor do traballo de mulleres e homes non era o mesmo, se ben elas tamén conseguían sustentar a economía familiar traballando para outros, vendendo parte dos excedentes do campo (se os había) cosendo "para fóra" ou vendendo os produtos do traballo dos varóns.

Elas eran as encargadas de sacar adiante a familia, sobre as que recaía o peso da educación das fillas e fillos, sobre as que recaían os coidados dos seus maiores, os coidados do gando e os coidados do agro.

Familias enteiras emigraron ao estranxeiro e os seus fillos criáronse da par dos nativos, chegando incluso a falar o seu idioma sen maiores atrancos, como foi o caso de Agustín Ben Rey e da súa dona Elena Queiruga Ventoso (na primeira foto), sonenses emigrados á Guinea Española. Fotos cedidas por María López Ben

REVOLTAS AGRARIAS. MOTIVACIÓNS

1. Estancamento da economía e forte dependencia do sector agrario.

2. A propiedade da terra (minifundismo e terra en propiedade estaba en mans do clero, da burguesía e da nobreza, que eran os principais receptores dos foros).

3. Fracaso das medidas desamortizadoras do s. XIX, co que se seguía mantendo unha estrutura propia do Antigo Réxime. Coas desamortizacións, a propiedade, e os foros a elas vinculados, só cambiaron de mans, sendo a burguesía a principal beneficiada pero o campesiñado seguía sen acceder á propiedade, e tampouco tiña medios para adquirila.

4. Premas por parte dos concellos e das Deputacións para pagar uns impostos, en moitos casos abusivos.

Fagamos unha aproximación histórica aos foros. Os foros xorden na Idea Media como unha especie do contrato agrario de arrendamento a longo prazo (voces) polo que os campesiños teñen o usufruto da terra a cambio de pagar unha renda, o foro, que podía consistir nunha determinada cantidade de cartos ou no pago en especie (parte da colleita). En realidade, iso significaba a imposibilidade de acceder ao pleno dominio da terra, traballando durante xeracións unha terra que en realidade non lles pertencía.

A REDENCIÓN FORAL: O MOVEMENTO AGRARISTA

Neste contexto vai xurdir un movemento reivindicativo no campo galego coñecido como "agrarismo", concretado na aparición dunha serie de sociedades agrarias –dende sociedades parroquiais ata federacións provinciais– e de líderes que van reclamar unha serie de melloras para o campesiñado

galego, entre as que cobraría un protagonismo especial a supresión dos foros.

Desta época é o "Catecismo do Labrego" de Valentín Lamas Carbajal, que debuxa a situación do noso campesiñado (ano 1888):

> ¿que quere decir labrego?
> Home acabadiño de traballos, caste de besta de carga na que tanguen a rabear os que gobernan, ser a quen fan cédula como as persoas pra tratalo como os cás, que leva faltriqueira no traxe por fantesia, boca na cara por bulra, que anda arrastro como as cobras, que fura na terra como as toupeiras, que traballa moito e come pouco, que a semellanza dos burros que levan viño e beben auga, precuran o trigo pra comer o millo, que andan langraneando por unha peseta sin poder nunca xuntala, e que ven a ser considerado polos seus semellantes como un ninguén que a todo chamar chámanlle Xan paisano.

Todo o anteriormente exposto levou á aparición dunha manchea de casos nos que as labregas e os labregos organizaron revoltas para oporse a todos os abusos que viñeran sufrindo até daquela, revoltas tamén para denunciar a precarización do traballo nas fábricas e impostos de consumos. Estes impostos de consumos eran un tributo indirecto, que, dende a súa orixe, gravaba a compravenda de artigos de primeira necesidade, consistente nun recargo dunha porcentaxe sobre o prezo de venda. O pago facíao o comprador, se ben era o vendedor o que debía repercutilo nas mercadorías que vendía. A súa orixe está na alcabala, e foi evolucionando de diferentes xeitos e tendo diferentes denominacións; aínda que foi abolido en 1813, foi posto en vigor de novo en 1816, suprimido durante o Trienio Liberal e volto a poñer en vigor en 1824. Coa reforma de Alejandro Mon de 1845, que ocupou o Ministerio de Facenda en 1844, creouse o imposto coa denominación de contribución de consumos, que substituía algunhas rendas provinciais como a alcabala e conservaba os dereitos de portas e aduaneiros (débedas). Dito imposto foi flutuando ao longo do século XIX e, no primeiro terzo do XX, eliminándose en períodos progresistas e volto a poñer en vigor nos moderados. Foi abolido en 1911, pero volto a pór en vigor de novo, de forma que durante a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), Flores de Lemus elaborou o modelo de sistema impositivo na Facenda local, no que se proxectou a supresión do imposto de consumos, dentro do marco de modificación dos principios fundamentais para a distribución da carga impositiva das facendas locais.

Curiosamente, seis son os casos máis representativos ou que máis énfase suscitaron na historia de Galiza, pero se rastrexamos nas hemerotecas da última metade do século XIX e o primeiro terzo do XX descubriremos que as mulleres participaron dun xeito activo nas protestas, aínda que moitos deses sucesos quedasen xa no esquecemento. Unha manchea de revoltas batuxaron a xeografía galega, alongando a listaxe ata 46 casos máis que, de seguir investigando, seguro que aumentarán. Chama poderosamente a atención que os xornais da época non estiveron de costas á realidade feminina que se estaba a producir; menciónanse mulleres incluso como máis valentes que os homes, que nalgúns casos fuxían, e saliéntase que en ocasións ían coa súa prole.

Cabe destacar que, logo do reconto dos casos aparecidos na prensa hai 11 mulleres mortas, 11 homes, 4 bebés non natos, 2 cativxs



Sucesos máis coñecidos

Sucesos investigados neste traballo

e 38 falecidxs máis dos que se descoñece o xénero, así como unha morea de feridxs graves dos que non se volve saber se quedaron con vida ou se finaron días despois.

CASOS

1857: A Coruña. Motín das cigarreiras. Reclamaban unha xornada xusta e o cobro do salario correspondente; pola contra, ven minguado o seu soldo e vense obrigadas a reinventarse no seu posto de traballo pola aparición de novas máquinas. 4000 traballadoras destrúen o tabaco, as máquinas, rebentan a caixa dos cartos e a mesma fábrica.

Cigarreiras na fábrica de tabacos. Fonte. La Voz de Galicia

1870: Maceda. Xúntanse 1500 campesiñxs para facer fronte a 50 gardas e 150 soldados, pois negábanse a pagar o imposto de capitación. 4 mortxs (descoñecese o xénero), preto de 30 feridxs, varias mulleres feridas por baionetas. Procesados 26 homes e 11 mulleres. Os xornais fixeron fincapé na participación das mulleres, posto que unha boa parte dos homes se atopaban fuxidos.

1870: A Estrada. A veciñanza arresta o comisionado encargado de facer apremio por impago de impostos. As 50 parroquias circundantes póñense en pé de guerra.

1870: Quiroga. 4 mortxs, descoñecese o xénero.

1870: Palas de Rei. 4 mortxs, descoñecese o xénero.

1870: Sarria. 13 mortxs e 132 detidos.

1885: Lugo: Revolta polo gravame de consumos no rexistro do gando.

1885: Betanzos: O alcalde establece o pago de 25 pesetas por metro cadrado para cada posto na praza de abastos. As mulleres acoden con garrotes ao concello. Obrigan a pechar os establecementos aclamando a República e a liberdade. O alcalde bótase atrás e revoca o pago. Pola tarde acode a cabalería para prender as sospeitosas do levantamento.

1886: Sárdoma (Vigo). Tumulto polo cobro de dereitos de consumos sobre artigos de primeira necesidade.

1886: A Coruña. Motín por consumos. Varixs mortxs e moitxs feridxs. Arderon as oficinas de consumos.

1889: Pontedeume. Revolta polo reparto dos consumos. Sáldase cunha muller, unha muller embarazada e unha rapaza feridas ao mesmo que varios homes.

1889: Fene. Rebelión por consumos.

1892: Lieiro (Cervo). Polo arrendamento do imposto de consumos. Deteñen 5 mulleres e 2 homes como incitadores do motín.

1892: Noia. A elevación das taxas de consumos fai que a xente saia á rúa. Non poden permitirse pagar nos cereais 1 real máis por ferrado. Lanzan pedras á casa do alcalde e guindan as casas de consumos ao mar obrigando ao concello a revocar un imposto tan abusivo.

1892: Ourense. Motín das verdureiras. Un grupo pouco numeroso de mulleres e nenos apedran os fielatos polos consumos. O gobernador arreponse e vénselle todo Ourense enriba. A Garda Civil fai fogo e hai varias feridas e 1 médico morto.

1892: Salcedo. Pola suba dos impostos de consumos. 1 morto e varios feridos.

1892: Pontevedra. O Gobernador Civil suspende o acordo co concello polo que se rebaixaban as tarifas de consumos. 2 mortos e varios feridos por disparo. Días despois suprímense os arbitrios sobre o leite. Instigadoras da revolta as leiteiras e verdureiras.

1894: Salcedo. Protestas contra os axustes recadadores, tras do intento de embargo dunha vaca e dun pote para saldar a débeda de 60 pesetas por impago de dúas cédulas. Morren 2 irmás, unha delas cun neno nos brazos e outro no ventre de sete meses, a outra irmá queda ferida, e morren 2 homes.

1896: Becerreá e Ferreiros (Lugo). Levantamento contra o axente executivo que ía realizar os embargos polo imposto correspondente de gran polo ano 1890-91. Unha manchea de detidos. Finalmente pagan os consumos.

1896: Ribadavia (Ourense). Motín por consumos. Destitúese o Concello en pleno por apoiar o motín contra os consumos.

1896: Mugares (Ourense). A autoridade xudicial quere facer embargos á veciñanza, que se dedicaba exclusivamente á actividade vitivinícola tan empobrecida pola praga de filoxera. Impagos dos foros dunha viña do marqués de San Sadurniño, que reclamaba os atrasos de 30 anos a 330 moios de viño por ano. 3 comisionados feridos e morre o recadador de tributos. 16 mulleres e 13 homes son apresados.

1896: Noia. Motín de consumos sufocado pola Garda Civil.

1897: Mugares (Ourense). Seguen os cobros de cédulas persoais con premas abusivas a unha poboación empobrecida.

1897: Cariño. Aparece un novo axente executivo de impostos e a veciñanza ármase con pedras contra el. Varios feridos.

1902: Tui. A veciñanza protesta porque o concello siga cobrando unha décima de consumos abusiva.

1902: Ourense. Motín de consumos. Xs amotinadxs prenden lume ás casiñas de resgardo.

1902: Petín (Ourense). Tumulto polo cobro duns consumos abusivos.

1902: Salcedo. Motín de consumos pola cobranza das cédulas: 1 morto e varios feridos.

1904: Boiro. Veciñxs protestan polos inxustos tributos aos que os someten. Motín e asalto ao concello.

1904: Lavadores (Vigo). Revolta polos consumos. A veciñanza empréndea a pedradas cos concelleiros que son protexidos pola Garda Civil e responden con tiros.

1905: Tui. Motín por uns impostos abusivos.

1909: Oseira (Cea). Veciñxs concentradxs no mosteiro para impedir a retirada do baldaquino barroco do altar maior. A Garda Civil carga contra elxs e a revolta sáldase con 7 mortxs, de entre xs mesmxs unha rapaza de catorce anos e dous bebés no ventre da nai tamén falecidos, así como abundantes feridos.

1910: Noia. Protesta contra o arrendatario de consumos pola suba das taxas sobre produtos de primeira necesidade: 2 mortos e moitxs feridxs.

1911: Lugo. Protesta contra o cobro de impostos sobre os carros da leña. Varias mulleres feridas.

1911: Lugo. Meses despois da anterior protesta, a empresa arrendataria persistía en cobrar o imposto sobre a leña. O tumulto destruíu as casetas do imposto. Houbo varixs feridxs.

1912: Toldaos (Láncara). As mulleres protestan polo novo nomeamento dun cura, familiar de caciques da zona. A Garda Civil carga contra elas. Varias feridas e unha morta.

1915: Tabeirós, Montes (A Estrada). Protesta pedindo melloras no agro e pola aplicación discrecional dos impostos locais que sinalaban un déficit polas obras da casa consistorial que xa se pagara dabondo. Sen mortes.

1916: Cans (Nebra). Protesta polo déficit xerado a partir das moratorias da Deputación por unha mala xestión do goberno local. Morren 4 mulleres e 1 home.

1918: Cambre. "Motín do trigo", as mulleres rebélanse contra a devolución dun comiso de trigo. O alcalde non aparece e os Civís disolven o grupo.

1918: Ferrol. Motín por encarecemento de subsistencias. Os amotinados asaltan e saquean o comercio dunha acaparadora. As forzas da orde atacan con armas e a pedradas. 1 home morto e 8 axentes feridos.

1918: Neda, Ferrol. As obreiras da fábrica téxtil de Xubia protestan contra os comerciantes que se enriquecen coa fariña e o pan. Mulleres gravemente feridas.

1918: Sedes (Narón). A revolta das pedradas. Traballadorxs das fábricas e labregxs protestan polo inxusto reparto dos impostos: seis mortxs e moitxs feridxs.

1918: Sada. Protesta polo reparto de consumos.

1919: A Coruña: Motín das fabas. A fame acudía ás bocas de grandes e cativos e houbo quen quixo enriquecerse coa carestía de produtos de primeira necesidade, encarecendo o seu prezo, coma no caso das fabas que, estando taxado o quilo en 45 céntimos, quixeron cobralas máis caras. A xente, na súa maioría mulleres e nenos, asaltaron os sacos do porto para facerse con estes produtos entre outros moitos. 2 gardas e un rapaz feridos.

1919: Sofán (Carballo). Clausurado o cemiterio; unha comitiva fúnebre pretende dar sepultura a un neno de 4 anos. A Garda Civil pretende impedilo e o enfrontamento sáldase con 4 mulleres mortas, dúas delas no acto, unha das cales estaba embarazada, e moitxs vecinxs feridxs.

1922: Sobredo, Guillarei (Tui). Xuíz e Garda Civil acoden para embargar os bens dun veciño, e concentráronse sobre 2000 persoas para impedilo. Disolven a manifestación a tiros e hai 3 mortxs e numerosxs feridxs.

1935: Baltar (Ourense). Protesta dxs veciñxs pola cobranza do imposto de utilidades. Un veciño morto e outro ferido.

SOCIEDADES AGRARIAS. PORTO DO SON, UN CASO CONCRETO

Se acudimos ao Libro de Rexistro de asociacións do Goberno Civil da Coruña, atopamos que no concello de Porto do Son, aparecen censadas dende 1901 as seguintes asociacións:

- La Protección Obrera
- Sociedad de Agricultores de Porto do Son
- Liga de Labradores de Santa María de Nebra
- Liga y Sociedad de Agricultores de Santa María de Nebra
- Sociedad Agraria de Ribasieira
- Sociedad de Socorros Mutuos de San Pedro de Muro
- Sociedad Agraria de la parroquia de Caamaño
- Sociedad Agraria de la parroquia de Queiruga
- Sociedad Agraria de la parroquia de Baroña
- Sociedad Agraria de la parroquia de Muro
- Federación Agraria de la parroquia de Nebra
- Sindicato Agrícola de Loreto
- Sociedad y Liga de Agricultores de Nebra
- Sindicato Agrario Católico Obrero de San Benito de Seráns
- Sindicato Católico Agrícola de Santa María de Nebra
- Sindicato Agrícola Católico de Miñortos
- Sindicato Social, Agrícola y Pecuario de Miñortos
- Sociedad Agraria y de Oficios Varios de Caamaño
- Unión Agraria y pecuaria de Silva y Goyanes

Contando ao longo da historia, a parroquia de Nebra tivo cinco asociacións agrícolas, e dende o comezo tiveron claro nos seus regulamentos as cinco que terían como obxecto exercitar todos os actos ou recursos legais para obter a máis xusta e equitativa proporcionalidade na distribución das cotas individuais dos repartimentos dos tributos. Así pois, nacían unhas asociacións na loita, é dicir, decididas a defender os seus veciños asociados

Labregas de Baroña. F. Cedida por Ovidio Queiruga González

–e véxase que digo socios e non socias, posto que elas só podían ingresar nas asociacións de seren viúvas e por non ter varóns na familia maiores de idade– e a xusta repartición das cotas correspondentes aos impostos. Pedían que tributase máis quen máis tiña, para non empobrecer unha poboación que estaba a ser apremada pola Deputación e o Estado xa dende 1888, para solucionar a mala xestión municipal co traballo e os cartos dos labregos.

Así pois, analicemos dous casos máis, o Regulamento da sociedade *La Protección Obrera*, constituída en Porto do Son en 1901, e o *Sindicato Agrario Católico Obrero de San Benito de Seráns* de 1926, por estaren estes separados no tempo por un cuarto de século e por estaren tamén en parroquias afastadas entre si. Como vimos de argumentar, o papel da muller ao longo da historia sempre estivo aldraxado e mesmo nos sindicatos agrarios podemos evidencialo.

No capítulo segundo, artigo 7, dedicado aos socios de *La Protección Obrera,* considéra-se que poderán ingresar como socios todos os varóns e femias deste termo municipal, maiores de 15 anos, de calquera crenza, nacionalidade, raza ou cor, que foran asalariados, ou que se ocuparan nalgún dos oficios que a sociedade reunise en si.

Non obstante, esta igualdade de condicións "teóricas" entre socios e socias vese quebrada no artigo 13 no que se subliña que as femias non poderían asistir ás sesións e discusións, non tendo nin voz nin voto. Así, para representalas, defendelas e escoitar as súas peticións, nomeábase unha comisión composta por tres individuos (varóns) que era escollida por votación cando se elixía a xunta directiva.

Nesta mesma sociedade, estipulábase que "los cargos para la Junta Directiva se renovarán por votación secreta así como los de la comisión representante de las hembras". Co que podemos supoñer, se non asegurar, que estes cargos estaban vetados para o sector feminino. Das mulleres non se fai referencia a non ser que fosen as encargadas de sacar a familia adiante, ben por seren viúvas sen fillos maiores de idade ou por estaren casadas cun emigrante, o que foi unha realidade indiscutible en toda Galiza.

No caso de que a muller enviuvase tiña que administrar o patrimonio dos fillos e non podía nin endebedarse nin dirixir a propiedade, limitándose a mantela ata o intre no que outro home tomase as rendas.

En canto ao Sindicato Agrario de Seráns, constituído 25 anos despois, nel non se fan distincións de xénero entre os socios, agás no título dedicado a Fin Benéfico, no artigo oitavo, no que se fai referencia aos diferentes casos nos que os socios quedaban fóra do beneficio por enfermidade (gastos de médico, botica) e socorro, así como por socorro de falecemento, entre outros, as mulleres en caso de parto.

O que nalgúns casos se constata a nivel galego é que os sindicatos agrarios máis vinculados á esquerda, ideoloxicamente falando, adoitan defender e ampliar, na maioría dos casos, os dereitos das socias.

Nos regulamentos destes dous sindicatos non se manifesta o veto implícito a que as mulleres ocupasen os cargos directivos dos mesmos, mais non se ten constancia de que elas ocupasen ningún.

Así como estaban supeditadas a uns estatutos feitos por homes que vivían nunha sociedade androcrática na que as mulleres non debían supor un estorbo para os homes, encargados de repartirse o poder efectivo, elas, que tiveron menos dereitos ca os seus conxéneres do sexo oposto, foron as primeiras en defender os mesmos na meirande parte dos conflitos agrarios motivados polos arbitrios e consumos, na historia do agrarismo galego. Constatamos pois, que malia que o traballo das mulleres e estas revoltas foron fundamentais para a modernización e defensa do agro, non foron recoñecidas como merecían e estamos a tempo de reparalo, porque do que non se fala é como se non existise.

BIBLIOGRAFÍA:

Diario de Galicia. 13-10-1916.

Eco de Pontevedra: periódico semanal de anuncios y literatura. 29-03-1870.

El Alcance. Diario católico, noticiero, independiente, telegráfico. 10-05-1897.

El áncora: diario católico de Pontevedra. 28-02-1902.

El anunciador: diario de La Coruña y Galicia. 18-09-1892.

El ciclón: periódico satírico:sopla todos los sábados. 26-09-1885.

El Correo de Galicia: diario independiente de avisos y noticias. 10-12-1910/ 26-01-1911/12-03-1918

El Correo Gallego. 03-06-1885/ 07-09-1886/ 09-07-1889/ 17-07-1889/ 09-07-1892/ 27-07-1892/ 22-10-1897/05-02-1902/ 16-11-1904/ 8-02-1905.

El Eco de Santiago. 01-09-1896.

El imparcial. 06-08-1896.

El movimiento católico. 06-07-1896.

El Noroeste 01-11-1904/ 25-11-1910.

El país de Pontevedra. 07-12-1857.

El socialista. 18-03-1919.

Faro de Vigo. 29-03-1870.

Gaceta de Galicia. Diario de Santiago. Decano de La prensa de Compostela 26-11-1910/19-10-1916.

La Autonomía de Reus. 22-08-1897.

La Corona de Barcelona. 07-12-1857.

La época. 06-08-1896.

La Iberia. 09-08-1896.

La Justicia. 28-01-1896.

La unión católica. 29-01-1896.

La Vanguardia 10-12-1910 /11-12-1910/ 22-12-19010.

La Verdad 22-10-1916.

La Voz de Galicia. 10-09-1892/ 19-02-1902/ 25-10-19.

Agoiros de morte no Concello de Rianxo

Natividad Rey Ordóñez

«[A xente] antes de morrer vían o sinal,
unha luz na casa, dentro ou no tellado»
Carmucha (Abuín, 1940)

O presente traballo antropolóxico ten o obxectivo de estudar e dar a coñecer en que circunstancia, lugar e forma se poden manifestar os agoiros de morte no concello de Rianxo (A Coruña).

Un agoiro[1] defínese coma unha predición de acontecementos futuros baseada en certos feitos que se toman como sinais. En Galicia, sobresaen os relativos á morte.

Por este motivo os anuncios de morte (tamén denominados como *avisos* ou *divisas*) son o tema principal deste traballo, no cal presento unha escolma de testemuños obtidos despois de entrevistar a doce persoas de máis de cincuenta anos. A variedade tipolóxica recollida fixo necesaria a clasificación dos agoiros segundo a clase dos feitos que tras a morte se interpretan como sinais. Finalmente, analizarei un aspecto intrinsecamente relacionado co motivo deste traballo, a especial capacidade premonitoria das chamadas *vedoiras*.

1. A MANIFESTACIÓN DAS LUCES DO ALÉN E O ESPAZO SIMBÓLICO

O fenómeno en relación co Alén que máis se cita no concello de Rianxo é a visión dunha luz que pode agoirar ou anticipar a morte, tanto dun familiar coma dun veciño da parroquia. Esa luz tamén se pode interpretar coma unha ánima que volve do Outro Mundo.

1.1. As *divisas*

Cando entrevistei a señora Mabelis (Leiro, 1937) aclaroume que: «antes había moito diso [agoiros de morte]; non era a fame, eran os espíritos». A historia que me conta fala sobre unha luz que viu a súa veciña Fita antes de finarlle o pai:

> «Fita estaba á noitiña no campo onde se facía a festa do Rosario en Or, e viu baixar unha luz tremenda diante dela. A luz veu de arriba do ceo e cando quixo volver a mirala, xa non estaba. Ao outro día morreu seu pai. Iso tenmo contado Fita e foi certo. Antes víanse as divisas de quen morría. As divisas eran iso, a morte».

Ignoramos se a receptora sabía que estaba ante unha premonición de morte cando viu a luz pero, tras do falecemento de seu pai, a *divisa* instáurase definitivamente como sinal premonitorio. Vemos neste testemuño que a luz baixa do ceo que, segundo a relixión cristiá, é a morada de Deus, das ánimas benditas, dos anxos e dos santos. Polo tanto, neste caso a luz interprétase como un agoiro celestial. O feito de ver unha luz descendendo do ceo á terra tamén está documentado na Illa de Ons por Fernando Alonso Romero[2]. Nese caso a súa función é avisar da chegada da Compaña, integrando o mundo dos mortos (da escuridade) co mundo dos vivos.

1.2. A luz do Monte de Araño

A señora Dolores (Asados,1924) relatoume un suceso que aconteceu hai máis de oitenta

[1] MARIÑO FERRO, R., GÓNZALEZ REBOREDO, X.: Dicionario de etnografía e antropoloxía de Galiza, Vigo, Edicións Nigratrea S.L., 2010, p. 15.

[2] ALONSO ROMERO, F.: Crenzas e tradicións dos pescadores galegos, británicos e bretóns, Santiago de Compostela, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, 1996, p. 149.

anos. Neste caso, Dolores dá conta da visión dunha luz que se manifestaba sempre que había un falecido. A receptora deste agoiro foi súa nai, que viu a luz achegándose á casa do defunto namentres ela estaba amañando o corpo do finado:

> «Antes había moitas cousas raras. Mamá axudaba a unha tía miña a preparar os defuntos, e contaban que cando morría alguén aparecía unha luz nunha montaña do Araño. Cando morreu o Palluso, mamá foi con miña tía preparalo á súa casa. A mamá acordoulle mirar esa luz dende a ventá do cuarto onde estaban co morto, e viuna acercándose pouco a pouco cara á casa. Era unha luz pequena, pero medraba así como se ía achegando».

Castro Barbudo visto dende Asados. Fotografía propia

A aparición da luz nunha montaña é moi significativo, tanto pola visibilidade explícita que presenta na paisaxe como polo simbolismo que representa. A montaña é o eixe que conecta a Terra co ceo e, para a maioría das antigas civilizacións, era un espazo sagrado onde se manifestaba o divino. Así, algúns santuarios localizáronse no alto dos outeiros, como acontece no Monte do Facho, en Donón (Cangas), onde se asentou un dos santuarios máis grandes da Antigüidade no Noroeste da península Ibérica dedicado a Berobreo, deus lar relacionado co Alén e coa morte[3]. Tamén noutro monte, o Monte Seixo, está Portalén, lugar que segundo a tradición oral conecta co Outro Mundo[4].

1.3. A luz da Aurela

A seguinte informante busqueina despois de ler un artigo onde se mencionaba unha luz que aparecía indicando defunto nun monte de Rianxiño. A informante é María (Rianxiño, 1948), e o seu testemuño é o seguinte:

> «Un día, a señora Adoración púxose a contarme moitas cousas e eu vin chea de medo para a casa. Ela dixo que na Aurela aparecía sempre unha luz cando había morto e, dependendo do lado que estivese, sabíase se [o finado] ía a ser de Rianxo ou do Pazo».

Segundo a entrevistada, a luz da Aurela sempre sinala a defunción dalgún membro da parroquia de Santa Comba de Rianxo, mais a localización da luz podía determinar a aldea concreta do defunto. María tamén me relatou a súa propia vivencia perante a luz:

> «Na Aurela [eu] vin coma unha luz fusca dun *pitillo*. Quixen dicirlle a Manolo que estaba comigo pero [pensei que sería] calquera cousa, un bicho mesmo. E quíxenllo dicir pero... deixei pasar. Despois de que ela [Adoración]

[3] BARCIELA GARRIDO, P.: Para o deus Berobreo: aras do santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo, Vigo, Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León", 2005, pp. 45-57.

[4] SOLLA, C.: "O Monte do Seixo: a montaña máxica". Murguía: Revista Galega de Historia, 12, pp. 57-67.

Santuario do Monte do Facho, Donón (Cangas). Fotografía propia

me falou dela, deime conta de que eu alí algo vin».

A mesma entrevistada describiume o lugar da Aurela:

«Era un alto coma de vivir xente alí, dos romanos. Había pedras de muíños, serían de moer á man. Tamén se lle chama ao sitio o Agro do Castro, que disque comunicaba por baixo da terra co castelo da Torre do Pazo.»

Como explica María, a luz da Aurela maniféstase nunha zona onde hai vestixios arqueolóxicos, concretamente os do xacemento inventariado como Castro da Urela ou Castro de Rianxiño (GA15072007). Sobre este sitio tamén recollín outro testemuño da señora Lola, veciña de Rianxiño, que conta que «antigamente, era onde se reunían as meigas na noite de San Xoán, e ese día á Aurela chámaselle a Eira das Meigas». Como curiosidade, esta crenza entronca coa lenda asociada co círculo lítico do Monte Neme, tamén denominado como a Eira das Meigas[5].

O folclore que versa sobre estes restos arqueolóxicos nace da interacción das persoas con ditos vestixios que, formando parte do territorio no que conviven cada día, representan un elemento estraño para eles, posto que pertencen a un pasado e a un contexto cultural descoñecido e diferente. A identificación do conxunto arqueolóxico como algo alleo será

[5] ALONSO ROMERO, F. : Cultos y creencias en torno a los megalitos del área atlántica europea, Santiago de Compostela, Andavira, 2012, p. 46.

Castro da Urela, ou Agro do Castro. Fotografía propia

o que motive a construción dun imaxinario popular e a súa vinculación co Alén. Deste xeito, daríaselle sentido á presenza dese patrimonio no territorio vinculándoo coa vida e as preocupacións da xente que habita no seu contorno[6].

1.4. A luz sobre a ría de Arousa

O seguinte testemuño contoumo Ramón Rey (Leiro, 1950). Neste caso a luz é interpretada como a representación dunha ánima:

> «O señor Moncho de Sartaxes [Abuín] contoume que unha vez viu dende a ventá da súa casa unha luz que viña dende Bamio flotando pola ría. Colleu susto e ao pechar as contraventás sentiu a luz facendo un estrondo. El cría que era a ánima da súa muller, Encarnación, que xa a tiña enterrada».

O medio que emprega a luz para o seu tránsito é o río Ulla na súa desembocadura na ría de Arousa. Neste testemuño podemos ver a reminiscencia dunha crenza que existía entre os pobos celtas, na que o río era o medio do tránsito ao Alén. Os elementos acuáticos en xeral, coma o mar, lagos, ríos, etc., xogaban un papel fundamental na cultura celta, pois era a fronteira natural entre os dous mundos. Na súa mitoloxía, o paraíso aparece frecuentemente representado por illas, como é o *Tír na n-Óg*, a Illa da Eterna Xuventude, un lugar que só se podía alcanzar por unha longa travesía cruzando a auga[7]. Interprétase que un estrondo na porta ou, neste caso, na ventá, é o espírito chamando a un, do mesmo xeito que o chamaría unha persoa viva, cun berro ou petando.

Na ría de Arousa tamén existe unha illa vinculada co mundo dos mortos: a Illa de Sálvora. Namentres a illa estivo habitada existía a crenza de que «a Compaña saía do alto da Gralleira os venres, descendía o camiño alto da Aldea e, pola praia, internábase no mar. Encamiñábase entón ao illote Noro onde pasaba escondida a fin de semana nas covas e despois volvía o luns»[8]. Outra crenza documentouna Fernando Alonso Romero en 1978 cando un patrón de pesca lle contou que «no interior do illote de Noro estaba a estación da Compaña»[9]. O profesor barbancés Manuel Gago explicoume nunha entrevista que a Compaña sae das covas do Illote de Noro e de aí vai ás parroquias do Barbanza.

En Galicia, a procesión das ánimas é frecuente que apareza en forma de luces. Neste sentido, a señora Dorinda (Abuín, 1952) relata que, «na praia de Sartaxes o señor Melchor,

[6] FREÁN CAMPO, A.: "El imaginario de la alteridad como fuente de conocimiento arqueológico e histórico. El caso del noroeste peninsular". Gallaecia, 34, p. 252.

[7] QUINTÍA PEREIRA, R.: "A nosa Señora da Lanzada. A idea do Máis Alá na xénese dun santuario costeiro". Os Celtas da Europa Atlántica, III Congresso Internacional sobre a Cultura Celta, p. 498.

[8] FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E.: Illas de Ons e Sálvora: Historia Natural e Humana, Vigo, Asociación Gallega para la Cultura y la Ecología, 1988, p.121.

[9] ALONSO ROMERO, F.: Crenzas e tradicións dos pescadores galegos, británicos e bretóns, Santiago de Compostela, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, 1996, p. 165.

A ría de Arousa no mapa de Pedro Teixeira. "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos", LXIX, fol. 36v., 1634

cando ía para o arrastre antes do amencer, viu luces que apareceron na ría e foron polo aire cara ao camposanto de Leiro». Neste caso, vemos como as luces poden ser interpretadas como a Compaña dirixíndose ao cemiterio sagrado.

Como os testemuños patentizan, a luminosidade é un elemento imprescindible para a manifestación. As ánimas, os agoiros, as divisas, a Compaña etc., fanse presentes en forma de luz, facilitando a súa visibilidade. Son as crenzas e o poder da mente humana *aculturada* as que dan un significado transcendente á visión destas luces. A percepción do estímulo luminoso fundamenta un edificio teórico de crenzas, posto que a mesma luz forma parte dun esquema mental que eleva o sensorial ao preternatural[10].

2. AGOIROS DA MORTE A TRAVÉS DOS ANIMAIS

As crenzas populares outórganlles habilidades sobrenaturais e incluso máxicas a numerosos animais, entre elas a de predicir a morte. Aínda que para algúns sexan supersticións, os meus informantes cren que realmente hai unha conexión entre os animais co Alén que non se pode explicar.

2.1. As pombas

A seguinte testemuña, a señora Carmucha (Abuín,1942), recorda un presaxio de morte pola visión dunhas pombas:

> «Na agonía de Pepa a Conexa, Evangelina, unha muller de Abuín, viu as pombas saír ás doce da noite. Pombiñas, pombiñas a voar por riba do tellado. E ao outro día morreu Pepa. Era un *aviso*».

Dende a Antigüidade os paxaros viaxeiros eran vistos como almas, e por iso existe a crenza da metamorfose do espírito en ave. As tradicións literarias cristiás e musulmás están ateigadas de historias, lendas e crenzas sobre aves como metáfora da alma humana. Na cultura tradicional irlandesa e galesa críase que os paxaros, en xeral, eran os mensaxeiros ou os auxiliares dos deuses e co seu voo predispoñíanse a servir de símbolo das relacións entre o ceo e a terra. Por iso, outórgaselles no plano simbólico a capacidade de vaticinar, con só a súa presenza, aspectos saudables ou nefastos para o futuro[11]. Como vemos no testemuño anterior, na cultura tradicional galega as pombas podían representar as almas

[10] LISÓN TOLOSANA, C: La Santa Compaña, Madrid, Akal, 2004, p. 130.

[11] ROQUE ALONSO, M.A.: "Las aves, metáfora del alma". Quaderns de la Mediterrània, 12, pp. 236-244.

dos defuntos, e presaxiar a morte cun voo desacostumado.

2.2. O paxaro da morte

A seguinte historia ocorreu hai case cincuenta anos. A informante é unha señora de setenta anos que manterei no anonimato e referireime a ela como "Rosa". Ela conta como o grallar do paxaro da morte agoirou unha desdita na súa familia:

> «Escoitei o paxaro da morte cando estaba no xardín da casa. Busqueino e non o vin. Eu sabía que era el polas carpas que facía arredor da casa, que eran do Outro Mundo. O paxaro da morte sabes que é el porque o escoitas, pero non se ve. Ao pouco mandáronme aviso de que morrera o meu home».

En toda a Galicia tradicional é de mal agoiro ouvir o paxaro da morte. Cóntase que esta ave pode anunciar a morte petando coas ás nas ventás, ou colocándose sobre os tellados das casas ou nos cuartos de quen vai morrer. Esta crenza tamén existe en Asturias, Portugal, Bretaña, etc.[12]

2.3. A avelaíña negra

A mesma Rosa do testemuño anterior conta o seguinte suceso, que tamén lle aconteceu antes de finar o seu esposo. Veremos que a receptora está en alerta e ten respecto fronte ao *aviso,* que se instaura como premonición de morte tras falecer o seu marido:

> «Cando pasou o de Manolo, uns días antes, entrei no cuarto noso e vin unha avelaíña moi grande e negra na parede. Escorrenteina porque eu xa tiña escoitado que aquilo non era nada bo. Pero a avelaíña empezou a voar e voar ata colocarse na cabeceira da cama, ao lado do crucifixo. Eu deixeina estar e fun durmir. Ao día seguinte non había rastro da avelaíña por ningunha parte. E foi despois cando morreu Manolo».

Na tradición popular galega, as avelaíñas traen avisos. Concretamente nas casas das zonas costeiras, cando aparecen as de cor branco dise que axiña haberá carta dalgún familiar que está ausente navegando. Pola contra, as negras agoiran tristes acontecementos. Pero cónstame que tamén esta crenza é común ao Val de Lemos, no interior de Galicia.

3. A COMPAÑA COMO PRESAXIO DE MORTE

Dentro do ámbito da morte, algúns estudosos din que o fenómeno cultural que máis impacto tivo nos galegos é a Compaña, especialmente na zona costeira, dende a fronteira asturiana ata a portuguesa[13]. A Compaña é un grupo de aparecidos que ao ollalos semellan estar vivos e que frecuentemente se manifesta con cirios e ruídos de campaíñas. Esta comitiva fúnebre denomínase con diferentes termos: Santa Compaña, Compañía, Acompañamento, Roldiña etc... A Compaña está vinculada coa crenza de que os mortos veñen buscar a quen acaba de morrer para acompañalo na súa viaxe ao Alén.

[12] REIGOSA CARREIRAS, A., MIRANDA, X., CUBA RODRÍGUEZ, X.: Dicionario dos seres míticos galegos, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2008, p. 188.

[13] GONDAR PORTASANY, M.: Mulleres de mortos: cara a unha antropoloxía da muller galega, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991, p. 18.

3.1. O Acompañamento

A seguinte informante, Maruxa (Rianxo, 1948), relatoume un suceso que lle aconteceu hai moitos anos a unha veciña súa na parroquia de Asados:

> «Antes de morrer, Cesárea estaba na cama, cando sentiu unha campaíña. Mirou á ventá e viu ao Acompañamento. Despois de ver esas cousas ao día seguinte morreu».

Nesta historia está implícita a Compaña anunciado a morte coa campaíña, que é un dos atributos que a identifica e un son asociado do rito funerario. Neste tipo de agoiros, tanto a luz coma o son rompen a cotiandade para avisar o receptor do presaxio.

3.2. O pé da cama é lugar para *outros*

O seguinte testemuño, recollido tamén na parroquia de Asados, protagonízao a señora Virtudes, veciña da miña informante, a señora Teresa (Asados, 1950):

> «Cando agonizaba o irmán da señora Virtudes, ela estaba aos pés da súa cama e, chegado o momento, apartouse porque viñan do Máis Alá cos sacramentos, xa que o seu irmán acababa de morrer. Disque non se pode estar aos pés da cama, hai que deixar sitio para *outros*».

Unha historia semellante documentouna Rosa García[14] en Bretal (Ribeira):

> «Unha muller unha vez ouviu o son das campaíñas; ela pensou que era o viático; levantouse, saíu da casa e foi acompañando a xente. O cura e todos os que acompañaban entraron nunha casa, e foron a unha habitación onde durmían dúas rapazas. Este deu a comuñón a unha rapaza que estaba durmindo na cama. E, de pronto, a muller encontrouse ela soa dentro da casa con todas as portas pechadas e toda a xente da casa durmindo. Espertou a xente e preguntoulle que lle ocorrera. Ela contou o caso. A nai preguntou a que filla lle deran a comuñón, pois as dúas estaban sas. A muller indicou a rapaza. Ao día seguinte a nena que recibiu a comuñón morreu».

Neste testemuño, formúlase que se a Compaña fai a visita durante a noite e, ademais dá a comuñón, a morte é inevitable. Deste xeito, incentívase a alerta premonitoria. Mais, tamén se entrevé unha confusión entre a Compaña e o Santo Viático, xa que o paso deste pola noite incide no imaxinario colectivo.

Velorio. Joaquín Pintos, 1905. Arquivo Gráfico Museo de Pontevedra

[14] GARCÍA ORELLÁN, R.: Hacia el encuentro de mi anthropos: la muerte, dinamo estructural de la vida, Donostia, Universidad del País Vasco, 2000, p. 373-374.

No testemuño de Teresa, os *outros* chegan do Alén para lle entregaren os sacramentos a unha persoa que está no leito de morte. Mentres, no caso recollido por Rosa García, a Compaña dálle a comuñón a unha nena que non estaba moribunda, pero que, aínda así, faleceu.

4. AS *VEDOIRAS*

Unha vez clasificados os agoiros de morte, paso a analizar o papel das *vedoiras,* aquelas persoas con facilidade para percibir mensaxes do Outro Mundo. Tamén se lles chama *sabias* por teren información privilexiada. Aínda que me refiro ás *vedoiras* en xénero feminino, tamén existen homes *vedoiros*, mais cando fixen traballo de campo só recollín historias de mulleres.

Entrevistando a Carme (Abuín, 1940) deume a súa propia explicación do porqué a xente de antes «vía» e agora non:

> «Evangelina vía. A xente andaba tamén coa fame *asulebada* e vía. Había os santos óleos dos vivos cos que bautizan os meniños e había os outros óleos dos mortos. Os curas ás veces enganábanse e bautizaban cos óleos dos mortos, e despois esa xente era a que vía. Vían xente [morta]. Agora non ve ninguén, porque os curas non se enganan».

A equivocación na imposición dos santos óleos no momento do bautismo é moi común no contexto galego e está recollido por varios etnógrafos. Antón Fraguas Fraguas apunta que «...posúen a facultade de ver cousas do outro mundo aquelas persoas ás cales no bautismo por un equívoco do cura, no lugar de serlle impostos os óleos dos vivos, fóronlles os de defuntos».[15]

4.1. A premonición da *vedoira*

O seguinte testemuño recollido a María (Rianxo, 1948) narra unha vivencia que tivo a señora Adoración hai case sesenta anos, a mesma que era capaz de ver a *Luz da Aurela*. Debo apuntar que Adoración tiña sona de *vedoira* na contorna de Rianxo. Ela, ademais de «ver o que non se ve», sabía como sacar o aire, un saber que herdou da súa nai.

> «Valentina, a veciña de Adoración, estaba enferma. A Adoración petáronlle na porta, creo que de noite. Saíu fóra e viu [a Valentina] ir pola horta abaixo cun abrigo. [Valentina] estaba na cama e morreu esa noite. Hai moitas cousas raras que non se poden falar con todo o mundo e non as entenden».

A seguinte testemuña, sobriña de Adoración, fíxome partícipe dun suceso no que veremos que non só perciben premonicións as *vedoiras*, senón que, ocasionalmente, tamén pode percibilas un familiar próximo á vedoira. Nese caso, a vedoira actúa como intérprete da premonición.

> «Eu antes vía na televisión *El hombre y la Tierra* e o meu home acostumaba dicir: "el lobo, el lobo". Un día el marchara á madrugada para traballar no mar e eu quedara na casa cos meus fillos. Pola mañá cedo sentín unhas pasadas polo corredor e escoitei "el lobo, el lobo", pero aquela voz e aqueles pasos tan pesados non eran os do meu home.

[15] FRAGUAS FRAGUAS, A.: La Galicia insólita, tradiciones gallegas, Sada, Ediciós do Castro, 1993, p. 54.

Fun mirar e non había ninguén. Os meus fillos sentiron o mesmo e estaban nerviosos. Sabía que non fora o meu home, pero aínda así, cando chegou ao medio día para comer, pregunteille. Díxome que por suposto non viñera á casa, pero tíñame algo que contar: morrera o seu avó. Entón, eu entendín que aquela voz era a do avó do meu home. Pregunteime por que sentín eu iso se o vello non tiña nada comigo. Un día conteillo á miña tía Adoración e ela díxome que eu sentira iso porque o último pensamento do avó fora recordar o seu neto, e por iso o sentimos na nosa casa».

5. CONCLUSIÓNS

Como vemos, a xente do concello de Rianxo cre que poden anunciar a morte as luces, certos animais do aire (como as aves e as bolboretas nocturnas), presenzas sobrenaturais, a visión do espírito do agonizante, os berros ou golpes na porta ou na ventá, e os sons asociados co rito funerario.

A nivel xeral, as testemuñas denotan unha forte presencia da "transcendencia" e "grupalidade" na cultura popular rianxeira. É dicir, transmiten o sentimento de que a existencia non remata na morte e que a persoa se define como membro dun grupo familiar e veciñal máis que pola súa individualidade.

Tras a análise dos testemuños, podemos ratificar unha das conclusións obtidas por Gondar Portasany[16]. No proceso de dó, a procura das causas da morte é de fundamental necesidade, especialmente no caso das mortes repentinas, onde os agoiros axudan a familia e a veciñanza do defunto a que a morte non apareza como un feito absurdo e sen senso. Para eles, todas aquelas experiencias que, no seu momento non se ven como *avisos*, son interpretadas a *posteriori* como tales, actuando como unha estratexia psicolóxica para anticipar a morte e suavizar a ruptura, evitando a dor de reaccionar ante o imprevisto.

A mitoloxía, as crenzas, as características do rito funerario e os mundos e elementos simbólicos presentes no individuo e na súa comunidade, axudan a enriquecer e dotar de sentido ese mecanismo explicativo da defunción dentro da sociedade na que se inscribe.

"¡Ay, meu homiño, e qué bonito vas co traxe das romerías!". Viñeta de Castelao. Álbum Nós. Lámina 36

[16] GONDAR PORTASANY, M.: Mulleres de mortos, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991, pp. 214-218.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ROMERO, F.: Crenzas e tradicións dos pescadores galegos, británicos e bretóns, Santiago de Compostela, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, 1996.

ALONSO ROMERO, F.: Cultos y creencias en torno a los megalitos del área atlántica europea, Santiago de Compostela, Andavira, 2012.

BARCIELA GARRIDO, P.: Para o deus Berobreo: aras do santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo, Vigo, Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León", 2005.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E.: Illas de Ons e Sálvora: Historia Natural e Humana, Vigo, Asociación Gallega para la Cultura y la Ecología, 1988.

FRAGUAS FRAGUAS, A.: La Galicia insólita, tradiciones gallegas, Sada, Ediciós do Castro, 1993.

FREÁN CAMPO, A.: "El imaginario de la alteridad como fuente de conocimiento arqueológico e histórico. El caso del noroeste peninsular". Gallaecia, 34.

GARCÍA ORELLÁN, R.: Hacia el encuentro de mi anthropos: la muerte, dinamo estructural de la vida, Donostia, Universidad del País Vasco, 2000.

GONDAR PORTASANY, M.: A morte, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 1987.

GONDAR PORTASANY, M.: Mulleres de mortos: cara a unha antropoloxía da muller galega, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991.

LISÓN TOLOSANA, C: La Santa Compaña, Madrid, Akal, 2004.

MARIÑO FERRO, R., GÓNZALEZ REBOREDO, X.: Dicionario de etnografía e antropoloxía de Galiza, Vigo, Edicións Nigratrea S.L., 2010.

QUINTÍA PEREIRA, R.: "A nosa Señora da Lanzada. A idea do Máis Alá na xénese dun santuario costeiro". Os Celtas da Europa Atlântica, III Congresso Internacional sobre a Cultura Celta.

REIGOSA CARREIRAS, A., MIRANDA, X., CUBA RODRÍGUEZ, X.: Dicionario dos seres míticos galegos, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2008.

ROQUE ALONSO, M. A.: "Las aves, metáfora del alma". Quaderns de la Mediterrània, 12.

SOLLA, C.: "O Monte do Seixo: a montaña máxica". Murguía: Revista Galega de Historia, 12.

A Galiza pesqueira no espazo e no tempo

Manuel González Vidal

A MODO DE PREFACIO

Manuel González Vidal (1942-1995), era un profundo coñecedor do mundo da pesca e do marisqueo en Galiza. Entre outros cargos e títulos, foi Xefe de máquinas, profesor da Escola Náutica d'A Coruña, Economista, director do Plan Marisqueiro de Galiza e conselleiro do Tribunal de Contas; autor do libro *El conflicto en el sector marisquero de Galicia* (Akal, 1980) e da sección de artigos *Ventiño marieiro* en El Correo Gallego, ademais doutros traballos entre os que destacamos a participación no volume colectivo *Realidad económica y conflicto social,* que por motivos dunha censura promovida pola entidade convocante foi destruído nada máis saír do prelo. Con todo, os seus autores, dalgunha maneira salvaron os propios textos, que circularon de man en man entre amigos e coñecidos.

A principios da década dos oitenta do pasado século, González Vidal tivo a deferencia de pasarme o seu traballo *A Galiza pesqueira no espazo e no tempo*, que ía formar parte daquel libro colectivo e censurado. Agora, tras unha nova lectura, encontrámolo de grande interese para entender os conflitos da pesca e do marisqueo en Galiza, que se daban cando este texto foi escrito e que nos pode axudar a entender a situación pesqueira e marisqueira actual.

Certamente as cousas cambiaron moito desde aquela, pero a validez deste ensaio está en que a súa análise pode extrapolarse á actualidade.

Sinalamos finalmente que para esta edición fixemos unha mínima revisión ortográfica e lexicográfica do orixinal.

Francisco Ant. Vidal

INTRODUCIÓN

A nazón galega, cunha lingua, cultura, territorio, economía e modelo social propio, insirida no Estado español, atópase na actualidade nun momento crucial da súa historia. Hoxe en día estase esbozando o novo mapa do estado, ao mesmo tempo que un modelo de sociedade se está cuestionando. Esta oportunidade histórica non pode ser desperdiciada de novo por aqueles que se senten galegos. É a ocasión que ten o pobo de enlazar coa súa tradición e tomar a historia como experiencia e obxecto de análise para non caer nos mesmos erros.

Durante séculos, a sociedade galega loitou contra o modelo castelán imperante. Non obstante non logrou vencer e, pouco a pouco, impregnouse do modelo socioeconómico colonizador. Isto produciu unha rotura no sistema; quebra que afecta ao desenvolvemento normal da sociedade, incidindo mesmo nos hábitos da súa expresión, lexislación, categoría de valores etc.

A comunicación presente ten por obxecto analizar a evolución dunha faceta da economía galega e a súa posíbel alternativa; estudarase a pesca de baixura entendendo por tal as pescarías realizadas dentro das augas que hoxe denominamos interiores (mar comprendido dentro das liñas de base e o litoral fóra e dentro das rías), e exporase a evolución socio económica do sector (pesca de litoral, artesanal, marisqueo e cultivos) demostrando a través da análise como as migracións, levas e colonizacións mudaron os hábitos sociais dos galegos, remexendo modelos económicos abocados á dilapidación dos seus propios recursos e á insolidariedade, beneficiando a uns poucos.

A tarefa de enlazar de novo coa historia e poñer a Galiza no camiño que a leve a recuperar a súa identidade é un reto para todos. Porén, todo será inútil se non existe un poder galego sensíbel a toda esta problemática.

1.- ECONOMÍA PESQUEIRA

Galiza en pesca de libres capturas achega o 41 % (500.000 Tm aproximadamente) do total da pesca desembarcada en todos os portos do estado, correspondéndolle o 37 % do valor destes produtos en primeira venda. No mesmo período produciu no interior da rías 300.000 Tm de moluscos (principalmente mexillón) en bancos, parques e bateas cun valor superior aos 4.000 millóns de pesetas polo mexillón e 2800 por moluscos e crustáceos de libre captura.

Esta función extractiva ocupa, continua ou temporalmente, un centenar de miles de galegos, xerando postos de traballo en industrias directas do sector (conservas, cetarias, depuradoras, cocedoiros etc.) mobilizando ao mesmo tempo o sector de servizos. A conxunción de ambas sostén de maneira indirecta sectores que ocupan un considerábel número de produtores, bens e servizos (estaleiros, maquinaria, redes, etc.), como consecuencia dunha demanda derivada do sector pesqueiro Esta breve exposición evidencia a importancia do sector pesqueiro na vida económica de Galiza, xa que o 14,7 % da súa poboación activa vive directa ou indirectamente do sector, e outra gran parte participa do desenvolvemento social e do crecemento económico xerado pola pesca. Pódese afirmar que a pesca de baixura, tanto pola súa importancia social (nivel de emprego e distribución salarial) como pola súa importancia económica, é un factor

decisivo para o aceleramento industrial e multiplicación económica de Galiza. Con todo –aquí é onde se acha a gran contradición da economía galega–, os mariñeiros como colectivo receben "exclusivamente" a décima parte do valor do produto manufacturado e a cuarta parte cando a pesca se comercializa en fresco.

2.- RELACIÓN ENTRE OS SUBSECTORES DA PESCA

A actividade extractiva dos recursos mariños, en calquera das súas modalidades, nas augas interiores galegas, condiciona a forma específica de traballo, as relacións económicas e aínda a forma de vida. Todo cambio supón transformación da estrutura socio-económica, de relacións familiares e comunitarias. A providencia familiar e de grupo, a socialización dos novos membros, as relacións de propiedade, as formas de dominio e articulación das clases, son froito de relacións de produción específicas.

As condicións da pesca, a comercialización e industrialización que se sucederon ao longo do tempo, modelaron en Galiza a forma de vida da familia, o barrio e a súa localización. Condicionaron o conxunto de manifestacións, crearon novas actitudes ante cada evento e chegaron a provocar emigracións e retornos.

Cada mutación, apoiada ou non polos poderes públicos, significou e significa no presente unha reorganización das relacións sociais que se traduce en:

a) Variación da forma e concepto da propiedade do buque, apeiros e artes e aínda nos cambios físicos dos mesmos.

b) Variación da estrutura familiar (extensa e nuclear) e de grupo competición ou cooperativismo) así como do aparato de organización social de gremio, Pósito, confrarías, etc.)

Vexamos a influencia que cada grupo, polo rol desempeñado, exerce sobre a sociedade e as relacións de dependencia creadas.

1. O pescador é oferente de produtos perecedoiros; por iso debe vendelos o máis pronto posíbel. A imposibilidade de retorno ao mar –perdería todo o traballo– e a carencia de medios de conservación, debilítano á hora de fixar o prezo. Se a isto engadimos o feito de que a produción do pescador está suxeita a múltiples factores variábeis (clima, colleita, lexislación) que fan flutuante a súa economía, comprenderemos a súa incapacidade para desaproveitar calquera ingreso por pouco remunerador que este resulte. O mesmo que o cazador, o pescador é independente, traballa en solitario ou en grupos reducidos.. A súa forma de produción (=ausencia) non lle permite a frecuencia de relacións sociais, de produción e organización: extracción, prezo, cantidade, defensa. Do exposto dedúcese a indefensión do pescador ante o comprador.

2. Se é triste a posición do pescador, non o é menos a do industrial (conservas, cocedoiros, etc.). Posúen industrias de dimensións reducidas e en parte non liberadas do sistema de produción familiar. Consecuentemente, carecen de capacidade financeira e subsisten grazas ao crédito de campaña. O conserveiro está continuamente suxeito á variación de prezo da materia prima (pesca).

O intervalo entre a adquisición da materia prima e a venda da manufactura é longo. Supón pago de persoal e outros *imputs* excesivamente custosos antes da materialización da liquidez. Así, desembócase nun proceso de descapitalización acelerado da industria a unha dependencia crediticia unida a unha competencia excesiva.

3. O comercio pesqueiro é a parte do sector con menos perigos. Compra –coa axuda dos medios de comunicación– sobre un prezo de garantía no mercado. Se non lle interesa a mercancía ou o prezo, non realiza a compra. O seu reducido número fronte ao dos vendedores dálle vantaxes e permítelle unha grande capacidade de pactos e organización. Poden seleccionar os produtos a comprar, posuíndo os medios de conservación e distribución adecuados. A capacidade financeira é alta e non gravosa. Manteñen unha gran fluidez do retorno monetario do produto distribuído e moratoria no pago da súa compra.

Analizados os tres subsectores, sen dúbida, o comerciante goza de maior número de vantaxes. Móvese dentro dunha intricada rede comercial de escasa diafanidade e case monopolista. En Galiza estes tres subsectores non están claramente delimitados e iso obstaculiza o coñecemento da realidade. Existe un sen número de persoas activas en dous ou tres dos subsectores analizados. Non é raro atopar armadores de buques que son compradores e exportadores, posuíndo nalgún caso industrias derivadas da pesca. Igualmente podemos achar conserveiros ou depuradores propietarios de pesqueiros e bateas que se dedican complementariamente á actividade comercial. Isto demostra que existe confluencia do sector extractivo e industrial cona actividade mercantil ou intermediaria. O grupo comprador que aparecía a primeira vista como dominante, refórzase controlando a produción e industrialización directamente. Desta forma os tentáculos de dominio esténdense ao proletariado de todos os sectores, aos homes do mar e ás súas mulleres nas fábricas e mercados.

3.- A GALIZA PESQUEIRA NA HISTORIA

A extracción dos froitos do mar polos poboadores da costa galega –emigrantes ou sedentarios– pérdese na escuridade dos séculos. Os cuncheiros son testemuñas do aproveitamento que facían no mar os nosos antecesores. Nunha primeira etapa, son os moluscos sedentarios das zonas intermareais e a medida que crean a tecnoloxía, expanden a súa actividade a especies habitantes en zonas máis profundas e de captura máis difícil.

A historia, xa escrita, móstranos a pesca como unha actividade de certos pobos de segunda categoría dentro do contexto político-administrativo de Europa. Islandia, Gales, Escocia, Irlanda, Noruega etc. Destes estados ou nacionalidades poucos chegaron á independencia política. Algunha destas nacionalidades está inmersas e subxugada historicamente en estados imperialistas que concibían o mar, non como fonte de recursos alimenticios, senón como medio de conquista ou defensa e transporte.

O imperio romano lexislou sobre a pesca, establecendo a liberdade dos mares: "A pesca é propiedade en calquera lugar que se realice do pavillón da nave que a capture". O problema non era grave para Roma. O Mare Nostrum e todas as augas coñecidas, sucábanas os seus barcos e alí faenaban súbditos ou escravos

do Imperio. Permitíase a libre navegación xa que as naves eran de Roma ou dos seus tributarios: A *Pax Romana* estendíase a todo o mundo coñecido.

Coa caída do Imperio romano e a aparición doutros grandes imperios (Oriente, Otomán, Sacro-román, Árabe) pásase á libre captura de buques mercantes ou pesqueiros en razón da forza ou da oportunidade. O dominio do mar é unha aspiración de todo imperio. A hexemonía naval supón dominio comercial e sostén de todo poder político. A pesca seguía sendo patrimonio dos pescadores; porén, o dereito romano tiña aplicación exclusivamente local.

Máis tarde os imperios modernos (Francia, Inglaterra e España) loitan polo dominio marítimo coa finalidade de limitar o poder dos seus adversarios e manteren a súa hexemonía. Loxicamente, os menos poderosos claman polo recoñecemento dun dereito que lles permite sobrevivir aos menos favorecidos. Holanda proclama: "O mar é libre e de todos xa que ninguén poder poñerlle valados". Sempre os máis fracos reclaman dereito: antes Holanda, despois o terceiro mundo. É interesante salientar que as potencias europeas deixan libre o mar e fechan os ollos ás actividades dos seus corsarios para que estes realicen as funcións que eles non poden facer por teren empeñadas as súas reais palabras.

Galiza, nos comezos do século XVIII, é mariñeira e pescadora. A súa organización socio-económica de corte feudo-clerical, corresponde ás necesidades comerciais e bélicas do imperio. Unha análise da mesma, resalta o seu particular:

a) Organización: gremios de mareantes que se encargaban da ordenación pesqueira. Conceden licencias de navegación, captura, regulamentan técnicas e quendas de capturas.

b) Recadación: os gremios encargábanse de recadar os dereitos e impostos do señorío; o décimo da Igrexa e as cotas das demais obras pías. Controlaban e cobraban os impostos sobre o comercio e os produtos da pesca.

c) Policía: recrutamento de levas para o servizo das naves reais e demais funcións delegadas.

d) Providencia: os gremios mantiñan unha especie de Seguridade Social para mantementos de viúvas, orfos (quiñón do morto) e impedidos. Facíanse cargo do mantemento dos recrutados a levas e familiares.

A continua guerra mantida por España, demandaba para a Armada Real, fornecida por presidiarios (ver "El Quijote"), maior número de homes que puidesen enfrontarse ao inimigo sen marearse. Así, Patiño e o marqués de la Ensenada publican as "Ordenanzas Generales de la Armada y Matrícula del Mar". Este traballo, realizado de forma inconexa polo primeiro e integrándoas o segundo, perdura. Atenuouse o tempo de servizo por falta de conflitos bélicos.

Se os séculos XIV e XV foron de calamidades para o mundo, para a Galiza pescadora os séculos XVII e XVIII non foron de fortuna. Unha análise da ordenanzas evidénciao:

Título VI:

Iº.- Só os matriculados poderán exercer a profesión de mariñeiro.

"Todo vasallo mío que quiera seguir la profesión de marinero en cualquier ejercicio que sea, se matricule pudiendo ser empleado a mi servicio para tripular los vaxeles de mi Armada"

(EL REY)

2º.- Os matriculados non están suxeitos a comparecer a xuízo ante xuíces ordinarios e todas as súas causas civís ou criminais serán xulgadas e sentenciadas pola xurisdición de Mariña, mantendo os pagos que lles corresponden aos seus señores e lexitimamente deben contribuír ou contribuían antes de estar matriculados.

3º. Fica libre de Reais Impostos a circulación de mercancías do mar en todo o reino.

Estas ordenanzas establecen a liberdade de comercio, permiten que veñan os fomentadores cataláns e deron lugar á paulatina desaparición dos gremios de mareantes e destes como pescadores. Todo home útil entre os 16 e os 50 anos foi levado para tripular buques da armada. En 1787, o número de matriculados era de 51000 homes e as necesidades da Armada de 111000. Para dar unha idea do alto tributo pagado por Galiza, baste engadir que o meu propio pobo, Palmeira (1730-1800) contribúe con 176 mortos e o número de veciños era de 220. A toma do poder político pola burguesía e a perda do imperio permitiulle ao galego volver á súa terra onde se atopa cunha nova orde.

Agora a pesca estrutúrase baixo modelos máis racionais pero non máis xustos. As mans mortas pasan a súa renda á burguesía. Novas relacións de clase e produción nacen e, en contra do esperado, o pragmatismo catalán alíase e contáxiase da clase que substitúe. Desaparece o aspecto gremial, rómpese o vínculo grupal. Promociónase o individualismo, a competencia e sobrevive o máis dotado. As diferenzas de status proxéctanse en termos monetarios. Anteriormente, estas ligábanse ao prestixio e ao berce, e a diferenza económica era factor secundario.

A explosión demográfica e o desenvolvemento industrial dan lugar ao nacemento de núcleos de poboación, crecemento doutros, así como a aparición dun novo modelo urbanístico que rompe coa tradición.

Se contemplamos a Galiza do século XVIII, vemos que os núcleos urbano-pesqueiros máis antigos sitúanse nas ribeiras sur e fondos de rías: Bouzas, Vigo, Baiona, Redondela, Pontevedra, Marín, Cambados, Vilagarcía, Carril, Noia, Viveiro, Pontedeume, Ferrol, Ortigueira, A Coruña. Todos eles están protexidos dos vendavais: a Poboa do Caramiñal, Muros e Rianxo que forman a súa propia ría dentro da ría, estando igualmente defendidos do sur. Todos os lugares enumerados son de gran riqueza agrícola e corresponden ao modelo feudo-clerical dominante. As zonas da outra ribeira (norte) expostas ao sur, eolizadas e erosionadas, son máis pobres agricolamente (estreita franxa de aluvión, agricultura interior). Este dato explica que os cataláns se establecesen aquí, xa que este chan industrial era máis barato e estaba menos poboado. Hai unha explosión demográfica de zonas abertas ao sur: Cangas, Portonovo, Ribeira, Palmeira, Pesqueiras, Porto do Son, Esteiro, Muxía etc., que grazas a esta colonización nacen ou se desenvolven. Xorden factorías e á súa volta casas en calexas estreitas, creando un novo modelo de hábitat (penal ao sur, galerías ao leste etc.).



A achega catalá non se reduce á revolución tecnolóxica; trae o espírito da revolución burguesa: liberdade de pesca, liberación de décimos, desaparición dos gremios son parte das novas formas. A nova clase foi acaparando propiedades de todo tipo, especialmente piñeirais e zonas susceptíbeis de plantar viñedos. Supeditan Galiza aos seus intereses, posúen materia prima para a conservación do pescado e incrementan o comercio de viños e augardentes. Forzan o galego a unha dependencia crecente de traballo na pesca con salarios de subsistencia que levan consigo proletarización.

As novas artes extractivas fan rexurdir a necesidade dos mariñeiros de reorganizarse. Precisan loitar contra a opresión e o desemprego que lles impón a clase dominante e foránea. Nacen os "Pósitos", (Confrarías) baseados na filosofía do vello gremio pero adaptados ao novo modelo de produción. Como unha mancha de aceite de sur a norte, as novas organizacións aparecen mesmo con estatutos copiados. Queda claro neles a súa finalidade: organización cooperativa para vida en común, servizos de axuda para buques, seguridade social para viúvas e orfos, xubilados e impedidos. Sen dúbida, quen os soñou e plasmou lera a Karl Marx e redactounos impregnándoos de certo aquel galego.

> Art. 1º: Constitúese a Confraría de pescadores de... "....." como necesidade de cooperativa de solidariedade entre os mareantes e os seus familiares.
>
> Art. 2º: Esta Confraría é apolítica e irrelixiosa.
>
> Art.3º: A finalidade primordial desta Confraría de pescadores é a redención da clase traballadora do mar.

A revolución industrial trae os buques de propulsión mecánica (motor), que deixa inactivos máis brazos. Os pescadores autónomos non poden competir, e unha leva indirecta obriga o galego á emigración: "A facer as Américas". Se para servir nos buques reais eran levados por necesidades imperiais, para emigrar a fame era o cruel acicate. Pescadores de Arousa, principalmente de Palmeira, enrólanse nas Mariñas de Guerra dos Estados Americanos. As cancións populares móstrannos esta apocalíptica realidade:

Desde que foi a motora
Así nos foron quedando
Como o galo de Moró
Sin plumas e cacarexando...
Outra:
Algún día largábanse as redes
E vivíamos toda a pobreza
Caeu a motora no mar,
Acabouse toda a riqueza.
E outra:
Cando non haxa sardiña,
Que farán os cataláns?
Andarán pola ribeira
Tirándolle pedras ós cans.

Finaliza así unha etapa liberal. A ditadura primorriverista traerá consigo unha lexislación que acentuará a represión. O ministro Aznar o 21/6/1923, en decreto firmando por D. Alfonso de Borbón, promulga a "Ley penal de la Marina Mercante". Os mariñeiros volven á situación militar, mesmo os que realicen funcións produtivas. Serán xulgados polos tribunais da Armada, e o 7 de novembro do mesmo ano, o directorio de Primo de Rivera eleva esta lei a "Ley del Reino". Considera esencial para salvar España esta elevación de rango legal. Co advento da República, o xurdir das liberdades democráticas fai que as Confrarías recuperasen o seu quefacer. As comisións paritarias permiten o crecemento da flota, estabilidade de prezos e rotura da opresión excesiva do industrial. Non se extinguiu o dominio de clase, pero suavizouse. O triunfo franquista corta o camiño libertario elixido polos pescadores, e o novo estado de excepción enlaza co pasado en todos os seus métodos. A administración civil substitúese pola militar. Esta perdura a pesar de que en decembro de 1978 se aprobou unha constitución democrática. Son funcións militares o despacho de buques, inspección, artes e vedas e, loxicamente, a aplicación da lei penal en vigor a pesar da súa dubidosa constitucionalidade. En 1940, os homes volven da fronte e o mar acólleos para repartir a miseria. Para a nova orde, o mar forma parte do imperio e os mariñeiros non son cidadáns senón delincuentes levados a galeras. Abólense as Confrarías. Metamorfoséanse en órganos do sindicato único-vertical. Como consecuencia da revolución nacional-sindicalista, aparecen baixo a advocación da Virxe do Carme o do santo patrón en quenda as confrarías. Son de inscrición obrigatoria e os seus fins son: "servir a Dios, España, El Caudillo y su revolución nacional-sindicalista" (sic.). Os estatutos, homologados pola CNS, contan con máis dunha ducia de páxinas de artigos fargallentos enumerando cotas, obediencias, obrigacións, controles e demais normas de homenaxe aos seus dirixentes, confrades e santoral. Como dato anecdótico, inclúe no seu articulado que o Patrón Maior debe portar o estandarte da Virxe mariñeira, e cal debe ser o protocolo a seguir nas cerimonias relixiosas. O único dereito que se lle recoñece ao pescador é que "si muere en el mar realizando su actividad y si su cofradía tiene fondos, ésta correrá con los gastos del entierro y lutos familiares".

Se comparamos esta lexislación coa promulgada por Patiño e Ensenada, esta é



avanzada. Os gastos mortuorios corren a cargo dos confrades, mentres que a borbónica dáballe exclusivamente o dereito de morrer como fillos dalgo.

A ditadura exerce soberbio control sobre os homes do mar. A simbiose secretario –falanxista de pro–, e o patrón maior –falanxista ou bo vasalo–, enlazando politicamente a nivel nacional co apoio da autoridade da mariña, dá orixe a un novo caciquismo de vello cuño, reformado e ampliado a nivel nacional. Con este novo enxerto social, a burguesía ten man de obra domada, sen dereitos socio-laborais e salarios de miseria. Estes dereitos e obrigacións áchanse rexistrados maxistralmente en frase do malogrado Almirante Carrero Blanco, piloto do réxime fenecido: "Estamos aquí para servir a los deseos del pueblo pero si el pueblo se equivoca, el ejército le hará entrar en razón". Podemos apreciar nesta frase que, como o bo mariñeiro, a lei penal non deixaba de inspiralo.

De novo comezan as vagas migratorias. Nos primeiros quince anos da Pax franquista, as levas diríxense á mercante española: Aznar e os seus beneficiarios tiran proveito desta lexislación. O señor Aznar chega a dicir. "Mientras las gallegas sigan pariendo, mis barcos no amarrarán" (a pesar de que as galegas seguen parindo, a súa flota ficou reducida na actualidade a un 7%). Os galegos enrolados en buques españois desertan en portos americanos, conseguindo un posto de traballo e deixando coa súa vacante unha chave para a liberdade doutro paisano.

Os anos 60 traen o boom de buques conxeladores españois e a apertura de libres contratos laborais con navieiras doutros pavillóns. A afluencia de diñeiro polas remesas de emigrantes permite capitalizar o sector pesqueiro de baixura. O fin da autarquía, avances tecnolóxicos e mellora dos medios de comunicación, revalorizan os produtos

pesqueiros, aínda os máis míseros e non comercializados anteriormente.

Proliferan os parque de cultivo e servizos complementarios. Rómpese así a temporalidade da industria conserveira, suxeita ata ese momento aos ciclos das especies. O mexillón, a revalorización de especies como o berberecho, a cabala etc, fixeron revivir a industria. Actuou como o millo co barbeito e a postura va do agro galego.

O aumento e modernización da flota trouxo capturas copiosas e rendíbeis. Comeza unha etapa de benestar e obsérvase o paro encuberto. O desenvolvemento económico sectorial provoca a concorrencia doutros sectores para compartir a fortuna da pesca. A crise mundial trae de novo os emigrantes. Día a día unha masa maior e con mellores medios, participa na colleita. Así chégase ao conflito polo territorio, prezo e taxa de extracción, que se fai cotián e crónico. Rómpense as normas tradicionais e o exército vese impotente para aplicar a lexislación. Os mariñeiros esixen democratización da confrarías que son instrumentos inservíbeis para a nova situación.

Ate o de agora o sector pesqueiro de baixura viña actuando como unha esponxa: o mesmo que esta absorbe a auga sen manifestación volumétrica, o mar absorbía ao parado sen que se note. Porén, como a esponxa, se a pesamos, o maior volume de homes do mar tróuxonos unha situación de sobre pesca que inflúe nos prezos e nun excesivo peso, non aparente, pero real no sector.

En conclusión, o sector extractivo chegou ao seu punto de saturación. Esta competencia produtiva fomentada pola administración (pasiva) e a industria (activa), converteu o traballador do mar nun ser cada vez máis explotado por homes alleos ao mar.

4.- A FAMILIA PESCADORA

Como xa temos analizado, a sociedade pescadora foi modelando a forma da familia ou grupo familiar ante cada impulso socio--económico. O cambio social, é dicir: sistema de organización, concepto de propiedade, estratificación social e herdanza, a providencia familiar e de grupo, o hábitat e a forma da vivenda, realizáronse no tempo influídos pola variación das relación de produción.

As formas de relación non son homoxéneas en cada etapa nin a transformación se realiza en todas as comunidades ao mesmo tempo. A dimensión do núcleo de poboación, a comunicación exterior, a incidencia da vella sociedade e o factor de modernización industrial producen un asincronismo no cambio social. Hai por iso coincidencia cronolóxica do vello e novo sistema. Núcleos que rompen totalmente e outros nos que perdura o vello sistema a pesar dos cambios sucesivos.

A) Etapa feudo-clerical

É o estado gremial de mareantes. O dominio correspondía ao señorío e ao clero que gozaban de todos os privilexios e impoñían os seus feitos e décimos a unha poboación ao límite da subsistencia e suxeita a continuas levas para formar parte dos exércitos reais. A supervivencia de comunidades baseábase na propia estrutura comunal, que mantiña a súa propia seguridade de grupo á parte da imposta polo gremio. Podemos dicir que non era providencia, era outra carga máis. Os medios de produción pertencían *nominalmente*



aos patróns (especie patriarcal do mar) das familias. A propiedade non significaba exclusividade senón administración, protección e control. O padroádego significaba prestixio e respecto (status) e esta diferenciación social non implicaba diferenciación económica. A administración de bens familiares, a súa utilización e coidado correspondían e éranlle obrigados ao patrón, que estendía a súa influencia a todo o grupo de familiares: irmáns, fillos, sobriños etc. O matrimonio normalmente realizábase dentro da comunidade e a ser posíbel fóra do grupo familiar (clan). A necesidade de Dispensa Eclesiástica para os familiares institucionalizaba a norma, ao mesmo tempo que obrigaba á interrelación de todos os grupos familiares da comunidade polas relacións matrimoniais.

A herdanza (translación de status) era patriarcal. A muller incorporábase polo matrimonio á familia do seu marido e adoptaba o seu nome familiar. A viuvez en calquera caso non a obrigaba a abandonar o lar adoptivo. A seguridade da familia mantíñaa a propia familia e, subsidiariamente, os outros grupos familiares cos que tiñan intercambiado fillos e, por iso, netos comúns.

Desta forma, a comunidade, tendo en conta o seu tamaño, participaba na defensa de todo o grupo, sobre todo daqueles que sufrisen desgraza por accidente no mar –que podía significar a desaparición dos varóns de idade laboral dunha familia– achegando unha parte cada familia, denominada "quiñón do morto" ata que os orfos varóns puidesen

incorporarse ás faenas da pesca. No caso de que a desaparición fose só dos varóns capaces de asumir o padroádego, un membro doutra familia asumía estas funcións, e parte dos varóns do grupo en desgraza pasaban a formarse entre os demais grupos, practicando a actividade pesqueira.

Ao falecemento do patrón, a sucesión organizábaa a familia, e calquera dos varóns (irmáns, fillos ou sobriños) podía asumir o papel, anque normalmente a primoxenitura e a idade eran condicionantes.

A muller participaba máis intensamente na vida de grupo segundo o seu marido subía de graos na posíbel asunción do padroádego. A patroa era a verdadeira ama nos asuntos de familia. Anque o rol exterior era sempre exercido polo xefe familiar. A reunión de patróns, chamada o "comparendo", era a asemblea de notábeis, cuxa misión era xulgar as accións consideradas ilícitas na pesca. As súas decisións eran executadas polo gremio que impoñía a sanción correspondente.

B) Época borbónica

Coa promulgación da liberdade de pesca e comercio, a intensificación das levas para o servizo nos buques reais ("Reales vexeles") e a afluencia a Galiza dos fomentadores cataláns, comeza o proceso de desintegración das estruturas socio-económicas da época feudo-clerical.

A ausencia e desaparición dos varóns que tiñan que realizar o servizo na Armada desde os 16 aos 60 anos, deixa as comunidades pesqueiras formadas por mulleres, vellos, nenos e impedidos.

A pesca realízana os cataláns con artes e buques máis eficaces. Coa perda dos ingresos da pesca, procedentes do traballo do varón, as familias de pescadores pasan a buscar os seus ingresos na agricultura e, sobre todo, na industria de salga como asalariados. A muller convértese na provedora exclusiva dos bens para a subsistencia da familia. A estrutura familiar rómpese ao non existir xa os lazos de consanguinidade que se establecían coa existencia dos varóns. As funcións de patrón e varóns son asumidas na súa totalidade polas mulleres que se independizan nuclearizando a familia.

A herdanza, antes patrilineal, faise matrilineal. O varón establécese na casa da muller. A defensa do grupo impón o modelo. O varón é o que debe abandonar a casa (pesca, servizo na armada). A continuidade do vello sistema só podía significar nesta etapa unha continua indefensión e competencia interna, por iso se estrutura a familia, en busca da estabilidade social, nunha forma de familia extensa cunha clara xerarquía matriarcal.

C) Etapa burguesa

Coa perda do imperio finaliza o servizo vitalicio na Armada para os pescadores galegos. Ao seu retorno a casa áchase cunha nova realidade. Desaparecido o grupo familiar e organizada a familia de forma extensa e matriarcal, transformada a herdanza en matrilineal. Novas relacións de produción, novos amos, décimos e peitos en extinción.

Esta nova situación que durará, con altibaixos, ata a metade do réxime franquista, tradúcese en que o pescador é progresivamente afastado da propiedade e uso dos medios de produción tanto en terra (montes e agros) como no mar (buques e artes), onde



imperan outras fórmulas de capturas, buques de maiores dimensións e de gran capacidade extractiva. O pescador que non fai as Américas somérxese cada día máis nun estado de proletarización moi peculiar, empregándose nos buques dos industriais ou pescando de forma autónoma para aqueles.

Segundo se modernizan os buques (potencia e artes) e se transforman en medios de extracción industrial de recursos pesqueiros, os ingresos por pescador asalariado increméntanse, facendo menos necesaria a existencia da familia extensa como modo de vida e de protección familiar. A desintegración das

familias extensas e a articulación en familias nucleares ten o seu punto de inflexión no franquismo. A absorción de mariñeiros pola Mariña Mercante, grandes arrastreiros conxeladores e a emigración a América e Europa establece xa definitivamente a nova estrutura familiar. Desaparecida a enorme competencia entre pescadores e o melloramento da pesca de litoral e artesanal, o novo sistema familiar expándese por toda Galiza. Cada matrimonio crea o seu propio lar. A independencia, diversidade e variabilidade dos ingresos de cada membro faría difícil a convivencia de familia extensa.

5.- A SOCIEDADE PESCADORA ACTUAL

As comunidades que forman a Galiza pescadora, cuns trazos comúns todas elas, presentan unha serie de variedades que as caracterizan. Sen querer ser exhaustivos, para velo máis claro, dividiremos en catro grandes grupos a sociedade pesqueira:

a) Comunidades pescadoras natas.
b) Comunidades pescadoras artesanais.
c) Comunidades agrarias.
d) Comunidades pescadoras industriais (Mancomunidade).

As primeiras (pescadoras natas) continúanas aqueles núcleos de poboación cuxos ingresos proveñen única e exclusivamente das vendas da pesca que eles capturan.

Estas comunidades están asentadas no exterior das rías ou nas zonas interiores das mesmas, máis próximas ao océano (Foz, Burela, Cariño, Muxía, Fisterra, Corme, Laxe, Aguiño, Bueu etc.).

Forman núcleos compactos de casas situadas na costa, preto dos caladoiros atlánticos, a onde acaden, salvo inclemencias climatolóxicas, todos os días do ano. Nestas zonas os cultivos agrarios son nulos ou escasos, por ser zonas batidas por ventos salitrosos. A industria, o mesmo que a agricultura, é escasa, e no caso de existir limítase a pequenas factorías de conservas de pescados e mariscos.

O segundo grupo (pescador-artesanal) fórmano comunidades localizadas no interior das rías. Desenvolven a actividade dentro das mesmas e acostuman a compartila co cultivo do mexillón e o marisco. A distribución das casas é menos densa ca no grupo anterior, e coa pesca conviven a industria, o comercio e a agricultura. Os exemplos son Ribadeo, Ortigueira, Cedeira, Miño, Mugardos, Sada, Caramiñal, Rianxo, Vilanova, Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Moaña etc.

O grupo "c" (agro-nautas). O pescador destas comunidades non convive, como o anterior, co agricultor ou o obreiro industrial, senón que el propio é ambas cousas. É pescador unha tempada e agricultor outra. Presenta este grupo as características máis antigas de produción simbiótica. Estas comunidades, algunhas delas concordan coas vilas históricas, están situadas no extremo máis interior das rías, onde o río se funde co mar. Noia, Carril, Taragoña, Arcade, Redondela etc. son os mellores exemplos.

Por último, o grupo catro, formado polas grandes vilas e cidades costeiras, A Coruña, Vigo, Marín, Ribeira etc., onde a pesca desembarcada dá lugar a un gran movemento económico. A pesca nestes portos mantén unhas relacións de produción industrial. Os pescadores son na maior parte asalariados e a súa forma de vida está máis preto da do

obreiro industrial ca da dos demais grupos de pescadores.

Como se poderá deducir desta sumaria descrición, a diversidade de situación e volume das comunidades, a diferenza do medio e métodos de produción etc. condicionan as relacións familiares e sociais de cada núcleo de poboación e de cada grupo de comunidades. A variabilidade dos servizos, das relacións de produción e comercialización obrigan os pescadores a manteren unhas pautas de comportamento familiar e social específicas.

Nas comunidades do primeiro grupo, a escasa ou nula industrialización e a carencia de chan cultivábel fai que a familia estea obrigada a vivir única e exclusivamente dos ingresos procedentes da pesca e achegados polos varóns. A muller non pode participar nos traballos remunerados. O seu traballo redúcese á casa, a axudar ao seu marido no mantemento dos apeiros e a intervir na actividade de comercialización da pesca.

O papel máis destacábel da muller plásmase no proceso de educación dos fillos (o varón non participa) e na administración dos ingresos e bens. Considérase que o varón, ademais de procrear, cumpre a súa misión familiar económica ao poñer o pescado no peirao para a venda ou entregando o salario á súa muller. A familia constitúese en nuclear, porque cada individuo non produtivo (non apto para o mar) é unha carga. As relacións sociais son intensas e o loito familiar é loito social. Sobre todo se a morte é de varón.

Polo contrario, nas comunidades pescadoras-artesanais e agrarias a muller participa intensamente na produción e achega á casa ingresos similares aos do home. As mexilloeiras (bateas), o campo, a industria, o comercio e o marisqueo son actividades normais da muller nestas comunidades. O absentismo feminino é escaso. Como contrapartida, o varón, ao contrario que no grupo anterior, participa no comercio e educación dos fillos. Hai que ter en contra que a ausencia do varón é máis curta e que o perigo de viuvez por accidente é inferior ao das comunidades pescadoras natas.

Para finalizar esta parte debemos salientar que a especialización de comunidades naceu cos primeiros tatabexos da industrialización dos recursos pesqueiros polos fomentadores cataláns. A importancia relativa da produción foise desprazando para as zonas exteriores ou bocas das rías. As causas veñen dadas por:

1º. A proximidade aos caladoiros atlánticos onde se poden realizar pescarías industriais ou semi-industriais.

2º. Procura de solares industriais baratos, o que significa pouca densidade de poboación e de escasa produción agraria.

O afastamento dos caladoiros atlánticos dos portos interiores da ría foi factor limitante. O tempo de navegación (tempo e consumo) facía non competitivos os buques dos portos tradicionais. A iso viñéronse sumar as melloras das comunicacións terrestres, dándolles vantaxes aos portos do exterior. Como consecuencia, os portos tradicionais do interior das rías foron perdendo a súa importancia nesta clase de pescarías, especializándose na pesca artesanal, marisqueo e cultivo do mexillón. Hoxe podemos ver como portos de gran importancia pesqueira ata principios de século foron paulatinamente cedendo categoría pesqueira a outros máis novos localizados máis ao exterior. Noia, Rianxo, Vilaxoán, Caramiñal; Palmeira, Pontevedra,

Redondela etc. foron substituídos por Muros, Ribeira, Cangas, Marín, Bueu etc., que están situados en zonas atlánticas.

6.- SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA ACTUAL

As notas máis destacábeis da sociedade pesqueira de baixura son: a capacidade do sector para disimular e absorber o paro, a falta de atención ao sector por parte da Administración, total dependencia dunha oligarquía comercial, falta de respecto ás normas establecidas e abulia da Autoridade para impoñelas, e a continua insolidariedade de grupos ao conxunto do sector.

Todo isto en conxunto dános unha situación continua de conflito social (intra e inter sectorial) unha pauperación relativa crecente da familia pescadora, un progresivo paro encuberto, rotura da organización social e, por último, unha situación de sobre pesca en todos os caladoiros e bancos. Con isto, a espiral do problema está en fase crecente.

Gustaría de facer unhas anotacións a unhas declaracións do ministro do ramo: "El sector pesquero es el único que no genera paro" (outubro 1980), e darlle a razón para a pesca de baixura de Galiza. Esta pescaría non xerou paro: absorbeuno e encóbreo, e iso é o problema. Pero é falso para a pesca de altura. Nos anos setenta eramos a terceira flota mundial de altura e pasamos ao posto número dezaseis.

A formación de compañías mixtas xerou paro, os buques sen licenza na CEE tamén xeraron paro. E o mesmo en buques doutras augas, e da Mariña Mercante. Onde se achan estes homes? Imposíbel no sector industrial ou de servizos que se atopan en recesión de empregos. Por iso, a maior parte dos galegos que abandonaron a flota de altura están traballando no marisqueo, pesca artesanal ou adquirindo bateas de mexillón. Quere dicir que centos de familias mariñeiras se reincorporaron á función extractiva nas nosas costas en virtude de:

a) Necesidade de pouca inversión.
b) Facilidade de acceso aos bancos e caladoiros.
c) Escasas trabas administrativas.
d) Liberdade de comercialización etc.

Por todo iso, o pescador, ademais do dominio que sofre por parte da oligarquía comercial, atópase coa competencia, na extracción e venda, dos seus propios compañeiros que se incorporaron ao sector de forma ilegal pola porta dos señoritos (buques da 5ª lista). Hai que salientar ademais que estes novos membros aparecen mellor dotados que os pescadores habituais. Gozan da vantaxe de ter buques novos e da posibilidade de instalar libremente a potencia do barco. Así, poden realizar extracciónes maiores e máis veces por estaren mellor dotados ante as inclemencias climatolóxicas. Maior rapidez para chegaren ao banco, ao mercado e para fuxir das autoridades.

Ao realizar máis e mellores capturas, e ilegalmente, o prezo tende a baixar polo incremento da oferta. O furtivismo dos intrusos forza o furtivismo dos demais. A sobre pesca, o prezo en descenso, a necesidade dun mínimo vital, pon o mariñeiro ante a disxuntiva de morrer de fame ou esgotar os caladoiros. A drenaxe de produtores vía emigración ou pesca de altura é imposíbel neste momento. O burocratismo e a falta de atención ao sector fará o resto da función.

Por outra parte, ao sector pesqueiro-marisqueiro de tempadas acoden individuos doutros sectores (agrarios, industriais, veraneantes) que se suman ao labor esquilmante do medio e, por engadido, pola falta de dependencia, ao envilecemento do prezo e á rotura das normas.

Actualmente, o mariñeiro está controlado pola Armada. A lei de recrutamento do 14/12/33 preceptúa que a duración do servizo á Armada de todos os inscritos será de 19 anos: un ano de dispoñibilidade (18 a 19 anoa), dous de servizo activo e dezaseis de reserva obrigatoria. Na actualidade foron reducidos os períodos pero non abolida a Lei Penal.

7.- NOTAS PARA UNHA POSÍBEL ALTERNATIVA DO SECTOR DE BAIXURA

Coa excepción das comunidades natas, o groso da sociedade pescadora de Galiza depende dunha economía simbiótica como única maneira de complementar os seus ingresos. Os caladoiros en estado de sobre pesca, os prezos, sufrindo altibaixos a diario pola desorganización dos produtos e a existencia dunha oligarquía comercial, e a crecente competencia produtiva esixen modernización dos medios, servizos etc. Todo iso fai que o pescador se atope nun círculo vicioso que o obriga a pescar máis (máis sobre pesca), facer maior oferta (baixa do prezo), demandar tecnoloxía e servizos (incremento de costos) forzándoo a aumentar o esforzo extractivo continuamente. En pouco tempo, as extraccións masivas puxeron en perigo os postos de traballo dos seus familiares na industria ao permitiren que as empresas reciban fluxos continuos de materia prima, séndolles rendíbel incorporar sistemas de automatización e modernas tecnoloxías que liberan man de obra.

Polo tanto, calquera alternativa para a estabilización e posterior desenvolvemento do sector debe pasar obrigatoriamente por:

1º. Regular o esforzo extractivo.

2º. optimizar o sistema comercial.

3º Desenvolver os subsectores industrial e de servizos derivados, complementarios e paralelos.

Todo isto tería como condicionante:

a) Aplicación da lexislación vixente.

b) Conseguir órganos asociativos de produtores para integralos nun sistema de responsabilidade a nivel de toda Galiza,

c) Romper coa tradicional concepción do mar que subestima a pesca e o considera preferentemente como medio de transporte e defensa. Hai que concibir o mar como un xerador de bens e servizos de dominio público que polo seu carácter social obrigue a Administración á defensa e ordenación dos seus recursos de forma integral. Por iso é necesario o transvase da administración da pesca a órganos civís (despachos, roles, inspeccións, formación, seguridade etc.) Para seguir co estabelecido no artigo 132 da Constitución do Estado, é dicir: regular por lei o réxime xurídico do mar e das zonas marítimo-terrestres e institucionalizar como delito social calquera atentado ao mar por ser un ben público, tendo en conta, como é lóxico, a defensa nacional, sanidade e seguridade do home no mar, defensa ecolóxica, dereitos

de pesca, seguridade do tráfico marítimo, explotación económica dos recursos, alfándegas, comercio, industria, servizos etc. (Marco xurídico)

A partir deste novo marco, corresponderalle ao Parlamento de Galiza a ordenación do litoral (Art. 27.3) da pesca, marisqueo e acuicultura en augas interiores ás liñas de base (Art. 27.15) e a súa comercialización (27.16). Unha vez creado o marco xurídico, materializaríase en regular o esforzo extractivo que significa ordenar o sector para faenar e reducir o proceso de sobre pesca; sinalar mediante lexislación (Parlamento galego) todas as áreas de labor (xeográfica e de especies). A lexislación debe regular o número de buques e de homes a traballar no tempo e no espazo, as artes a empregar, as medidas de protección e, dentro do posíbel, as taxas de captura e o acceso á profesión de pescador. Isto traería como consecuencia inmediata:

a) Regulación da oferta e estabilidade de prezos.
b) Desaloxo dos desaprensivos furtivos, e
c) Control e mantemento dos recursos renovábeis dos bancos e caladoiros.

Optimizar o sistema comercial é un paso necesario para a estabilidade social e o desenvolvemento socio-económico do sector. A reforma das estruturas comerciais debe ter como obxectivo:

1º. Eliminar a competencia interna do pescador e liberalo do mercado oligopolista que o domina para evitar que os prezos estean suxeitos á oportunidade ou aos eventos, logrando así unha estimación real do valor do traballo produtivo, e tamén

2º. O Parlamento galego deberá lexislar sobre a forma de comercialización, lugares dos actos, forma de acceso e control do comprador etc.

Realizados estes dous pasos romperíase a situación de dependencia para entrar nunha fase de cooperación. Ao mesmo tempo, a industria tería a garantía de estabilidade de custos de materia prima.

Como colofón, o desenvolvemento dos subsectores industrial e de servizos derivados, complementarios e paralelos, cumpriría varios obxectivos:

- Incrementar a produción en Galiza dos recursos pesqueiros que substitúan nos mercados os procedentes da pesca de altura española en franca decadencia.

- Para iso é preciso incrementar os cultivos maniños, crear e potenciar as industrias e servizos necesarios para a produción, comercialización e industrialización destes novos recursos en base a unha concepción global do sector. (Acuindustria)

Con este último paso lograríase:

a) Incrementar a produción de alimentos.

b) Desprazar produtores da pesca para outros subsectores (diminución do paro e da sobre pesca e incremento da rendibilidade na fase extractiva), e

c) Desenvolvemento económico motivado polo crecemento industrial (demanda e oferta de bens e servizos).

8.- CONCLUSIÓN. COORDENADAS DEFINITIVAS DO SECTOR E A SÚA MANIFESTACIÓN

O sector pesqueiro e mariñeiro de Galiza a todo o longo e ancho da historia –realidade que aínda en moitos aspectos se mantén invariábel–, caracterízase pola subsistencia dentro dunhas condición socio-económicas non homologábeis a ningún outro sector produtivo do Estado.

A historia é unha historia de levas, emigracións e de continuos retornos para comezar de novo. É a loita de clase máis longa de España pola indefensión constante do pescador e polo conflito continuo que sostén. Os trazos máis destacábeis son:

a) Subsidiaridade de Defensa Nacional.

b) Instrumento de uso en aras do comercio.

c) Órgano provedor de materias primas para a industria.

d) Reserva de man de obra para a Mariña de pesca e Mercante.

e) Sector absorbente do paro.

f) Comparsa para liña de choque das empresas navieiras (mercante e pesca), para a obtención de prebendas (Lei de despece, Renovación de flota, Subvención ao petróleo etc.).

Isto deu lugar a unha peculiar situación socio-económica causando:

a) A pauperación (relativa) progresiva dos produtores.

b) Dependencia do pescador-mariscador dunha oligarquía comercial.

c) Indefensión como grupo ante a Administración, oligarquía comercial e caciques locais.

d) Inseguridade do home no mar.

e) Aumento da competencia ilegal.

f) Xurisdición militar no seu traballo.

g) Administración burocrática de apoio á grande empresa.

h) Desorganización social.

Todo isto é o que orixina a situación de conflicto latente ou manifesto entre produtores, e destes contra o comercio, industria o Administración. E a causa dunha serie de emigracións obrigadas polo Estado ou forzadas por unha economía de miseria.

Como final, podemos dicir que o século das calamidades non acabou para o sector pesqueiro en Galiza, en base á produción do propio sector. O mariñeiro, despois de anos de democracia, aínda non foi merecedor dunha lei antiescravista, nin por parte do goberno nin da oposición. Mentres tanto, o mariñeiro, "miserrima plebs", loita por ser "home ceibe". Non pide o dereito a morrer como un fidalgo, nin a ser enterrado gratuitamente. Pide vivir do seu traballo con dignidade. Pide o que pediron cando fundaron os Pósitos (hoxe Confrarías) de pescadores: a redención da clase traballadora do mar.

	Pescadores natos	Pescador artesanal	Pescador agrario
Familia	Nuclear exclusivamente pero extensa socialmente. Providencia social Herdanza matrilineal.	Nuclear pero extensa socialmente. Providencia familiar. Herdanza a partes iguais con pequenas variacións (mellora feminina).	Extensa ou nuclear integrada
Localización	Zonas costeiras oceánicas e bocas das rías	Zonas medias das rías	Zonas do fondo da ría.
Hábitat	Zonas de escasa ou nula produción agraria (eolizada). Nula ou escasa produción industrial. Servizos de subsistencia (educación e sanitarios, vivendas agrupadas).	Zonas de grande actividade agraria, industrial e comercial. Servizos bastante ben dotados. Vivendas en parte agrupadas (zona vila) e maior número de casas con horta.	Zonas de grande actividade agraria ou industrial (terra de aluvión) Servizos intermedio dos anteriores. Casas con horta na case totalidade
Rol familiar	O varón é o único que proporciona ingresos. A muller realiza os traballos non remunerados de colaboración. Administra o fogar. Participa intensamente na comercialización. Realiza en exclusiva o coidado e educación dos fillos.	Ambos cónxuxes proporcionan ingresos. Administran e educan a familia a partes case iguais. A familia mariñeira convive coas demais.	O varón acostuma ser o único que porporciona ingresos líquidos (coa excepción do marisqueo). A muller ten máis actividade agraria. Ambos administran e educan a familia, onde o varón é máis protagonista.
Produción	Exclusivamente pesqueira. Especies de alto valor comercial.	Pesca artesanal Marisqueo Mexilloeiras (bateas) Industria Comercio (Hai convivencia e parte de simbiose).	Pesca artesanal. Marisqueo. Agricultura (temporalmente). Simbiose total.

Ribeira hai 100 anos a través do libro de plenos de 1920

Ezequiel Lago Mallo

INTRODUCIÓN

No concello de Santa Uxía de Ribeira, máis concretamente no seu arquivo municipal, existe documentación de todo tipo relacionada inequivocamente co funcionamento do concello.

Dentro desa inxente cantidade de documentación, destacan os libros de plenos, un dos documentos máis importantes que producen os concellos e que teñen recollido o funcionamento, decisións, acontecementos, etc., que tiveron lugar no municipio ao longo de gran parte da súa existencia. De entrada, grazas a estes documentos podemos retroceder no funcionamento do concello ribeirense ata mediados do século XIX, ou, o que é o mesmo, como pronto 158 anos aproximadamente dado que o libro de plenos máis antigo conservado é de 1862[1].

Actualmente, o arquivo municipal "vello" encóntrase no segundo andar da actual casa consistorial[2], custodiado polo arquiveiro José Antonio Otero. Non obstante, o arquivo municipal non sempre se localizou alí, comezando polo simple feito da curta vida da actual casa consistorial; non é a miña intención facer un percorrido pola historia do arquivo en si, senón, resaltar un pequeno detalle: no anterior parágrafo indicábase que o último libro de plenos conservado é de 1862... O certo é que existía documentación anterior a dito ano, mais, lamentablemente, perdeuse nese preciso ano cando se incendiou o local que naquel entón acollía a casa consistorial, na cal residía o arquivo, motivo que xustifica non conservar documentación municipal anterior a esa data.

A pesar deste tráxico suceso, para o tema que nos ocupa contamos co libro de plenos completo[3], co cal, comecemos este pequeno percorrido polo municipio hai 100 anos. Os códigos de referencia do libro de plenos son ES.GA.15073.AM/1.1..1.0.0.0.1//1387/02 Sinatura 1387/02 e ES.GA.15073.AM/1.1..1.0.0.0.1//1387/03 Sinatura 1387/03.

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada para a confección do presente traballo responde a unha lectura e clasificación da información recollida no libro de plenos para confeccionar unha base de datos coas informacións que serviron de base para o desenvolvemento do presente texto[4].

Tras unha lectura do libro de plenos completa, non sen dificultades entre o tipo de letra e a tinta por veces case esvaída, procedeuse a facer unha recompilación do número total e denominación das sesións que tiveron lugar ao longo do ano. Acto seguido, procedeuse a facer unha recompilación dos puntos tratados en cada sesión.

[1] Comeza concretamente cunha sesión ordinaria do 12 de Abril do citado ano.

[2] Existe outra estancia, o arquivo municipal "novo", noutro local tamén destinado á salvagarda de documentación relativa ao concello, pero non é relevante para o tema que nos ocupa. Aínda así, facilítase o dato da súa existencia.

[3] Dende comezos do século XX, por algunha razón descoñecida, no concello ribeirense ponse fin ao "costume" observado no século XIX de recoller nun só libro físico o ano de plenos completo. A *Ley del Timbre* de 1881 abre a posibilidade de empregar un único libro físico para a recompilación de varios anos; quizais chegados ao cambio de século, tomouse tal decisión, aínda que esta afirmación é pura conxectura. Sexa como for, para 1920 temos o libro completo, mais dividido en dous tomos, un primeiro tomo que fai referencia a sesións de 1919 e continúa con parte das de 1920 (ES.GA.15073.AM/1.1..1.0.0.0.1//1387/02 Sinatura 1387/02), e un segundo que continúa coas restantes do 1920, recolle todas as de 1921 e finaliza con algunhas sesións de 1922 (ES.GA.15073.AM/1.1..1.0.0.0.1//1387/03 Sinatura 1387/03). Para evitar confusións, no texto continuaremos referíndonos ao "libro" en singular.

[4] Por mor da situación sanitaria que azoutou o ano 2020, non foi posible consultar outras fontes documentais que permitisen completar certos aspectos tratados no libro de plenos.

Unha vez finalizadas estas tarefas, confeccionouse unha breve estatística dos puntos máis tratados; tamén se procedeu a destacar aqueles que, aínda que non foran dos máis tratados, pola súa transcendencia ou significado para a vila, merecían alusión de xeito diferenciado e os considerados máis anecdóticos.

Por outra parte, observouse que diferentes puntos, a pesar de pertencer a diferentes plenos e non sempre tratar o mesmo exactamente, podían ser agrupados baixo materias, por exemplo, materias administrativo-municipais, de infraestruturas, etc. Procedeuse a clasificar toda a información da forma máis óptima posible, dando como resultado 20 temáticas diferentes; estas son: secretaría, censo, senadores, edificacións-pistas-fontes e ríos, pobres, orzamento, educación, pagos, organización municipal, exército, porto, extracto de acordos, artigos de 1ª necesidade, reloxo, sesións, telégrafo, notificacións e advertencias, denuncias, funcionamento, enfermidades e outras contratacións municipais.

Procedeuse a empregar denominacións e extractos do textos orixinais, sinalándoos coa fórmula habitual de letra cursiva entre corchetes; nalgúns casos empregáronse adaptacións do texto. É importante indicar que esta documentación está escrita completamente en castelán e non necesariamente segue as normas ortográficas que hoxe en día están en vigor.

RI...VEIRA?

Non é pouca a tentación de entrar en materia sen antes facer alusión a unha problemática lingüística que dende anos traía de cabeza a "uns e outros" no concello ribeirense.

O 3 de Marzo de 2020 escribiuse unha nova folla da historia do concello, poñéndose fin ao eterno debate de si Ribeira era con B ou con V, con informe histórico-onomástico sobre o topónimo incluído e firmado por especialistas na materia lingüística. En definitiva, "gañou" o B.

Porén, o noso municipio en 1920 escribíase con V, tal e como se viña facendo dende o século XVII[5].

SESIÓN ORDINARIA DE... 1920

Se actualmente as sesións de plenos tratan temas moi variados e marcan a vida das nosas vilas, hai cen anos non ía ser menos, aínda que os temas teñan mudado.

Para 1920 podemos observar que, *a priori,* ían realizarse unhas 38 sesións plenarias ao longo do ano, mais isto finalmente non aconteceu dado que en ata 21 desas 38 ocasións, a convocatoria non acadou un número suficiente de "*señores concejales*" que permitisen o correcto funcionamento e toma de decisións nestas reunións municipais; co cal, poderiamos tomarnos a licenza de dicir que, finalmente, o municipio foi rexido en base a "só" 17 sesións, que si tiveron lugar, tratando un total de 121 puntos.

Non existe unha *ratio* de plenos/puntos homoxénea, é totalmente aleatoria acorde coas necesidades do concello no momento de celebración de cada sesión. Así, existen

[5] As primeiras referencias ao topónimo do noso municipio son máis antigas, do século XIV, no que apareceu recollido como *"Santa Ougea de Ribeira"* con B; referencias do século XV, volven escribir o topónimo con B. Todas estas informacións e as conclusión sobre o topónimo poden ser consultadas no informe elaborado polo Seminario de onomástica da Real Academia Galega na seguinte ligazón https://www.lavozdegalicia.es/default/2020/03/03/00171583261688632621684/Fichero/rag.pdf

plenos con apenas 2 puntos e outros con ata 15 puntos[6]; así mesmo non se destina o mesmo número de puntos para tratar, por exemplo, asuntos relativos aos senadores (3) que aos pobres (10), e así sucesivamente.

Nos casos en que se realiza unha convocatoria de sesión, pero esta non se puido realizar, o secretario procede a tomar "*Nota*" de que non tivo lugar dado que non se acadou un número óptimo de concelleiros, e para que conste, firma a mesma. En ningún caso achega algunha razón que nos permita dilucidar as posibles causas polas que estas persoas que rexían a vida política do municipio non se tivesen presentado.

Por outra parte, a pesar do título deste capítulo, as sesións celebradas non sempre foron ordinarias; en total temos que das 17 sesións, 7 foron ordinarias, outras 7 supletorias, 2 extraordinarias e 1 inaugural.

Atrévome a aventurar que de todas estas, a que máis chama a atención é a singular sesión inaugural e que, polo seu nome, a situaríamos no inicio do ano; a realidade non podía ser máis diferente. Dita sesión tivo lugar o 3 de abril, e fai referencia á constitución da corporación municipal cos *"señores concejales nuevamente elegidos"* e as demais figuras municipais elixidas conforme a normativa do momento. Hai que remontarse no tempo ata a "*Sesión Supletoria (a la extraordinaria*[7]*) de 11 de Diciembre de 1919"* para localizar un punto dedicado a *"Elecciones";* enténdese que polos comicios que tiveron lugar en 1919, tómase nota dos "procedementos finais" como serían o nomeamento e toma de posesión dos diversos cargos aínda que, con todo, algo máis de 3 meses despois e xa en 1920.

Desta solemne ocasión despréndese unha pequena anécdota. Esta sesión estaba previsto realizala o día 1 de abril, pero, que sucedeu? O Secretario en presenza do Alcalde-Presidente tivo que escribir unha das súas *Notas,* facendo constar que "*... en el día de hoy no concurrio ningún Señor Concejal para proceder a la constitución del nuevo Ayuntamiento a pesar de haber sido citados a medio de convotaria expedida con fecha treinta de Marzo último...*".

DA ELECCIÓN DE SENADORES Á CONFECCIÓN DA LISTAXE DE POBRES

Como se indicou con anterioridade, as temáticas confeccionadas a partir dos puntos dos plenos son numerosas e tratan unha cantidade considerable de asuntos relativos ao municipio sobre materias administrativo-municipais, de infraestruturas e sobre o pobo. Nos seguintes apartados trataranse todas elas, procurando destacar aqueles aspectos máis repetitivos, representativos e de gran repercusión para a vila.

1. MATERIAS ADMINISTRATIVO-MUNICIPAIS

1.1. Organización Municipal

Baixo o tema de organización municipal englobáronse aqueles puntos que fan referencia á constitución de diferentes organismos e sistemas de goberno municipal, que nos permiten coñecer como era o goberno daquela[8].

[6] Ambo o s dous casos son os extremos para o mínimo e máximo de puntos nun pleno.

[7] Información extraída do texto, non explícita no título propio da sesión.

[8] Que se rexería pola normativa recollida na "*Ley municipal vigente de 2 de octubre de 1877*".

Logo desa sesión inaugural que xa se citou con anterioridade, para o ano 1920 observouse que a corporación municipal era a seguinte[9]:

- *Alcalde-Presidente*: Don Emilio Colomer Soler.
- *1er Teniente Alcalde*: Don José Ventura Santos.
- *2º Teniente Alcalde*: Vicente Colomer Soler.
- *3er Teniente Alcalde*: Ricardo Pérez Fernández.
- *4º Teniente Alcalde*: Reinaldo Pérez Millares.
- *Primer Regidor Juridico*: Don Manuel Area Torres.
- *Segundo Regidor Juridico*: Don José Ramón Reirís Sieira.
- *Regidor Interventor*: Don Manuel Lustres Sevilla.
- *Concelleiro*: Ramón Rey Saíñas.
- *Concelleiro*: José Abeijón Franco.
- *Concelleiro*: José Mª Pérez Bretal.
- *Concelleiro*: Juan Rey Bretal.
- *Concelleiro*: Juan R. Ramallo Calviño.
- *Concelleiro*: Juan González Pérez.
- *Concelleiro*: Andrés Parada Romero.
- *Concelleiro*: José Rivas Boo.
- *Concelleiro*: José Fajardo Coll.
- *Concelleiro*: Rogelio Bandín Pérez.
- *Concelleiro*: José Benito González Lijó.
- *Concelleiro*: José Peréz Martínez.

Con posterioridade, esta corporación acorda baixo o que estipulaba a lei, a creación de catro comisións para velar polos intereses do municipio. Estas e os seus respectivos representantes son:

- *"Comisión de policía urbana y rural y ornato público"*: Don José Ventura Santos, José Fajardo Coll, Reinaldo Pérez Millares, José Ramón Reirís Sieira, Juan Rey Bretal e José Pérée Bretal.

- *"Comisión de presupuestos y consumos"*: Ricardo Pérez Fernández, Rogelio Bandín Pérez e José Benito González Lijó.

- *"Comisión de inspección de pesos y medidas"*: José Pérez Martínez, Manuel Arca Torres e José Abeijón Franco.

- *"Comisión de inspección y regimen de Cementerios"*: Vicente Colomer Soler, Manuel Lustres Sevilla e José Ramón Ramallo Calviño.

Tamén se realiza unha "división do municipio" en seccións para formar a *"Junta municipal"*¸ e procúranse vogais para as distintas seccións, os cales, en conxunción co concello, velarían polos intereses do municipio. As seccións (7) e os seus vogais (20[10]) eran[11]:

- Artes: Silverio Mariño Sieira e Jacobo Romero Mesías.

- Carreira: Andrés Pena Martínez, Francisco Pérez Suárez, José Pérez Fernández e José Lampón Rivas.

- Corrubedo: José María Romero Martínez e Don Manuel Pérez Mariño.

- Olveira: José Cameán Mariño e Juan Sieira Vizcaya.

- Oleiros: Andrés Domínguez García e José Picallo Prego.

[9] Información recollida na *Sesión Inaugural* do 3 de Abril de 1920.

[10] Número igual ou equivalente ao total dos membros da corporación, por lei.

[11] Informacións sobre as comisión e as sección/vogais recollidas na *Sesión Ordinaria del dia 12 de Abril de 1920*.

- Palmeira: José R. Olveira Fernández, José García Paisal e Ventura González Palma.

- Riveira: José Lemiña N., Manuel Sampedro Picallo, Manuel Parada Laranga, Pedro Rivas N. e Primitivo Núñez Patiño.

Por outra parte, está o tema das sesións plenarias. A continuación achégase unha listaxe das sesións celebradas e a súa denominación literal; Son[12]:

- *Sesión ordinaria del día 11 de Enero de 1.920.*
- *Sesión supletoria del día 24 de Febrero de 1.920*
- *Sesión ordinaria del día 21 de Marzo de 1.920*
- *Sesión inaugural.*
- *Sesión ordinaria del día 12 de Abril de 1.920.*
- *Sesión ordinaria del día 3 de Mayo de 1.920*
- *Sesión extraordinaria del día 21 de Mayo de 1920*
- *Sesión supletoria á la extraordinaria del día 2 de Junio de 1920*[13]
- *Sesión supletoria del día 16 de Junio de 1920*
- *Sesión supletoria del día 7 de Julio de 1920*
- *Sesión ordinaria del día 19 de Julio de 1920*
- *Sesión ordinaria del día 23 de Agosto de 1920*
- *Sesión ordinaria del día 13 de Septiembre de 1.920*
- *Sesión extraordinaria del día 16 de Septiembre de 1.920*
- *Sesión supletoria del día 27 de Octubre de 1920*
- *Sesión supletoria de 1º de Diciembre de 1.920*
- *Sesión supletoria de 29 de Diciembre de 1920*

Tamén a destacar é o punto titulado *"Administrador de Consumos"*. O funcionario responsable desta área, *"Don Ignacio Mira Castelo"*, debido á súa avanzada idade e problemas de saúde, realiza unha petición para poder renunciar ao posto que ocupaba e que, en caso afirmativo, se buscase un substituto. A corporación accede á súa petición e aproveita para nomear o seu sucesor, *"Don Manuel Rivas Otero"*, que ocupará a praza con carácter interino e cun soldo de dúas mil quiñentas pesetas anuais[14].

1.2. Sesións plenarias

Un dos primeiros detalles achegados sobre as sesións plenarias foi o número teórico de sesións que ían celebrarse en 1920; recapitulando, celebráronse 17 sesións, mentres que en 21 convocatorias non se reuniu un número suficiente de *"señores concejales"* como para levar a cabo a sesión plenaria.

No pleno do 16 de Xuño[15] trátase o único punto baixo esta temática. Ata a citada data, tíñanse realizado 9 sesións, pero, por contra, ata en 8 convocatorias non. Para entender mellor os ánimos que debían reinar, aproveitemos a introdución da sesión:

> *"En la Consistorial de Riveira... Reunidos los Señores Concejales que al*

[12] Hai que sinalar que a gran maioría delas constan de pequenos elementos gráficos que "realzan" o título, tales como o subliñado simple ou dobre e guións a principio e fin, mais para favorecer unha lectura clara, non se representan aquí. Pola mesma razón, non se situaron os corchetes que indicarían que son a transcrición literal da denominación da sesión para evitar entender que son parte da transcrición; tamén a presenza ou ausencia do punto final é transcrición literal do texto.

[13] A pesar do que se di no título da sesión, o texto indica que a sesión se celebrou o día 4.

[14] Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 19 de Julio de 1920.*

[15] *Sesión supletoria del día 16 de Junio de 1920.*

márgen se expresan bajo la presidencia del Señor Alcalde Don Emilio Colomer Soler previa especial convocatoria con expresión de la causa que la motivaba y prevención de que había de tomarse acuerdo cualquiera que fuera el número de Concejales que se reuniera, toda vez que esta sesión era supletoria á la ordinaria del dia catorce del actual, para la que no se reuniera el número de concejales que previene la ley.

Dadas las quince sin que hubieran concurrido más señores concejales que los anotados al margen, el Señor Presidente declaró abierta la Sesión..."

Isto supuxo que a corporación reunida tomase a decisión de modificar a hora en que tiñan lugar as sesións ordinarias, pasando de celebrarse das tres ás cinco da tarde[16]. O remedio foi peor que a enfermidade dado que, se observamos os plenos que teñen lugar logo da citada fecha ascenden a 8, mentres que as convocatorias que non se celebraron ascenden a nada menos que a 13.

En definitiva, realizáronse 17 sesións e en ata 21 convocatorias non foi posible.

SESIÓNS REALIZADAS	CONVOCATORIAS NON REALIZADAS
Ordinaria 11 xaneiro 1920	1 abril 1920[17]*
Supletoria 24 febreiro 1920	10 maio 1920
Ordinaria 21 marzo 1920	17 maio 1920
Inaugural 3 abril 1920*	24 maio 1920
Ordinaria 12 abril 1920	31 maio 1920
Ordinaria 3 maio 1920	2 xuño 1920
Extraordinaria 21 maio 1920	7 xuño 1920
Supletoria 16 xuño 1920	14 xuño 1920
Supletoria 7 xullo 1920	21 xuño 1920
Ordinaria 19 xullo 1920	28 xuño 1920
Ordinaria 23 agosto 1920	5 xullo 1920
Ordinaria 13 setembro 1920	12 xullo 1920
Extraordinaria 16 setembro 1920	26 xullo 1920
Supletoria 27 outubro 1920	2 agosto 1920
Supletoria 1 decembro 1920	9 agosto 1920
Supletoria 29 decembro 1920	16 agosto 1920
	30 agosto 1920
	6 setembro 1920
	25 outubro 1920
	29 novembro 1920
	27 decembro 1920

[16] *"Enterado el Ayuntamiento de que muchos Concejales dejan de concurrir á las sesiones ordinarias debido á la hora en que tiene lugar por unanimidad acuerda: que en lo sucesivo se celebren a las diecisiete horas en vez de a las quince como venian teniendo efecto."*

Non hai ningún punto máis en todo o ano que trate este asunto e *a priori* nos anos posteriores non se localizou referencia ningunha[17]. Con todo, será habitual ver nos parágrafos finais das sucesivas sesións do ano fórmulas similares á que dá fin á sesión do 16 de xuño que indican a falta de persoal nas sesións:

> *"Con lo cual se da por terminada la sesión á las 17 procediendose luego á la redacción de la presente acta que leída integramente antes de firmarla los Señores Concejales fué aprobada; haciendo constar el Señor Presidente y Secretario que los Concejales que no asisitieron á la sesión dejaron de manifestar la causa que se lo haya impedido, por lo que no pueden consignarlo en acta...".*

1.3. Orzamentos

Principalmente o que podemos atopar no texto baixo puntos denominados orzamentos e especialmente orzamentos extraordinarios fai referencia ao pago de produtos, servizos, etc., que sucesivamente se van falando ao longo do libro como, por exemplo, a necesidade de compra de artigos de primeira necesidade ou satisfacer o aumento do aluguer da Casa-Cuartel da Garda Civil.

Basicamente, é unha confirmación da existencia duns gastos, moitas veces non previstos, e a confirmación do seu cargo con respecto ao erario público municipal.

Dos orzamentos destaca unha frase que fai referencia á *"Comisión de Policia urbana y rural";* fálase de que hai que satisfacer unha

Imaxe posterior do 1927 no que podemos observar o que hoxe interpretariamos como un coche. Aínda que é pura conxectura, na referencia sobre coches de 1920 é probable que non se estean a referir ao que podemos observar nesta imaxe. Fonte: Arquivo municipal-Concello de Ribeira.

[17] O obxectivo é 1920, co cal, as revisións alleas a dito ano, por cuestións operativas, non se realizaron co mesmo grao de detalle.

conta pendente referida a *"coches"* empregados por dita comisión para *"señalar líneas y otros servicios"*[18].

1.4. Pagos

En total relación co tema dos orzamentos, baixo esta e outras denominacións o que se pode atopar é pago de produtos e servizos que, de novo, sucesivamente se van falando ao longo do libro, como por exemplo, o arranxo dun camiño, unha fonte, etc.

Neste apartado, tamén se observa unha confirmación da existencia duns gastos, previstos ou polo menos planificados neste caso, e, por tanto, confírmanse e dáse trámite á súa liquidación con respecto ao erario público do concello dedicado para tales fins.

A maioría dos puntos non achegan información ningunha, nin sobre que se pagou nin tampouco sobre a quen se pagou: limítanse a empregar fórmulas para tratar o tema. Un exemplo:

> *"Dado cuenta de los (pagos) efectuados durante el presente mes por la Alcaldia y de los que hay pendientes, la Corporación por unanimidad acuerda aprobar los primeros y autorizarle para que con arreglo á presupuesto libre las cantidades necesarias para satisfacer los segundos"*.

Dos poucos localizados que achegan algún dato relativo a un servizo, o seu motivo ou o montante do mesmo, destacan os seguintes:

Algunhas das moedas que se empregarían naquel momento para realizar pagos. Tamén existían billetes de 25, 50, 100, 500 e 1000 pesetas. Fonte: propia.

1. Un pago de oitocentas noventa pesetas feito á Garda Civil cando acudiu por última vez ao municipio con motivo dunha folga[19]; ese pago non é por un servicio de control e mantemento da orde e seguridade pública, senón que é un pago para sufragar o seu aloxamento[20].

2. Recóllese a necesidade de satisfacer o secretario con vinte e cinco pesetas polos gastos de desprazamento ocasionados pola súa viaxe á capital do partido (Noia) como representante do Concello para asistir á discusión e votación do orzamento carcerario[21].

[18] Información recollida baixo o punto *Presupuesto extraordinario* da *Sesión supletoria del dia 16 de Junio de 1920*.

[19] *A priori,* non se localizou referencia ningunha sobre esta folga (nin data, motivo ou sector económico implicado).

[20] *"Dado cuenta del importe de suministros metalicos hechos á la Guardia Civil cuando la ultima concentración de la fuerza en ésta ciudad con motivo de la Huelga importante pesetas 890 que se creyó conveniente sufragar acuartelandolos en local buscado al efecto, evitando roces con el pueblo;"*. Información recollida baixo o punto *Transferencias* da *Sesión supletoria del dia 24 de Febrero de 1920*.

[21] *"... se satisfagan al Secretario veinticinco pesetas para reintegrarse de los gastos ocasionados en su viaje á la capital del partido, como representante de este Ayuntamiento para asistir á la discusión y votación del presupuesto carcelario para el actual ejercicio."*. Información recollida baixo o punto *Pagos* da *Sesión supletoria del dia 16 de Junio de 1920*.

3. Aprobáronse as contas de xornais, ferramentas e outros, relacionados coa execución do camiño veciñal *"Riveira a Aguiño al de Xarás á Olveira"* entre os días 4 ao 18 do mes de xullo[22].

4. Un pago para o mestre carpinteiro "*José Martinez",* quen reparou as portas e ventás da praza de abastos, ascendendo a factura dos seus servizos a trescentas oitenta e tres pesetas[23].

5. Aprobáronse os arranxos levados a cabo nunha fonte de Palmeira, os cales alcanzaron un importe de cincuenta e nove pesetas con vinte céntimos, aínda que posiblemente ditos gastos só pertenzan aos materiais empregados[24].

6. Aprobáronse os xornais de *"Juan Martinez"* e *"Ricardo Alonso",* os cales foran nomeados pola alcaldía para executar traballos relacionados co censo da poboación. Nesta ocasión non se coñece a contía do seu xornal[25].

7. Un pago polos materiais invertidos no arranxo das portas e ventas *"de la lonja de contratación de espado"* por "*José V. Santos"* cun importe de trescentas sete pesetas e cinco céntimos[26].

8. Un pago dunha expropiación dun terreo de *"D. Andrés Suárez*[27] *Dios",* cunha superficie de "*un área y una centiárea"*[28]*;* realizouse para a creación/unión dun camiño veciñal entre Ribeira-Aguiño + Xarás-Olveira. O pago ascendeu a duascentas pesetas e cincuenta céntimos[29].

1.5. Secretaría

A secretaría era un órgano de vital importancia para o funcionamento do Concello, sendo responsable, entre outras cousas, do seguimento e confección dos libros de pleno. Constaría de persoal con diferentes cargos, entre os que destacaría o secretario e logo oficiais de diferentes graos.

É o tema co que se inicia a primeira sesión do ano e será un tema recorrente ao longo deste. A xubilación do secretario e a procura dun novo, así como ascensos do persoal que xa traballaba na secretaría do Concello, ou a necesidade de contratación de persoal temporal, transmiten a idea de que o ano foi complicado no que afecta a este tema, sendo tratado ata en 9 ocasións[30].

O secretario que solicita a xubilación é *"Don Candido Fernández Leis"*; este *"suplica(ndo) se le otorgue la jubilación... y que se le conceda por vez primera licencia para descansar en los veintidos años escasos de servicio al*

[22] *"... cuentas de jornales, herramientas y demas necesario para la ejecución del camino vecinal titulado de Riveira á Aguiño al de Xarás á Olveira satisfechas desde el cuatro al dieciocho del actual acuerda aprobarlas y bien hecho el pago".* Información recollida baixo o punto *Aprobación de cuentas* da *Sesión ordinaria del dia 19 de Julio de 1920.*

[23] Ibídem.

[24] *"Dado cuenta de... jornales invertidos en el arreglo de la fuente de Palmeira y adquisición de un caño para la misma cuyo importe es de cincuenta y nueve pesetas veinte céntimos, tambien se aprueba...".* Ibídem.

[25] Información recollida baixo o punto *Cuentas* da *Sesión ordinaria del dia 23 de Agosto de 1920.*

[26] Ibídem.

[27] A transcrición deste apelido podería ser errónea.

[28] Aproximadamente 101 metros cadrados.

[29] *Sesión supletoria de 29 de Diciembre de 1920.*

[30] Información recollida nos puntos da *Sesión ordinaria del dia 11 de Enero de 1.920., Sesión supletoria del dia 24 de Febrero de 1.920, Sesión ordinaria del dia 21 de Marzo de 1.920, Sesión supletoria del dia 7 de Julio de 1920, Sesión ordinaria del dia 23 de Agosto de 1920, Sesión ordinaria del dia 13 de Septiembre de 1.920, Sesión extraordinaria del dia 16 de Septiembre de 1.920* e *Sesión supletoria del dia 27 de Octubre de 1920.*

municipio y por contar con sesenta y siete años de edad.". A corporación, por unanimidade, acorda comezar os tramites para concederlle a xubilación, pero, ao mesmo tempo, por oito votos "en contra" denéganlle a licenza (para descansar) dado que, como Secretario Jefe da Secretaria, sobre a que pesaban numerosos traballos, non o consideraron factible[31].

Isto solucionouse *a priori uns* meses despois ao *"nombrar para desempeñar si bien con carácter de interino a Don Emilio Villa Sánchez oficial mayor*[32] *de la Secretaría de este Ayuntamiento que ya lo venia desempeñando con el caracter de accidental... debiendo proceder acto seguido a recibir por inventario de su antecesor la documentación obrante en el archivo municipal y demás efectos".*[33]

O ascenso de Emilio Villa para suplir a baixa do secretario provoca que rangos inferiores da secretaría queden desatendidos. Por esta causa, noméase como *"escribiente temporero"* a *"Don José Vidal Pérez"*, con un soldo que ascendería a *"ciento veinte y cinco pesetas mensuales"*[34]. Por informacións de sesións posteriores[35], enténdese que o posto que ostentou sería o de oficial segundo.

Meses máis tarde, a corporación considera oportuno *"provistar en propiedad"* un secretario para o municipio, polo cal abren un concurso con prazo de 8 días para que os interesados presenten o seu currículo para a vacante descrita[36]. A esta praza presentarase como aspirante quen xa viña desempeñando o posto con carácter interino, Emilio Villa Sánchez, máis o Alcalde manifesta que é incompatible que continúe desempeñando o posto; a corporación acorda nomear como *"Secretario accidental"* a *"Don José Fernández Bermúdez"*[37]. Finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, ten lugar un feito curioso, unicamente se presentou ao posto Emilio Villa Sánchez, quen ademais *"presenta con la instancia los documentos que acreditan su aptitud."* Finalmente, Emilio Villa Sánchez é nomeado Secretario do municipio e realízanse os trámites para comunicalo ao Gobernador Civil[38].

Nos rangos de oficiais da secretaria, aínda que se tiña contratado persoal temporal, procédese a realizar unha pequena "reestruturación". José Fernández Bermúdez, quen estaba contratado con carácter temporal e desempeñaba o cargo de oficial segundo, ascendería a oficial primeiro; para suplir o posto de oficial segundo nomearíase a D. José Vidal Pérez[39].

Por outra parte, é de destacar o punto "*Oficios del Gobierno Civil sobre suspensión del Secretario"*, no que podemos observar un órgano e poder superior de dar conta das actividades e decisións tomadas no municipio en relación ao ex-secretario Cándido Fernández Leis e o funcionamento da secretaría do municipio[40].

De xeito anecdótico, ao longo do libro pódense observar diferentes tipos de caligrafías, que nalgúns casos son máis que ben

[31] *Sesión ordinaria del dia 11 de Enero de 1920.*

[32] Enténdese que oficial maior correspondese con secretario.

[33] *Sesión ordinaria del dia 21 de Marzo de 1920.*

[34] *Sesión supletoria del dia 7 de Julio de 1920.*

[35] *Sesión supletoria del dia 27 de Octubre de 1920.*

[36] *Sesión ordinaria del dia 23 de Agsoto de 1920.*

[37] *Sesión ordinaria del dia 13 de Septiembre de 1920.*

[38] *Sesión extraordinaria del dia 16 de Septiembre de 1920.* Cabe decir que esta sesión é certificada por *"los Señores Concejales asistentes y (certifico) yo el Secretario accidental."*

[39] *Sesion supletoria del dia 27 de Octubre de 1920.*

[40] *Sesión supletoria del dia 27 de Octubre de 1920.*

recibidos no que atingue á súa transcrición, aínda que case sempre rubrica o mesmo secretario, *"Emilio Villa"*, que, enténdese que aínda que non recolleu todas as informacións dos plenos da súa man e letra, certifica que todo é certo.

1.6. Outras contratacións municipais

Dábase conta da contratación de persoal relativo ao funcionamento da secretaría e con posterioridade ao censo da poboación do municipio; tamén se deu conta do nomeamento dalgún substituto noutras áreas como o *"Administrador de consumos"*. Á marxe delas, só se observa unha única contratación máis no persoal municipal cara á fin do ano, a dun varredor.

Esta contratación ten lugar tras a advertencia que o Señor Alcalde lle fixo á corporación sobre a insuficiente limpeza das rúas da poboación, sendo posible coñecer incluso o soldo deste novo empregado municipal:

> *"El... Sr. Alcalde advierte a la Corporacion la necesidad de nombrar un nuevo barrendero municipal pues los que existen en la actualidad son insuficientes para la limpieza de las calles de la población.*
>
> *El Ayuntamiento... acuerda crear dicha paza designado para desempeñarla al vecino de este distrito Francisco Lijó con el haber anual que se se señala en presupuesto para los que en el dia desempeñan igual cargo... sesenta pts. Mensuales"*[41].

[41] *Sesión supletoria del dia 27 de Octubre de 1920.*

1.7. Extracto de acordos

A maioría das actas das sesións rematan cun apartado denominado *"Extracto de acuerdos"*, que é o resume dos temas tratados durante o pleno, para que a corporación dera o visto e prace a todo acordo e información recollida e, polo tanto, *"se aprueba y manda publicar"*.

Acto seguido, o pleno dáse por finalizado, recollendo a hora na que finaliza. Para certificar toda a información, o Alcalde mais os membros da corporación que asistiran ao pleno rubrican o mesmo. Por norma xeral úsanse fórmulas estándar para "describir" este punto, mais destacan algúns casos por achegar un pouco máis de información sobre esa sesión concreta. Un exemplo:

> *"... se dá por terminada la sesión á las diez y nueve procediendose luego á la redacción de la presente acta que leida integramente antes de firmarla los Señores concejales fué aprobada, haciendo constar el Señor Presidente y Secretario que los Concejales que no asisitieron dejaron de manifestar la causa que se lo haya impedido por lo que no pueden consignarla su ata de lo que como Secretario certifico".*

1.8. Funcionamento

Baixo esta denominación clasificáronse 4 puntos que teñen por obxectivo a introdución do motivo de realización dun par de sesións ou indicar que se aproban as actas de sesións anteriores. Non achegan grande información pero deéxase constancia da súa existencia[42].

[42] Información recollida na *Sesión supletoria á la extraordinaria del día 2 de Junio de 1920* e *Sesión extraordinaria del día 16 de Septiembre de 1.920.*

1.9. Senadores

O termo municipal de Ribeira tiña dereito á elección de compromisarios para o Senado. Por tal causa, en 2 ocasións ao longo do ano, trátase a elección de senadores.

A comezos de ano, na segunda sesión trátase a lista de electores que terán dereito á elección de Compromisarios para o Senado para o presente ano, que tras o período de exposición pública, sen que tivesen lugar obxeccións ou reclamacións, declarábase definitiva e procedíase á súa publicación[43].

A finais do ano, na última sesión trátase de novo a lista de electores que terán dereito á elección de Compromisarios para o Senado pero neste caso xa é para o ano seguinte de 1921; tamén, a diferencia da anterior ocasión, neste caso comezaría o período de exposición pública[44].

Por outra parte, na derradeira sesión do ano ten lugar a homenaxe a dous "*ex-Diputados a Cortes por el partido judicial de Noya*", "*D. Joaquin Chapaprieta*" e "*D. Eduardo Gasset Neira*", os cales foran de gran beneficio para o municipio durante o seu período nas Cortes. Por tal causa, a corporación acordaría que os seus retratos estivesen colocados no salón de sesións da casa consistorial.

O orzamento para os dous retratos ascendería á cantidade de "*mil pesetas*" e foron encargados "*al veciño de La Coruña D. Ramon Navarro*" ao coincidir o "caché" deste artista mais o presuposto municipal para tal fin[45].

2. MATERIAS DE INFRAESTRUTURAS

2.1. Edificacións, camiños, fontes e ríos

Baixo este tema unificáronse numerosos puntos, ata 16 que, aínda que tratan sobre o mesmo teñen diferentes protagonistas.

Tras a lectura dos puntos baixo os que normalmente se tratan licenzas ou peticións, observouse que en ata 17 ocasións veciños e veciñas pediron, e por veces suplicaron, permiso para poder edificar ou reedificar vivendas, muros e ata capeliñas no termo municipal; no referido a camiños, ata en 5 ocasións se tratan asuntos relacionados coa súa construción e mantemento; sobre ríos realízase unha singular petición e, por último, sobre fontes obsérvanse os trámites para o mantemento de ata 4 delas en diferentes zonas do termo municipal.

A cantidade de información que se pode obter dalgo tan simple coma un permiso para edificar unha casa é substancial. Pódese obter o nome do interesado e por veces da súa esposa, o lugar onde habitaba, toponimia relativa aos seus terreos ou procedencia, elemento a construír, etc. Transcribíronse as informacións sobre as licenzas outorgadas (17)[46] sendo posible consultalas no Anexo I; agora preséntanse só os casos considerados máis destacados (3):

[43] Información recollida na *Sesión supletoria del día 24 de Febrero de 1920*.

[44] Información recollida na *Sesión supletoria de 29 de Diciembre de 1920*.

[45] Información recollida baixo o punto *Homenaje de Gratitud* na *Sesión supletoria de 29 de Diciembre de 1920*.

[46] Casualmente non se negou ningunha.

- Unha *"súplica"* de *"Sor Hilaria... hija de la caridad de San Vicente de Paúl y Superiora de la Casa Escuela de Doña Josefa Sobrido en San Martin de Oleiros"* para obter licenza para construír unha capela en terreos doados pola *"dicha señora*[47]*"* no lugar de *"la Gándara"*. Trala revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido.

- Unha *"súplica"* de *"María González Figueirido"* para obter a concesión dun anaco de terreo de forma irregular sobrante da vía publica, no lugar de *"a Lomba"* na estrada que vai a Moldes, para edificar unha pequena casa. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outórgalle o permiso, previo pago dunha taxa de cento vinte e dúas pesetas e cincuenta céntimos polo terreo e a parte, tras o pago do imposto establecido.

- Unha petición de *"Peregrina Mayán Domíngue,z vecina de la parroquia de Palmeira domiciliada en el lugar delas Bouciñas en concepto de apoderada de su esposo Manuel Dominguez Fernández"*, para obter permiso para edificar unha casa de planta baixa á beira do camiño veciñal que vai aos almacéns de Insuela partindo da estrada do Estado. A corporación coñecía que as obras desta construción xa estaban comezadas; con todo, tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido.

No referido aos camiños, no 1920 asístese á creación dalgúns novos e á procura do mantemento doutros xa existentes:

- Liquidación dun saldo de cento cincuenta e seis pesetas e oitenta céntimos, polas obras de prolongación do camiño Xaras-Olveira-Corrubedo[48].

- Resolución positiva para a construción do camiño veciñal denominado *"Las Saiñas á la carretera de Puebla a Corrubedo"*, cuxo orzamento ascendía a *"treinta y cinco mil setecientas seis pesetas sesenta y seis centimos*[49]*"* dos cales o Estado sufragaría *"diez y siete mil seiscientas setenta y ocho pesetas, veintiseis céntimos"* [50].

- Necesidade da reparación do camiño de Castiñeiras *"recentemente construido"* por culpa dunhas moi fortes choivas. As reparacións serían encargadas ao encargado de obras municipais *"Luís Muñiz"*. Non se fai unha estimación de gastos[51].

- Acordo para reparar, con arranxo a futuros presupostos, as rúas da parroquia de Corrubedo denominadas *"de la Marina"*, *"Delicias"* e *"Callón"* as cales presentaban un estado nefasto[52][53].

- Autorización de parte do *"Exmo. Señor Ministro de Fomento... le participa que S.M. el Rey (q.D.g)*[54] *ha tenido a bien autorizar a este Ayuntamiento para construir... el*

[47] Enténdese Doña Josefa Sobrido.

[48] Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 12 de Abril de 1.920*.

[49] *Mil* aparece dúas veces na frase do texto orixinal, clarifícase que non é unha errata de transcrición.

[50] Ibídem. Aínda que o título do punto recolle o nome de *"Corrubedo"* logo no desenvolvemento do texto indiscutiblemente o que aparece é *"Corrobedo"*, sendo isto unha errata ou despiste.

[51] Ibídem.

[52] *"... las cuales se hallan totalmente obstruidas para el tránsito."*

[53] Información recollida en *Sesión supletoria del dia 27 de Octubre de 1920*.

[54] Que Dios Guarde.

camino vecinal denominado "de las Síiñas a la carretera de Puebla a Corrubedo"[55].

Hoxe é complicado imaxinarse o centro urbano de Ribeira vertebrado por ríos en lugar de estradas e rúas, mais esa foi a imaxe da vila nun tempo pasado. Coas informacións obtidas referidas a ríos da vila, podemos coñecer da existencia do río denominado *"Cordieiro"* que transcorría de tal xeito que a rúa *"Venecia*[56]*"* situábase preto dunha das súas marxes. Neste caso, aínda podemos empregar o rueiro actual para facernos unha idea de por onde transcorría o seu curso, dada a existencia da actual rúa *"Cordieiro"*. De todos os xeitos, o texto indica o seguinte:

Fonte antigamente sita na praza Porta do Sol, fronte ao templo católico; hoxe a praza conserva a súa denominación, mais non a fonte. Fonte: Arquivo municipal-Concello de Ribeira.

- Proxecto de canalización con tubo[57] cerrado do denominado *"Río do Cordieiro"*, nos contornos da *"calle Venecia"* tralo aviso feito pola veciña da citada rúa, *"Juana Sevilla Fernández"*, sobre o foco de infección en que se convertía o río na época de estío. É ela mesma a que propón a solución e incluso transmite que podería sufragar as obras se o Concello non dispuña dos cartos necesarios para realizar tal canalización, esperando, iso si, que máis adiante lle fosen reintegrados os cartos. A Corporación acorda darlle permiso para realizar as obras e indícalle que no futuro presente as contas e xustificantes dos traballos para proceder a reintegrárselle os cartos investidos[58].

En canto ás fontes, estas eran unha das infraestruturas públicas de maior uso para a vida cotiá de todos os veciños. No texto indícase a urxencia de ter varias fontes de parroquias do municipio en correcto estado:

- Acordo para reparar con efecto inmediato, as fontes de *"Teira en la parroquia de Corrubedo; del de Salmón en la de Oleiros; y de las de Dean Grande y Fondevila en la de Ribeira"*. A urxencia nestas obras faría que a corporación depositase na alcaldía o poder para nomear o persoal necesario aínda que nin se citan os obreiros nin a contía do arranxo[59].

[55] Información recollida en *Sesión supletoria de 1º de Diciembre de 1.920*.

[56] Posteriormente coñecida como *General Franco* e actualmente como *Galicia*.

[57] *"cañería"*.

[58] Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 13 de Septiembre de 1920*.

[59] Información recollida na *Sesión supletoria del dia 27 de Octubre de 1920*.

2.2. Denuncias

Tense constancia de dúas denuncias por obras que veciños estaban a realizar sen as autorizacións pertinentes e incluso en parcelas que non eran da súa propiedade.

A que máis destaca comeza facendo referencia a unha anterior de 1901, cando o alcalde de barrio *"del lugar de Martin... Angel Reiris Sieiria"* manifestou que os veciños *"Julián Pérez Sarasquete y Cipriano Baamonde Reirís de la misma vecinidad, habían acotado unas parcelas de terreno del común de vecinos en el punto que llaman "Touro" con lo que no solo se cometía una infracción sino que se obstruían caminos de carro y pies".* Nesa ocasión, o problema solucionouse *"habiendo destruido inmediatamente los interesados las obras que tenían ejecutadas"*, feito corroborado en 1920 polo outrora citado alcalde de barrio.

Tráese a colofón esta antiga problemática porque agora, no 1920, *"Manuel Lema Millán"* procedeu a delimitar as mesmas parcelas, sendo "casualmente" xenro do primeiro dos antigos "litigantes". Nesta ocasión, *"...la Alcadía... mandando suspender al Manuel Lema Millán las obras que se hallaba ejecutando toda vez que de antecedentes no haya obtenido la correspondiente autorización para llevarlas a efecto..."*[60].

2.3. Porto

Se dalgo se ten caracterizado Ribeira é por ser unha vila mariñeira e o símbolo deste feito no podía ser outro que o seu porto. Este foi mudando acorde coas novas necesidades industriais e económicas ou as novas posibilidades en canto a infraestruturas, entre moitas outras melloras e posibilidades.

Así, no 1920 asístese á planificación e solicitude dalgunhas das melloras que pretendían realizarse.

En primeiro lugar, o *"Sr Ingeniero de Obras Publicas de la provincia"* realiza unha advertencia ao alcalde tras a súa última visita ao pobo. O alcalde transmite ao resto de membros da corporación o aviso feito, polo cal non debían conceder ningunha autorización para levar a cabo obras *"en el punto conocido por "Crucero del Castelo" lindante con la calle de Venecia"* dado que dende este punto arrancaría unha rúa que conduciría a un novo peirao que estaba en estudo[61].

Por outra parte, ata en dúas ocasións, solicítase a creación de depósitos de carbón para o porto, o primeiro deles flotante e o segundo terrestre sobre o mesmo. Destas dúas solicitudes, só se observa que prospere a primeira delas.

Sobre o depósito flotante de carbón o texto indica que a corporación tiña constancia, a través dun oficio do *"Sr Ingeniero de Obras Publicas de la provincia",* dunha petición de *"Don Antonio Cortés y Méndez Balgoma"*, pola cal solicitaba autorización e o debido informe municipal, para instalar un depósito flotante de carbón mineral no porto da cidade.

A corporación accede gustosa a esta iniciativa dado que se favorecería considerablemente a industria pesqueira de tanta importancia na localidade[62].

[60] Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 23 de Agosto de 1920*. A outra denuncia está recollida tamén nesa sesión plenaria.

[61] Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 3 de Mayo de 1.920.*

[62] *"El Ayuntamiento ... por unanimidad acuerda informar: que es de gran utilidad y conveniencia la instalación del deposito flotante de*

Imaxe non datada da situación do Malecón, *grosso modo*, a principios do século XX. Pode observase a situación case inmediata do mar con respecto á primeira liña de vivendas, o cal contrasta coa realidade actual, situándose o mar, *grosso modo*, a cen metros de distancia da liña de vivendas. Fonte: Arquivo municipal-Concello de Ribeira.

D. Antonio Cortés y Méndez Bálgoma era socio dunha gran empresa na que tiña parte o Banco Pastor, daquela denominado Banco Sobrinos de Juan Pastor, dedicada á extracción de carbón en minas da veciña Asturias.

Sobre o depósito terrestre, tíñase constancia a través do "*Boletín oficial de la provincia*" e polo *"Ilmo. Sr. Gobernador Civil"*, dunha petición de *"Don Ramón Martínez Otero vecino de esta ciudad"* que solicitaba autorización e o informe municipal para instalar un depósito terrestre de carbón mineral no morro do porto da cidade, cunhas medidas de 25x5 metros cadrados.

Neste caso, a corporación oponse ao solicitado polo veciño *"Don Ramón Martínez Otero"*, xustificando que o porto tiña só 14 metros de ancho na súa parte máis ampla, sendo moito máis angosto no resto da súa extensión e que por isto, non podía ocuparse de ningún modo a menor das superficies con carácter permanente. Ademais, este proxecto só traería innumerables danos para o comercio en xeral e para a industria pesqueira, tan importante para a cidade ao entorpecer labores de carga e descarga, movemento de aparellos, etc. Farán os trámites para que todas estas razóns fosen elevadas ata o Gobernador Civil e se axuntasen ao debido expediente.[63]

carbon mineral en este puerto, que solicita Don Antonio Cortes y Méndez Balgoma pues con ello se favorece considerablemente la industria pesquea de tanta importancia en esta localidad." Información recollida na *Sesión supletoria á la extraordinaria del día 2 de Junio de 1920.*

[63] *"El Ayuntamiento despues de discutir detenidamente el asunto, por unanimidad acuerda: 1º Que procede oponerse á lo solicitado por Don Ramón Martínez Otero habida consderación á que dados los fines para que ha sido construido el muelle de éste pueblo y contar tan solo con un ancho de catorce metros en la parte en que trata de establecerse dicho deposito de carbon, siendo mucho*

Á marxe do carbón, realizouse outra proposición para mellora do porto. O alcalde propuxo solicitar autorización á *"Dirección General de Obras públicas"* para proceder á instalación de alumeado eléctrico no porto por conta dos orzamentos do propio concello. Tamén proporía a instalación dun guindastre para efectuar cargas e descargas no punto en que autoridades superiores dispuxesen, pero iso si, esta xa á conta do Estado[64]. A corporación encontraría moi interesante estas proposicións, procedendo a facultar amplamente ao alcalde para que fixese todas as xestións para obter permisos, materiais do alumeado, etc., para a súa pronta execución unha vez obtidos os permisos.

Non se localizou ningunha referencia posterior nos libros de plenos que fixese referencia de novo a algunha destas propostas, co cal, supoñemos que todo prosperou sen sobresaltos.

2.4. Telégrafo

A invención do telégrafo tivo lugar en 1844 grazas ao enxeño de Samuel Morse, ao cal lle debemos tamén o epónimo código Morse.

Para falar no territorio nacional do telégrafo, da aparición dun medio de comunicación eléctrico, temos que agardar ata o ano 1855, cando se aproba o 22 de Abril a lei coa que dará comezo a construción da infraestrutura necesaria para este novo medio de comunicación.

Baixo o reinado de Isabel II, crearase unha liña de comunicación telegráfica de 1127 leguas que dende Madrid, conectaría co resto das capitais das provincias, ascendendo o orzamento para tal infraestrutura a 15 millóns de reais. Co paso das décadas, novas ampliacións desta infraestrutura serían realizadas, ampliando a lonxitude da rede, as conexións e oficinas, os funcionarios telegrafistas, etc[65].

Que ocorre realmente en 1920 con respecto ao telégrafo en Ribeira? Pois algo tan simple como que a *"oficina de Telégrafos"* tivo que trasladarse de local dado que a propietaria da casa na que se localizaba a oficina da cidade, *"Doña Soledad Santos Pijuán",* lle solicitou á corporación que rescindisen o contrato que existía entre ambas partes (o municipio e ela mesma) ao xurdirlle un imprevisto:

> *"...instancia de Doña Soledad Santos Pijuan en la que suplica al Ayuntamiento tenga á bien admitirle la rescisión del contrato de la casa de su propiedad en que está instalada la oficina de Telégrafos de esta ciudad por serle de imprescindible necesidad el pasar a habitarla con su familia habida consideración á no poder continuar residiendo en Santiago para donde se habia trasladado."*

mas angosto en toda su estensión, no puede en ningun modo ocuparse de la menor superficie con caracter permanente y solo la indispensable y momentanea para efectuar las operaciones de cargar y descargar pues de otra suerte se causarian inumerables perjuicios al comercio engeneral que se vería privado de poderlo efectuar y á la industria pesquera tan importante hoy en éste puerto para el movimiento de sus aparejos y descarga de la pesca; y 2º,, Que de éste acuerdo se envie testimonio al Ilmo Sr Gobernador Civil á fin de que se sirva acordar sea unido al expediente que al efecto se instruye.". Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 13 de Septiembre de 1.920.*

[64] *"El Señor Alcalde propone á la Corporación que por virtud de la prolongación del Muelle de éste puerto se está en el caso de solicitar de la Dirección General de Obras públicas la correspondiente autoriación á fin de poder instalar por cuenta del Ayuntamiento el alumbrado electrico en la parte ampliada á evitar funestas consecuencias á los marineros y que por cuenta del Estado se coloque la grua en el punto que proceda para poder efectuar las operaciones de carga y descarga".* Ibídem.

[65] Máis información no artigo de María Victoria Crespo Guitiérrez "Los Caminos de la Comunicación: La Telegrafía en España". http://telegrafistas.es/historias-del-telegrafo/634-la-telegrafia-electrica-en-espana

Situación da Casa consitorial no ano en que a corporación recibiría oficialmente o edificio. As obras de construción comezaran na primaveira de 1906 e remataran a finais do 1907. Na imaxe pode observarse o reloxo na súa torre orixinal. Fonte: Arquivo municipal-Concello de Ribeira.

O Concello, sendo consciente dos danos en que podía poñer á veciña "*Doña Soledad*", daría por rescindido o contrato de arrendamento. A pesar deste lixeiro revés, atoparían pronta solución, ao ser coñecedora outra veciña, *"Doña Concepción Barroso"* das "necesidades" en que "*Doña Soledad"* se atopaba, procedendo a propor unha solución ao Concello.

"Doña Concepción Barroso" ofrecería o 1º andar da súa casa na rúa Venecia sempre que ao Concello lle interesase e mantendo o prezo de aluguer de oitocentas pesetas. O concello aceptaría a proposta, facendo constar que o contrato tería unha duración dun ano, prorrogable automaticamente se ningunha das partes puña obxeccións nos 3 meses anteriores á finalización do mesmo e co custo xa citado de oitocentas pesetas[66].

Non foi posible realizar unha pescuda exhaustiva sobre cal foi a data na que se estableceu o telégrafo no municipio, mais, con toda probabilidade, é posible situar a súa creación nalgún momento entre o 1900 e o 1920, período no que as oficinas telegráficas pasaron dunhas 1534 a 3394.

2.5. Reloxo

Asuntos relacionados co reloxo que coroaba a antiga e fermosa casa consistorial de

[66] Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 3 de Mayo de 1.920.*

Ribeira tiveron que ser tratados ata en dúas ocasións.

En primeiro lugar, *"...Don Bautista Martínez encargado dar cuerda al reloj de torre de esta Casa Consistorial ha manifestado que por sus ocupaciones no podia continuar..."* exercendo tal labor; para dar solución a este problema, a corporación designa *"al relojero establecido en ésta localidad Don Eugenio Paz Gómez... para desempeñar el cargo de relojero municipal a quien se le abonará su labor... con arreglo a lo consignado en el presupuesto vigente para tal atención".*[67]

Meses despois, consciente a corporación do estado ruinoso en que se atopaba a torre do reloxo, acordou *"...contratar ó mandar hacer por Administración una nueva torre para el relog de la Casa consistorial...".*[68]

Lamentablemente, en ambas as dúas ocasións, non é posible coñecer a canto ascenderon os soldos do novo reloxeiro e o arranxo da torre dado que non se especifican no libro de plenos.

3. MATERIAS SOBRE O POBO

3.1. Censo

O censo é unha ferramenta empregada polos Estados para determinar o número de habitantes que compoñen as súas poboacións e provincias (e o conxunto do Estado en definitiva), as súas condicións sociais e económicas.

O tema referido ao censo de poboación é tratado baixo 6 puntos con denominacións moi dispares[69], pero que en definitiva teñen por obxecto o censo da poboación do municipio. Deste apartado debemos destacar varios puntos, dous deles aínda relacionados dalgún modo co tema anterior da secretaría e os restantes máis enfocados ao censo e á poboación en si.

Con arranxo a normativas anteriores e outras novas publicadas naquel ano, así como por instancias de órganos e poderes superiores, como o *"Ministerio de la Gobernación",* o *"*(Ministerio*) de Instrucción pública y Bellas Artes"* ou o *"Instituto Geográfico y Estadistico (de la provincia)"*, o 31 de decembro de 1920 debía levarse a cabo a formación do Censo da poboación de España. Ante tal empresa nacional, xurdiu a necesidade de realizar certos traballos como o censo da poboación, a estatística de vivendas-edificios e albergues, a *"rotulación"* de rúas e prazas e a numeración de vivendas, edificios e albergues; a corporación coidarase conforme van pasando os meses de que esta empresa se vaia levando a cabo con certa dilixencia.

Unha das últimas novas que temos sobre esta empresa é que, a pouco máis de dous meses de que finalice o ano, a corporación acorda designar o *"Secretario"* para que leve ao *"Instituto Geográfico y Estadistico"* na capital da provincia a estatística de vivendas do municipio... achegando para os gastos da viaxe *"ciento veinticinco pesetas y cincuenta céntimos". Con todo*, na sesión do 29 de decembro aínda se designan diversos *"escribientes temporeros"* para inscribir a

[67] Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 13 de Septiembre de 1.920.*

[68] Información recollida na *Sesión supletoria del dia 27 de Octubre de 1920.*

[69] Información recollida nas seguintes sesións: *Sesión ordinaria del dia 21 de Marzo de 1.920, Sesión ordinaria del dia 12 de Abril de 1.920, Sesión supletoria del dia 16 de Junio de 1920, Sesión ordinaria del dia 23 de Agosto de 1920, Sesión supletoria del dia 27 de Octubre de 1920, Sesión supletoria de 29 de Diciembre de 1920.*

RIBEIRA	Cédulas recollidas	Residentes				Total poboación **de feito**	Total poboación **de dereito**
		Presentes		Ausentes			
		var.	fem.	var.	fem.		
	4114	6943	8891	1414	87	15834	17335

poboación analfabeta no censo, con soldos para uns de *"siete pesetas diarias teniendo en cuenta los gastos de salida"* e de *"6 pesetas diarias"* para outros.

O 31 de decembro de 1920 publícase o devandito censo de España[70], co cal, enténdese que non houbo ningún atraso[71]. Segundo tal censo, Ribeira contaba cunha poboación de feito[72] de 15.834 habitantes e de dereito de 17.335[73].

Como xa se indicou, é por esta empresa pola que, en varias ocasións, se transmite a necesidade de contratar e nomear persoal de apoio para a realización óptima do censo.

Por outra parte, e sen abandonar aínda o tema, tamén tivo lugar o empadroamento dun novo veciño no municipio, natural de Valladolid:

> *"Don Enrique Aparicio Larabia[74] de 48 años de edad casado, Capitán de la marina mercante, natural de Valladolid, vecino de Portugalete-Bilbao y domiciliado en la parroquia de Palmeira de este término municipal, pidiendo se le empadrone en unión de sus familiares en dicha parroquia como vecino por haber acordado fijar definitivamente en ella su residencia, en donde habita hace más de un año.*
>
> *El Ayuntamiento... por unanimidad acuerda: conceder la vecinidad a dicho señor y su familia... se le comunicará en la forma reglamentaria."*

3.2. Artigos de primeira necesidade

A mediados do ano, Ribeira sómese nunha situación de relativa emerxencia ao xurdir carestía de produtos como *"harinas de trigo y maiz... aceite y jabón"*, o cal levará á corporación municipal a tratar o tema en 6 ocasións no que restaba de ano, dilucidando das últimas a normalización da situación. Esta situación especial fará que coñezamos da asistencia, por exemplo, de *"público...* (con) *personas de ambos sexos"* ao primeiro pleno que trata este tema, por motivos que citaremos de seguido[75].

[70] Recollido no *"Tomo I. Resultados"* do Censo de poboación de 1920; Instituto Nacional de Estadística (INE). https://www.ine.es/inebaseweb/treeNavigation.do?tn=82705

[71] Por facer alusión á problemática que rodea a algún dos topónimos da comarca, Ribeira no censo é Ribeira, con B. Por contra, o veciño Rianxo no censo está recollido como Rianjo.

[72] Poboación localizada no municipio no momento do reconto poblacional do censo, independentemente de se está empadroada ou non.

[73] Poboación empadroada nun determinado lugar.

[74] Para que conste, a primeira das letras coa que da comezo o segundo apelido de este individuo non é de todo clara para a súa identificación; enténdese que a opción máis probábel é unha "L" aínda que non se desbota outras posibilidades, como un "J".

[75] A información recollida no libro de plenos sobre este asunto en particular é un tanto incompleta. Aínda que se poden obter datas, productos en carestía, orzamento destinado á súa compra ou o desenlace deste episodio ao mesmo tempo non se achega unha explicación sobre a negativa do Gobernador Civil de Pontevedra a permitir que vilas pontevedresas continuasen surtindo o porto da cidade, se existiron malas colleitas na cidade que produciron un agravio no desabastecemento local ou algún dato que puidese indicar que o comercio terrestre era insuficiente ou inexistente para abastecer a cidade. Non deixa de ser interesante o feito de que a corporación municipal, unha vez superado o episodio, indica que a colleita dos artigos como o trigo ou o millo era abundante

Esta situación foi produto da *"actitud en que se colocó el Señor Gobernador Civil de Pontevedra, impidiendo que los pueblos de Vigo y Villagarcía, continuen abasteciendo este puerto de los articulos de primera necesidad... como de costumbre viene haciendose..."*. Para buscar unha solución en consecuencia, o concello propón a creación urxente dun crédito de corenta e cinco mil pesetas para adquirir ditas subsistencias[76].

Con todo, *"El concejal Sr Pérez Fernández Don Ricardo"* tiña certos reparos e expresounos nunha *"moción"*. Nela expuxo que debería de crearse unha comisión, xenuinamente popular, para que *"en unión de los señores curas párrocos del término municipal[77]"* tomasen as decisións más convenientes e eficaces[78]. A moción ademais facultaba o alcalde para dispoñer dos fondos pero baixo a súa exclusiva responsabilidade[79].

É agora cando entra en escena o citado público asistente á sesión (extraordinaria), que fixo ver o seu inconformismo con detalles da moción e da sesión mesma.

En primeiro lugar, o público, a grandes voces, declarou que a facultade da moción que outorgaba ao señor alcalde a posibilidade de dispoñer dos fondos existentes baixo a súa exclusiva responsabilidade debía ser non do alcalde senón de todo *"el Ayutamiento"*. Neste contexto, chámase á orde por varias veces *"haciendo sonar el timbre"*[80].

A moción foi discutida e sometida a votación ordinaria... sendo finalmente aprobada, recaendo a responsabilidade sobre o alcalde en exclusiva. O alcalde faría constar *"lejos de ser un beneficio para dar solución al asunto de que se trata resulta un entorpecimiento"*.

Volve o público á carga, protestando pola final resolución da moción, sendo necesario chamar á orde polo menos en dúas ocasións máis. Estas protestas deberon de ter certo calado pois o asunto sería discutido de novo e, agora si, a responsabilidade finalmente sería de todo *"el Ayuntamiento"*[81]. Facultaríase o alcalde para o pago das mercadorías pero, iso si, tería que presentar as facturas[82] e tamén se acordaría nomear unha comisión mixta para realizar as xestións que fosen necesarias.

---

no país; puidera indicar isto unha tempada de malas colleitas no municipio? Certos puntos non quedan realmente claros.

[76] *"... propone el Ayuntamiento se sirva acordar con carácter urgente la concesión de un crédito de cuarenta y cinco mil pesetas... para adquisición por el Ayuntamiento de las subsistencias de mayor apremio para la localidad formando... un presupuesto extraordinario si lo considera preciso..."*. Información recollida en *Sesión extraordinaria del dia 21 de Mayo de 1920.*

[77] Con este mínimo apunte pódese constatar como a principios do século pasado a igrexa continuaba posuíndo certa relevancia en ámbitos e asuntos que escapaban da "relixiosidade".

[78] *"...para eludir el Ayuntamiento toda responsabilidad moral de la malediciencia, deseoso como el que más de abastecer al vecindario... debiera nombrarse una nutrida comisión genuinamente popular, compuesta de dos concejales, dos mayores contribuyentes por industrial, dos por territorial, cuatro obreros, cuatro labradores para que en unión de los señores curas párrocos del término municipal, presidida por el Señor Alcalde, tomen las determinaciones más convenientes y eficaces..."*. Ibídem.

[79] *"... se faculta al Señor Alcalde para que pueda disponer de los fondos... bajo su exclusiva responsablidad, para hacer anticipos... á los comerciantes que lo necesiten a fin de poder pagar... los artículos de consumo... los aludidos anticipos seran reintegrados á los sesenta días de haberlos recibido y los beneficiados se obliguen á vender los articulo sal precio que señale la Comisión."* Ibídem.

[80] *"... el público... empezó á protestar pidiendo á grandes voces que la facultad que en dicha moción se le concede al señor Alcade para que pueda disponer de los fondos existentes... bajo su exclusiva responsabilidad debía ser no del Alcalde y si de todo el Ayuntamiento... se llama al orden por distintas veces haciendo sonar el timbre..."* Ibídem.

[81] Aínda que o texto indica que se reclamou que a responsabilidade tiña que ser do *"Ayuntamiento"*, enténdese que aínda que se empregue ese término, o público refírese á corporación municipal.

[82] *"Discutiose de nuevo el asunto y el Ayuntamiento por unanimidad acuerda: que la responsabilidad... será solidaria de todo el Ayuntamiento facultado al Señor Alcalde para el pago de las mercancias presentando en su dia los comprobantes para su sanción."*

Semellaba que o asunto, con todas as súas partes implicadas, estaba arranxado e por tanto ía procederse a dar por finalizada a sesión. Porén, o público fixo unha reclamación máis, que a corporación firmase a acta do pleno no acto.

Non deixa de ser curiosísima a anotación que o secretario fixo durante esta última protesta*"... pudiendo también observar que en aquel momento se cerraba la puerta principal de acceso a la sala de sesiones"*, o cal fala por si só dos ánimos que debían reinar[83].

Tan só un mes despois, xa temos novas dos intentos e resultados acadados para satisfacer as demandas do pobo ribeirense. O membro da comisión nomeada para a adquisición de subsistencias, *"Don Ricardo Pérez Fernández"*, tiña conseguido en Vigo ("*casa de Don Ceferino L. Maestrí)"* e en Vilagarcía (*casa de Don José Galbán)* cantidades destacables de fariña de trigo e de centeo. Do primeiro adquiriu, por unha parte, trescentas sacas de fariña de trigo a noventa e oito pesetas e por outra, corenta e seis de fariña de centeo a noventa e dúas pesetas. Do segundo, adquiriu duascentas sacas de fariña de trigo a cen pesetas cada unha[84].

Faise tamén especial referencia ao millo, o cal non foi posible adquirir dado que o seu prezo era "desorbitado", a setenta pesetas a saca de 100 quilogramos[85].

O texto, aínda que achega prezos de venta destes sacos, é moi confuso[86]. Tendo en conta algúns datos posteriores, dilucídase o rango de prezos do centeo a noventa e dúas pesetas a saca e do millo (finalmente adquirido) a setenta pesetas a saca. O trigo é o que presenta serías dificultades, sendo o prezo máis seguro o de doce pesetas arroba (que non saca). Por outra parte, dilucídase tamén da referencia sobre o millo que tiña un prezo desorbitado, que a equivalencia en quilogramos desas *"sacas"* sería de 100 kg.

Semella pois que, a grandes trazos, as necesidades da poboación foron suplidas aínda que por exemplo nada se nos diga sobre o aceite ou os xabóns. Con todo, aínda se volve a tratar o tema nun par de ocasións máis, grazas ás cales podemos coñecer o desenlace final desta carestía.

Cara a finais de ano, o empregado municipal *"Cipriano Reiris"*, encargado pola Alcaldía de expoñer aos veciños os produtos adquiridos, advertía á corporación da existencia aínda de cantidades importantes de excedentes, os cales ameazaban con... descompoñerse. Da primeira saca xa saían vermes e a segunda estaba completamente invadida por gurgullo.

O veterinario municipal pasou a comprobar o estado destes produtos, e tras a

[83] *"Dada por terminada la sesión se vuelve á sentir voces entre el público pudiendo entender el Secretário que se exigía que la Coporación firmase el acta en el acto... pudiendo también observar que en aquel momento se cerraba la puerta principal de acceso á la sala de sesiones, la que volvió a abrirse seguidamente despues de la manifestación hecha por el Secretario desalojandose el local. Firman los Señores concejales asistentes y certifico yo Secretario."* Ibídem.

[84] Información recollida en *Sesión supletoria á la extraordinaria del dia 2 de Junio de 1920.*

[85] *Tambien hace presente el señor Alcalde que han resultado infructuosas las gestiones hechas, por dicha comisión hasta el momento para la adquisición del maiz, pues resulta á más de setenta y cuatro pesetas la saca de cien kilos, precio excesivo é imposible de adquirir, si bien se continúa laborando para conseguirlo más económico".* Ibídem.

[86] *"Que de la priemera partida ya hay existencias en esta localidad, habiendose cedido por acuerdo de la comisión, parte al comercio y el resto se halla en el depósito en la Lonja para la venta al público, habiendo señalado dicha comisión los siguientes precios de venta: Para el comercio á noventa y nueve pesetas, sesenta y cinco centimos la saca de harina de trigo de la recibida de casa del Señor Maestrí, á fin de que pueda ser vendida al público á (noventa y nueve pesetas, ochenta céntimos) doce pesetas arroba; y para la venta al público á noventa y nueve pesetas, ochenta céntimos la saca de harina de trigo y noventa y dos pesetas la saca de la de centeno* Ibídem..

súa inspección ditaminou que só poderían empregarse para o alimento do gando... e con urxencia[87]. A corporación ditaminaría que para evitar a pérdida total deses produtos, se reducisen os prezos para procurar a súa liquidación, tendo en conta que a colleita de tales produtos no país é abundante[88].

A finais do ano, a situación enténdese estabilizada, ao non localizarse futuras referencias. Tras a debida revisión das contas, esta pequena crise custaríalle ao Concello unha perda de trece mil seiscentas oitenta e cinco pesetas con vinte cinco céntimos[89].

3.3. Pobres

Un dos puntos máis interesantes que se localizan no libro de plenos é o referido á confección da *"Lista de pobres"* e diferentes beneficencias relacionadas. Nesta listaxe é posible localizar anha cantidade considerable de familias e persoas do municipio ás cales a vida non lles sorriu.

Por esta e outras razóns, a corporación trataba de velar por estes veciños, mediante a súa inclusión nunha listaxe de pobres, a cal lles daba acceso a diferentes beneficencias municipais e provinciais, acceso a médicos, farmacéuticos e ao hospital de Santiago, así como a outros auxilios gratuítos. Case podemos falar dun proxecto social en 1920.

A listaxe de pobres é tratada en ata 7 ocasións, localizándose tamén 2 puntos dedicados á beneficencia municipal e provincial respectivamente que engaden máis pobres á lista e un punto dedicado a médicos voluntarios.

Unha listaxe dos individuos e familias que terían sido engadidos ao longo do ano está dispoñible para a súa consulta no Anexo II, figurando coa maioría dos datos que foi posible recompilar sobre a súa procedencia ou sobre os "beneficios" que obtiñan.

Aínda que o total da citada listaxe arroxe unha cifra concreta, 100, non podemos falar de 100 veciños e veciñas que se atopaban en situación de pobreza, dado que en moitos dos casos se di que a súa familia tamén entra na listaxe de pobres e, en ningún destes casos se indican nin os nomes nin a cantidade de membros que compoñen ditas familias.

Sobre o singular ofrecemento de médicos para asistir gratuitamente enfermos pobres do municipio, os doutores *"Don Francisco Fariña Garabán"* e *"Lisardo Rodríguez Reigada"* expresaron á corporación a súa disposición a axudar no posible coa súa atención médica os pobres do municipio. A corporación agradecería tal desinteresado ofrecemento e, para complementar os seus servizos, autorizaríalles a expedir receitas e medicamentos con cargo aos orzamentos de beneficencia do concello.

---

[87] *"... todavia existentes... treinta y seis sacos de harina de centeno y doscientos setenta sacos de maiz los que amenazan descomponerse pues de la primera salen gusanos y el segundo esta totalmente invadido de gorgojo, pasí a comprobarlo en unión del Veterinario municipal y habiendole informado este que ambos articulos sólo podran utilizarse para alimento del ganado y esto con urgencia, lo ponia en conocimiento de la corporación para la resolución que proceda.* Información recollida na *Sesión supletoria de 1º de Diciembre de 1920.*

[88] *"Discutido el asunto, la Corporación por unanimidad acuerda: que a evitar que la pérdida sea total, se reduzcan los precios de las sacas de harina del centeno que se vendian a noventa y dos pesetas al de treinta y dos y las bolsas de maiz que se le habian señalado precio á setenta pesetas, que se venda al de veíntiseis, teniendo en cuenta que la cosecha de ambos productos en el pais es abundante, lo que se anuncia al público para general conocimiento".* Ibídem.

[89] Información recollida na *Sesión supletoria de 29 de Diciembre de 1920.*

3.4. Enfermidades

Contra finais do ano[90] fai acto de presenza no municipio a peste porcina *"con caracteres alarmantes"*. A corporación instará o señor alcalde a que se poña en contacto con *"D. Juan Rof Codina, Inspector provincial de Higiene y Sanidad Pecuaria"* para procurar solución a este problema sanitario/veterinario:

> *"... D. Juan Rof Codina, Inspector provincial de Higiene y Sanidad Pecuaria para que trayendo el suero necesario venga a esta ciudad y proceda a la vacuncación de los cerdos, abonando los gastos que con tal motivo se originen como son importe de la vacuna, viajes, derechos, etc., por cuenta del capitulo de Imprevistos del presupuesto"*

Nos poucos meses restantes do ano, non se volve mencionar cousa ningunha relativa a esta peste porcina ou ao desenlace final, fora como fose. Temos que esperar case practicamente a que se cumpra un ano, xa no 1921, para que volva facerse mención nun pleno á peste porcina ao constatarse *"...nuevos casos de peste porcina en el distrito, enfermedad que habia desaparecido totalmente..."*. Da lectura do pleno de 1921 dilucídase que a peste fora erradicada grazas ás medidas profilácticas adoptadas polo *"Inspector de Higiene y Sanidad pecuarios municipal"*, que non polo provincial ao que se pretendía chamar. Nas novas circunstancias do 1921, considerarase volver ao plan orixinal, citándose o pleno no que se tratou o tema un ano atrás en 1920, para evitar a propagación *"del terrible mal"*.

Antes de pasar ao seguinte punto, un pequeno parágrafo sobre o Inspector provincial, D. Juan Rof Codina[91]. Poderiamos pensar que foi un empregado máis da administración do momento; con todo, este personaxe, de orixe catalá, foi un dos grandes impulsores da veterinaria non só a nivel galego senón a nivel nacional: promoveu a difusión de novas técnicas no ámbito gandeiro, foi representante do Instituto Pasteur francés... e incluso realizou un "proxecto" para disuadir os favorables á destrución da muralla romana de Lugo na década dos anos 20.

3.5. Educación

Nun tempo no que a maioría da poboación era analfabeta, o municipio e a súa corporación esforzábase por velar polo mantemento dos lugares de ensino dos seus veciños máis novos e pola correcta conservación das infraestruturas dedicadas á ensinanza como parte das súas prerrogativas de goberno. En total foron tratados 4 veces asuntos relacionados coa educación nos plenos[92].

En primeiro lugar, obtense resposta por parte da *"Intervención de Hacienda de la provincia"* a un *"recurso de alzada"* por uns pagos relativos á ensinanza de 1914. A solución remitida por este órgano e poder superior non

[90] Información recollida na *Sesión supletoria del día 27 de Octubre de 1920*.

[91] Para aqueles que teñan máis interese neste personaxe, remítanse á obra de Diego Conde Gómez, *Juan Rof Codina: Renovación na veterinaria e gandaría galega contemporánea*, editado por Edicións Xerais en 2015. Para aqueles máis interesados aínda, a fundación Rof Codina, vinculada á Universidade de Santiago-Campus Lugo, conserva a maior parte da súa obra orixinal e biblioteca persoal.

[92] No que respecta a este tema, o concello ribeirense promoveu hai anos una obra realizada por José Manuel Pérez Lustres e Xesús Pérez Besada co título *A escola na memoria. Riveira 1906-1956*, que vén ilustrar a realidade da educación no termo municipal durante case os cincuenta primeiros anos do s. XX; recoméndase a súa consulta para aqueles lectores que teñan interese en ampliar información e coñecemento sobre este tema.

cumpriu as expectativas da corporación e por iso, desisten nesta revisión[93].

Por outra parte, o dono da casa na que estaba establecida a escola de nenos de Palmeira e a familia do mestre, rescinde o contrato desta ao finalizar este. O Concello dáo por finalizado e abre concurso para conseguir un novo local que reunise as condicións necesarias para destinalo a casa-escola e vivenda do mestre e da súa familia[94].

Tamén, no final do período estival, órganos e poderes superiores da provincia lembrábanlle á corporación que era o seu deber realizar o branqueo e reparacións necesarias nos locais das escolas durante as vacacións dos escolares no verán; faise referencia a tres escolas en concreto: *"las dos de Palmeira y (en) la mixta de Oleiros"*. A corporación ponse mans á obra tendo en conta especialmente que as citadas escolas non se contemplaron cando se confeccionou o orzamento relacionado[95].

Se no anterior parágrafo falabamos dunha escola mixta en Oleiros, agora teremos que falar doutra en Castiñeiras e da proposición feita para que se converta en unitaria de nenos. A *"Junta local de primera enseñanza"* acordara a instancia dos veciños do lugar de Castiñeiras, que se solicitase á *"Dirección General de primera enseñanza"* por medio da Alcaldía, a transformación da *"Escuela Nacional mixta"* en *"Escuela unitaria de niños"*[96].

Os veciños xustificaban a súa proposta dado que a ensinanza das nenas viña sendo atendida debidamente dende había dous anos pola escola *"no oficial"* que rexentaban as *"Hermanas del Sagrado Corazón"*. Ademais, xustificaban que o cambio era beneficioso para a ensinanza dos nenos, que permitiría establecer unha escola de adultos e que por último, se cumpriría o que a normativa de ensinanza do momento establecía[97], que existise na zona unha escola de nenos e outra de nenas.

No libro de plenos *a priori* non se recolle o desenlace destas propostas mais é probable que todas tivesen prosperado.

3.6. Exército

O servizo militar obrigatorio instaurouse no territorio nacional coa Constitución de Cádiz do 1812. Teoricamente de carácter obrigatorio, ao longo da súa existencia é posible observar a existencia de certos privilexios explotados case en exclusiva polas clases máis adiñeiradas da sociedade española dado que existía a posibilidade de non realizalo tras o pago en metálico dunha redención; cen anos despois, a nova *"Ley de Reclutamiento y Reemplazo del Ejercito de 19 de Enero de 1912"*, puña fin a esta práctica redencionista pero con matices ou incluso podería dicirse cun lavado de cara, dado que aínda que se suprimía a posibilidade de redimir o servizo militar por completo, habería a posibilidade, por cotas de 1000 ou 2000 pesetas, de reducir o tempo de servizo ou de poder incluso elixir destino, estando exentos de entrada de servir en África; é fácil deducir que seguirían sendo as clases máis adiñeiradas as que sacarían máis

[93] Información recollida na *Sesión supletoria del día 24 de Febrero de 1.920.*

[94] Información recollida na *Sesión ordinaria del día 3 de Mayo de 1.920.*

[95] Información recollida na *Sesión ordinaria del día 23 de Agosto de 1920.*

[96] Información recollida na *Sesión ordinaria del día 13 de Septiembre de 1.920.*

[97] A *"Ley de 23 de Junio de 1909"*.

partido á nova norma aínda que en todo caso, se fixera para contentar as clases populares[98].

Só poderemos falar de servizo militar obrigatorio real, sen privilexio, coa *"Ley de 8 de agosto de 1940 por la que se modifica la Legislación vigente sobre Reclutamiento."*, xa baixo o réxime franquista, que será recordado por moitos como *"la mili"*.

Neste contexto, o que se observa no libro de plenos é a alusión a mozos elixidos baixo o sorteo do sistema de servizo militar mediante quintas, que por razóns de enfermidade[99] e pobreza[100], cursan unha petición para causar baixa temporal no servizo militar. Esta petición, normalmente cursada por un dos proxenitores que á súa vez normalmente son viuvos, xustifícana con toda unha serie de documentos tales como o certificado de viuvez, certificado de fillo único e principal sustento da familia, testemuño de pobreza e a presenza de testemuñas, tanto de parte da familia como da Alcaldía. En ningunha ocasión se denega ningunha das peticións, que non son moitas, empregando a ocasión para engadir ás familias que toman parte neste proceso á lista de pobres.

Ao marxe do servizo obrigatorio, dous puntos máis tratan o tema militar. O primeiro deles trata nada máis e nada menos que sobre o aluguer da casa na que a Garda Civil tiña a súa "sede". O contrato tíñase firmado en 1915, cunha duración de 5 anos, ascendendo a contía mensual a setecentas cincuenta pesetas; é precisamente a duración do contrato o que fai necesario tratar o tema[101].

O propietario da casa, *"Don Cipriano Ventura Graña"*, manifesta a súa disposición a que a súa propiedade na rúa Venecia[102] continúe servindo ao propósito que tiña ata o momento, mais precisa que lle é necesario que o aluguer ascenda a mil pesetas. O Concello finalmente accede aos novos termos do aluguer; enténdese que a duración do novo contrato é dun só ano pero o texto chega a ser un pouco confuso nese aspecto; tamén é "erróneo" no que se refire ao aumento do importe do aluguer[103]:

> *"... teniendo necesidad de elevar su alquiler á Mil pesetas y que se le manifieste si se está conforme con el indicado aumento de renta y prorroga del contrato por un año con las condiciones estipuladas en el que finaliza..."*
>
> *"El Ayuntamiento... acuerda: acceder á lo solicitado en todas sus partes... el pago del aumento consistente en doscientas pesetas se haga efectivo..."*

O último dos asuntos referidos ao exército, pola súa denominación, faría pensar a calquera que o pobo de Ribeira estaba sufragando dalgún xeito material esforzos de guerra mais nada máis lonxe da realidade; baixo o punto *"Suministros al ejército"* recóllese un pago polo aloxamento de forzas da Garda Civil[104].

[98] Só poderemos falar de servizo militar obrigatorio real, sen privilexios, coa *"Ley de 8 de agosto de 1940 por la que se modifica la Legislación vigente sobre Reclutamiento"*, xa baixo o réxime franquista, que será recordado por moitos como *"la mili"*.

[99] Información recollida na *Sesión supletoria del dia 16 de Junio de 1920* e *Sesión supletoria del día 7 de Julio de 1920*.

[100] Información recollida na *Sesión supletoria á la extraordinaria del día 2 de Junio de 1920, Sesión supletoria del día 7 de Julio de 1920*

[101] Información recollida na *Sesión ordinaria del dia 3 de Mayo de 1.920*.

[102] Casa que coñecemos polo pleno de 1915 no que se firma o arrendamento, que constaba de *"... dos pisos altos, además del bajo con salida y cuadras..."*, o cal a facía perfecta como sede do instituto armado.

[103] Indican que o aumento do aluguer é de duascentas pesetas cando realmente é de duascentas cincuenta pesetas.

[104] Información recollida na *Sesión supletoria de 29 de decembro de 1920*.

O único problema que se observa sobre este último punto é que o texto non é de todo claro; a frase introdutoria ten termos que non foi posible identificar aínda que no corpo do texto si se pode comprender perfectamente a alusión a unha cantidade de cartos *("cuatrocientas quince pesetas y cincuenta centimos"*) e o seu destino (*"Alojamiento de fuerzas de la Guardia Civil").*

CONCLUSIÓNS

Cen anos separan os acontecementos dos que neste traballo se falan do tempo presente en que vivimos. Moitas cousas teñen mudado polo camiño: gobernos, infraestruturas, parroquias. credos... mais outras teñen perdurado, como os apelidos das familias que outrora poboaron a vila.

Tralo estudo do libro de plenos dun só ano da vila ribeirense, é posible obter unha inmensa cantidade de datos de carácter histórico e, á súa vez, tamén é posible obter datos que poderiamos definir como curiosos, anecdóticos, etc., que son ao final os que máis chaman a atención e lle interesan ao público en xeral.

O ano de mil novecentos vinte estivo marcado por episodios convulsos que afectaron a secretaría do concello, ao abastacemento local de alimentos ou ao estado do gando. Por outra parte tiveron lugar accións para manter certos aspectos da cidade como a educación, a situación das forzas de seguridade, o estado da casa consistorial, camiños, fontes, etc; tamén se tomou parte en en accións de calado nacional como a realización do censo de poboación. Nunha liña similar, durante o ano sucedéronse diversas propostas, como as diversas melloras do porto, que viñeron conslidar un dos aspectos que sería clave para o desenvolvemento da cidade nos seguintes anos, e que ata os nosos días segue sendo un piar básico da economía da cidade.

Con este pequeno traballo case novelado, espero ter achegado unha pequena visión sobre como era a vida e a vila de Ribeira a través do seu libro de plenos. Tamén espero ter contribuído a facer que os meus veciños e veciñas de Ribeira coñezan un pouquichiño máis dun fragmento ínfimo da historia do seu concello.

Agradécese ao Arquivo municipal e ao Concello de Ribeira a colaboración coas imaxes que ilustran certos aspectos tratados no traballo. Tamén se agradecen a Vanesa Lago Somoza as súas revisións deste traballo e a Teresa Martínez Armada a súa axuda, *in extremis,* co formato das imaxes.

Dedico este pequeno traballo con especial agarimo aos meus compañeiros de educación primaria, secundaria e bacharelato. Grazas a vós moitos dos apelidos cos que me teño topado durante a confección deste traballo sonme familiares.

Este texto foi redactado no mes de Abril de 2020 durante o estado de alarma nacional pola pandemia do Coronavirus/Covid-19.

WEBGRAFÍA

Artígo sobre Juan Rof Codina (por un dos seus descendentes): https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/medio-siglo-de-la-muerte-de--juan-rof-codina/20170724000000410959.html

Breve historia do Ministerio de Educación na primeira metade do s. XX: http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/archivo-central/materiales-historia-educacion/siglo-xx.html

Constitución (española) de Cádiz, aprobada o 19 de marzo de 1812: http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/Hist_Normas/ConstEsp1812_1978/Const1812

Fondo Documental do Instituto Nacional de Estatística (censos de poboación): https://www.ine.es/inebaseweb/libros.do?tntp=71807#

"Gaceta de Madrid" do 25 de xuño coa *"Ley de 23 de Junio de 1909"* https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/19x9/176/A01549-01551.pdf

"Gaceta de Madrid" do 4 de outubro coa *"Ley municipal vigente de 2 de Octubre de 1877"* https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1877/277/A00039-00046.pdf

"Gaceta de Madrid" do 25 de outubro, recollendo o proxecto de lei posteriormente coñecido como "*Ley del Timbre de 31 de Diciembre de 1881"*: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1881/298/A00201-00208.pdf

Informe elaborado polo seminario de onomástica da Real Academia Galega sobre o topónimo Ribeira a pedimento de Manuel Ruíz Rivas, Alcade do Concello de Ribeira https://www.lavozdegalicia.es/default/2020/03/03/00171583261688632621684/Fichero/rag.pdf

Instituto Nacional de Estadística (INE): Censo de poboación de 1920 – Tomo I. Resultados definitivos https://www.ine.es/inebaseweb/treeNavigation.do?tn=82705

Ley municipal vigente de 2 de Octubre de 1877 impresa e publicada en dous tomos en 1899 http://bdh.bne.es/bnesearch/Search.do?languageView=es&field=todos&text=ley+municipal+1877&showYearItems=&exact=on&textH=&advanced=false&completeText=&pageSizeAbrv=30&pageNumber=1&pageSize=30

"Ley de 8 de agosto por la que se modifica la Legislación vigente sobre Reclutamiento": https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/235/A05810-05814.pdf

Referencias sobre a empresa construtora do depósito de carbón no porto de Ribeira: https://es.wikipedia.org/wiki/Hullas_del_Coto_Cort%C3%A9s

Nova sobre a aceptación definitiva do "be" no topónimo de Ribeira https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/2020/03/03/fin-polemica--historica-concello-ribeira-asume-toponimo--be/00031583242121571766253.htm

Olivé Roig, S. (2005). 150 años: vista panorámica del telégrafo en España. En *Bit Nº 150*, 46-50. http://forohistorico.coit.es/index.php/sendas/operacion-de-servicios/vertiente-regulatoria/item/150-anos-de-telecomunicaciones-la-ley--de-22-de-abril-de-1855

Otero Carvajal, L. E. (2007). Las telecomunicaciones en la España Contemporánea, 1855-2000. En *Cuadernos de Historia Contemporánea Nº 29,* 119-152. https://revistas.ucm.es/index.php/CHCO/article/view/CHCO0707110119A/6782

Referencias sobre o servizo militar: https://www.milenioweb.es/breve-historia-la-mili/

Referencias sobre o servizo militar: https://www.frquesada.com/la-guerra-del-rif-01-el-injusto--sistema-de-quintas/

Transcrición do artigo "Los Caminos de la Comunicación: La Telegrafía Eléctrica en España" de María Victoria Crespo Gutiérrez, presentado no XII Congreso Internacional de Caminería Hispánica celebrado no Colexio de Enxeñeiros de Camiños dos días 24 ao 27 de Xuño de 2014: http://telegrafistas.es/historias-del-telegrafo/634-la-telegrafia-electrica-en-espana

Primeiro automóbil en Galicia: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2019/03/24/historias-historia-primer-automovilista-galicia/00031553419486563545826.htm

ANEXO I - LISTAXE DE LICENZAS OU PETICIÓNS PARA REALIZAR CONSTRUCIÓNS

- Unha petición de *"Don Manuel Martínez Pérez de esta vecinidad"*, para obter un permiso para modificar unha das súas propiedades na *"calle Espartero"*. Este veciño tiña dúas propiedades nesa rúa e o que quería era elevar unha delas ata o nivel da outra. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[105].

- Unha petición de *"Doña Rosa Fajardo Coll, viuda y vecina de la parroquia de Corrubedo"*, para obter un permiso para edificar unha casa de planta alta na rúa *"de la Iglesia"* de dicha parroquia. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[106].

- Unha petición de *"María Santiago Martínez, esposa de Manuel Núñez, vecina de la parroquia de Palmeira",* para obter un permiso para reedificar e prolongar parte da súa casa no lugar de *"Arrochela"*. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[107].

- Unha petición de *"Manuel Ageitos Pérez, vecino de la parroquia de Palmeira",* para obter un permiso para edificar unha casa de planta baixa nunha parcela de terreo da súa propiedade, situado no lugar da parroquia denominado *"a Lomba"* e á beira do camiño veciñal *"Alto del Vilar-Moldes"* (adaptado). Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outórgalle o permiso, previo pago do imposto establecido[108].

- Unha petición de *"Andrés Pérez Pérez, vecino de la parroquia de Riveira, domiciliado en el lugar de Fondevila",* para obter un permiso para edificar unha casa de planta baixa na citada parroquia. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[109].

- Unha petición de *"Ventura González Palma, vecino de la parroquia de Palmeira",* para obter un permiso para edificar unha casa de planta baixa en terreos da súa propiedade e *"de su esposa Encarnación Peréz Gómez",* no sitio denominado *"Costa da Riveiriña... lugar de Insuela... Palmeira"* á beira dun camiño veciñal que se unía coa estrada do Estado Pobra-Ribeira (adaptado). Tras a revisión dos informes pertinentes, que lle indican que deberá seguir a *"liña"* que eles lle tracen, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[110].

- Unha petición de *"José Maneiro Domínguez, de Corrubedo",* para obter un permiso para edificar unha casa na citada parroquia no punto coñecido como *"Torreiro"*. Tras a revisión dos informes pertinentes, a

[105] Información recollida na Sesión supletoria del día 24 de Febrero de 1920.

[106] Información recollida na Sesión ordinaria del día 21 de Marzo de 1920.

[107] Ibídem.

[108] Información recollida na Sesión ordinaria del día 12 de Abril de 1920.

[109] Ibídem.

[110] Idídem.

corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[111].

- Unha petición de *"Manuel Dios Martinez, de Carreira"*, para obter permiso para cerrar cun muro de pedra do curral contiguo á súa casa no lugar de *"la Graña"*. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[112].

- Unha *"suplica"* de *"Ventura Prego Pérez de esta vecindad en concepto de apoderada de su esposo, Agustín Maríinez González"* para obter licenza para reedificar unha casa da súa propiedade na rúa *"Venecia... punto conocido como Crucero del Castelo"* e para aproveitar unha pequena franxa de terreo sobrante da vía pública. Trala revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[113].

- Unha *"suplica"* de *"Sor Hilaria... hija de la caridad de San Vicente de Paúl y Superiora de la Casa Escuela de Doña Josefa Sobrido en San Martin de Oleiros"* para obter licenza para construír unha capela en terreos doados pola *"dicha señora[114]"* no lugar de *"la Gándara"*. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[115].

- Unha *"súplica"* de *"María González Figueirido"* para obter a concesión dun anaco de terreo de forma irregular sobrante da vía pública, no lugar de *"la Lomba"* na estrada que vai a Moldes, para edificar unha pequena casa. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago dunha taxa de cento vinte dúas pesetas e cincuenta céntimos polo terreo e a parte, tras o pago do imposto establecido[116].

- Unha "*suplica*" de "*Cipriano Lorenzo Teira, vecino del lugar de Castiñeiras de la parroquia de Riveira*" para obter licenza para edificar unha casa de planta baixa no punto coñecido como "*Agro da Area[117] sito en (intranscriptible) del rexpresado lugar y parroquia*" . Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[118].

- Unha *"suplica"* de *"José Teira Vidal, vecino del lugar de San Cortes en la parroquia de Oleiros"* para obter licenza para reedificar a finca da súa propiedade coñecida como *"Molino de Correa"* á marxe do río que se denomina Sanchanás. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[119].

- Unha petición de *"Peregrina Mayán Dominguez, vecina de la parroquia de Palmeira domiciliada en el lugar delas Bouciñas*

[111] Información recollida na Sesión ordinaria del día 3 de Mayo de 1920.

[112] Ibídem.

[113] Información recollida na Sesión supletoria del día 16 de Junio de 1920.

[114] Enténdese Doña Josefa Sobrido.

[115] Ibídem.

[116] Información recollida na Sesión supletoria del día 7 de Julio de 1920.

[117] A escritura é confusa, podería ser Avea.

[118] Información recollida na Sesión ordinaria del día 19 de Julio de 1920.

[119] Información recollida na Sesión ordinaria del día 23 de Agosto de 1920.

en concepto de apoderada de su esposo Manuel Domínguez Fernández", para obter permiso para edificar unha casa de planta baixa á beira do camiño veciñal que vai aos almacéns de Insuela partindo da estrada do Estado. A corporación coñecía que as obras desta construción xa estaban comezadas; con todo, tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[120].

- Unha petición de *"Manuel Ventura Sevilla vecino de la parroquia de Riveira lugar de Castiñeiras"*, para obter permiso para edificar unha casa de planta baixa nunha finca da súa propiedade denominada *"Agro dos Coleos"* no lugar de *"Ameijida"*. Tras a revisión dos informes pertinentes, que lle indican que deberá seguir a *"liña"* que eles lle tracen, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[121].

- Unha petición de *"Manuel Pérez, vecino de la parroquia de Palmeira"*, para obter permiso para reedificar a súa casa no lugar de *"Arrochela"*. Tras a revisión dos informes pertinentes, que lle indican que deberá seguir a *"liña"* que eles lle tracen, a corporación acorda outorgarlle o permiso para reedificar *"la casa que dice habita y le pertenence en unión de sus hijos"*, previo pago *"de terrenos sobrante de vía pública que utilice"*, e previo pago do imposto establecido[122].

- Unha petición de *"Salvador Piferrer González propietario y vecino de la parroquia de Palmeira"*, para obter permiso para cercar cun muro de pedra unha finca da súa propiedade denominada *"Agro da Sombra"*. Tras a revisión dos informes pertinentes, que lle indicaron que non debía saír dos límites existentes doutros muros, respectando servizos e gardando as distancias de seguridade cara á estrada, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[123].

- Unha *"suplica"* de *"Manuel Dios Martinez vecino de la parroquia de Riveira, lugar de la Ameijida"* para obter licenza para edificar una casa de planta baixa nunha parcela de terreo da súa propiedade na mesma parroquia e lugar. Tras a revisión dos informes pertinentes, a corporación acorda outorgarlle o permiso, previo pago do imposto establecido[124].

[120] Ibídem.

[121] Ibídem.

[122] Ibídem.

[123] Ibídem.

[124] Información recollida na Sesión supletoria del día 27 de octubre de 1920.

ANEXO II – LISTAXE DE INDIVIDUOS E FAMILIAS RECOLLIDAS NA LISTAXE DE POBRES

- Auxilios benéfico-gratuítos:
  1. Familia de Julián Álvarez Pérez, da rúa de Campo do Fraile[125].
  2. Familia de Juan Peón[126] Doval, da rúa Castillejos[127].
  3. Familia de Ventura López Novo, da rúa Padín[128].
  4. Familia de Manuela Rivas Fernández, do lugar de Martín[129].
  5. Familia de Manuel Saíñas Martínez, de la parroquia de Palmeira[130].
  6. Familia de José Fraga, de Carreira[131].
- Asistencia médico-farmacéutica:
  7. Familia de Manuela Rivas Fernández, veciños desta cidade[132].
  8. Familia de Benigno Cadillo Abal, veciños desta cidade[133].
  9. Familia de Abelino Vidal Domínguez, veciños desta cidade[134].
  10. Familia de Aurelio Casais Silva vecinos desta cidade[135].
  11. Familia de José Sieira Crugeiras, veciño de Carreira[136].
  12. Familia de Ventura Doval Paz, viúva e veciña desta cidade[137].
  13. (Individuo?) José Suárez Álvarez, da parroquia de Carreira[138].
  14. (Individua?) Cipriana González García, da parroquia de Carreira[139].
  15. (Individuo?) José Manuel Mos Sieira, da parroquia de Carreira[140].
  16. (Individua?) Dolores Liñao Iglesias, da parroquia de Ribeira[141].
  17. (Individuo?) José Franco Silva, da parroquia de Ribeira, lugar de Martín[142].
  18. (Individuo?) Manuel Domínguez Otero @[143] Gargallo desta cidade[144].
  19. (Individuo?) José Pazos Lojo, desta cidade[145].
  20. (Individuo?) Plácido García, da parroquia de Pameira[146].
  21. (Individua?) Manuela López de Sirves, da parroquia de Olveira[147].
  22. (Individua?) Estrella Laranga García, de Bretal[148].

[125] Información recollida na Sesión supletoria del día 24 de Febrero de 1920.

[126] A escritura é confusa, podería ser Dean.

[127] Idídem.

[128] Idídem.

[129] Idídem.

[130] Idídem.

[131] Ibídem.

[132] Información recollida na Sesión ordinaria del día 12 de Abril de 1920.

[133] Idídem.

[134] Idídem.

[135] Idídem.

[136] Información recollida na Sesión ordinaria del día 3 de Mayo de 1920.

[137] Idídem.

[138] Información recollida na Sesión supletoria del día 16 de Junio de 1920.

[139] Ibídem.

[140] Ibídem.

[141] Ibídem.

[142] Ibídem.

[143] O que se observa no texto é efectivamente ese símbolo, que quizais signifique "&" ou "y".

[144] Información recollida na Sesión supletoria del día 7 de Julio de 1920.

[145] Ibídem.

[146] Ibídem.

[147] Ibídem.

[148] Ibídem.

23. (Individuo?) José Millán González, de Castiñeiras[149].
24. Cabeza de Familia Francisca González Romano, de Carreira, lugar de Listres[150].
25. Cabeza de Familia Jesusa Pillaro[151] Paisal, de Palmeira[152].
26. Cabeza de Familia Purificación Fernández Valiño, de Olveira, lugar de Bretal[153].
27. Cabeza de Familia Jesús Estévez Callón, domiciliado no lugar de Martín[154].
28. Cabeza de Familia Manuel Hermo, domiciliado no lugar de Martín[155].
29. Cabeza de Familia José Hermo Teira, domiciliado no lugar de Martín[156].
30. Cabeza de Familia Cipriano Pérez Martínez, domiciliado no lugar de Martín[157].
31. Cabeza de Familia José María Pérez Dios, domiciliado no lugar de Martín[158].
32. Cabeza de Familia José Muíños e irmáns orfos menores de idade, domiciliado no lugar de Martín[159].
33. Cabeza de Familia Clara González, de Castiñeiras[160].
34. (Cabeza de Familia?) Manuel Rial González, de Palmeira[161].
35. (Cabeza de Familia?) Juan Martínez, de Palmeira[162].
36. (Cabeza de Familia?) Juan García Fajardo, de Palmeira[163].
37. (Cabeza de Familia?) José Ramos Santiado, de Carreira[164].
38. (Cabeza de Familia?) Ventura y Manuela Pérez Romano, *"de parte al rio"*[165].
39. (Cabeza de Familia?) Rodrigo Fernández García, de Frións.
40. (Cabeza de Familia?) Juana Rey[166].
41. (Cabeza de Familia?) Cipriana García, do Outeiro[167].
42. Individua Serafina Paz Dios, da parroquia de Artes[168].
43. Individua Francisca Vidal, da parroquia de Carreria[169].
44. Individua Joaquina Garcia Ayaso, da parroquia de Carreria[170].
45. Individua Dolores Martínez Becerra, da parroquia de Ribeira[171].

[149] Ibídem.

[150] Información recollida na Sesión ordinaria del día 19 de Julio de 1920.

[151] O nome semella efectivamente ser Jesusa, mais o apelido podería estar transcrito erroneamente.

[152] Ibídem.

[153] Ibídem.

[154] Información recollida na Sesión ordinaria del día 23 de Agosto de 1920.

[155] Ibídem.

[156] Ibídem.

[157] Ibídem.

[158] Ibídem.

[159] Ibídem.

[160] Ibídem.

[161] Ibídem.

[162] Ibídem.

[163] Ibídem.

[164] Ibídem.

[165] Ibídem.

[166] Ibídem.

[167] Ibídem.

[168] Información recollida na Sesión supletoria del día 27 de Octubre de 1920.

[169] Ibídem.

[170] Ibídem.

[171] Ibídem.

46. Individua Esperanza Rios, da parroquia de Ribeira[172].
47. Individuo José Vilar Pérez, da parroquia de Ribeira[173].
48. Individuo Juan Fernández Pozas, da parroquia de Ribeira[174].
49. Individuo Ramón Laranga Martínez, da parroquia de Ribeira[175].

- Hospital provincial de Santiago:

50. Familia de José Rodríguez Piñeiro, de Palmeira[176].
51. Familia de Luciano Laganes Garabán, desta localidade[177].
52. Familia de Juan García Lustres[178].
53. Familia de Andrés Pérez González, veciño de Fondevila[179].
54. Familia de Juan Ramón Pérez González, da Ameixida[180].
55. Familia de Francisca Domínguez Ramos, viúva e veciña de Palmeira[181].
56. Individuo Vicente Paisal Paz, de Palmeira[182].
57. Individuo Domingo Martínez Vázquez, de Ribeira[183].
58. Individuo Juan Baña López, de Ribeira, Deán Pequeno[184].
59. Individuo Manuel Pérez Santos, de Ribeira, Deán Grande[185].
60. Individuo José Cameán Fernández, de Oleiros[186].
61. Individuo José Vidal Chouza, de Corrubedo[187].
62. Cabeza de Familia Manuel Pérez Vidal, de Corrubedo[188].
63. Cabeza de Familia Juan Ramón Chouza Lijó, de Ribeira[189].
64. Cabeza de Familia Juan Arias Rios, de Palmeira[190].
65. (Individuo?) Camilo Prego Parada, de Corrubedo[191].
66. (Individuo?) Isidoro Vilas Sampedro, de Ribeira[192].
67. (Individuo?) Bernardo Crugeiras, de Ribeira[193].
68. Cabeza de Familia Ramona Núñez Patiño, de Ribeira[194].
69. Cabeza de Familia Manuel Vidal Reiris, de Ribeira[195].

[172] Ibídem.

[173] Ibídem.

[174] Ibídem.

[175] Ibídem.

[176] Información recollida na Sesión ordinaria del día 12 de Abril de 1920

[177] Ibídem.

[178] Ibídem.

[179] Información recollida na Sesión ordinaria del día 3 de Mayo de 1920.

[180] Idídem.

[181] Ibídem.

[182] Información recollida na Sesión supletoria del día 16 de Junio de 1920.

[183] Ibídem.

[184] Ibídem.

[185] Ibídem.

[186] Ibídem.

[187] Ibídem.

[188] Información recollida na Sesión supletoria del día 7 de Julio de 1920.

[189] Ibídem.

[190] Ibídem.

[191] Información recollida na Sesión ordinaria del día 19 de Julio de 1920.

[192] Ibídem.

[193] Ibídem.

[194] Información recollida na Sesión ordinaria del día 23 de Agosto de 1920.

[195] Ibídem

70. Cabeza de Familia José González Álvarez, de Ribeira[196].
71. Cabeza de Familia Ramona Pérez Pérez, de Ribeira[197].
72. Cabeza de Familia Juan Novo Martínez, de Ribeira[198].
73. (Cabeza de Familia?) Carmen Tome Queiruga ,de Carreira, Frións[199].
74. (Cabeza de Familia?) José María Vidal Ayaso, de Carreira, a Graña[200].
75. (Cabeza de Familia?) Berbardino Muñiz Sieira, de Artes[201].
76. (Individuo?) Manuel Torres Casais, da parroquia de Carreira[202].
77. (Individuo?) Antonio Sampedro Dios, da parroquia de Carreira[203].
78. (Individuo?) Manuel Lorenzo, da parroquia de Carreira[204].
79. (Individuo?) Benigno Prego González, da parroquia de Corrubedo[205].
80. (Individuo?) Donato Prego Emíguez[206], da parroquia de Corrubedo[207].
81. (Individuo?) Darío Chouza Brión da p,arroquia de Corrubedo[208].
82. (Individuo?) Juan Chouza Fernández, da parroquia de Corrubedo[209].
83. (Individuo?) José Ramón Pérez Gude, dla parroquia de Corrubedo[210].
84. (Individuo?) Manuela Rodríguez Sª, da parroquia de Corrubedo[211].
85. (Individuo?) Benito Sampedro González, da parroquia de Oleiros[212].
86. (Individuo?) Francisco Andrade Torres, da parroquia de Oleiros[213].
87. (Individuo?) Juan Argibay Sampedro, da parroquia de Palmeira[214].
88. (Individuo?) Ramona Agrelo Fernández, da parroquia de Palmeira[215].
89. (Individuo?) José Pérez Núñez, da parroquia de Palmeira[216].
90. (Individuo?) Francisco Betanzos Abelleira, da parroquia de Palmeira[217].
91. (Individuo?) José Pérez González, da parroquia de Palmeira[218].
92. (Individuo?) Ventura Rego Señoráns, da parroquia de Palmeira[219].

[196] Ibídem.

[197] Ibídem.

[198] Ibídem.

[199] Ibídem.

[200] Ibídem.

[201] Ibídem.

[202] Información recollida na Sesión supletoria del día 27 de Octubre de 1920.

[203] Ibídem.

[204] Ibídem.

[205] Ibídem.

[206] As grafías de dubidosa identificación. É posible que a transcrición do apelido sexa errónea.

[207] Ibídem.

[208] Ibídem.

[209] Ibídem.

[210] Ibídem.

[211] Ibídem.

[212] Ibídem.

[213] Ibídem.

[214] Ibídem.

[215] Ibídem.

[216] Ibídem.

[217] Ibídem.

[218] Ibídem.

[219] Ibídem.

93. (Individuo?) Encarnación Vázquez Reiris, da parroquia de Ribeira[220].
94. (Individuo?) Cipriano Mariño Sevilla, da parroquia de Ribeira[221].
95. (Individuo?) Ventura Fontaiña Novo, da parroquia de Ribeira[222].
96. (Individuo?) Cipriano Reiris Paz, da parroquia de Ribeira[223].
97. (Individuo?) Lisardo Pillado Muñiz, da parroquia de Ribeira[224].
98. (Individuo?) Juan Fontaíña Martínez, da parroquia de Ribeira[225].
99. (Individuo?) Juan González Pérez, da parroquia de Ribeira[226].
100. (Individuo?) Juan R. Teira Vidal, da parroquia de Ribeira[227].

[220] Ibídem.

[221] Ibídem.

[222] Ibídem.

[223] Ibídem.

[224] Ibídem.

[225] Ibídem.

[226] Ibídem.

[227] Ibídem.

A xenerosidade da cultura galega (I)

Pilar Sampedro

Sabiámolo pero, unha vez máis se fai evidente.

Tiñamos escoitado todas esas críticas a respecto de que a nosa era unha cultura subvencionada, que existía por esa razón e para esa misión: ser patrocinada e sostida. E si, sempre hai quen fai un mal uso das acción positivas que se puxeron en pé para apoiar unas manifestacións culturais que o necesitaban, porque viñan de pasar unha longa noite de pedra, de ficar nas marxes das corredoiras profundas. Sempre aparecen os "conseguidores", os listos para si, que fan un mal uso do de todos/as, e deixan os logros aos pés dos cabalos dos que defenden a lei da selva e que só se salve o que teña condicións para facelo. Pasa con todos os logros da sociedade do benestar, sucede co paro que algúns cobran mentres traballan noutras actividades, prodúcese nas baixas de enfermidade daqueles que coa conivencia dos malos médicos non traballan podendo e debendo facelo, ocorreu coas casas de turismo rural que algúns rehabilitaron á conta de todos para que foran só deles, as asociación que só existían nos papeis e ás que nunca ou poucas veces lles vimos actividades abertas para o público... e si, tamén pasou, nalgún caso, coa cultura galega. Si, sabemos perfectamente os seus nomes e quen fai a acusación, en xeral, ben podía nomealos e non xeneralizar.

Pero non era diso do que quería falar, senón do outro lado da historia, da xenerosidade da meirande parte das persoas que fan cultura, verdadeiramente, galega; o chamado pobo do galego. Desas que puxeron en pé industrias culturais de todos os ámbitos: da música, das artes escénicas, do cine e audiovisuais,... e editoriais, ás que quero referirme, neste caso.

Porque, dende sempre, houbo editoriais que se caracterizaron por ter un proxecto de país polo que turrar. Estou pensando en Edicións Xerais de Galicia, creada polo ensaísta Xulián Maure en 1979 e dirixida posteriormente por Luís Mariño, Víctor Freixanes e Manuel Bragado que se presenta na súa páxina web dicindo que "A súa misión fundacional foi non deixar baldeiro campo ningún da comunicación impresa necesaria para Galicia" e tamén que ata 2019 (en 40 anos) publicou preto de catro mil trescentos títulos; dende 1988 pertence ao grupo empresarial Anaya, integrado en 2004 no Grupo Lagardère, francés. O seu compromiso editorial levounos a convocar os premios Xerais de novela (dende 1984), Merlín de literatura infantil (dende 1986), e Jules Verne de literatura xuvenil cunha irregular traxectoria, pois comezara en 2006 (separando ese destinatario do infantil) e ata 2011 co nome de Premio Fundación Caixa Galicia, non convocándose no 2012 e 2013, e convocándose, de novo, co nome que agora leva a partir de 2014. Este último premio é a mostra do funcionamento desta entidade financeira que primeiro lle coloca o seu nome ao premio ao negarse a admitir a fermosura dunha palabra libre como podería ser a que titulaba a colección ("Fóra de xogo") para posteriormente deixalo tirado, ata que ha de retomalo a propia editorial.

Esta é a que en tempo de confinamento, cando xa non se podía ir á libraría nin tampouco era conveniente realizar envíos a domicilio, quixo agasallar a rapazada con algo do que tiña, poñendo nas súas mans un monllo de libros para mantermos a cultura en marcha, para non permitir un parón. Se o país soñase os seus soños, cando o confinamento rematase teríaselle en conta e dende as institucións e dende cada casa (quen o poida permitir) estaríaselle mercando para que poida continuar con azos.

Porque a estas editoras que traballan polo ben común (e polo propio, como identidade) debemos visibilizalas.

Foi Edicións Xerais de Galicia a primeira editora que saíu ao encontro da rapazada, titulando a iniciativa "Catro libros de Xerais para abrirlle a porta ao galego". Desa maneira, puxo en aberto libros para as diferentes idades da rapazada, de maneira que se puidesen evitar as desculpas para non ler en galego. O primeiro deles, para prelectores e primeiras lectoras, *Feliz Feroz, o lobo riquiño* de El Hematocrito, con ilustracións de Alberto Vázquez; un libro con ese humor marabilloso que xorde cando se lle dá a volta aos contos clásicos, cando os personaxes rachan cos estereotipos para mostrarse doutra maneira (neste caso coa tenrura da boa xente) e cando a historia vai dun conto a outro percorrendo *Os sete cabritiños*, *Carapuchiña vermella* ou *Os tres porquiños*. O segundo libro foi de poesía: *Vaia tropa!,* de Antón Cortizas, ilustrado por Nieves Guijarro, para lectores/as autónomos/as; despois de dedicárllelo "aos tolos e tolas de amar", comeza un monllo de poemas que tocan o absurdo e o xogo (lendo en vertical, en semicírculo e círculo, en ondas ou en espiral, no reflexo do espello ou a través dunha lupa, e incluso nas ilustracións); e así imos dun poema a outro e dunha vila noutra ata rematar nun poema feito unicamente de palabras que comezan pola letra efe. Tamén para lectores autónomos, pero de algo máis de idade, é *Fred Quincalla o nómade do mar,* de Teresa González, con ilustracións de Marina Seoane; este forma parte dunha serie que ten continuidade con *A nena, o monstro e o mar*, pois ambos comparten como protagonistas a Leopolda Diéguez ("contadora de historias e facedora de artes máxicas") e o Gran Gogol ("cociñeiro, aprendiz de violinista e fuxitivo da xustiza" aínda que escapados andan os dous, pois un rei e unha duquesa van tras eles). A vida no barco enriquécese cando Leo lle conta a Gran Gogol a historia de Fred Quincalla, un autómata feito de restos que ha de fuxir de todos os lugares onde a perfección o persegue, e esa historia se converte nunha realidade que partillan con outras xentes. Para adolescentes, ábrese *Dragal IV* , de Elena Gallego, a cuarta entrega da saga de *Dragal* publicada en 2015 e que lle dá continuidade a *Dragal I. A herdanza do dragón* de 2010, a *Dragal II. A metamorfose do dragón* de 2011 e a *Dragal III. A fraternidade do dragón* de 2012; trátase de historias cos ingredientes de dragóns, mutacións misteriosas, telepatía, enigmáticas fraternidades, visións do pasado, estirpes malditas, códices secretos ou manuscritos máxicos, ordes de cabalaría, fórmulas maxistrais... para alimentar a fantasía daqueles aos que este tipo de literatura os conduce polos mares da imaxinación.

O altruísmo e o compromiso desta empresa co galego e coa calidade da súa literatura infantil e xuvenil, débese ter máis en conta porque xa non é unha firma galega, porque non son bos tempos para a edición na nosa lingua e ademais acaban de pasar por unha forte crise na que perderon o mellor dos seus activos: Manolo Bragado (un home ao que –coma a Rivas– costa traballo chamar Manuel, tanta é a confianza que a parte iluminada do país ten neles).

Outra editorial xenerosa foi Baía. Esta si totalmente galega, fundada na Coruña en 1990 que presenta como liña editorial "o traballo no eido da normalización lingüística e da promoción cultural no noso país". Conta con varias liñas editoriais, dende os libros de texto, libro infantil e de adultos, ensaio e pensamento filosófico, gastronomía, divulgación da natureza, xogos etc. Patrocina o selo empresarial Consorcio Editorial galego a

través do que distribúe e co edita. Dende 2004 convoca o premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil e en 2018 comezou co premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade.

A súa directora actual é Belén López, que titulou a iniciativa "Baía Edicións con vós na casa". A proposta foi ampla e abriu varios libros para cada tramo de idade. Cada un deles leva a introdución: "O libro que estás a punto de ler foi creado exclusivamente para axudarche a superar o período de alerta sanitaria decretado polo goberno, no marco da nosa campaña #euquedolendo#baíaconnósnacasa. Desde Baía Edicións pedimos e agradecemos que se respecte a obra da autoría, que tan xenerosamente prestou o seu ben máis prezado para o teu benestar".

Dirixido á cativada de catro a seis anos entregou un relato relacionado cos medos, *O dragón comemedo* de RuAn; nel, o autor diríxese ao lectorado para contarlle a historia dun neno que lle ten medo a case todo e iso impídelle facer moitas cousas como relacionarse cos compañeiros, pero a aparición dun dragón que diminúe o seu tamaño, conforme el deixa de terlle medo, sitúao no bo camiño; un camiño no que a risa ten un papel fundamental. *Nube Branca quere ser astronauta,* de Pablo Nogueira, ilustrado por Manolo Uhía, un libro no que seguimos as aventuras desa nena que coa axuda dos seus amigos tenta chegar ao espazo, ata darse conta de que hai alternativas a aquilo que non podemos lograr; un conto que ademais leva incluídas actividades de respiración, atención e expresión que fan que a súa lectura se faga máis activa. *Un día de treboada,* de María de Mata, ilustrado por Mariana Riestra, preséntanos unha historia con ruptura de roles de xénero que forma parte da colección *Contos da Igualdade*. Para o tramo de sete e oito anos agasallou *A casa máis animada do mundo,* de Cristina Sáez Cazallas, ilustrada por Almudena Aparicio, que conta a vida desa casa habitada por animais que non deixan de sorprendernos e de historias cheas de imaxinación e *O tempo do revés,* de María Solar, con ilustracións de Xosé Tomás, que achega a divulgación científica nun relato de ficción (en base ao encontro a través dun *chat,* dunha rapaza galega e unha arxentina introducirá o cambio horario e as súas causas para rematar cunha serie de actividades que obriga a pensar e investigar á rapazada). De María Solar e Xosé Tomás é tamén o libro *Boa sorte*, no que de novo se mestura ficción e divulgación científica; neste caso arredor da figura dun neno que semella gafe ata descubrir que todo ten unha explicación científica, rematando co estudo do tempo meteorolóxico no que entra dende unha entrevista ao home do tempo (Pemán), o estudo do tipo de nubes ou o cambio climático; este libro vai dirixido ao tramo de nove e dez anos igual que o seguinte, *Moko,* de Cristina Sáez Cazallas, con ilustracións de Fernando Juárez, que nos trae a historia dun extraterrestre que cae polo furado da capa de ozono e vai contar coa colaboración dun neno ao que convencerá da necesidade de coidar do medio ambiente. Para maiores de doce anos preséntase o título da colección Meiga Moira, *A herdanza do marqués,* de Conchi Regueiro (unha das autoras da casa) con ilustracións de Noemí López nun relato de misterio situado no mundo rural no que ancestrais maldicións e lendas sinistras nos son narradas na boca de varios personaxes e aproveitando novas maneiras de comunicarse; esta novela ten continuidade en *A cerna do segredo* onde continúa o misterio. Xa para lectores/as máis expertos/as e adultos, na colección Baía Narrativa, *Diario dunha noiteboa,* de Jacobo

González, ambientada no mundo estudantil, coa cidade de Santiago como pano e a través do diario do xornalista que permanece nun psiquiátrico acusado de asasinato. E para rematar, *Liliput* de Manuel Lugrís Rodríguez (neto do Lugrís Freire e sobriño de Urbano Lugrís), nesta obra é a cidade da Coruña o gran plano sobre o que se sitúa a acción a modo de teatro de monicreques manexado polo destino; unha investigación xornalística narrada nunha prosa moi rica e compacta.

Temáticas ben escollidas para tempo de peche. E tamén novelas nas que os maiores da casa, poidan somerxerse no tempo das cidades.

Si, cando as empresas privadas fan este esforzo a favor da lectura en galego, dando de ler a través da rede, de forma gratuíta, sempre quedamos sorprendidas e agradecidas. Sorprendidas porque os negocios están pensados para dar réditos, para facer cartos como se ten demostrado ao longo da Historia, por iso, cando asumen papeis de responsabilidade e compromiso co público, con todos e todas, cos que teñen cartos e cos que nunca lles mercan un libro, asómbranos, e non debería. Porque moitas das editoriais galegas que publican en galego saben moito deste tipo de iniciativas, de traballo para facer país e identidade, de esforzos para manter ese patrimonio herdado e para seguir construíndo cultura. Outros fan cartos e cobran grazas ao galego e igual aínda non demostraron tanta defensa.

E o exemplo foise estendendo. Urco abriu tamén dous dos seus libros para mocidade e adultos/as. Libros que pertencen ao xénero que forma parte do seu ADN: terror e misterio. Cóntannolo así: "Un pequeno gran de area para que todas pasemos estes tempos escuros o mellor posíbel. En colaboración co departamento de deseño de Sacaúntos Cooperativa Gráfica decidimos ir "liberando" algúns dos nosos textos máis senlleiros en forma de ebooks de balde que podedes descargar desde a nosa web.

Polo momento están dispoñíbeis os seguintes dous: *A cidade sen nome,* de H.P. Lovecraft, publicado no volume 1 da nosa Biblioteca Lovecraft, e

A pedra negra, de Robert E. Howard, publicado no volume *Relatos de terror sobrenatural*. Prestade atención ás redes sociais, pois iremos publicando máis a medida que pasen os días. Como non, todos eles están publicados baixo licenzas libres que permiten a súa difusión e lectura. Daquela xa sabedes, sentídevos libres de espallalos pola rede de redes!"

Laiovento tamén ofreceu libros de balde para axudar a levar o distanciamento social, e mentres dure o confinamento pola pandemia da COBID-19, explicaba Nós. A editora especializada en ensaio, abriu a descarga dixital dos libros *Os Borbóns: unha monarquía escandalosa, Os monos de Laxeiro* e *A saúde como negocio.* O primeiro, da autoría de Manuel Monge, pasa revista á monarquía española mediante un percorrido histórico e a análise dos seus escándalos e corruptelas. O segundo recolle as viñetas que o pintor ten realizado para a prensa ao lado de tres textos de especialistas que enriquecen esta faceta do humor gráfico de Laxeiro. O terceiro recolle unha serie de textos de carácter divulgativo que examinan as decisións políticas levadas a cabo no terreo sanitario a partir de 2009.

Houbo máis alternativas, Xerais abriu os primeiros capítulos dalgún libro como

Cadencias, de Manolo Portas, ou pediu aos seus autores que leran algo da súa obra; outros colgaron materiais nas súas páxinas para que a rapazada puidera traballar divertíndose como o que leo coa proposta "OQUELEO na casa", Galaxia lembrando a súa canle de You Tube Sonárbore e convocando un certame para debuxar a lectura na casa ou Bolanda lembrando a zona interactiva d'*Os Bolechas.*

Proxectos que tamén funcionaron a todo trapo e bandeira foron o Salón do Libro de Pontevedra, que se viu sorprendido polo peche pero inmediatamente abriu o Salón Virtual colgando aí os obradoiros de cociña, poesía, manualidades, banda deseñada e mil cousas máis; contadas, concertos, xogos, experimentos, xincanas, clases de italiano lembrando que Italia era o país convidado... que ían ter lugar no Pazo da Cultura.

Kalandraka TV, día a día foi colgando contos contados e cantados, debuxados e recomendados, de forma que todas as súas seccións se foron enchendo para acompañar cativada e rapazada nos seus fogares.

Varias revistas dixitalizaron o contido da seu último número: o 78 de *Luzes* e o 76 da *Revista Galega de Educación* que foi remitido aos subscritores e o 275 de *Tempos Novos* que puxeron de libre acceso.

Despois dese esforzo, quedou a pelota noutras mans: nas do profesorado que puido recomendar estas lectura, dalas a coñecer, motivar o achegamento de rapazada e familias, para poñer en valor unhas iniciativas que merecen toda a nosa consideración.

Estivo a pelota nas mans das familias ás que unha industria lle facilitou o tempo de ocio dos seus fillos e fillas, un libro para cada tramo de idade, unha boa escolla que se lles entrega nas mans / ollos a través da pantalla, nestes tempos nos que seica a eles lles gusta máis mirar a través desa luz.

Estivo a pelota nas mans de toda a xente que nese momento tiña que estar dirixindo e redirixindo estas propostas ás redes para que ninguén quedase sen saber que cada rapaz e rapaza deste país foi agasallado con libros, para que ocupasen o seu tempo de descanso, facendo o mellor que poden facer en situación de alarma e reclusión, lendo boa literatura. Porque ese paso non foi un paso calquera. Ese paso foi unha maneira seria e comprometida de defender a lectura e a lingua, a literatura e a rapazada. Se algún neno ou nena non soubo destes agasallos, será que as persoas adultas non estabamos onde tiñamos que estar, ou non fixemos o que tiñamos que facer.

A XENEROSIDADE DA CULTURA GALEGA (II)

Cando ía entregar o artigo anterior para o Anuario de Barbantia, deime conta de que non podía deixar de falar doutra iniciativa na que se demostraba esta largueza do mundo da cultura, das persoas que a crean e as que a consumen.

Neste ano 2020, Isaac Díaz Pardo cumpriría cen anos. Con ese motivo, apareceron unha serie de iniciativas que querían lembralo e dalgunha maneira compensalo pola dor que lle infrinxiron aqueles que nun golpe de empresa se quedaron co que el creara. Aquilo, que el entendeu como a última das súas derrotas, atacouno no final da vida, cando xa non podía volver a erguerse, e ante unha sociedade que asistiu como observadora a ese derrube. Xa naquel momento, algúns e algunhas fixeron

o que estaba nas súas mans por recoñecelo e que sentise a calor dos afectos; agora, oito anos despois do seu pasamento, un proxecto erguido por xente do común, sen buscar nada máis que a xustiza poética, demostra que hai outra Galicia e pode estar nesta.

Decidiron chamarse *Alento esbravexo*, alento por hálito, por folgo para traballar; esbravexo por braveza e furia, por forza para tirar adiante. Alento esbravexo convoca a todos e todas a participar nunha homenaxe a Díaz Pardo que consistirá nun agasallo: "Unha manda para Isaac". Unha manda porque é un envío, unha doazón, un legado... pero tamén unha cantidade de algo que se pode coller dunha soa vez coas mans ou un conxunto de animais dunha mesma especie que andan xuntos.

Difúndese a idea e un correo para que cadaquén envíe a súa contribución. Recollemos algún fragmento do texto para mostrar o ton:

> "Somos sociedade civil, con toda a humildade e a grandeza, disposta a seguir recoñecendo un dos nosos. El foi un expoñente representativo desta cidadanía activa sempre en disposición de botar a andar, cando foi necesario.
>
> Convocámonos ao redor desta figura que representa en moitos aspectos (arte, artesanía, edición, empresas culturais e investigación a prol da recuperación da memoria) unha boa parte do século XX galego, e poñemos en marcha esta tarefa colectiva."

Por se non estaba claro, faise unha declaración, absolutamente contraria á de calquera político:

> "Sen financiamento, sen promesas de exposición nin publicación, sen nada fóra do traballo xeneroso –que unha vez máis se nos pide– saímos ao camiño procurando esa flor que pode chegar en calquera modalidade de expresión (obra plástica dixital ou dixitalizada, palabras nun escrito, peza artesanal, traballo sobre unha obra del...) porque todo é válido se o facemos pensando no polifacético Isaac e a súa contribución á Cultura."

Poderán inspirarse nalgunha das obras de Díaz Pardo, porque así comeza o manifesto: "En que casa non temos unha das súas pezas? Quen non agasallou cunha delas ou cun dos libros de Ediciós do Castro? Quen non gozou dalgunha das súas tendas, galerías de arte, casa da cultura? Quen non sentiu orgullo da fábrica de Cervo, do Castro, do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside ou do IGI?"

A espera non se fai agardar. Paso a paso van chegando obras dende diferentes lugares (representación de catro continentes e diferentes países pero tamén das catro esquinas galegas), de todas a expresións artísticas e máis alá. Máis alá porque se suman escaparates, cociñeiros que ofrecen as súas tapas, asociacións e entidades, xentes que escriben as súas lembranzas ou recollen unha peza de Sargadelos para contarlle o significado que ten para eles e elas; das letras e das ciencias; feitas coas mans, coa investigación ou coa emoción, todas para Díaz Pardo. A partir do oito de xullo ponse en marcha un blog no que ir colocando día a día unha manda; chegada a data límite de recollida (13 de agosto) son sobre 222 pezas entregadas que darán para ocupar o blog ata máis alá do fin deste 2020.

Unha visita ao blog (https://mandadepezasparaisaac.blogspot.com/) mostrará esa variedade e riqueza que recolle, por poñer un exemplo, músicas dende a clásica á popular, de cantautor a regueifeiro, composicións chegadas dende diferentes lugares para poñer banda sonora á solidariedade.

Se nos centramos no Barbanza, atopamos participacións que van dende a membro da Real Academia de Belas Artes e Premio da Crítica (Soledad Penalta) ao presidente de Barbantia (Manuel Cartea), o director do Museo do Gravado e a Estampa de Artes (Xoán Pastor Rodríguez), os escritores Helena Villar e Xesús Rábade, Terra de Outes (representada por Xoán Mariño e Ramón Blanco), Domingo C. Alborés representando o premio Leixaprén, o escritor e artista plástico (Antonio Piñeiro), o pintor Paco Casal, Teira (escultor, pintor e escritor), o artista do ferro comprometido (Che Tembra), o home de teatro Elixio Vieitez, o compositor Sebastián Paz, a ensaísta Aurora Marco, os artistas plásticos Daniel Santos e Mónica Montero, a pintora Marta Iglesias, O pintor Afonso Costa, a poeta Eva Veiga, o mariñeiro fotógrafo Pepe de Benedicta, a poeta e escultora Pepa Nieto, Pilar Sampedro dende as máquinas... ou a participación compartida por parte de Cimadevila, Lobato e X. Ricardo. Un botón de mostra para facer boca ante o que Martiño Picallo chamou "(T)alento esbravexo" e como eu mesma escribía noutro medio:

> "Arredor de 222 mandas, nun tempo *récord*, ofreceron a súa creatividade a cambio de nada, porque este é o país das marabillas. Si, que ninguén o dubide, o país das marabillas loitando co dos ananos. Porque se ben cando Celso Emilio Ferreiro escribiu a *Viaxe ao país dos ananos* non mentiu, porque os coñecera na emigración; tamén é certo que na emigración estaban os que formaban parte do país das marabillas: os que crearon a Real Academia Galega, o himno e a bandeira, os que ergueron as Escolas nas aldeas, as Sociedades Agrarias, e tantas outras estruturas e infraestruturas que permitirían avanzar o país."

Un país das marabillas que, de cando en cando, se amosa, como nesta ocasión, con toda a xenerosidade de quen dá sen agardar nada. Un país que nos enriquece, habitado por xente como Díaz Pardo, tal como afirmaba *Alento esbravexo* o 22 de agosto, cando o homenaxeado cumpriría un século.

BAÍA EDICIÓNS
Idade 4-6 anos
Idade 7-8 anos
Idade 9-10 anos
Maiores de 12 anos

UNHA MANDA DE PEZAS PARA ISAAC

XERAIS

Baía Edicións
Campaña "Con vós na casa": Descarga de lecturas para tódalas idades

KALANDRAKA TV
LITERATURA INFANTIL E XUVENIL
Crónica
Punton Cardinais
Atelier
Dúas Olladas
Libros para soñar
Onde habitan os libros
Recomendacións
Booktrailers
Miscelánea
Experiencias Lectoras
Actualidade


REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
COVID-19: RE-PENSAR A EDUCACIÓN

Luzes

DRAGAL
Elena Gallego Abad
Fred Quincalla, o nómade do mar
Feliz Feroz
O lobiño riquiño
Vaia tropa!
Antón Cortizas

O SALÓN
O HUMOR

TEMPOS NOVOS
VOAN CISNES NEGROS

Pablo Vaamonde García (coord.)
A saúde como negocio
HOSPITAL
LAIÓVENTO

8 de marzo.
Día Internacional da Muller

Pili Pereiro

A finalidade do feminismo é que deixe de existir (Chimamanda Ngozi)

En 1972, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o ano 1975 como *Ano Internacional da Muller*. En 1977 invitou a todos os Estados a celebrar un Día Internacional polos Dereitos da Muller, asumindo moitos países o 8 de marzo como data.

Dende hai máis de 100 años é o día no que se conmemora a longa historia das loitas das mulleres pola súa emancipación e se reivindica a igualdade real entre homes e mulleres. Curiosamente, en EE. UU, país pioneiro na loita polos dereitos da muller dende o s. XIX, non se comezou a celebrar de xeito oficial ata 1994. En España celebrouse por primeira vez en 1936, liderado por Dolores Ibárruri, a "Pasionaria".

A orixe do Día Internacional da Muller está ligada ás mulleres militantes dos partidos socialistas de Estados Unidos e de Europa (incluída Rusia), inda que esta data é motivo de certa controversia. Durante moito tempo escoitamos que o 8 de Marzo de 1908, un grupo de mulleres declarouse en folga polas extremas condicións laborais a que eran sometidas na fábrica de confección téxtil *Cotton,* de Nova York. Nun momento das protestas, o 25 de marzo de 1911, parece ser que o dono da fábrica pechounas e prendeulle lume ao edificio no que, sen poderen escapar, morreron 123 mulleres, 23 mozos, e 71 mulleres quedaron feridas, de idades entre os 14 e os 48 anos. A maioría inmigrantes. Tal desastre humano fixo que mesmo se modificase a lexislación laboral nos EE. UU e, en diante, este tremendo feito sería un referente nas diferentes reivindicacións femininas por todo o mundo occidental.

Existen distintas versións, entre a verdade e a lenda, sobre a adopción da cor violeta (ou morada) como símbolo internacional do movemento de loita pola igualdade de dereitos entre home e muller. A máis estendida e aceptada fai referencia ao incendio da fábrica de blusas-camisas, Triangle Shirtwaits Company, practicamente destruída polas lapas. Ao parecer, as teas que utilizaban na fabricación das prendas de roupa eran de cor rosa e iso faría que o fume que saía da fábrica fose morado, visible a quilómetros. Outra teoría fala desta cor como o resultado que sae da mestura de azul e rosa; isto é, a igualdade de xénero.

Con todo, esta cor xa fora adoptada polas sufraxistas inglesas en 1908, xunto co verde e mais o branco. E, segundo a activista inglesa, Emmeline Pethick: "A cor violeta, cor dos soberanos, simboliza o sangue real que corre polas veas da cada loitadora polo dereito ao voto, simboliza a súa conciencia da liberdade e a dignidade. A cor branca é símbolo da honradez na vida privada e na vida política. E a cor verde simboliza a esperanza nun novo comezo".

Historicamente, a loita das mulleres reclamando os seus dereitos fundamentais hai que situala na Revolución Francesa (1789), co seu slogan de *Liberdade, Igualdade e Fraternidade*. Do 1791 é a *Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá*, redactada por Olympe de Gouges, un dos primeiros documentos históricos sobre a emancipación feminina, que recolle xa o dereito ao sufraxio da muller. Pero o inicio da industrialización do s. XIX propiciará o movemento obreiro, que vai ir da man da loita das sufraxistas –as primeiras feministas–, movemento político e social de mulleres organizadas para impulsar o cambio efectivo cara á igualdade de xénero, sobre todo a finais do s. XIX e inicios do XX: sufraxio

feminino, igualdade, denuncia da opresión social, familiar e laboral, liberación feminina, liberdade sexual, separación entre sexualidade e procreación, defensa da maternidade libre, planificación familiar, métodos anticonceptivos artificiais, etc., formaban parte das súas reivindicacións.

Xa en 1848, as estadounidenses Lucrecia Mott e Elizabeth Stanton organizan en Seneca Falls, Nova York, a "Primeira Convención Nacional polos Dereitos das Mulleres". Ambas defenderon que todos os homes e mulleres son creados iguais e reclamaron dereitos civís, políticos e relixiosos para as mulleres. Isto orixinou fortes críticas e burlas.

En marzo de 1857, miles de mulleres que traballaban na industria téxtil en Nova York, as "Garment Workers" (traballadoras da confección) decidiron saír á rúa para protestar polas míseras condicións laborais e reivindicar unha xornada de 10 horas, tempo para darlles de mamar ás crianzas e salarios xustos; salarios que, só polo feito de ser mulleres, podían chegar a ser a metade dos que percibían os homes. A protesta rematou coa intervención violenta da policía contra as manifestantes.

Galicia non quedou á marxe destas protestas, e podemos sinalar a protagonizada polas traballadoras da fábrica de tabacos de A Coruña que, o 7 de decembro de 1857, decláranse en folga, abandonando o seu posto de traballo en protesta pola redución do salario e o traballo a eito. Moitas foron detidas e enviadas ao cárcere do Parrote.

A principios do século XX foron numerosas as mobilizacións e folgas femininas en Estados Unidos e Europa, incluída Rusia. En España, no primeiro cuarto do século, houbo 185 folgas de mulleres en Barcelona, 64 en Valencia, 55 en Zaragoza, 48 en Madrid...

No 1908, 15.000 mulleres saen á rúa en Nova York. O partido socialista de América declara en 1909 o "Women's Day" (Día Internacional da Muller) que se celebrará por primeira vez en EE. UU o 28 de febreiro, e seguirán celebrándoo o último domingo deste mes ata 1913. A importante folga téxtil en Lawrence (Massachusetts), entre xaneiro e marzo de 1912, é coñecida como "folga do Pan e as Rosas", slogan repetido por distintos estados (California, Illinois...) en moitas máis protestas desta época (incluso logo en Rusia). O pan representaba a seguridade económica e as rosas unha mellor calidade de vida. Esixían melloras salariais, menos horas de traballo, a prohibición do traballo infantil e ter dereito ao voto.

En 1910, na Conferencia Internacional da Muller Traballadora, realizada en Copenhague, a gran activista alemá, e comunista, Clara Zetkin suxire a creación do Día da Muller a nivel global para conmemorar o movemento polos dereitos da muller (en recordo da folga das "Garment Workers"), incluíndo o dereito ao voto. Esta proposta foi aprobada por unanimidade por un centenar de mulleres procedentes de 17 países, entre as que se atopaban as primeiras mulleres elixidas ao parlamento de Finlandia. Nese momento non acordaron ningún día concreto para a celebración.

A primeira vez que se conmemorou o Día Internacional da Muller foi en 1911 en Europa, e máis dun millón de mulleres en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza participaron nel publicamente. As demandas eran variadas: dereito ao voto, ocupar cargos públicos, traballo en condicións dignas, fin da

discriminación laboral, dereito ao ensino... En España, salvo excepcións (pensemos en Concepción Arenal, disfrazada de home para poder asistir ás clases de Dereito (curso 1842-45), a primeira muller que accede a unha universidade pública faino en 1910, pouco despois de ser Emilia Pardo Bazán nomeada *Consejera de Instrucción* Pública por Alfonso XIII. (Lei do 8 de marzo de 1910). Hoxe, o 60 % do estudantado universitario é feminino.

Unha das teorías maioritarias apunta a que a elección do 8 de marzo como data definitiva da celebración do Día Internacional da Muller provén de Rusia. O Día Internacional da Muller de 1917 as traballadoras do téxtil de Petrogrado, mal pagadas, con xornadas laborais de 12 e 13 horas, póñense en folga abandonando as fábricas e enfrontándose á policía e ao exército, ao que intentan convencer para que se pase ao seu bando. Tamén baixo o lema "Pan e Rosas" protestaron polo millón de soldados rusos mortos na I Guerra Mundial, e esixen o fin da guerra e o retorno dos seus homes da fronte.

Este feito sería o preludio da Revolución Bolchevique xa que, poucos días despois, o tsar de Rusia viuse obrigado a abdicar e o Goberno Provisional, a instancias de Aleksándra Kolontái, recoñécelles ás mulleres o dereito ao voto, aproba o aborto e o divorcio e outórgalles beneficios sociais. O 8 de marzo estableceuse como festa oficial.

O que está claro é que o 8 de marzo naceu ligado á loita polo voto feminino e por melloras laborais para as traballadoras de finais do século XIX e comezos do XX, e non foi un feito illado senón a loita das mulleres que non se conformaron con ser cidadás de segunda e non teren os mesmos dereitos ca os homes, á parte de todas as demais reivindicacións sociais, políticas e persoais.

Hoxe en día, xa no século XXI, millóns de mulleres no mundo enteiro seguen a soportar o machismo diario, os feminicidios, a violencia sexual, a oposición legal para realizaren certas actividades, desemprego, falta de oportunidades para estudar, a sobrecarga do traballo doméstico, a desigualdade laboral e salarial... Un estudo de *Plan Internacional* demostra que a discriminación persiste, incluso nos países coas leis de igualdade máis avanzadas. Nalgúns aspectos estamos sufrindo retrocesos. Un informe do *Foro Económico Mundial* indica que o tempo previsto para pechar a fenda de xénero pasou, a este ritmo, de 83 a 100 anos.

O lema elixido por *ONU Mulleres* para o 8M deste 2020 foi: "Son da xeración igualdade. Polos dereitos das mulleres".

De nós vai depender que a igualdade chegue antes ou despois. A loita continúa!

Incendio na fábrica *Triangle*. N.Y.

La perla agrícola

Francisco Antonio Vidal Blanco

Texto lido na presentación da edición facsimilar da obra *La perla agrícola* de don Ignacio Martínez Malvido, o 7 de febreiro de 2020, na Sociedade Fillos de Palmeira

Recuperar o traballo dun antepasado é sen lugar a dúbida unha obriga para calquera. O exemplo máis claro témolo nas nosas casas, tratando de restaurar, reparar ou reconstruír mobles, libros, cadros ou a mesma casa que herdamos, convencidos diso que nos ensinaron os nosos devanceiros: *Quen do seu se desbota co de fóra mal se encontra.* Levado ao campo da comunidade, é unha obriga social e ética recuperar aqueles traballos ou obras que falan do noso pasado como pobo ou como grupo. E iso é o que Barbantia e o concello de Ribeira veñen de facer con este libro de lecturas escolares do mestre palmeirán Ignacio Martínez Malvido; recuperar e dar a coñecer unha parte da nosa historia e das nosas raíces. Unha recuperación para a que, ante todo, desexo manifestar o noso agradecemento a Alfredo Erias, arquiveiro do concello de Betanzos, quen puxo todo á nosa disposición para poder ver, consultar e copiar o libro orixinal, e a Pastor Rodríguez, que xestionou e preparou os orixinais e copias para que hoxe estean ao alcance de todos.

No libro, en formato e tipoloxía facsimilar, tamén incluímos a reprodución dunha carta-artigo que don Ignacio Martínez publicou en La Voz de Galicia en outubro de 1882, cando o periódico aínda non cumprira un ano da súa andaina, dando conta dunha crise pesqueira e aventurando; "*Seguiré a mi pesar, haciendo historia de la miseria que reina por estos pueblos, y que viven á expensas de los productos del mar. Los fomentadores de salazón, en virtud de que sus patrones vienen y van a la mar sin que consigan resultado alguno, están resueltos a retirar sus redes por lo cual los pescadores se verán precisados a abandonar el país y dedicarse a la navegación, dejando a sus mujeres e hijos sumidos en Ia más negra miseria*". Que dicir ten que ese foi o sino dos palmeiráns ao largo de todo o século XX, a emigración e a navegación na mercante, moi poucos, precisamente, na pesca.

Sobre a autoría deste artigo, asinado como *El Corresponsal*, tivemos dúbida durante algún tempo. Con esa firma viña a ser practicamente un texto anónimo, ata que atopamos un artigo datado en xuño de 1882 en que asinaba como I. M. (Ignacio Martínez) dando conta da colleita de cereais e patacas, con pequenas pinceladas que xa apuntan á súa querenza pola agricultura, escrito no mesmo estilo e formato que o vai caracterizar como cronista, tamén enviados desde Palmeira á redacción do periódico. Artigos que el escribe con relativa frecuencia e de maneira moi variable no tempo, asinando sempre con ese epíteto, alcume ou apelativo de "*El Corresponsal*". Asemade, en moitas ocasións as súas crónicas son resumidas e só se dá conta do seu contido con frases do estilo: "*Nos comunican desde Palmeira...*"

Estamos, ao meu modo de ver, diante dun verdadeiro cronista da bisbarra, non só de Palmeira; e digno de que as súas colaboracións xornalísticas sexan recollidas nun volume que nos dará a imaxe de como eramos. Os seus artigos son unha importante fonte de documentación para visualizar a historia económica desta parte da Barbanza de finais do século XIX, pero tamén das discrepancias que puidese haber entre as distintas parroquias, como reflicte ou dá a entender nun artigo de 1886, cunha pincelada un pouco idealista, cando escribe referíndose a algún conflito habido dentro do Concello de Ribeira: "*En él sus moradores llevan por divisa el emblema*

de unión que es el símbolo de fuerza, y por más que entre ellos hay divergencias por motivos de localidad, el resultado es, señor director, que tratándose del bien general de aquel pueblo, todos van compactos y marchan a un mismo fin".

Un mes antes de que se dese a primeira noticia sobre a intención de publicar este libro, nun artigo do marzo de 1885, un ex alumno de don Ignacio, Lisardo Rodríguez Barreiro, un noiés que ademais de farmacéutico, académico e inspector de sanidade dirixiu o periódico *El Rivereño*, editado en Ribeira entre 1892 e 1893, percorrendo esta parte da Barbanza entrevistouse co seu amigo e mestre, e conta que en Palmeira había nese tempo unhas 300 dornas, seis fábricas de salga e unha escola á que asisten 86 nenos nun local "*cuyas condiciones se avienen poco con la higiene, indispensable en estos casos*". Datos que nos mostran a importancia que tivo a pesca en Palmeira e a preocupación amosada naquela carta-artigo que acabo de lembrar. O autor, Lisardo R. Barreiro, despois de reclamar do concello de Ribeira que poña remedio ás pésimas condicións hixiénicas, insiste: "E*sta falta se hace sentir hoy tanto más cuanto que la epidemia variolosa está diezmando los niños por estas cercanías, y es muy lógico temer en un sitio poco saneado y donde se hacinan muchas personas, el desarrollo de la epidemia*".

Creo importante dar estes apuntes porque todo libro debe enmarcarse na época en que se escribe e na sociedade á que está dirixido.

Noutro apartado, este cronista fala de don Ignacio con moi amables palabras e dá a primeira opinión escrita sobre o futuro libro: "*Este ilustrado maestro presentó, meses ha, a la sección de Fomento de la asamblea provincial de la Coruña un libro escrito con destino a las escuelas de instrucción primaría cuyo título es «Principios generales de Agricultura.» He hojeado las páginas del borrador de esta obrita, y hállola á mi humilde entender, muy nutrida en doctrina, sencilla en la expresión y propia para que la puedan asimilar las jóvenes inteligencias. ¡Lástima y grande es que nuestras Diputaciones no estimen las vigilias de estos hombres encanecidos en el desempeño de su honrosa profesión que sólo encuentran como premio a sus afanes el eterno patrimonio del magisterio: hambre y olvido!*"

O mesmo periódico, ao mes seguinte, en abril de 1885, cítao para dicir que lle pediu unha subvención á Deputación da Coruña co fin de editar o libro: "*Con tal objeto remitió el interesado a aquél Centro un ejemplar en manuscrito para que los señores diputados pudieran apreciar el mérito de la misma*".

Estas serán as primeiras noticias que se dan sobre *La perla agrícola* cando só era un proxecto á procura de financiamento. A seguinte será dous meses máis tarde, para comunicar que a deputación provincial acordou subscribirse a 50 exemplares, e encomendarlle a distribución do libro ao deputado encargado da biblioteca da mesma. E xa por fin, en outubro de 1885, aparece a noticia da súa publicación, que se antes era "*obrita*" agora xa subiu de categoría: "*La perla agrícola es el título de un muy completo manual de agricultura teórico-práctico...*"

Debemos resaltar que seguiron moitas notas na prensa da época anunciando o valor deste libro e dando noticia das librerías en que se vendía nas distintas cidades e do seu prezo: a 50 céntimos de peseta.

Tamén, un par de anos máis tarde, en maio de 1887 publícase unha Real Orde dándolle as

grazas a "*D. Ignacio Martínez por su donativo, con destino a Bibliotecas populares, de 19 ejemplares de su obra La perla agrícola*". Unha obra, por certo, que podemos enlazar con esa sentencia definitoria da maiéutica: que o alumno acade os seus coñecementos por medio das preguntas que fai o mestre; un método, por certo, moi en voga na época e moi semellante ao usado por Murguía vinte anos antes, cando publicou *La primera luz*.

Ademais do seu interese por retratar, a partir dos seus artigos, a sociedade da bisbarra, don Ignacio tamén fixo uso da súa pluma para denunciar o mal estado das escolas, o que nos retrata a un home preocupado polos avances sociais. Así, movendo arquivos, atopamos cartas, instancias e escritos onde se amosa un verdadeiro profesional preocupado por todo o relativo ao ensino. En 1874, por exemplo, denunciará na Xunta Provincial de Primeira Ensinanza o mal estado da escola de Palmeira. Nesta ocasión, con certa mala uva explica*: "Los escollos más grandes con que tropezamos la mayor parte de todos aquellos que a la enseñanza nos dedicamos, así como los mayores inconvenientes para el desarrollo moral o intelectual de la niñez, es sin duda alguna la falta de locales propios para dar la enseñanza, puesto que en la mayor parte de los distritos rurales, carecen de capacidad, luz y ventilación". E* continúa un pouco máis adiante, opinando sobre como debe ser un local escolar: "*Ante todo debe estar en terreno elevado y bañado por el sol. Debe al mismo tiempo estar separado de cloacas y pudrideros, cuyas emanaciones puedan perjudicar la salud de los niños*".

Con isto podemos facernos unha idea de como eran as escolas daquel tempo, e o que reclamaba don Ignacio para mellorar as condicións hixiénicas das mesmas, algo que, en Palmeira, non se viu totalmente resolto ata máis de cen anos despois.

Agardo que con estes apuntes podamos facernos unha idea de como era Palmeira e as escolas neses anos, e de quen era don Ignacio Martínez, de quen neste 2020 se cumpren 90 anos do seu falecemento.

Grazas.

EL UROGALLO.
Unha revista en Artes
(con Blanco-Amor ao fondo)

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

INTRODUCIÓN

O Museo do Gravado de Artes no concello de Ribeira garda non só unha colección de miles de estampas antigas e contemporáneas, senón tamén unha biblioteca ilustrada, que inclúe un pequeno número de revistas dos séculos XIX e XX, esencialmente francesas e españolas. E entre esas revistas, custodiadas na biblioteca do Museo de Artes, atópase unha colección da revista española *El Urogallo* fundada en 1969 e dirixida por unha muller, **Elena Soriano**. A revista estivo bastante esquecida ata que centrou o seu interese nela a investigadora María Jesús Soler Arteaga, quen atendeu ás características principais da revista nalgún artigo e no volume de 2010 *El Urogallo. Revista literaria bimestral (1969-1975). Estudio e índices*. Canto á súa directora, Elena Soriano, quizais tampouco foi atendida pola crítica literaria coma outras mulleres na literatura de posguerra, inda que dende 2007 conta coa monografía *El mundo narrativo de Elena Soriano,* de María de la Paz Cepedello Moreno.

A revista apareceu en decembro de 1969 e desapareceu co número 35-36 de decembro de 1975, pero en 1986 tivo unha nova e curta vida, dirixida por José Antonio Gabriel y Galán. O Museo do Gravado de Artes conserva dende o número 0 ata o número 29-30 de setembro-decembro de 1974. Empregamos unha biblioteca privada para consultar os números seguintes.

ELENA SORIANO. FUNDADORA E EDITORA

Elena Soriano Jara nacera o 4 de febreiro de 1917 en Fuentidueña del Tajo, Madrid, de pais andaluces. En 1935 remata a carreira de Maxisterio e comeza a de Filosofía e Letras, pero tras a Guerra Civil ten que deixar a facultade debido á súa condición republicana. Pola súa data de nacemento e polos seus compromisos coa República, Elena Soriano pertence á Xeración de 1936, a de Miguel Hernández, a de exiliados como Serrano Plaja, Sánchez Barbudo, Lorenzo Varela ou Herrera Petere. A directora de *El Urogallo*, tamén derrotada, permanecerá en España coma outros derrotados que sufriron graves dificultades e tiveron que adaptarse ao franquismo o mellor que puideron, como foi o caso de Buero Vallejo, Leopoldo de Luis, Ramón de Garciasol ou Gaya Nuña. A condición de republicana dificultou a realización intelectual de Elena Soriano, o que, unido á súa condición subsidiaria como muller, impediu que puidese realizar con normalidade un currículo intelectual. A propia Elena Soriano recoñeceu que esas dificultades lle impediron chegar a ser o que pretendía. Aínda así, foi unha narradora e ensaísta importante, que en 1951 publicou a novela *Caza menor*, que obtivo boa acollida crítica e que foi reeditada en 1992. Logo viría a triloxía *Mujer y hombre*, formada por *Espejismos* (1955), *Medea* (1955) e

Reprodución da portada da revista *El Urogallo*

La playa de los locos; esta última tivo problemas coa censura e só circulou nunha pequena tirada non venal. Este feito trouxo consigo a represalia das autoridades, que lle prohibiron publicar máis novelas e inda que a obra foi reeditada en 1986, a prohibición significou unha impinxidela case insalvable para a autora, que se sumiu nunha profunda depresión e xa non volveu publicar ningunha novela máis. En 1969 iniciou a aventura de *El Urogallo*, unha das grandes revistas culturais do franquismo serodio. En 1985 obtivo certo éxito editorial co libro *Testimonio materno*, no que relataba a morte do seu fillo en circunstancias pouco claras. En 1989 reuniu once dos seus relatos nun volume: *La vida pequeña. Cuentos de antes y de ahora* e, entre 1992 e 1994, reuniu os seus mellores ensaios e artigos en *Literatura y vida*.

Falecida en 1996, nesa data saíu do prelo o libro *Tres sueños y otros cuentos*. Xa no ano 2000, a súa filla editou o ensaio de Elena Soriano *El donjuanismo femenino*. Moitas das súas colaboracións ensaísticas e críticas apareceron nas revistas *Índice*, *Fotos*, *Poesía Española* e *El Urogallo*, ademais de publicar nos xornais *Pueblo* e *Diario 16*.

A REVISTA *EL UROGALLO*

En 1969 Elena Soriano funda a revista bimestral *El Urogallo*, que en decembro tira do prelo o número 0, onde manifestará os obxectivos da publicación: fe na literatura, pero racional e dubitativa; seguridade de que a realidade condiciona a literatura e que esta é eficaz para enfrontarse ao mundo real, interpretándoo e transformándoo; necesidade de anovar para lograr un movemento histórico crítico. A revista levaba como subtítulo *'Revista literaria bimestral'* e medía 20 x 21,5 centímetros, formato pouco usual nese momento, con cubertas en cor e a tres tintas, encadernada en rústica. O deseño editorial permanecerá durante toda a existencia da revista, pero a publicación bimestral foi alterada en varias ocasións para editar números dobres. Dende o comezo contou con ilustracións a pluma de José Pla, moi expresionistas e con forte pegada onírica, aínda que tamén colaboraron outros ilustradores, como Ismael Marinero. O número de páxinas nos números correntes estivo entre cento trinta, e arredor de duascentas nos números dobres. A revista rematou a súa andaina co número 35-36, en setembro/outubro de 1975. En 1986 reapareceu baixo a responsabilidade de José Antonio Gabriel y Galán, con novo formato e novas ideas, pero mantendo algunhas das premisas de 1969, nova xeira editorial que se iniciou cun artigo de Elena Soriano.

Aínda que a revista mantivo unha grande unidade durante toda a súa existencia, Soler Arteaga propón catro etapas para a publicación:

- Etapa inicial, que abranguería dende o número 0 de 1969 ata o número 9 de 1971.
- Etapa de consolidación, abranguendo do número 9 ata o número 19.
- Etapa do *"consello volante"*, que abranguería dende o número 19 ata o número dobre 29-30.
- Etapa final, do número 29-30 ao número 35-36, etapa na que non existe consello de redacción.

Máis que as etapas, interésanos definir algunhas das principais características de *El Urogallo*:

- Os traballos editados debían ser inéditos, e son, fundamentalmente, literarios. Só houbo algunha excepción, como foi o caso, xustificado pola redacción, dun dos textos de Julio Cortázar.

- A revista tiña un carácter idealista, aberto, con fe no poder da literatura.

- Abriu as súas páxinas quer aos exiliados (Francisco Ayala, Andújar, Bartrá, Jarnés, Guillén, Rosa Chacel, Balbontín, Sender, Pablo de la Fuente, Alberti, Roberto Ruiz,...), quer a derrotados do interior (Ramón de Garciasol, Jorge Campos, Gabriel Celaya, Gaya Nuño, V. Aleixandre, José Hierro, Concha de Marco,...).

- Presenza de autores hispanoamericanos: Julio Cortázar, Barnatán, Rosario Castellanos, A. Girri, J. E. Pacheco, O. Paz, Vitale, Augier, Vargas Llosa, Sábato, Neruda, Severo Sardruy,...

- O lector español puido acceder a autores estranxeiros que non era fácil atopar noutras publicacións: Ciorán, Joyce Mansour, Artaud, R. Barthes, M. Butor, Roger Caillois, J. Gracq, Saint-Jhon-Perse, P. Sollers, H. Michaux, René Char, Bloch,...

- Uniu autoras e autores xa consagrados (Carmen Laforet, Crémer, Carmen Conde, Alfonso Sastre, Valverde, Ana Mª Matute, Blas de Otero,...) coas novas voces (Savater, Marsé, Benet, Guelbenzu, Umbral, Grosso, Siles, Clara Janés, Vellán,...)

- Deu voz en Madrid ás literaturas catalá e galega, publicando versións bilingües de Carlos Casares, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Pura Vázquez, Novoneyra, Blanco Amor.

Non pode deixar de sinalarse tamén a forte presenza de autores galegos, tanto os que escriben maioritariamente en galego coma os establecidos no sistema literario castelán: Cunqueiro, Concha Castroviejo, José A. Valente, Daniel Sueiro, Ramón Nieto, Victoria Armesto, Álvaro Fernández Suárez, Carlos Casares, Lauro Olmo, José Ares Montes, Alberto Míguez, Manuel María, Pillado Rivadulla, Julián Ríos,...

A LITERATURA GALEGA NA REVISTA *EL UROGALLO*

Entendemos por literatura galega a escrita orixinariamente en galego, pois *El Urogallo* abriuse ao catalán e ao galego en varios números, publicando textos en edición bilingüe. Xeralmente os textos eran traducidos ao castelán polos propios autores, aínda que con algunha excepción.

Canto á literatura galega, no número 2 de abril-maio de 1970, **Pura Vázquez** publica o poema *"A erdade do tempo"*, con versión bilingüe. No número 4, **Celso Emilio Ferreiro** edita tres poemas galegos con autotradución ao castelán. Pero xa no número 3, tamén de 1970, editou **Carlos Casares** o conto *"O lagarto de pedra"*, que non será recolleito en volume ata 2017 en *O suicidio de Jonas Björklund e outras historias* (Vigo, Galaxia), en edición de Xosé Manuel Soutullo. No númeo 7 de xaneiro-febreiro de 1971 edita **Uxío Novoneyra** dous poemas galegos coa versión castelá. No número 13, de xaneiro-febreiro de 1972 publica **Eduardo Blanco-Amor** o conto *"A probe Berta"*, a dobre columna e con versión castelá do autor. Nesta altura cronolóxica o autor ourensán xa editara unha década antes o seu libro de relatos *Os biosbardos* que, na edición de 1970, contiña oito relatos, un máis



Retrato Eduardo Blanco-Amor

ca na edición de 1962, volverá aos sete relatos noutra edición, e a Galaxia de 2017 inclúe de novo os oito contos: *"Os biosbardos"*, *"A arrasadeira"*, *"O noxo"*, *"O encalatro"*, *"Primeira comunión"*, *"Bartomeu e os biosbardos"*, *"O salvamento"* e *"O estreno"*. Xunto ao conto *"Os nonnatos"*, publicado na revista *Céltiga* o 25 de maio de 1927, constitúen a achega galega de Blanco-Amor ao relato galego, aos que debe engadirse *"A probe Berta"*.

No número 16 de *El Urogallo* publica **Manuel María** *"Odas nun tempo de paz e ledicia"*, con versión castelá de Lois Diéguez. As odas son cinco: *"Oda de agradecemento ó noso tempo"*, *"Oda ós tendeiros"*, *"Oda ó patrón"* e *"Oda ós funcionarios"*. Todas apareceron no libro de 1972, e logo, coa lingua máis depurada, na *Obra Completa I* (A Coruña, Espiral Maior, 2001). Cos poemas de Manuel María rematan os textos editados en lingua galega en *El Urogallo*, aínda que outros textos de Celso Emilio Ferreiro dos números 20 (1973) e 31-32 (1975) (*"Las Matrias")* teñan orixe en galego e presenten variantes.

Outros galegos que publican na revista serán Marina Mayoral, Álvaro Cunqueiro (*"Encuentro en Pacios"*), Concha Castroviejo, Lauro Olmo, Victoria Armesto, José Ángel Valente, José Ares Montes, Francisco Pillado Rivadulla, Álvaro Fernández Suárez (*"Valle Inclán y el desprecio"*; por exemplo, en 1972), Ramón Nieto, Daniel Sueiro, Alberto Míguez e Julián Ríos. Doutros galegos recensiónanse as súas obras, como é o caso de Manuel Vilanova, Darío Villanueva,, M. Mayoral, R. Nieto, Marcial Suárez ou Torrente Ballester. Na enquisa do número 29-30 (1974) poden atoparse as opinións de Cela, Fernández Granell e José A. Valente.

O CONTO DE EDUARDO BLANCO-AMOR

O relato de Blanco-Amor, de fala e ambiente ourensáns (as alusións á *"charanga de Sarreans"*), é a historia dunha vinganza, protagonizada por Edesio o de Lisardo e Marcial o do Carrizo, dous mozos amigos enganados por un caloteiro nas romaxes de San Caralampio; ao comezo pensan mallar no moinante, mesmo co perigo de matalo, pero logo deciden matarlle a mona, Berta, que lle axuda a dar os calotes. Unha historia brutal, propia do realismo crítico de Blanco-Amor, contada en terceira persoa (*"Deixárona no piñeiral, lonxe do camiño de carro. Serían as tres"*) por un narrador omnisciente, pero que nun determinado intre do relato pode parecer contada por un dos protagonistas (*"pegóu un pulo e púxose a ollar onde nós, turrando da cadea"*).

Publicado a dobre columna, cunha lingua que tiña que resultar difícil para o editor madrileño, non ten erros significativos, agás *"minña"* por *"miña"*. Vai acompañada da tradución castelá feita polo propio Blanco-Amor (*"Ver-*

sión castellana del autor"). O relato leva catro ilustracións de **Ismael Marinero**. A tradución feita polo mesmo autor non é literal, senón que ten que procurar dar un sentido máis claro e estándar, en xeral, ao texto. Sirva como exemplo un breve fragmento:

> *"O Edesio desmangóu unha aixada e acenoulle co pau. A Berta pegóu un longo brinco por enriba dil e acrequeñouse nos baixos da porta, ollando pra iles cos ollos escarramelados, arelantes, talmentes un miniño pedindo perdón."*
>
> *"Edesio desmangó un azadón y la ame nazó con el palo. La Berta pegó un largo brinco sobre él y se acuclilló en los bajos del portón, hurgando en la tierra, mirándolos con ojos arrebatados y ansio- sos, talmente como una criatura pidiendo perdón."*

Portada *Xente ao lonxe*

Blanco-Amor non foi só un tradutor de textos alleos, senón tamén dos seus propios textos: *A quella gente...*, tradución realizada en 1974 de *Xente ao lonxe*, que se publicou en Barcelona en 1976; *La parranda* (1960), tradución d'*A esmorga* ou *Las musarañas* (1975), tradución de *Os biosbardos*. Mesmo nalgunha ocasión publicou en galego anacos da obra de *La catedral y el niño* en *A Nosa Terra* de Bos Aires en 1942, estudados por Dobarro Paz en 1993. Pero o traballo de autotraducirse non lle agradaba: *"A autotradución é unha agonía, porque traballas en carne propia... leo a frase enteira, a peza gramatical enteira, non a oración, e penso como a tería escrito en castelán"* (1977).

Pero en realidade non estamos perante un conto esquecido, pois *"A probe Berta"* é, en realidade, un fragmento esgazado de *Xente ao lonxe* (1972) (ou quizais un conto que pasou logo á novela?) Este fragmento, case autónomo, está incluído na primeira parte da novela. Nesta, falando da señor Andrea, dise que esta fuxira cun criado ou que *"andivera polas feiras e romaxes cun mocete de por eí adiante, non se sabía ben, que falaba andaluz ou atal si quixera imitar a fala andaluza, que tamén podería ser gitano, endebén algúns ouvíranlle falar entre iles o portugués de corrido..."*, pero outros crían que o mozo *"facía bailar unha mona moi célebre, chamábase Berta..."*

Na edición, a terceira, de 1983 de *Xente ao lonxe*, *"A probe Berta"* correspóndese coas páxinas 52-50. Non ofrece moitas variantes, só lixeiras correccións (*"con iso"* en 1983, *"coiso"* en *El Urogallo*; *"ao"* por *"ó"*, pero estas correccións non son de Blanco-Amor, senón da editorial. Outras variantes significativas son: *"Dous cativos interrogados..."* que no libro son

"Dous cativos averiguados..."; *"A moniña estaba alí, queda, a sangoar por ambas canles das suas partes"*, que no libro será *"A moniña estaba alí, queda, cos ollos moi abertos, a sangoar por ambas canles das súas partes"* e *"maos"* por *"mans"*.

Tras este conto, case, ou sen case, autónomo, *Xente ao lonxe* segue a falar da señora Andrea: *"Dende onde xa se podían documentar os feitos da Señora Andrea, era desque chegara metida, ou eisí, que ao millor todo eran aparencias, cun titiriteiro, volante do Circo Feixoo, chamado O Baronet d'Alcobaça..."*

BIBLIOGRAFÍA

BLANCO-AMOR, Eduardo: *"A probe Berta"*, *El Urogallo*, nº 13, (xaneiro-febreiro 1972), pp. 33-42.

BLANCO-AMOR, Eduardo: *Xente ao lonxe*, Vigo, Galaxia, 3ª ed., 1983, pp. 39-50.

CASARES, Carlos: *O suicidio de Jonas Björklund e outras historias*, Vigo, Galaxia, 2017. Edición de Xosé M. Soutullo.

DOBARRO, X. M.: *"No ano 1942 Blanco-Amor publicou en A Nosa Terra anacos de La catedral y el niño en galego"*, *A Nosa Terra*, Vigo, 11-03-1993.

ENRÍQUEZ, X. M.: *"Os biosbardos": Áuria recuperada"*, in *Letra, terra e liberdade. Eduardo Blanco-Amor*, Vigo, A Nosa Terra, 2ª ed., pp. 74-75.

MANUEL MARÍA: *Obra poética completa I*, A Coruña, Espiral Maior, 2001.

Pervivencia e actualidade de Eduardo Blanco--Amor, Ourense, Deputación de Ourense, 2019. Catálogo con ilustracións de Carlos Valiño e Siro.

SOLER ARTEAGA, Mª Jesús: *"El Urogallo, una revista de los años 70"*, *Más igualdad, redes para la igualdad: Congreso Internacional de la Asociación Universitaria de Estudios de las Mujeres (AUDEM)*, (2012), pp. 601-610.

TARRÍO VARELA, Anxo: *"A narrativa de Eduardo Blanco-Amor"*, en *Anxo Tarrío Varela (coord.), Eduardo Blanco-Amor (1897-1979), Día das Letras Galegas 1993*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 121-156.

PARA SABER MÁIS

CARRO, Xavier: *A obra literaria de Blanco-Amor*, Vigo, Galaxia, 1993.

CEPEDELLO MORENO, Mª de la Paz: *El mundo narrativo de Elena Soriano*, Córdoba, Universidad de Córdoba, 2007.

DÍAZ NOSTY, Bernardo: *Voces de mujeres periodistas españolas del siglo XX nacidas antes del final de la Guerra Civil*, Sevilla, Renacimiento, 2020.

PALOMO, Pilar: *Movimientos literarios y periodismo en España*, Madrid, Síntesis, 1997.

RODRÍGUEZ, Francisco: *Eduardo Blanco-Amor (O descougo da nación negada)*, Vigo, Cumio, 1993.

SALGADO, Xosé M.: *"Celso Emilio Ferreiro, o memorial dun escritor"*, in *Celso Emilio Ferreiro (1912-1979). Día das Letras Galegas 1989*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 23-103.

SOLER ARTEAGA, Mª Jesús: *El Urogallo. Revista literaria bimestral (1969-1975). Estudio e índices*, Sevilla, Universidad de Sevilla, 2010.



Reprodución facsimilar do conto *"A probe Berta"*
de *El Urogallo*, nº 13, (xaneiro-febreiro 1972), pp. 33-42

A probe Berta

Eduardo Blanco-Amor

A cousa tiña que darse ben doada e fácile. A Berta non tiña mais altor que un cativo de ano e medio, e ainda que era moito pra tal cras de bichos, no era nada pra arreporse a un par de homes feitos e direitos, nin que decir ten. Todos conocíamos á Berta, que asi lle chamaba o moinante, que dela vivía, e que a traguía a todas as feiras, sin fallar unha, aparentando que era pra adivirtir á xente facéndoa bailar, anque pronto se viu que no pasaba prato ni gorra. E a verdade resultóu que era pra engaiolar ós homes dalí e doutros lugares veciños, e vezalos no xogo das tres cartas viradas que alí aínda non se conecía. E o que máis e o que menos, todos fumos afuciñando, e non había que andar póndose chatas uns ós outros.

O que viña sucedendo unha feira e outra, que era unha ó mes, era que somentes gañaban algúns; i eso de primeiras, e logo que resulba lambéndolles canto levaban. Era moi celmoso das falas, que non as decía en castrapo sino en castelán de señorito. Chamábanos "señores puntos", "no tienen más que aproximarse"... E de pri-

Tenía que darse todo bien y fácilmente. La Berta no era de más altor que un crío de año y medio, y aunque era mucho para tal clase de bichos no era nada para oponerse a dos hombres hechos y derechos, ni hablar. Todos conocíamos a la Berta, que así la llamaba el truhán que de ella vivía y que la traía a todas las ferias, sin faltar una. Aparentaba que era para divertir a la gente haciendola bailar, aunque pronto se vio que no pasaba plato ni gorra. Y la verdad resultó ser que embobaba a los hombres, de allí y de los otros lugares, para meterlos luego en el juego de las tres cartas viradas, que allí aún no se conocía. Y quien más y quien menos, pues todos fuimos hocicando y no había que andar echándose las culpas unos a otros.

Lo que venía ocurriendo una feria y otra, que era una al mes, era que sólo ganaban algunos, y eso de primeras, y luego resultaba limpiándoles cuanto llevábamos. Era muy suave de hablas, que las decía todas en castellano de señorito. Nos llamaba "señores puntos", y "no tienen más que aproximarse"... Y de primeras, al-

meiras algúns acertaban cando a posta era livián pra ilos vezando dapouco coíso de ir a maiores pró desquite como usan decote os xogantís, e despois papáballes todo, non sendo ós rapaces noviños que lles deixaba poñer unha, e si perdían outra prá revancha, e despois xa os botaba, gañasen ou non.

Edesio o do Lisardo e máis Marcial o do Carrizo, fóranse, pouco a pouco, decatando de que o pillabán e a "simia" —que lle decía Pepe o mejicano— traballaban combinados, con tan rematado exito que a condanada da mona somellaba traballar de por sí. I en canto se axuntaba a xente, a Berta botábase a alternar polo corro de mirós e xogantís, moi leda e azouril, choutando dun hombreiro noutro, guindándolles as boinas, facéndolle cóxegas na noz ou no carrolo, remexéndolles nu tupé e chantándolles bicos mollados, que a algúns até lles daba noxo.

Edesio foi o primeiro en ouservar que cando as cartas levaban moita cargazón (ás vegadas, entre cadelas, patacos, realillos de prata e até pesetas, cando chegaban os "ches" e os "habaneros" pró San Caralampio, habían rodas que acadaban ós dous mil reás) pois o mangante ía e dáballe á Berta uns que somellaban cacahueses, pro que non deberían selo sinon outra cousa, porque a Berta púñase talmente como tola, e veña gallifar e choutar, e renxer os dentes e botarse ás mulleres que pasaban que a tiñan que tornar a gridos; e meta a abrazar ós homes e a dar choutos e a facer carantoñas, e todos a armar a pándiga, e todos a rir e a querer pillala polo rabo, que era cando o vaina aporveitaba pró calote, ou seña pró troco da carta cargada e virada, que a puña boca abaixo despois de

gunos acertaban (con tal que la puesta fuese pequeña) para irlos cebando de a poco, y que se dejasen luego ir a mayores para el desquite, como usan los gariteros; y después venía el limpiarnos a todos, a no ser los chavales que los dejaba hacer una puesta y otra para revancha si no acertaban, y después los echaba, ganasen o no.

Edesio el del Lisardo y Marcial el del Carrizo se fueron poco a poco dando cuenta de que el pillabán y la simia, que le decía Pepe el "mejicano", trabajaban combinados tan a la perfección, que el diablo de la mona parecía hacerlo de intención propia. En cuanto empezaba a juntarse el personal, ya la Berta se echaba a alternar por el corro de los jugantines y mirones, alegre, avispada, saltando de un hombro a otro, tirándoles las boinas, haciéndoles cosquillas en la nuez o en el pestorejo, hurgándoles en el tupé y dándoles besos mojados, que hasta asco producían a algunos.

Verdaderamente, el Edesio fue el primero en caer en la cuenta. Cuando el naipe iba muy cargado (a veces entre perrillas, patacones y realitos de plata y hasta pesetas cuando venían los "ches" y los "habaneros", por el San Caralampio, había vueltas hasta de dos mil reales), pues el mangante iba y le daba a la Berta unos que semejaban cacahuetes, pero que serían otra cosa, pensaba uno, porque la Berta se ponía talmente como orate, y venga alborotar y saltar, y a echarse a las mujeres que pasaban, que tenían que sacudírsela a gritos; y meta a abrazar a los hombres, y meta a hacer brincos y carantoñas sin parar, que se armaba gran rebullicio y todos a reír y a querer cogerle el rabo, que era ahí cuando el vaina aprovechaba para el calote, o sea,

deixala albiscar un casi nada, un abrir e fechar de ollos, i enseguida puña as outras duas, contrapeándoas no ar ó istante de pousalas, que non había xeito de se acordar.

Conque, por todo o devandito, o Edesio, despois de telo todo moi ouservado, foi e díxollo ó Carrizo, que eran dende menos "amigos del alma"; e dende aquil intre, xa lla tiveran xurada todo o tempo que aínda faltaba prá romaxe de San Caralampio que como se sabe cae polo mes de San Xoan, que era cando o moinante ficaba os dous días e tres noites que collía a romaxe. Mais, con todo, resultaba traballoso apandar unha feira e outra vendo como arrapañaba cos cartos de tododiós, polo cuio ía medrando dentro diles a xenreira.

Tiñan o asunto ben calado, ambos a dous, por si lles ía a mau na tolena, que moitas vegas un comenza, deféndese o outro, e no se sabe ónde se podo ir a parar. Pra librárense algo da pencha que se lles ía acugulando nos adentros do peito, baduaban e baduaban sóber cómo lle tiñan de zorregar, que si á mau limpa ou con estaca, si dapouco e longo ou si rexo e curto, si deixalo no sitio por morto (ainda que non morto) ou si irlle ós cantazos sin deixarse ver, até botalo mais aló do piñeiral, ou tamén si darlle un bó sumurmullo nas augas fondas do rio... Polo pronto, determiñaran no aparescer pola xogueta dende tres ou catro feiras antes, e xa quedaran que o agardarían, chegado o intre, na entrada do piñeiral que era paso obrigado pró atallo, e alí mallar nil coma nun centeo verde... E nunha desas, o Carrizo volveu a aventurar que si chegado o caso se fuscaban en demasía até írense de mau e perder o tino, pois que se lle ía facer, con

el trueque de la carta cargada y virada, que la ponía boca abajo luego de mostrarla una casi nada, ni un abrir y cerrar de ojos, y luego, las otras dos, contrapeándolas en el aire, al ponerlas de nuevo, que no había modo de acordarse.

Por todo esto, el Edesio, después de tenerlo todo muy observado, fue y se lo dijo al Carrizo, que eran desde rapaces amigos del alma; y desde aquel mismo punto, se la tuvieron jurada todo el tiempo que aún faltaba para el San Caralampio que, como se sabe, cae en el mes de Santiago, que era cuando el truhán se quedaba los dos días y tres noches que duraba el romeraje. Pero con todo, a medida que pasaba una feria y otra llevándose los cuartos de tododiós, la rabia iba creciendo más en ellos.

El asunto lo tenían muy disimulado, por si se les iba la mano en la tunda, que muchas veces uno se pone a ello, el otro se defiende, y nunca se sabe dónde se puede ir a parar. Para irse aliviando de la malauva que se les amontonaba en los adentros del pecho, hablaban y hablaban de cómo le zurrarían, que si a mano limpia, qué si con estaca; si de a poco y largo o si recio y ligero; si dejarlo en el sitio por muerto, aunque no muerto, o si irle a cantazos, sin dejarse ver, hasta echarlo más allá del pinar, o también si darle un buen somormujón en las aguas hondas del río.

Al fin, determinaron que lo esperarían en la entrada del pinar que era paso obligado y hondo para el atajo, y allí majar en él como en un centeno verde... En una de esas, el Carrizo volvió a aventurar que si es caso, se calentaban en demasía hasta írseles la mano y perder todo el tino, pues qué se la iba a hacer, con tal de que no fuese esa la intención, ya se sabía. Y el Edesio,

tal de no ser esa a intención, que xa se sabía. O Edesio, como mais asisado, foi e dixo que o millor sería facérense duns bós vergallos de verga de boi ben curados, que non deixan sinal, e zorregarlle un a un, a compás; pois por moi estragado de conduta que fose o canalla non sería de homes zoscarlle da dous; que había tamén que deixarlle coller azos prá defensa i erguerse si caía pra non se amosar tan fillosputa como o tal se amosaba nos tratos do xogo, que verdadeiramente era pra dar cabo díl sinon fose que...

como más prudente, fue y dijo que mejor sería procurarse unos buenos vergajos, de verga de buey bien curada, que no dejan marca y zurrarle a la alternativa, o sea, uno a uno, a compás, pues por muy estragado de conducta que fuese el canalla, no sería de hombres zurrarle de consuno; y que había también que dejarle remudar el resuello para la defensa, y levantarse si caía, para no mostrarse tan hijosputa como él se mostraba en los tratos del juego, que verdaderamente era para acabar con él, si no fuese que...



Conque chegóu o San Caralampio, tempo era; e ben fose pola ledicia que meten no corpo as festas do Patrón ou por térenlle dado tantas voltas ó aduvío, ó caso é que cavilando en que eran mozos barudos, de empuxe sobrado e familias ben vistas en todas aquellas bisbarras, e por levarlle moita ventaxa de corpo, ainda ún a ún e a mau limpa (e ainda máis o Edesio, pesie a ter sido, até rapaz grande, un entangarañado, todo collido de alporcas manantes, o que levóu ó oficio de xastre, que agora lle viña moi desaxeitado, pró corpo de mangallón que logo botara...)

Denantes de dar comenzo o folión de vísperas, xa tiñan alá seis ou oito copas de

Conque llegó el San Caralampio, tiempo era, y bien fuese por el gozo que meten en el cuerpo las fiestas del Patrón o por haberle dado tantas vueltas al caso, el caso es que, cavilando en que eran mozos cumplidos, de empuje sobrado y de familias bien nombradas en todas aquellas parroquias, y por llevarle mucha ventaja de cuerpo, incluso uno a uno y a mano limpia (y aún más el Edesio, pese a haber sido, hasta chaval grande, un canijo, todo cogido de lamparones manantes, lo que le hizo dar en el oficio de sastre, que le venía muy impropio, la verdad es la verdad, para el corpachón de ahora...)

Antes de empezar el follón de vísperas,

augardente do país aledándolles a conversa o póndolles o ánimo rexouveiro.

—Porque o que eu che digo, mecasoenningúndiós, é que si su me deixara levar polo xenio xa hoxe de mañá, o velo chegar, o que millor me houbese sabido sería botarlle as maus a gorxa até que lle estouparan os ollos e dise de sí un palmo de lingoa, fillodemilputas, que me ten aló más de dez pesos unha feira con outra...

—...Ocabrónqueofixo, e a min mais máis de vinte... Noustante, hai que ter en conta que istes trotaveredas son moi sabidos e destemidos; i iste, no sei que dirás ti, pro eu véxoio ancho de peito e de bós pulsos. E terá as suas mañas, e mais ainda si ven da caste dos gitanos como semella, comenzando pola moreneza, as falas tan seguidas e traer mona; que istes cargan navalla ou cousas piores, e son pronto coma centellas no seu uso, que lla ves na mau e xa a tés nas tripas, sin decir eí vai... Que xa se sabe que istas xentes da moinanza teñen seu xeito de pelexaren múos, que te acometen sin falar, e siguen diste seito, que ún non pode tasmear, polas queixas ou berros, como van do aguante, que tan pronto se derruban mortos, sin deciren mus, como, somellando estaren nas boqueadas, pegan un chimpo e fódente dun viaxe, si é que me esplico...

—Ti procederás como che pete, que todos temos direito a afroxar e taparnos coas verbas... que xa se sabe que hainos moi bota-por-elas de morros a fora, pro en chegando o intre, esfurrícanse, é un decir.

—Sin faltar, Carrizo, sin faltar, que o bebido non é pra tanto, que non somos de hoxe; e ainda que eres meu millor amigo, hai cousas que nonas aturo de natural... De modo que fala por direito.

ya llevaban cada uno seis u ocho copas de aguardiente del país alegrándoles la conversa y animándose entre sí.

—Porque lo que yo te digo, mecasoenningúndiós, es que si me dejo llevar del genio, ya esta mañana, sin ir más lejos, al verlo llegar, lo que mejor me sabería sería echarle las manos al pescuezo hasta que le reventaran los ojos y diese de sí un palmo de lengua, te lo juro; que me tiene allá, una feria con otra, más de diez machacantes, y la puta que lo parió...

—El cabrón que lo hizo, y a mí casi veinte... Nostante, hay que pensar que estos trotaveredas son muy sabidos y destemidos; y éste, no sé qué dirás tú, pero yo lo veo ancho de pecho y de buenos pulsos. Y tendrá sus mañas, y más si es de la casta gitana como semeja, empezando por la morenez, las hablas seguidas y el llevar mona; que cargan navaja y cosas peores, y son prontos como centellas en el uso, que se la ves en la mano y ya la tienes en las tripas, sin decir ahí va; que ya se sabe que estas gentes de la briba tienen el aquél de pelear mudos, o sea, que acometen sin hablar y siguen así sin que uno pueda tantear, por las quejas o gritos, como van del aguante, que tanto se te caen muertos sin decir mus, como aparentan estar en las boqueadas y pegan un brinco y te joden de un viaje, si es que me explico...

—Tú procederás como te pete, que todos tenemos derecho a aflojar y a cubrirnos con las palabras; que ya se sabe que los hay muy guapitos de morros afuera y en llegando la ocasión se descagarran, es un decir...

—Sin faltar, Carrizo, sin faltar, que lo bebido no es para tanto; que no somos de ahora, y aunque te tenga por mi mejor

—Está falado, menos o que che poida ofender, si algo houbo, que isa non foi minña tención... Falouse de darlle a ise caloteiro un bó escarmento, en nome de todos aínda que nono saiban; e non me arredro do dito. Pra min é máis de respetar o que che bota o alto nun camiño espondo a propia vida, que istes que...

—Xa se sabe, home, xa se sabe, que o temos todo ben tratado e somos amigos (botáballe a mau polo hombreiro), e ambos a dous de vinte anos, e eiquí ninguén anda recuando o buscándolle a volta a... Que o que che ía a decire, que non me deixaches rematar, é que, si a may ven, que ti mesmo o dixeches, ¿ou non?, váisenos a mau, e unha vece que se lle vai a ún a mau... Quitarlle a vida a un home, non che é ningunha coña, non habendo polo meio cousas do sangre ou da honra; pois xa se sabe que por moito que roube un home nono colgan, ¿non si?

Quedaron un intre calados fumando do macillo de cincuenta, pois peranto duraba a romaxe ninguén fumaba mataquintos. Xa pasaba da ducia de "perritas", ou seña da do país, da estila vella, que meteran no corpo en pouco mais dunha hora.

Viña ó lonxe, pola noite xa mesta, a charanga de Sarreaus abriendo o folión cunha marcha que ardía nun candil, arrodeada polos aturuxos dos montañeses. Polos veludos do ceio canicular abríanse os foguetes de luceiría no final do seu talo de faíscas. Saíron á porta do mesón a agardar a banda cas copas na mau, que era lucimento do romaxe, e mais sendo de anís escarchado. Xa coa poeira da banda inflamada nas luces do carburo penduradas da parra, saltóu, sin proparación, o Carrizo:

—¿E si lle matamos a mona?

amigo, sabes bien que hay cosas que no las aguanto por naturaleza. Así que será mejor que hables por derecho...

—Lo hablado hablado está, menos lo que haya de ofensa, si algo hubo, que esa no fue mi intención... Se habló de darle al timador un escarmiento en nombre de todos, aunque no lo sepan... Y de ahí no me aparto... Para mí es más de respetar el que te da el alto en un camino, exponiendo la vida, que éstos que...

—Ya se sabe, hombre, ya se sabe, que todo lo tenemos bien tratado y somos amigos (le echaba la mano por el hombro) y ambos a dos con veinte años, y aquí nadie trata de andar reculando ni desarmando lo dicho. Porque lo que te iba decir, que no me dejaste acabar, es que, si cuadra, tú mismo lo dijiste, ¿o no?, se nos va la mano, y una vez que se va la mano... Porque lo que yo digo es que quitarle la vida a un hombre no es ninguna coña, siempre que no medie cuestión de sangre o de honra, eso sí; pero ya se sabe que por mucho que uno robe no lo cuelgan, ¿es o no?

Quedaron un rato callados fumando del macillo de a cincuenta, pues durante la romaje nadie fumaba mataquintos. Ya pasaran de la docena de "perritas" de la del país, o sea, de la estila vieja, que se echaran al cuerpo en menos de una hora.

Venía a lo lejos por la noche ya espesa, la charanga de Sarreaus, abriendo el follón con una marcha que ardía en un candil, arrodeada de los aturujos de los montañeses forasteros. Por los veludos del cielo canicular abrían la corola los cohetes de lucería al final de su tallo de chispas. Salieron a la puerta del mesón a esperar la banda, con las copas en la mano, que era lucimiento de la romería y más siendo de

O Edesio ceibóu a risa, con algún traballo, asegún se lle vía. O Carrizo ficóu moi engruñado do sobrecello.

Cando ya remataba a derradeira noite de San Caralampio a eso das duas, despois do estrondo final, que xa era triste, das bombas de "palenque", entremedias do gallifeo, ainda alí pro xa como de lonxe, dos que se despedían nos redondeles da luce aceitilena pra ollarse as faces últimas, atoparon ó moinante que estaba, a meio fusco, no posto de enramada e lona, da Manuela do Lago, coma aquil que se disimula ou que quer tentar unhas cabezoladas de soño, coasi debruzado no cabo de longa mesa de cabaletes y táboas. Afastado do rebumbio da xente que botaba o último vaso ou que enchía as botas pra aledar o camiño. Como os outros andaban apercibidos, logo se diron conta de que o moinante estaba contar cartos coas maus embaixo da mesa, ollando pra outro lado coma quen se fai o babión. A Berta, cansa i esmacelada, atada a un sillote pola cadea do van, púxose a albiscar pra escuridade de fora coma si algo presentise.

Edesio e o Carrizo saíron á carballeira, a pescudar pola parte dafora do alpendre, por moi perto de ónde estaba o caloteiro, pra ver como dare o golpe. Cando se puxeron a albiscar por entre as ramas, a mona

anís escarchado. Ya con la polvareda de la banda inflamada en pálido por las luces del carburo colgadas de la parra, que allí sobrevenía, saltó, sin preparación, el Carrizo:

—¿Y si le matamos la mona?

El Edesio soltó la risa, con algún esfuerzo según se notaba. El Carrizo quedó muy centrado del sobrecejo.

Cuando ya se podía dar por acabada la noche final de San Caralampio, a eso de las dos, después del estruendo final, que era triste, de las últimas bombas de "palenque"; en medio del vocerío, aún allí pero ya como de lejos, de los que se despedían, en los claros de la luz *aceitilena* para verse las caras últimas, encontraron al fullero que estaba en el puesto, de enramada y lona, de la Lola del Lago, al final de una larga mesa de caballetes, como aquel que se disimula o va a echar unas cabezadas. Se le veía torpón o como algo chispo. Apartado del rebumbio de la gente que echaba el último vaso o llenaba las botas para animar el camino, estaba el truhán; y como cuando uno andaba apercibido y se fijaba, contando cuartos, a las apalpaderas, con las dos manos debajo de la mesa, mirando a otro lado como quien se hace el babión. La Berta, como cansa o mohina, atada a un sillote la cadena de la cintura se puso a otear hacia la oscuridad, como si algo presintiese.

Edesio y Carrizo salieron a la robleda y a ver por la parte de atrás del tabernón, muy cerca de donde estaba el tipo, cómo dar fin al asunto. Cuando se pusieron a aguaitar

pegóu un pulo e púxose a ollar pra onde nós, turrando da cadea. O truhán, que xa se vía que estaba en copas, non fixo caso do aviso, e foise, coa copa na mau, deica o mostrador atravesando o xentío. E foi nise intre cando o Edesio do Lisardo e o Marcial dó Carrizo, entraron dun saque, desengancharon á moniña e fuxiron de contado. Pronto se ouviron, moi perto e seguidos, os berros do vagamundo bradando pola Berta, que ó ouvirse chamar polo nome comenzóu de empurrar ó Carrizo que levaba descontra sí...

Dous cativos interrogados pola parexa (que de primeiras todos coidaron ter sido choio de rapaces) dixeron que nada sabían, e outros dixeran que a viran agatuñar pola nogueira da reitoral. O moinante adoecía, feito cisco, esbagullando, coma si lle levaran unha filla, pegándose sucos na táboa do peito e cagándose en todalacortecelestial. Ate chegóu, polo baixo, a apor de encubridores ós da parexa, que o colleron aparte e non se soupo que lle dixeron, a mais dun par de hostias resoantes e uns reveses nos fuciños cada vece que ía acrarar, que o sosegaron darrepente; e saloucaba que partía o corazón, e tirouse debruzado, e alí quedóu na cuneta da carreteira xeral onde o atoparon, borracho de morte, ó mencer, as xentes que ían prós eidos. Pola tarde, xa non ficaba alí.

entre las ramas, la mona dio un espabilón y se puso a mirar hacia lo oscuro dando tirones a la cadena. El calotero, que ya se veía que estaba en copas, no hizo caso del aviso y se fue, copa en mano, hacia el mostrador atravesando el gentío.

Fue ahí donde el Edesio del Lisardo y el Marcial del Carrizo, entraron de un saque, desengancharon a la Berta y se largaron sin más. Pronto se oyeron, muy de cerca y seguidos, los gritos del tal, clamando por la mona, que al oírse llamar por el nombre empezó a dar empujones al Carrizo que la llevaba apretada contra sí...

Dos rapaces preguntados por la pareja (que de primeras creyeron ser cosa de chavales) dijeron que nada sabían, y otros que la vieran pasar con la cadena a la rastra, y otros que la vieran agatuñando por el cerezo de la rectoral.

El piratón fullero, hecho cisco, andaba y desandaba llorando como por una hija; daba puñadas a los árboles y en la propia tabla del pecho, renegando a gritos de todalacortecelestial. Hasta llegó, a media voz, a reputar de encubridores a los de la pareja, que lo cogieron aparte y sin saberse lo que le dijeron, a más de un par de hostiones resonantes en los carrillos y unos cuantos reveses en el hocico cada vez que iba aclarar, que lo calmaron de repente; y que allí se echó a sollozar que partía el alma, y terminó de bruces en la cuneta de la carretera general, donde lo hallaron al amanecer borracho de muerte, los que iban a las labores. Por la tarde ya no estaba allí.

A moniña ia decolgada ó colo do Carrizo, tremando coma un bimio. Pronto se decataron de que tamén estaba bébeda. Entre os comentos do caso, sóupose logo que o farandul dáballe decote, ó remate da xeira, un grande miolo de biscoito roscón enchoupado en anís. Cando chegaron á adega, que era tamén chavola de aperos, no meio da viña, diulle una arrepente á Berta e fuxiu dos brazos do Carrizo i empricipióu a berrar, choutando entolecida por enriba dos pipotes, a máis ainda cando acenderon o farol. Cada vegada que un diles se lle quería achegar, púñase fora de sí, espaventada, talmente coma un cristiao que vira chegar sóber de sí a certeza da morte.

O Edesio desmangóu unha aixada e acenoulle co pau. A Berta pegóu un longo brinco por enriba díl e acrequeñouse nos baixos da porta, ollando pra iles cos ollos escarramelados, arelantes, talmentes un miniño pedindo perdón.

—¡Dalle ti!

—Eu non discurrín isto.

Doutro longo chouto, a moniña púxose a salvo.

—¿Non traes navalla?

—O sangue mete escándalo. ¡Dalle dunha vece!

Doutro par de brincos, a Berta estaba na trave do teito, coa cadea decolgando, chiando coma un rato, choutando no mesmo sitio, arregañando os dentes.

—¡Baixa de eí, Berta ou carallo! Cando se ouvía nomear calaba e ollaba darredor coma buscando ó que a chamaba. O Carrizo, collido a cada paso mais polo cabreo, acendu no farol un fachico de pallas; pro antes de arrumar a escada, o demo da Berta botuoselle enriba, colleulle o pes-

La mona iba colgada al cuello del Carrizo temblando como un mimbre. Se dieron pronto cuenta que estaba también bebida. Entre los comentos del caso, supieron luego que el farandul le daba, al rematar el trabajo, un gran miajón de bizcocho roscón empapado en anís.

Cuando llegaron a la bodega, que era también chavola de aperos en medio de la viña, le dio un repente a la Berta, que se arrancó de los brazos del Carrizo chillando y saltando enloquecida por encima de los pipotes, y más aún cuando encendieron el farol. Cada vez que querían acercársele, se ponía fuera de sí, espantada como un cristiano que viera llegar sobre sí la certeza de la muerte.

Edesio desmangó un azadón y la amenazó con el palo. La Berta pegó un largo brinco sobre él y se acuclilló en los bajos del portón, hurgando en la tierra, mirándolos con ojos arrebatados y ansiosos, talmente como una criatura pidiendo perdón.

—¡Dale tú!

—Yo no discurrí esto.

—¿Traes navaja?

—La sangre da mucho escándalo. ¡Arréale ya!

De un salto, Berta ya estaba en la viga del tejaván, brincando en el mismo sitio, chillando como una gran rata, dándole a los dientes, la cadena colgando.

—Baja de ahí, Berta o carajo...

Cuando se oía nombrar, callaba un momento y miraba alrededor como buscando al que la llamaba. El Carrizo, azuzado aún más por el cabreo, encendió en el farol un hacho de paja, pero antes de arrimar la escala a la viga, ya el diablo de la mona se le echaba al pescuezo pero queriéndolo aca-

cozo, queréndoio aloumiñar, atal como facía no xogo do moinante, cofeándolle a cara coa sua, saloucando baixiño, que era de nonse crer si non se estivese vendo.

O Carrizo pillouna pola cadea, diulle un par de volvas no aer e guindóu coela con toda a sua bruta forza, descontra un bocoi que resoóu atal un instrumento.

—¡Dalle ti agora!

O Edesio, canso xa daquil fodido choio, tiroulle un mocazo á moleira sin conquerir darlle de cheio, pesie a que a probe moniña xa ficara estomballada do lombazo no bocoi.

—Imolo a deixar, tí. O Carrizo que xa estaba fora de sí, percouna polas patas traseiras e diu coela un golpe foxo descontra o chao terreño.

—¡Pecha os ollos dunha vece, puta!

A moniña estaba alí, queda, a sangoar por ambas canles das suas partes. O Carrizo diuse conta de que il tamén sangoaba dunha mau.

—Mordoume, a cabrona...

Foise encollendo, encollendo, até quedar toda engruñada, as orellas tapadas cos puños, o papo entalado no peito. O Edesio pegoulle un couce co zapato novo, na punta do óso da soá, e a moniña estarreceu coma si se despreguizase, os ollos morriñentos, sanguiñosos. Conqueriu erguerse axudándose coas maus e foise pra porta arrastrando o meio corpo eivado. O Carrizo asengundoulle un palastrazo no cumio da testa que se fendeu esparexendo os miolos.

Deixárona no piñeiral, lonxe do camiño de carro. Serían as tres.

riciar, tal como hacía con el amo; rozándole la cara, pidiéndole mimos, que era de no creer si no se viese... El Carrizo va y la pesca por la cadena, le da dos vueltas en el aire y con toda su bruta fuerza da con ella en el gran pipón de la vendimia, que resonó como un instrumento.

—¡Dale tú ahora!

Edesio, que ya se iba cansando del jodido negocio, le tiró un palastrazo a la mollera sin cogérsela bien, pese a que la pobre Berta yacía casi deslomada del golpe en el bocoy.

—Vamos a dejarlo, tú... —El Carrizo, ensañado como estaba, la pescó por las patas traseras y dio con ellas un golpe fofo en el piso terreño.

—¡Cierra los ojos de una vez, puta!

La monita allí estaba, quieta, echando sangre por ambos canales de sus partes. El Carrizo mostraba la mano sangrando.

—Me mordió, la cabrona...

...Se iba encogiendo, encogiendo, hasta quedar toda encogida, las orejas tapadas con los puños, el papo hincado en el pecho, pero todavía abiertos, más abiertos, los ojos. Edesio aún le pegó una patada de punta con el zapato nuevo en el hueso del espinazo. La monita se iba estirando y cerraba los ojos sanguinosos, aburridos. Aún consiguió medio erguirse y se fue hacia la puerta arrastrando el cuerpo con las manos. El Carrizo le asegundó un golpe seco en los altos y se esparció, salpicada, la sesera.

La dejaron en el pinar, lejos del camino de carros. Serían las tres.

Versión castellana del autor

Reflexións dun señor chamado oito

Emilio García Portosín

1

ARGUMENTO

Esta é a pequena historia dun señor ao que lle chamaremos Oito, de cincuenta anos, cabeza moi ben calva, non moi alto e gordecho, de ollos grandes e vivos e un bigotiño que xa non sabía coidar. Sen dúbida ningunha, pasaría desapercibido no medio da xente... se non fose por unha pequena enfermidade: estaba tolo. Levaba cinco anos de interno no manicomio da cidade e, inda que non era violento, tiña a teima de fuxir da Casa de Saúde en canto lle era posíbel, cousa que adoitaba acontecer un par de veces cada ano.
Esta vez fuxiu e percorreu cinco quilómetros, co gran desexo de se introducir no despacho do presidente da empresa metalúrxica, onde el traballara dezasete anos, ou sexa, dende os vinte e tres aos corenta, que fora cando xa comezara cos desequilibrios mentais. Conseguiu entrar no despacho, claro que si, porque era fin de semana e non había ninguén... e el tiña moita habilidade para abrir portas. Alí, a súa mente púxose a traballar, mesturándose co propio ego, coa conciencia e con datas e vivencias pasadas.

PERSONAXES:

OITO
NOVE
ADELAIDA
QUINCE
DEZASETE
VINTETRÉS
ID
CORENTEDOUS
NAI

2

ACTO PRIMEIRO

O señor Oito, nun despacho grande e cheo de luxos, pasea moi cheo de razón, arriba e abaixo, adiante e atrás, coas mans apoiadas na parte traseira do corpo, excitado, suando, e fala... e fala.

OITO: Preguntándome quen son,
vivo, vago, e nos meus soños (altivo)
penso nos días risoños
nos que fun un bo galán.
Perdín o tempo vivindo?
Perdo o tempo sen vivir? (engurrando
É necesario sufrir a fronte)
para sentirse máis san?
Quen son e para que estou
a vivir neste currunchо?

De súpeto, oe unha voz que sae non sabe el de onde, a cal lle responde con énfase:

...?: Un miserable fiúncho,
aínda sen madurar!
Anhelas un benestar
que xa non che corresponde!

3

OITO: Quen é o que así responde (sorprendido)
á miña verba angustiosa?

...?: Unha persoa piadosa
que levas dentro de ti!
Non teño arte nin ciencia,
sufro por vivir así...!
Eu son a túa conciencia! (enfática)

OITO: Maldita, sae de aí (medio irado)

...?: Eu ben quixera voar;
non podo por máis que queira.
Lévasme na faldriqueira,
tan amolada e doída,
que son a folla caída...
que levas por comodín.

OITO: Que estás a falar de min!

...?: Por iso te escandalizas,
pero se ben analizas
o contido dos teus actos,
verás que nestes retratos...
estás a quedar moi mal.

OITO: Eu son..., eu fago e desfago...! (tatexando)

...?: Ti es un bo animal!

O señor Oito olla ao teito, e coa man dereita rasca a caluga, intranquilo, querendo responderlle con firmeza á súa deslinguada conciencia, pero ao final remata por laiarse.

4

OITO: Estou pasando un mal trago!
Isto é coma un vendaval
que me corre polas veas!
Esta maldita conciencia...! (detense)

...?: Chámame doutra maneira,
se o queres levar mellor.
Nove, pódesme chamar.
Pódesme pedir favor...

OITO: Por que tes voz de muller?
Ti quéresme tolear!

NOVE: Pode que teña esta voz,
porque é o que ti desexas.
Eu só te quero informar,
quero que sintas e vexas...

OITO: Es moi botada pra diante!

NOVE: E ti es un desbotado!
Será porque estás pasmado...
e tes un aire pedante,
que non hai deus que te aguante!

OITO: Refrea esa lingua, Nove, (ameazante)
se queres ir ben comigo.

NOVE: Eu serei o teu castigo...!

OITO: Cando a conciencia renove, (achica os ollos)
porque todo é renovable,
vas atoparte culpable...
da túa propia caída!

5

NOVE: Caeremos xuntos, Oito,
que hai partes inseparables,
e hai intres memorables...
pra nacer ou sucumbir.

OITO: Para sempre ei de vivir! (altivo)

NOVE: Eu serei a túa vida!

OITO: Non me gusta a túa voz,
nin tampouco os teus reproches;
mellor será que te agoches...
e deixes de censurar.

NOVE: Aínda me has de chamar
para pedirme consello.
Serei un fermoso espello...
onde terás que mirar. (convencida)

OITO: Amósame a faciana.
Quero ver esa arrogancia
cando mire os teus ollos.

NOVE: Aínda que teño maña, (voz moi clara)
e de verbas abundancia,
sabes que non pode ser.
A conciencia é invisible,
ignota, intransferible...,
cun máis que inmenso poder.
Fai rir, tamén fai chorar, (moi doce)
intranquiliza e serena;
escóitame, paga a pena.

6

Non te poñas a berrar.
Eu son o teu bo camiño,
o teu pan de cada día, (conquistadora)
calor na noite máis fría;
son esa luz que has de ollar
cando vaias paseniño...
cumprir coas túas obrigas.

OITO: O que hei facer non me digas,
por importante que sexas.
Se dentro de min latexas...
é porque eu cho permito.
Non quero ser gobernado (alterándose)
por algo inexistente,
invisible, incompetente,
fachendosa e inferior!

O señor Oito senta na elegante sela, trala mesa de caoba, mira a parede de enfronte e, coma se alí estivese reflectida a súa conciencia, prosegue a falar con ela.

OITO: Quizabes sexa mellor
que cales unha tempada.
Son un ser feito e dereito
que sabe andar só na vida...
Por deber, non debo nada,
teño un luxoso teito,
dou esmola a quen me pida.
Que máis che podo dicir?

Óese unha forte gargallada. É a risa de Nove que resoa entre aquelas catro paredes.

7

NOVE: Falso, benquerido, falso!
Patíbulo ou cadafalso
é o que ti me mereces.
A mulleres enganaches, (reprochando)
roubaches a inocentes,
moitas, si, si, moitas veces.
Bondade a traizón pagaches.
Está en todas as mentes
a vida de gaiteiriño
que avala o teu percorrer...
por tan incerto camiño.

OITO: Incerto? Pero, muller, (incrédulo)
mira ao arredor teu!
Todo isto que ves é meu.
O símbolo do poder
está nesta habitación; (relócenlle os ollos)
no meu peito a ilusión
faime rexuvenecer...! (ledo)

NOVE: Oito, non sexas pailán.
As ilusións son traidoras.
Eu coido que estas horas,
todo máis tardar mañá,
a esta casa virán
as forzas policiais... (ameazando)
con non boas intencións.

OITO: Ben postos os pantalóns
terán para entrar aquí...!

NOVE: Iso é o que coidas ti!

8

OITO: Teño moitas influencias,
importante capital...!

NOVE: báixate do pedestal...
desas tolas ocorrencias!

OITO: Cala xa...!

O señor Oito pecha os ollos como para non oír a voz da súa conciencia. Así, cos ollos pechos, acaríciase o queixo coa man dereita, pensando unha vez máis que está a pasar un mal trago. Pero o mal trago aumenta cando abre os ollos: diante del está a muller máis bela xamais contemplada.

OITO: Quen es ti, fermosa femia?

NOVE: Nove, a túa conciencia.

OITO: Acábasme coa paciencia! (érguese)

NOVE: Debido á túa tolemia
e á forza da túa mente,
estou de corpo presente.

OITO: Dixeches que era imposible! (berrando)

NOVE: Todo é moi discutible...
cando se trata de ti.

OITO: Ódiote por ser así!

NOVE: Son coma as demais mulleres.

9

OITO: Xamais puiden supoñer (máis calmado)
que conciencia tan fermosa
home algún puidese ter.
É algo que non entendo!
Estou pasando un mal trago!
Xa non confío en ninguén!

NOVE: Terás o meu parabén...
se non desfás o que eu fago.

OITO: É verdade o que estou vendo?
Non serás unha impostora?

NOVE: Todo é tan relativo,
que o que está a pasar agora
é un pequeno milagre...,
se así lle queres chamar.
A túa mente é portentosa!

OITO: É algo que marabilla,
desdobrarme deste xeito! (moi ledo)

NOVE: Debías estar afeito...
Podo ser a túa filla...
Lembras aquela mociña,
tan confiada e xeitosa,
humilde e agarimosa,
que creu na túa boquiña,
na túa verba fachendosa...
que non soubeches cumprir?

OITO: Nove, que queres dicir?

10

NOVE: Que fuches un sen vergonza:
aquela moza deixaches
preñada de oito meses.

OITO: Que me dis? (incrédulo)

NOVE: O que mereces!

De súpeto, da vista do señor Oito desaparece a imaxe de Nove. Pasan uns segundos en branco e logo a súa privilexiada mente ponse de novo en función... e diante del aparece a moza Adelaida, cun bandullo de oito...

OITO: Adelaida, estou, estou... (abraiado)

ADELAIDA: Estás coma hai vinte anos:
feito un pequeno covarde!
Non quero ningún alarde...!

OITO: Pensa que somos humanos, (desculpándose)
estou pasando un mal trago.

ADELAIDA: Neste mundo e traidores
todos temos unha queixa.
O que se ama non se deixa...
aínda por riba das dores!

OITO: Eu xa non sei o que fago! (mira ao chan)
Non sei se estou no presente...
ou se vivo no pasado!

ADELAIDA: Estaba tan namorada! (suspirando)

11

OITO: Eras coma unha cereixa
polo rabo pendurada!

ADELAIDA: Érache moi faladora,
pero moi boa e honrada.
Fun máis muller ca ti home! (acusadora)
E se algo me "reconcome",
é que non che puiden dar...
o que tanto merecías.
Ti que sempre me dicías
que era o ten raio de luz...
E cargáchesme esta cruz
que é mellor non mencionar!

Polas meixelas da fermosa Adelaida escorren unhas bágoas, froito da súa dor. Oito amósase altivo.

OITO: Non teñas queixa ningunha.

ADELAIDA: Queixa é moi pouco dicir.
Das túas verbas, nin unha
fuches capaz de cumprir.

OITO: Hai días malos na vida... (fachendoso)
que hai que saber afrontar.

ADELAIDA: Tendo unha moza pedida...
¡non hai que andar a xogar!

OITO: Non eran tempos doados...

Naquel intre, o señor Oito oe unha voz pegadiña á súa orella. É a voz da súa conciencia, murmurando:

12

NOVE: Xa non sabes que dicir.
Nin unha mala desculpa
o teu cerebro fabrica.

OITO: En cousas de namorados
non se pode predicir...

ADELAIDA: Non queiras quitarte culpa.
A sen razón sempre pica,
cando un chisco de razón...
con razón un día aflora.

OITO: Eras unha pecadora! (altérase)

NOVE: Oito, falador maldito! (bérralle)

ADELAIDA: Dixen daquela, e repito,
que ademais de ser pequeno,
moi baixo ías caendo.
E, como ves, estou vendo
que vas de mal en peor.
Mentireiro e ruín, (insultante)
sei que atoparás ao fin
esa merecida dor...
que a gritos estás pedindo!

O señor Oito lévase as mans á testa húmida de suor, cada vez máis confuso.

OITO: Estou vendo o meu presente
mesturado co futuro..., (dubidoso)
dentro dun tempo pasado.

NOVE: Vivir sempre foi moi duro... (pincha)
pra quen non sabe vivir.

13

OITO: Sempre estás a apercibir.
Eu quixen a esa muller.
Estiven moi namorado! (exclama)

ADELAIDA: Nunca soubeches querer,
nin fuches ser responsable.
Falso e incompetente,
mesturábaste coa xente...,
pero eras indesexable! (moi dura)

OITO: Xa abonda! Non quero oír
queixas, reproches nin laios...!

NOVE: Pois que te partan mil raios,
maldito...! (irada)

ADELAIDA: Non hai porvir;
non hai porvir sen pasado...
E ti pasado non tes. (con pesar)
Oito, aquí onde me ves,
coido que o intre é chegado...
Vasme pagar ao contado
o que fixeches aos poucos. (decidida)
Adeus, amor, é de loucos,
de loucos ou namorados! (con ollos de sangue)

Na man de Adelaida aparece unha pistola que apunta directamente ao corazón do señor Oito. Este oe un gran estoupido, leva unha man ao peito... e cae redondo ao chan.

CAE O PANO

14

ACTO SEGUNDO

O señor Oito érguese paseniño. Mírase, tócase e apálpase repetidamente, sen atopar nin unha pinga de sangue nas súas roupas, sen sentir a máis mínima dor en ningunha parte, e preguntándose: é posible que estea vivo?

OITO: Ou estarei no inferno?
Sei que non hai nada eterno...
e visitar o diaño
é algo moi natural.
Por un pelo ou un fiaño
ou un baixón de moral,
vaise o mellor animal..., (razoando)
no verán ou no inverno.
Porque do que eu non dubido
é do tiro da pistola,
que Adelaida, medio tola,
con todo control perdido,
acaba de disparar...
Ao mellor estou soñando.
Ou estarei espertando... (interrogante)
dun amargo pesadelo?

Olla ao teito, olla as paredes. Todo está en orde: o cadro daquela moza loura, o cadro do vello fundador da empresa, presumindo de mostacho e de xaruto. A gran lámpada pendurando no teito, a fiestra no seu sitio...

15

OITO: Quizais soñando se vive
mellor que na realidade.
Éche unha boa verdade...!
Coido que estou divagando,
quizais teña unha ferida
interna... e que me altera,
que o meu siso non tolera.
Son unha causa perdida?
Non, de ningunha maneira! (altivo)
Quédame unha vida enteira,
por iso estou pensando,
para facer moito ben...!
Teño sentido común,
a cabeza ben sentada... (concluínte)

De súpeto, quen o fai calar é a súa conciencia, que non ten paciencia para permanecer en silencio, con este verso:

NOVE: Amigos non tes ningún! (pinchando)

OITO: Podías estar calada!

NOVE: Déixame falar contigo,
que é con quen podo falar.

OITO: Eu non te quero escoitar,
pois tes o maligno don
de pórme fóra de min.

NOVE: Todo terá a súa fin, (conciliadora)
querido dono e amigo,
por unha boa razón
e un aceno de bondade,

16

rematará o castigo
que agora estás a sufrir.

OITO: Eu quixera descubrir
onde empeza ou onde fina
a comedia de vivir.
Hai algo que me domina,
que non podo comprender. (interrogante)

NOVE: Eu axudareite a ver
esa luz que necesitas.
Bota fóra ese diaño
que levas no corazón...
Nunca volvas facer dano.
Fai ben... por mal que che fagan! (animando)

OITO: Pero, Nove, desvarías;
xamais deixei de ser bo,
teño un corazón de ouro! (fachendoso)

NOVE: Xa en tempos de teu avó,
non eras máis que un cativo,
tirabas cada pelouro...
que te facías temer.

OITO: Meu pai tíñame cativo...

NOVE: Xamais puideches entender
as regras da sociedade.
nos teus ollos a maldade
coma ouro relucía.
De adulto fuches peor.
Aquel que che daba amor...,
falsidade recibía.

17

OITO: Nove, que me estás poñendo
igual ca un trapo de pés! (con rabia)

NOVE: Estouche a facer ver...
o pouco home que es.

OITO: Xa sinto dor na cabeza!

NOVE: E podes ter a certeza
de que irás comprendendo
quen fuches, quen estás sendo...
e no que vas acabar!

OITO: Non sei onde irás parar
con verbas tan insultantes.
Os resultados brillantes
que obtiven na miña vida...
non os podes emporcar.
Lembra que fun deputado, (érguese moito)
que cheguei a presidente...

NOVE: Oito, es un inocente,
tes unha vida perdida,
levas contigo o mal fado,
fuches traidor, desalmado... (acusadora)

O señor Oito senta, moi canso, na cadeira xiratoria, levándose unha man á testa.

OITO: Estasme a matar, Nove,
non vexo con claridade.

NOVE: Se queres ver a verdade,
olla aquilo que se move...
máis aló, na escuridade. (apunta cun dedo)

18

Oito obedece a súa conciencia, botando unha ollada retrospectiva e, efectivamente, máis aló da escuridade da súa mente, aparece, como reflectida na parede, a imaxe daquel que fora o seu amigo Quince.

OITO: Quin..., lonxe quedan os días (tatexa)
daquela grande amizade!

QUINCE: Oito, ti non merecías (con desprezo)
aquela miña bondade.
Fun cándido e inocente,
por humilde, confiado.
Ti fuches un indecente,
traidor... e un desgraciado! (insultante)

OITO: Quin, para esa linguaxe,
que eu non merezo ese trato!

QUINCE: Ti es un fala barato...
de gravata e de traxe!

OITO: Eu sempre che fun moi fiel! (falso)

QUINCE: Lembras o negocio aquel
de coiros e de madeiras?

NOVE: Por aí vas ben amigo; (leda)
por aí dóelle a Oito.
Ti fala... que eu escoito,
e sempre estarei contigo.

Oito érguese e achégase ata o que noutros tempos fora o seu grande amigo.

19

OITO: Teño máis dun inimigo.
Vexo confabulacións...
en cada verba escoitada. (moi crido)

QUINCE: Os teus baratos sermóns
non fan misa para min.
Xa outras veces oín
esa falsa gargallada..
que ceibas despois dun laio.

NOVE: O laio xa está presente.

QUINCE: A fantasía da xente,
que se cre máis do que é...
foi o que a min me deu pé (explícito)
para ver a realidade,
para ver a falsidade...
do que era amigo meirande.

OITO: Que un negocio non ande
non quere dicir traizón.
Sabes que a miña razón,
para facer o que fixen,
foi unha razón de peso!

QUINCE: A min leváronme preso,
e ti con moita fachenda,
gozaches ben a prebenda
daquilo que tanto quixen... (alterado)
e que xa non puiden ter!

NOVE: Esas son verbas de peso...!

QUINCE: ...Que Oito non sabe escoitar.

20

OITO: Eu quero reflexionar,
quero darvos a entender
que son bo e intelixente. (fachendoso)
Quero saber se o presente
ten relación co pasado,
porque estou sendo atrapado...
nunha arañeira insolente.

QUINCE: Sempre, malquerido Oito,
hai unha gran relación
entre o pasado e o presente.
O presente é o resultado
dese maldito pasado
que fuches ti... mal tecendo.
A arañeira que estás vendo..., (acusador)
fúchela ti sementando!

OITO: Pero, quen pode xulgar?
Que eu saiba... ti non es quen!

QUINCE: Ti mesmo, a túa conciencia,
é a grande acusadora!

NOVE: Estás a oír moi ben,
eu son quen ten os poderes! (superior)

OITO: Chamábaste salvadora!

NOVE: Podo ser as dúas cousas.
Eu teño certos deberes,
de sempre ineludibles.
Eu paro onde ti pousas,
e vou de sombra contigo...
e sei as cousas incribles

21

que debuxas acotío...!
Chegado certo momento,
e sen ser túa inimiga,
ergo o dedo acusador...
Tamén podo ser mellor,
pódoche tirar o frío,
tamén o medo e a anguria.

OITO: Esta vida é unha penuria,
teño que apandar con todo! (pateando)

QUINCE: Ti elixiches o modo
de vivir e de morrer.
Estás botando a correr
costa abaixo, cara ao abismo.
Pelexas contigo mesmo!

OITO: Sempre fun un loitador! (exclama)

NOVE: Máis ben fuches ditador, (incisiva)
covarde, birollo, vesgo!

QUINCE: Coma aquel do ollo torto,
que inda despois de morto,
nos quería enganar.
Moito terás que cambiar...
para ter o meu perdón!

NOVE: Home do si e do non,
deses que ninguén se fía,
baldón da nai e da tía...
e de todos burlador!

22

O señor Oito fixa a mirada en Quince, aquel que fora o seu grande amigo, apúntalle cun dedo da man dereita, falando con altivez.

OITO: Sabes o que estou pensando.
Sabedes o que vos digo?
estou moi a ben comigo...,
que é o que máis me importa!
Ti estaste trabucando,
non me importa o teu perdón!
Xa podes coller a porta
esa por onde viñeches!

NOVE: Sabes que non tes razón,
sabes que nunca a tiveches.

OITO: Eu sei se a teño ou non! (intransixente)

QUINCE: Ti nunca soubeches nada;
o que tes é a fachenda
deses que coidan saber.
Éche a porca miseria
con que a vida nos regala!
Non sabes o que é o deber,
es todo un pozo de histeria,
perdido coma unha bala...
Non hai un deus que te entenda! (desbotado)

OITO: Non haberá quen me ofenda,
non me dou por aludido!

QUINCE: Fuches sempre un presumido...!

23

OITO: E ti que es? Un ninguén!
Es merda nun pau chantada! (insultante)

QUINCE: Agora vasme ver ben!

Dicindo isto, o amigo Quince saca un vergallo, só el sabe de onde, e báteo no chan un par de veces, con forza, mirando os ollos de Oito.

QUINCE: Vasme coñecer enteiro!
Por dicir que non son nada...,
vouche pór a suplicar! (matón)

OITO: Non fas máis que latricar!
Inda aquel can de palleiro,
que estaba sempre deitado...

NOVE: Non sabes estar calado; (advertindo)
cala... que as vas levar!

OITO: Non me fagas rir, Noviña,
que son un home mundano;
isto xa o vivín antano!

NOVE: Que ti es home de mundo...?

QUINCE: Deixa, Nove, que eu me explique,
dun xeito claro e rotundo
Xa rematou o latrique!
Para endereitar o rumbo
o mellor que pode haber,
con xente mala e estraña,
é usar a mesma saña...
que eles adoitan usar.

24

NOVE: Non quero ver sangue, Quin, (recha)
non te portes coma el!

QUINCE: Non fagas ti o papel
de María Salvadora.
Todo está dito e asinado:
a este chegoulle a hora!

OITO: Non engruñarei o rabo, (moi enteiro)
se é o que ti estás pensando!

QUINCE: Pois pódeste ir preparando,
que vas levar lategazos...
ata no forro dos zocos!
Logo limpareiche os mocos,
e cando pidas clemencia... (deixa a frase no ar)

OITO: Non o verán os teus ollos!

QUINCE: Peor será para ti,
porque agora e aquí,
amigo, eu son o rei!

OITO: Toparás moitos escollos
na túa tola carreira! (non as ten todas consigo)
Ergue, se es home, a man!

QUINCE: Vas afociñar no chan
para mirar as estrelas!
Esta é a miña lei!

Sen mais dilación, o negro vergallo de Quince voa polo ar, ondea asubiando e descarga a súa cortante dureza nas costas do señor Oito.

CAE O PANO

25

ACTO TERCEIRO

A fiestra está aberta. Oito, debruzado nela, olla a rúa, escéptico, patético, con gran pesadume... A vida é unha carallada! Pero reponse, coma un home que é. Bótalle valor, bótalle peito.

OITO: A vida hai que entendela...
E non hai volta que darlle! (moi animado)
Eu entendo ben a vida...
e tamén me río dela.
Ás veces hai que rogarlle,
outras hai que pórse duro.
Pero nunca está perdida
a esperanza de futuro,
se te sabes comportar...,
se es home forte e maduro!

Sepárase da fiestra, dá uns pasos polo despacho, a un lado e outro, logo detense mirando o gran cadro co retrato do xefe: unha faciana ancha, unha mirada dura baixo unhas cellas longas e reviradas, un aire dominador.

26

OITO: Ti e mais eu somos historia.
Historia viva, rotunda!
Ben sei que Deus me secunda...
no que eu che vou dicir:
teremos honra e gloria (soñador)
neste próximo porvir.
Vou facer unha asoada (decidido)
que vai tremer a cidade!
A fortuna está cantada
con este golpe de man,
que mañá, querido irmán...
será unha realidade!

NOVE: Xa comezamos de novo,
xa estás a desvariar.

OITO: Facías ben en calar,
muller de pouco sentido
Son home resolutivo... (saca peito)
que non se deixa enganar!

NOVE: Irás de novo á cadea...,
ou a un lugar peor. (avisa)

OITO: Que negativa saíches,
pareces muller de aldea! (despectivo)

NOVE: É que di ti xa estou chea;
non es máis ca un farol!

OITO: Son home de pelo en peito,
como se adoita dicir; (bota un sorriso)
non me farán sucumbir

27

nin balas nin lategazos...
Nin sequera machadazos
racharán o meu porvir!

NOVE: A calquera que te oíse,
e que non te coñecese,
moita ledicia lle dese
ese teu verbo florido;
pero eu que te coñezo,
e sei de que pé coxeas,
vou pórlle un baixo prezo
ás flores das que alardeas.
Eu non vou dar máis consello...,
mírate naquel espello!
(fai referencia a un espello imaxinario)

OITO: É que ti, Nove, non ves
o círculo virtuoso (con paciencia)
que hai ao meu arredor.

NOVE: O círculo é vicioso! (rotunda)

OITO: Eu irradio ese fulgor
que serena a quen me mira. (moi crido)

NOVE: Que pouca vergonza tes!

OITO: Doe se a xente me admira!

Oito está lanzado. Non cala nin lle fai caso á súa conciencia. Os seus acenos grandilocuentes están acordes coa riqueza e fantasía do despacho que ocupa, pero a pícara Nove sabe xogarlle a partida.

28

NOVE: Certo que tes fermosura,
certo que es marabilloso,
pero hai que ser moi raposo
pra poder sobrevivir.

OITO: Non sei que queres dicir.

NOVE: Que en torno á túa figura,
porque es moi importante,
moito bergallán, trouleiro,
comeza a conspirar.

OITO: Iso hai que demostrar!

NOVE: Olla o que tes aí diante,
verás que eu xamais minto, (sinala cun dedo)
nin te quero censurar,
mais, algo malo presinto...
polo que estou a observar.

Estas palabras de Nove, como non podía ser doutra maneira, conseguen que Oito fixe a súa atención ante si mesmo e o que ve é o seguinte: sentados ante unha mal cepillada mesa e cos cóbados apoiados nela, dous antigos coñecidos están a confabular.

OITO: Xa os vexo, Nove, xa os vexo!
Dezasete e Vintetrés...!
Ai, canta razón me tes,
vállame Xan das Perolas,
terei que botarlle bólas...
para gardar o pelexo!

29

NOVE: Pois escoita, e disimula,
a diabólica conversa.

OITO: Esa xente terxiversa,
é de intelixencia nula!

DEZASETE: Isto hai que solucionalo (ollos de víbora)
de maneira consecuente.
É un home prepotente...
ao que hai que eliminar!

VINTETRÉS: Teremos que amordazalo, (moi bruto e feo)
metelo no maleteiro...

DEZASETE: Narcotizalo primeiro...

VINTETRÉS: Logo poñémolo a andar!

DEZASETE: Darémoslle o que merece!

VINTETRÉS: E o que merece é moito.
Eu sei de que mal padece.
Lémbrome que o dezaoito
de abril, despois de almorzar
a cans e gatos...

DEZASETE: A todos!
Sempre tivo malos modos!
Foi un langrán, un malvado!

VINTETRÉS: Un asasino en potencia!

Oito érguese do cómodo asento onde acaba de pousar as súas nádegas, abraiado polo que oe daqueles badulaques.

30

OITO: Iso é o que pensan de min! (pampo)

NOVE: Iso e mais o que calan.
Os bos feitos non te avalan...

OITO: Eu desa auga non bebín!

NOVE: O mundo é unha sociedade,
cousa que ti non comprendes,
onde hai que poñer vontade...
para poder convivir.

OITO: Eu teño as miñas ideas, (cabezón)
que non penso compartir.
Tes que saber que me ofendes
se me ves necesidade...
de aliarme coa plebe.

NOVE: Dis unhas cousas ben feas.
De ti xa nada me espanta!

OITO: Tes febre, Nove, ou chocheas...
se non me ves como son.
E quen calumnias levanta...

NOVE: Escoita, escoita a canción
que nos chega das estrelas. (sinalando cun dedo)

DEZASETE: Fixo moitas, compañeiro, (ollos de víbora)
e ten que pagar por elas!

VINTETRÉS: A democracia burlou, (o bruto)
puxo a Igrexa de sombreiro...

31

DEZASETE: Por onde vai deixa estelas
de ruindade e mal facer.

VINTETRÉS: Consigo tamén levou (sibilino)
os cartos da Compañía.

DEZASETE: E o que nos faltou por ver
foi o que fixo denantes,
con forasteiros moinantes...
aos que pisou a pracer!

VINTETRÉS: Pero vimos o que fixo
co pobriño de Tarrío,
na leira Beira do Río...
cando estaban a folgar.

DEZASETE: E podes moi ben lembrar
que cometeu adulterio,
con moita labia e frescura,
feriu a Xan, home serio,
responsable, de cultura.

VINTETRÉS: En política inicíouse
coma aquel que oe tronar...

DEZASETE: Santa Bárbara bendita!

VINTETRÉS: ... Ou chover, sen saber onde.

DEZASETE: En pouco tempo triunfou...

VINTETRÉS: Por un lado hai que gabar
a súa fachenda maldita...,

32

semellante a dun tal Conde.
Así as ten que pagar...
Aquí está, mira por onde!

O señor Oito pasea polo gran despacho. Con toda a súa sapiencia e o seu saber estar de home mundano, séntese moi incómodo con todo que lle está a acontecer, con todo que está a oír. E pensa, e fala...

OITO: Eu non podo concibir
que me aconteza isto a min..., (incrédulo)
virtuoso como son.
Xamais quixen presumir,
os meus erros asumín. (reflexivo)
É grande o meu corazón!
Aínda, claro, como non,
todo mundo ten problemas.
E os homes son emblemas,
son os que deben pagar.
Oh! Como navega a envexa
por estes mares de Deus!
Son os inimigos meus,
que un mal diaño os vexa...,
que me queren asombrar! (preocupado)
O meu rango inspira odio,
teño personalidade,
e hai ceibe tanta maldade
que quere subir ao podio,
e así pódese entender
que morto me queiran ver...
máis de catro "alimarias"!
Mais, comigo van topar; (valente)
terán que elevar pregarias...

33

e nin así van salvar
a súa maldita pel!
Malo sería o papel
que eu fixese nesta vida,
se non soubese evitar
a tempo esta caída!
Están ou xa non están
eses que envexa me teñen?
Animais de vida insá...
Claro que si, aquí veñen! (abrindo moito os ollos)

Efectivamente, cando Oito se detén debaixo do cadro do presidente da grande empresa metalúrxica, diante dos seus ollos aparecen de novo os dous confabuladores.

DEZASETE: Seremos duros con el. (moi serio)

VINTETRÉS: Duros coma a vida mesma! (remacha)

DEZASETE: Ás súas ideas fiel,
tentará con artimaña,
e recoñecida saña...,
enganar e confundir.

VINTETRÉS: Así o estou vendo vir.
Ambos ben o coñecemos!

DEZASETE: É hora de que pensemos
a estratexia final. (unha man no queixo)
Xa sabemos onde está...

VINTETRÉS: Armados nos atopamos.
Será unha festa total! (ca alegría nos ollos)

34

DEZASETE: A min o mesmo me dá
matalo alí ou traelo. (moi duro)

VINTETRÉS: Será como antes pensamos.
Fagamos as cousas ben...
Non hai que deixar pegadas! (agudo)

DEZASETE: É bo o da vía do tren.
Semellará un accidente.

VINTETRÉS: Moito non remexerán
para atopar un culpable.
O seu obrar detestable
é un escuro precedente,
máis propio dun delincuente.

DEZASETE: Todos se alegrarán
da morte dun bo inútil! (cun gran sorriso)

Mentres estes dous así parolan, o señor Oito volve ao seu paseo, dende a porta á fiestra e dende a fiestra á porta. Sópralle a un guecho do seu escaso e despeiteado cabelo e pensa: ten pelotas isto!

OITO: Nove, ti estás oíndo?

NOVE: Claro que si!

OITO: Van en serio! (abraiado)

NOVE: Ti tes, Oito, moito lerio,
pero obras tes ben poucas;
todos de ti se están rindo.
Xa che saen voces roucas...
de tanto e tanto falar!

35

OITO: Non o podo remediar...

NOVE: Pois tes que pórlle remedio!
Saca o que tes de home! (ditadora)

OITO: Pero, Nove, que me dis?
Eu nunca fun violento.

NOVE: É que sempre es tan lento...
que nin a rabia te come! (un chisco saída)

OITO: Todos sodes contra min!

NOVE: Non me queres facer caso... (encolle un ombro)

OITO: Vivir xa é un atraso
neste mundo tan cruel!

NOVE: Réndete se che parece.
Fai de vítima o papel!

OITO: Perderei con elegancia. (resignado)

NOVE: Non sentes o cu de novo,
bota eses fóra de ti...,
pasa de cordeiro a lobo,
dilles quen é o xefe aquí!

A pesar das palabras de Nove, intentando darlle ánimos, Oito derrúbase no asento, sen deixar de ver os seus terribles inimigos. Que duro é vivir!

Dezasete xoga cunha pistola, póndolle balas na recámara.

36

DEZASETE: E se opón resistencia..., (xoga coas palabras)
esta será a consistencia
do feito a solucionar.

VINTETRÉS: Debémolo sorprender,
sen palabras, e con feitos.

DEZASETE: Non lixará outros leitos... (ergue a voz)
como fixo devagar!

VINTETRÉS: Farémoslle comprender
que en política e amor,
para salvar o honor... (grandilocuente)
hai que saber proceder!

DEZASETE: E salvaremos a honra
dun país que vai a pique; (patriota)
porque non hai quen se explique,
entre os que imos a pé,
e mira que temos fe...,
do rumbo que leva o barco!

VINTETRÉS: Fará falla un desembarco
coma aquel de Normandía! (estúpido)

DEZASETE: Nós seremos o puntal,
precursor dunha alegría;
e se algún señor feudal
quere torcer o destino,
será iso un desatino...
que caro ha de pagar! (ameazante)

VINTETRÉS: Estamos de acordo en todo!

37

DEZASETE: En todo estamos de acordo!

VINTETRÉS: Fagamos, pois, o balbordo,
que así deste mesmo modo,
embicando a memoria...,
escribiremos a historia!

Chegado a este punto, sen saber que lle fixeron, Oito sente perdido o coñecemento, despois de notar algo coma unha mesta néboa que se lle pon diante dos ollos. Non pode mais! Cae co bandullo enriba da mesa... e logo rola ata o chan.

CAE O PANO

38

ACTO CUARTO

Despois das derrotas sufridas, dos malos momentos pasados e das arrepiantes tormentas psicolóxicas vividas, o señor Oito esperta a medias, terriblemente confundido e recoñecendo: será posible tanto desequilibrio mental?

OITO: Xa está! Será o mellor!
A única solución! (exclama)
Separarei sen quebranto
o espírito da materia.
A materia é corruptible, (reflexivo)
pero o espírito non.
Fuxirei sen violencia,
non me matará ninguén.
Non atoparei bacteria
que lixe o meu porvir.
E non terá maior ciencia,
pois facendo as cousas ben...,
ben me sairán as cousas.
Non asimilo a derrota
que o sino me está a brindar,
pero non vou renegar...;
que algunha vez todo fina.
E se alguén me recrimina
a fuxida cara adiante,

39

tampouco vou dar a nota...,
non sería elegante.
Mais con todo o acontecido,
peor sería quedar.
Non me deixarei matar,
nin en serio nin en broma!
Rexeitarei a conciencia,
o espírito é unitario! (moi decidido)

NOVE: Es moi pouco solidario.
Non me podes rexeitar!
Xa tiven moita paciencia,
aguantando o teu sermón.
Agora tes que escoitar! (mandona)

OITO: Non quero nada contigo,
non quero saber de ti! (desbotado)
Es mala gobernadora!

NOVE: Eu sempre de preto sigo
o que argallas por aí,
por iso, gobernadora,
obrígome a controlar
os malditos desatinos...

OITO: Nove, terás que deixar
eses aires tan cretinos ,
esa superioridade.
De ti xa non necesito!

NOVE: As túas palabras, Oito,
non superan o silencio.

40

OITO: Eu aínda son un mito! (fachendoso)

NOVE: Cala, meu bendito, cala,
porque oíndo a túa fala...
A verdade é que escoitando,
sinto unha mágoa espantosa,
e síntome pesarosa...,
porque che dei liberdade.

OITO: Meu Deus, que barbaridade!
Quen es ti, necia, apampada,
para me mandar calar?

NOVE: Oito, que estás a cavar
a foxa onde enterrarte..., (avisa)
se non queres escoitar.

OITO: Fuxirei do corpo, Nove.
E vivirei a pracer!

NOVE: Iso que queres facer
inda non ten precedente...,
a pesar de que outra xente
xa o intentou antes ca ti.

OITO: Non todos somos iguais! (despectivo)

NOVE: Non debes falar así,
porque esas verbas ofenden;
cala un pouquiño máis...,
que hai silencios que distenden. (serena)

OITO: Teño que desafogar
esta ira acumulada!

41

E non me quero adondar,
son home...

NOVE: Xa non es nada, (interrompe)
se non sabes entender
que o silencio é fermoso,
que o silencio serena.

OITO: Teño que darme a valer! (arrichado)

NOVE: Es un ser moi orgulloso.

OITO: Se calo vexo pantasmas,
e non me merece a pena...,
porque podo tolear!

NOVE: Pero terás que loitar
contra ti e contra todo.
Será o único modo...
de albiscar un bo futuro.

OITO: Eu sei que será moi duro,
porque xa os oio ladrar!

O que lle pasa ao señor Oito é que, ao levar un bo anaco de tempo reflexionando, comeza a oír algo raro aló no máis interno do seu cerebro. Logo traduce os sons en imaxes... Logo todo se mestura. E cando di que oe ladrar, está a oír parte do seu pasado. Pasado? E comeza ver o que el coida que é pasado, sen se decatar que nin sequera pasado é. Pero os ladridos chega un momento que se fan verbas.

42

...?: Señorías, señorías...! (unha voz masculina)
Son unha temeridade
as verbas do presidente!
Coida ter a facultade (convincente)
de converter todo en ouro!
Coida que é un vidente...
e non ve que o gran tesouro
para toda esta xente...
é a soñada liberdade!

O deputado Corenta é quen ten a palabra. Oito sábeo. Coñece ben a súa maneira de atacar. Estao vendo subido ao estrado. Aínda que o estrado non está na cámara popular, senón alí mesmo..., no despacho. E o deputado segue a falar.

CORENTA: Non queremos ditadura (elocuente)
disfrazada de bondade!
Queremos as cousas claras! (pausado)
Onde iriamos parar
indo por riba da lei...
e con ideas tan raras?
Di o señor presidente
que hai que apertar o cinto!
E digo eu, e non minto,
que iso é aforcar o pobo,
polo medio, lentamente...
e por onde máis lle doe!
Di o señor presidente (mordente)
que hai que aforrar enerxía!
Este país que o oe,
vai deixar de traballar;
iso é enerxía aforrar...,
o demais é utopía!

43

O presidente tamén,
por conseguinte, promete...,
porque pode prometer
(cumprir xa é outra cousa),
que Europa vai someter... (lanzado a esaxerar)
E no que a min compete,
digo que onde el se pousa
xa outros o voo levantaron!
Chega tarde, mal e a rastro, (remacha)
deixa un regueiro nefasto...
como deixa un furacán,
pois cando el move a man
tumba o que outros elevaron!
Non é, señor presidente,
unha axeitada maneira
de gobernar un país!
Señoría, use a mente...,
e se non é competente
para esta nova xeira,
a miña voz é a primeira
que lle roga... que se vaia!

Diante dos ollos do señor Oito fórmase unha nebulosa que lle impide ver o deputado Corenta, e tamén deixa de oílo, porque un insistente zunido se lle mete nas neuronas. O seu pensamento segue a dar tombos.

OITO: Mágoa desta sorte miña..., (peta no chan)
que todos son inimigos!

NOVE: Oito, segues unha liña
causante de mil perigos.
Tes garabullos na chencha! (espeta)

44

Non hai cousa que te encha...,
nin ben que te satisfaga!

OITO: Isto é coma unha chaga (exclama)
en bendita mala parte!
Todos me queren comer!

NOVE: Ti o que tes que facer
é manterte ben sereno.
Ninguén poderá vencer,
porque, Oito, non existes. (quere que esperte)
Ti morriches de pequeno,
nunca fuches presidente,
nin sequera deputado.
Nin fuches tan desalmado...
como estás a imaxinar.

OITO: Coido que me vas tolear...
Xa me tes desorientado. (bracea)

NOVE: Repousa, que é mellor,
senta, non penses en nada.
Sentes na cabeza dor,
froito desa actividade
mental tan desenfreada.
Non é unha xenialidade, (doce)
xamais, pensar por pensar.
Pon nesa testa alterada
as túas fráxiles mans (moi doce)

Obedece Oito as indicacións da súa conciencia, feito que ben poucas veces sucede, e é que, en realidade, séntese canso, moi canso... Incluso de vivir.

45

OITO: En verdade, estou mellor;
sinto a paz que necesito, (baixa a voz)
vou durmir coma un bendito...
pensando nos meus irmáns.

NOVE: Se dormes será peor;
tes que psicanalizarte.

OITO: Xamais a un médico irei!

NOVE: Ti mesmo o podes facer, (con paciencia)
non cho prohibe a lei.

OITO: De antemán xa renuncio!

NOVE: Pode ser un gran anuncio,
unha mellora absoluta.

OITO: Dixeches que estaba morto...

NOVE: En metáfora falaba.
Dese xeito contentaba
o teu ego pecador.
Agora debes facer...

OITO: Quero que te deixes ver! (esixente)

De socato, diante dos ollos do atribulado señor Oito, aparece esa tan fermosa muller chamada Nove, que non é outra cousa máis ca o froito do extraordinario poder da súa mente alterada, desequilibrada.

NOVE: Aquí me tes, burlador
de homes e de mulleres.

46

OITO: Cristo, que fermosa es!
Voume namorar de ti!

NOVE: Sabes que non pode ser,
nin é bo nin é preciso;
non peques coma Narciso...
Eu xa son parte de ti.

OITO: Pero se estás aí...! (incrédulo)

NOVE: Iso vén a demostrar,
por moito que ti non queiras,
que te tes que analizar.
Sabes que non son real,
que me ves contra natura.
O meu físico animal
só na túa mente dura...

OITO: Xa que me queres curar,
deixa as verbas aldraxantes,
pois sempre dous bos falantes...
téñense que respectar.

NOVE: Iso quería eu oír.
Conta e non te reprimas (animando)
quen fuches na túa nenez...

OITO: Xa dixen máis dunha vez... (alterado)

NOVE: Pois dime unha vez máis
se che pegaron teus pais.
Ábrete e non esgrimas...
argumentos moi usados.

47

Reprimías os instintos,
ideas ou pensamentos?
Fuches mozo de fiadas?
Pensa nos tempos pasados.
Di ti mesmo, que pensabas? (seria)
Eran lousas moi pesadas
as que tiñas que levar?
Iso hai que repasar. (profunda)
Iso é psicanalizar!

OITO: Tiña neura sen motivo,
sabes? E xa de cativo... (accede)
era propenso a berrar.

NOVE: Algunha debilidade?

OITO: Os gatos..., darlles coa vara. (tatexa)

NOVE: É síntoma de maldade.

OITO: Era unha cousa rara.
Era... que eu non quería...
A man non me obedecía.

NOVE: A man, Oito, eras ti...
Quen non quería era eu!

OITO: Volves a me confundir...
con esa complexidade.

NOVE: Fala de sexualidade.

OITO: Diso hai pouco que falar,
os tempos non eran doados.

48

NOVE: Aí quería chegar.
Eras un insatisfeito! (ergue a voz)

OITO: A verdade era que ao leito
non conseguía levar...

NOVE: Pero o sexo estaba aí
Ti eras un reprimido! (dura)

OITO: Mais ben un incomprendido,
e sábelo moi ben ti...
que, farto de mendigar, (máis calmado)
ía pedirche consello.

NOVE: É que eu era o teu espello...
E lembro que me escachabas!

OITO: É que non me aconsellabas...

NOVE: Era que non che dicía
o que querías oír.
Xa nos imos entendendo.

OITO: Na miña casa non vía
un bo exemplo a seguir.

NOVE: Iso non é unha escusa!

OITO: É só unha explicación.
Ofrezo información... (humilde)
Sei que estou nas túas mans.

49

NOVE: E amigos?

OITO: Eu non tiña.
É que non podía ter;
era superior a todos!
Eu son un ser superior! (xa fachendoso)

NOVE: Eses son moi malos modos!
Humillas a teus irmáns
con esa forma de ver...
Iso é unha ruindade! (moi recha)

OITO: Esa era a cegueira miña.
Agora comezo a ver...
A verdade estaba preto.
Eu ollaba máis alá... (case humilde)
e só vía escuridade.

NOVE: Agora estás no certo.
Xa ves que a verdade dá
ese raio de esperanza,
ese gran raio de luz...
que separa a un da cruz,
da miseria e da inquedanza.

OITO: Recupero honra e honor?

NOVE: E levarás esa flor
do meu recoñecemento.
Descansa agora un momento.

OITO: Sinto alivio na sen.

50

NOVE: Reláxate, durme, soña..., (pausada)
que todo é para ben.
Deixa que un anxo che poña
auga bendita na sen... (doce)
Deita, acouga, que xa vén.

A cabeza do señor Oito cae enriba das súas mans, mans que estaban apoiadas na mesa do escritorio daquel gran despacho, e así, sen outro movemento, queda a durmir igual que un meniño de meses.

CAE O PANO

51

ACTO QUINTO

Non é un sono longo nin profundo, como se podía pensar; nin tranquilo, nin reparador, senón todo contrario. Aos dez minutos érguese de xeito violento, cos ollos abertos... Moi abertos e cun raro brillo.

OITO: Xa non hai vida na vida!
O silencio é miserable...! (desvaría)
Xa aquela voz inestable,
que tiña un pouco esquecida,
volve berrarme, intratable...
E eu aquí sen espada!
A ver quen fere primeiro! (ergue a mirada)
O silencio é latriqueiro...
Teño unha espiña chantada...,
que me raña no calleiro!
Xa non hai vida na vida...
nin sol que veña quentarme!

No despacho do presidente da empresa hai más vida de repente: diante dos moi abertos ollos do señor Oito aparecen, sentados arredor dunha mesa borrosa, tres persoas: a fermosa Nove, o mesmo señor Oito... e outro señor cuspidiño a el. ¿...?

52

¿...?: Oito, benquerido Oito, (voz serena)
o teu verbo é incoherente.
Sabes que che quero moito,
pero ti danas a xente.
Quen che chantou esa espiña?
U-la voz tan inestable?
Se calases a boquiña
mellor che iría na vida...!
Eu non son parte ofendida,
senón parte aconsellable:

OITO: Coido, amigo falador...
A verdade é que non sei
quen es ou deixas de ser,
que farías ben mellor
ir co roncón a outra parte; (despectivo)
que non é de boa lei,
de socato, presentarte
e en vida allea meter
lerica para adularte...
Mira se estou razoando!

...?: Por se non te decatabas,
de nome chámanme Id...
Mira que estou informando!
E non son alleo a ti.

NOVE: Ti eras o que chorabas...
cando eramos cativos! (sinálao cun dedo)

ID: E ti es parte de min...

53

NOVE: Todo chega á súa fin. (comprendendo)
Xa non somos primitivos,
xa somos independentes... (reflexiva)
Somos os tres diferentes,
saídos de algo común!

OITO: Coido que luz estou vendo,
oíndo esta conversa...
O inimigo na casa! (estoupa)

ID: Nada estás comprendendo.
Debemos ser unha piña...
Ti non tes ningunha espiña,
non tes ningún inimigo,
non somos xente diversa. (explícito)

NOVE: Sabemos o que che pasa,
e os tres somos moi conscientes
de que vivir non é doado.
Sempre hai algún ser malvado
disposto a traizoar.

ID: Debemos dialogar.

OITO: Ti es un aproveitado! (altérase de novo)
Ti sempre fuches ao teu,
buscando tan só pracer. (acusador)
Agora vés dar consellos;
mellor colle os aparellos...
e déixame a min co meu!

NOVE: Haxa paz, haxa concordia,

54

que o egoísmo non vos cegue,
igual que xa vos cegou. (advirte Nove)

ID: Este é o ser da discordia!
E se pode que mo negue...
igual que xa mo negou.

OITO: Eu nunca fun discordante.
Eu sempre fun pensador! (moi crido)

ID: Vaia, home, quen falou!

NOVE: Non sei como vos aturo!
Un cacho de pau falante,
un can pouco mordedor...
Debe ser cousa de amor,
pero o que vos aseguro
é que mal acabaremos...
se non sabedes perder.
Debemos analizar
quen é, quen foi cada quen.

ID: A min paréceme ben,
e podemos comezar,
se é ese o teu parecer,
por ti..., que ti non es Nove!

Id estase a dirixir á fermosa dama, que é a conciencia de Oito, como ben sabemos. Neste punto, a mente do señor Oito xa se fai un remexido, mesturando a conciencia co ego e con Id, que é o seu propio retrato. Id prosegue:

E se algo te conmove,
dille que te chamas Ego...
e que saíches de min.

55

NOVE: A verdade nunca nego,
como non nego que, á fin,
eu dúas espiñas teño
chantadas, e sodes vós.
Sempre fuches un "rifeño"! (diríxese a Id)
Presumes de intelectual,
ególatra e brutal...,
que non miras a ninguén,
se non é para o teu ben...
Sempre, sempre vaidoso, (demoledora)
de impulsos primitivos;
moitas veces fachendoso.
Dis que es de ben honroso...
e déixaste patear!

ID: Xa abonda!

NOVE: Aínda non.
Aínda tes máis que escoitar.
Buscas a satisfacción,
sen escoitar a razón...
e xa é hora de pensar;
mellor dito, de que penses
que o mundo non es ti...
Non es o embigo do mundo!
Que ti andas por aí
boureando igual ca todos!
E cantas veces sen rumbo,
e pensando o contrario...,
e sempre de malos modos! (despectiva)

ID: Esas son palabras ocas
que recitas a diario.

56

E non todo o que ti tocas
entra no meu relicario.
Deixa de rosmar, bendita;
o que se dá non se quita...
Non me quites a razón!

Chegados a este punto da parola, Oito sente sobre si a mirada de Nove e prefire escoarse. Isto é, fai desaparecer ca forza do seu pensamento aquela mesa con tres persoas... e de novo queda só tras a mesa do despacho. Pero a súa conciencia non está disposta a abandonar así como así, polo que clama:

NOVE: Oito, que te estamos vendo.
Cómete as vacilacións
que moes dende pequeno!
Sempre fuxiches correndo...,
sen poder coas emocións!

OITO: Nove, ti es un veleno.
Déixame tranquilo un pouco!

NOVE: Imos pensar que estás louco.
Ven e senta aquí connosco.

A Oito non lle queda máis remedio que volver. A súa prodixiosa mente colócao de novo cos seus dous inseparables compañeiros de parrafeo, aínda que a súa expresión non é nada amigable. Id é quen lle fala, cun sorriso.

ID: Ven, querido súper ego.
Senta e escoita a quen te trata.

57

OITO: Cala ti, vichelocrego, (irado)
e deixa de dar a lata!

ID: Ela é quen mal nos trata. (sinala a Nove)

NOVE: Non vos podo deixar sos.
Un cantante, un choromica.
Nin durmindo sodes bos...
E eu que apande con todo!

OITO: Se é aí onde che pica,
vaite, abandona o buque.
Non faltará quen retruque...
os meus sabios pensamentos! (altivo)

NOVE: Es un raro puritano,
feble, pailán e pasmoso...

OITO: Xa sei, e tamén tiñoso,
como me adoitas chamar.
Ladrón de honra e de cartos,
un asasino en potencia.
Nove, que xa estamos fartos
da túa incauta sapiencia...
e de tanto latricar! (despectivo)

NOVE: Hoxe é día de escoitar...,
e sei que me escoitaredes. (ditadora)
Para vós o mal faredes,
se mal me ides pagar.
Id, que te me estás pasando...
de salgado a pretensioso,

58

e non es máis ca un mocoso... (reprende)
na hora de merendar.
Oito, xa estás espertando,
pero es aínda un pailán. (insulta)
Nada do que fas é san...
e sempre actúas con medo.
Desconfiado, moralista,
por non magoar un dedo
non estarricas a man.
E pensas, e reflexionas, (irónica)
comes o mundo coa vista,
e cando te emocionas
ti mesmo te condicionas...
e poste a mirar pro chan.
Pensas vivir, compañeiro,
se matas as ilusións?
Cómete esas reflexións,
olla de fronte o problema! (dura)
Na vida hai que ter un lema
para ser bo e primeiro.
Non contradigas, infiel,
a quen ben te favorece,
que mil loas se merece...
quen che está a salvar a pel!

OITO: Ti pos doce coma o mel
o feito máis escabroso...,
e igual que un trapo de pés
a miña sabedoría.
Pero eu, que son moi raposo, (agudo)
e con moita pillaría,
rexeito, como ti ves...,
todo favor que me fas,

59

e non mira cara atrás...
Mellor se son moralista,
mellor, se son un pailán;
fun crego e fun sancristán; (moi decidido)
incluso fun analista.
Se ti queres outra pista...,
preséntate aquí mañá.

ID: Non te vaias, superego,
que agora tócame a min...,
que me chamou manequín, (sinala a Nove)
ególatra e vaidoso.
Non fun sancristán nin crego,
pero non son un medroso...
E sei cantar as corenta,
porque xogo ben ao tute!
E non gozará matute
á miña conta ninguén.
Incluso esta que me menta,
que coida ser miña nai,
terá que pensalo ben..., (ameazador)
ou farei o que non hai,
porque a min tanto me ten!

NOVE: Vou deixar clara unha cousa;
cousa que eu non repito:
onde a miña voz se pousa...,
a miña voz marca un fito!

ID: Que xa non somos meniños!

OITO: Somos feitos e dereitos!

60

NOVE: Dereitos ides andar (mandona)
polos benditos camiños...
que eu vos vou amosar!
Non quero na casa preitos,
a auga irá polo rego...,
inda que bágoas custe! (ditadora)

OITO: Nove, eu de ti renego! (irado)

ID: E eu penso renegar! (altivo)

NOVE: Sen min non ides chegar,
e iso ben o sabedes,
xamais coa lancha a bo porto.
Ou é que vosoutros credes,
badulaques e larpeiros,
que hai debaixo dos luceiros
quen me poida humillar?

OITO: Eu coido...

NOVE: Ti a calar!

ID: eu voume desencantando...

NOVE: Ti, o pito moi calado!
Que unha sombra planea
arredor con insistencia; (calmándose)
tende, ao menos, a decencia
de sentila con respecto...
Ten unha cariña chea,
un sorriso encantador, (moi doce)

61

no peito un amuleto...
que nos dá o parabén.

A fermosa Nove pasa de ser dominadora a ser dominada. Como posuída por un hálito sobrenatural, a súa faciana faise doce, moi doce, deixando abraiados a Oito e a Id. Logo, os seus grandes ollos miran ao teito.

OITO: Cristo, isto é un clamor!
Quen é máis tolo ca quen?

NOVE: É miña nai a que vén.
Calade todos agora...
Esta é a mellor hora... (suave, suave)
para pedir e orar.

ID: Pero se aquí non hai nada! (confuso)

NOVE: Aquí séntese a presenza
da nosa nai tan amada.
Nesta presenza, lembranzas,
nestas lembranzas hai vida...
E que tantas esperanzas!

Tanto Oito coma Id están pampos e asustados polo cambio producido en Nove. Ela non é a de sempre: tan correcta, tan razoadora, gobernadora, humana... e ditadora. Mirando sen ver, semella ter caído nun pozo de fantasía.

OITO: Nove, que agora dás medo !

ID: Mira pra nós, que estás ida!

62

NOVE: Chega un momento na vida,
sempre chega, tarde ou cedo,
que convén abandonar.
Este acaba de chegar... (mira o teito)
Será unha tranquilidade
para vosoutros, sen min.
Voume por onde me vin... (ollos moi abertos)
e se deixo algún baleiro,
o porvir, agasalleiro...
un día o encherá.

Na súa pequena man aparece un coitelo, grandeiro e afiado, cor de prata... Pon a punta no seu peito e, coas dúas mans, aperta, aperta... Nove cae lentamente ao chan... e alí vaise formando unha poza de sangue.

OITO: Por Cristo! Que imos facer?

ID: Eu non quero saber nada!
Isto é unha canallada!

OITO: Pero temos un deber.
Ela era parte nosa!

ID: Eu non podo resistir
esta opresión no peito.
É abraiante este feito...,
eu xa non quero vivir!

OITO: Non podemos sucumbir...
agora que somos ceibes.

63

Inda que do peito un laio
saia por amor a ela,
virá un florido maio
para nosoutros... sen vela.

ID: Eu xa non quero vivir!

OITO: Id, non me repitas iso.

ID: Boto de menos o riso
que nos seus labios había...
Ela que por nós vivía,
polo noso benestar.
Adeus!

OITO: Vasme tolear!
Déixate comigo estar,
deixa que ela se vaia...,
que estaba a marcar a raia
onde debiamos pisar.

ID: Ata máis ver, camarada!

Sen outra verba, Id bota a andar en dirección á fiestra, moi decidido, sen mirar atrás. Coma se chegase á conclusión de que a vida debía rematar naquel mesmo intre... e lánzase ao baleiro. A vida é unha carallada:

OITO: A vida é unha carallada!
Que mal trago estou pasando...!
Debo estar alucinando,
isto non está a ocorrer!

64

Pero se eu non fixen nada
pra chegar a este calvario.
Voume botar a correr,
como facía a diario...
Non. Eu non vou deixala!
Que ía facer sen ela...!
Nove, que es unha flor,
Nove, de branca meixela!
Nove, Nove, meu amor!

O señor Oito cae de xeonllos a carón da fermosa Nove, mollándose no seu sangue e bicándoa con amor. Bicando con amor a súa propia conciencia!

CAE O PANO

65

ESCENA FINAL

Oito senta de novo tras a mesa do "seu" despacho. Ao outro lado da mesa senta unha sombra, unha muller aparecida das tebras, sombra cadavérica, que por momentos reloce marabillosa, segundo a vontade de Oito, invocada por el... para ter con quen falar naqueles difíciles momentos da súa vida. É a imaxe da sempre adorada súa nai!

OITO: Nai, nai, miña branca flor! (alucina)
Que destino nos agarda?
Onde está o anxo da garda
con todo o seu esplendor? (mira o teito)
Non saio deste estupor
que me produce a conciencia!
Non sei se hai que ter paciencia
e desoír o amor...! (mira a súa nai)
Non, non, non me digas nada;
déixame reflexionar,
que está a chegar a alborada,
que xa está a clarexar...!
agarda, deixa que pense;
sei que estou a quedar só...! (si, reflexiona)
Lembro a teu pai, meu avó,

66

prégolle que me dispense! (humilde)
El moita paciencia tiña
cando eu era un cativo;
hoxe son un fuxitivo...,
quero ir pola súa liña!

NAI: Moito terás que cambiar! (exclama)

OITO: Lembro aqueles seus consellos
cheos de sabedoría...
Que problemas resolvía!
Para min eran espellos
as verbas que el me dicía!

NAI: Pois non aprendiches moito. (reprocha)

OITO: Nai, xa chegou o inverno.
Non ves que xa non hai luz...? (el, ao seu)
Botamos a cara ou cruz
o ir ou non pro inferno?
Non, non estou delirando. (claro que delira)
Estou ollando o futuro
e lembrando o pasado;
estou, nai, reflexionando...
Estou nun pequeno apuro,
por iso en ti pensei;
a túa palabra é lei...,
e quero estar ao teu lado.
Dime, nai, que hai Máis Alá? (míraa aos ollos)
É tal como mo contaron
os que tanto predicaron...
na miña feliz nenez?

67

NAI: Isto é unha nebulosa, (voz tenue)
onde se anda sen pés.
Hai tanta luz que non ves...
É unha feira populosa! (enfática)

OITO: Tal e como mo contaron! (afirma)
Esa é a feira do ano!
Eu tamén quero ir á feira. (ansioso)
E en chegando á túa beira,
limparei cun branco pano
as bágoas da túa cara.
Non quero verte chorar! (agarimoso)
Ti es o que xa non hai
neste mundo de mentiras!
Quizais teña que marchar,
pero irei onde vai
a túa amada figura;
mirarei onde ti miras...,
e cando na sepultura
me vexa, sen vaidade,
sen orgullo e sen fachenda,
con toda esta bondade
que ti puxeches en min,
emprenderei esa viaxe...,
esa viaxe derradeira. (decidido)
Porque, ao cabo e ao fin,
onde mellor estarei,
lucindo o meu mellor traxe...
se non é á túa beira?

NAI: Inda é cedo para ti.

OITO: Xa non fago nada aquí!

68

Oito garda silencio un momento, como para coller folgos. Mira fixamente a faciana que ten diante de si, clara cal un diamante e, igual que se ela lle pedise unha explicación, prosegue coa súa sarta de desatinos.

OITO: É que aquí xa nada queda.
Non queda un home varudo,
dacabalo, intelixente...
Non hai unha muller leda
namorada dun barbudo...,
por fazaña de valente.
Aquí todo é indecencia,
insaciable corrupción...!
Cada día unha traizón
aflora en cada mente...
Todo vai en decadencia
a causa da prepotencia
de moitos; morre a ilusión...! (míraa interrogante)
Que podemos facer, nai,
que xa vergonza non hai? (suplicante)

NAI: Non hai que ser esixentes. (voz doce)
A perfección non existe...
Resiste, fillo, resiste; (segura)
non hai ríos sen correntes,
non hai árbores sen follas;
e ti, escollas o que escollas,
sempre terás que sufrir! (premonitoria)

OITO: O mundo non sabe ir,
o mundo perde a razón,
só iso podo pensar...

69

E nós temos que pagar,
con gran dor do corazón
que non saiba razoar...!
Xa están a deixar sen luz
a túa doce faciana! (inquedo)
Só vexo aquela bufarda... (mirando a parede)
Será que me están chamando,
anhelando os meus servizos?
Xa neste mundo de vicios
non hai sitio para nós! (rotundo)
Xa sei o que estás pensando.
Non é verdade absoluta;
eu fixen por meus avós...! (empeora)

NAI: Fixeches barrabasadas...

OITO: Non digas iso, por Deus.
Pequenas falcatruadas,
aqueles pecados meus,
sen intención nin malicia. (arrepentido)
Eran intres de ledicia,
eu quería bourear...

NAI: Con Adelaida, con Nove,
Dezasete, Vintetrés...,
con Id e Corentedous.

OITO: Penseino máis dunha vez,
e sei que foron soadas,
pero todo é perdoable...
Ti que es tan adorable,
poderasme desculpar? (suplicando)

70

De súpeto, óese un grande estrondo. A porta do despacho racha en anacos, empurrada por un furacán... e aparecen dous homes vestidos con roupa branca. Oito segue coas súas ladaíñas despois de velos.

OITO: O que xa dixen, muller... (a nai desaparece)
As cóbregas non descansan! (irado)
Son réptiles, non amansan...!
Xa non teño que facer! (vencido)

Os dous homes de branco achéganse a el, agarrándoo cada un por un brazo. Isto non era produto da mente desequilibrada do señor Oito, senón pura realidade. Non cabía dúbida de que eran empregados dunha casa de saúde mental.

OITO: Xa a miña vida se vai... (feble)
E da miña gorxa un laio
sae coa forza dun raio... (sen forza)
cara a ti, amada nai.
Isto é un ben que me fai
a bendita sociedade! (irónico)
Á casa da caridade
levan este corpo meu; (razoando)
o meu pensamento é teu...,
preso da túa bondade...
E non haberá prisión (resolto)
que aquí me poida reter...!
O meu corpo han de prender,
o meu pensamento... NON!

CAE O PANO

71

As vacas de Olimpio ou a filosofía da vida. (Tres cornadas e un desafío contra o Coronavirus)

Xesús Santos

(1ª cornada)

Dende a fiestra observo as reses
que están pacendo nos prados
da horta parroquial de Asados,
movéndose por todo o erario
ás portas da vella reitoral,
sen distancia de seguridade
encomendada a todo mortal,
poida gocen de inmunidade
coma políticos no parlamento.
Aplicando este argumento,
pensei que estas criaturas,
sen xugo nin aguillada
pola peste respectadas,
máis que marelas ou vermellas
parécenme máis ben aínda
vacas sagradas da India,
porque a bofé se asemellan.

(2ª cornada)

Vacas devotas de Olimpio,
que ao "ángelus" fan reverencia
e, por divina clemencia,
intocables son, deuses no Olimpo.
Colmo de prebendas bruan
rumiando unha bacanal.
Festa rachada na leira:
o homínido a dúas patas
ten que poñerse buceira,
para ir á misa e de copas
e a máis inri e cachondeo,
sufrir o arremedo incómodo
de ter que rozar o cóbado
en vez de bicos arreo.
E o vacún, que anda a catro,
é escusado dese trato
e con gran razón comentan
que o animal máis racional
pra sufrir tal reprimenda
tivo algo que facer mal.

(3ª cornada)

Digo a verdade que sinto,
e, coa verdade, non minto:
tampouco me importaría
ser bovino por un día,
despois de máis corentenas
recluídas almas en pena,
que ata pa dar unha volta
che marcan distancia e hora.
Sería moi estimulante
xornada así pracenteira
coa corda arriba e diante,
ir onde a un lle pete e queira,
sexa o monte ou na ribeira.
Mexar na Covid na mallante,
tirar bosta ao "putovirus",
volverte xata tunante
en corredoiras e rúas
por un xovenco arrogante,
rabo arriba e muarlle á lúa.
Subir á Lioira con calma
e cun aturuxo á alba.
Quen me dera! ... Quen me dera!

(Desafío)

Pero tranquilos, irmáns,
"nunca choveu que non escampara".
Virá a "desescalada",
e acolleremos contentos,
a fin do confinamento.
Ao que abra a porta o veciño
en flor abriranse as mans
con aromas de amizade,
e, en mostra de irmandade,
olimpíadas de cariño
sexan peccata minuta,
dar máis bicos por minuto,
e que ninguén se deteña,
que o agarimo é grato
e, por non custar pataco,
non agravia nin desdeña.

E, a por de estar cercanos,
logremos ser máis humanos
e pensar con fundamento
que a vida é o momento.
Se aprendemos a lección,
teimaremos con razón:
"non hai mal que por ben non veña".

X. S. maio 2020

Aires de fóra

As Sátiras de Persio. Limiar, tradución e notas

Margarita Fernández Gómez

LIMIAR

A tradución ao galego das *Sátiras* de Persio está xustificada pola contribución da obra ás letras universais dende a tardía Antigüidade. Moitos son os alicerces que a converten nun escrito sumamente atractivo, moitos os ingredientes que a fan enormemente suxestiva. Por todas estas razóns, precisamos contextualizar o seu xurdimento.

A *Vita* atribuída a Valerio Probo indícanos que Aulo Persio Flaco (Volterra, 34 d. C.-Roma, 62) tivo unha vida tan breve coma intelectualmente produtiva. A credibilidade que se lle outorga á fonte mencionada fica fóra de dúbidas, xa que esta chegou ata nós adxunta aos seis poemas que integran a colección. Asemade, a autoría da *Vita* é rotundamente fiábel, xa que Valerio Probo –os eruditos supoñen, polo ton co que fala do protagonista, que Probo e mais Persio estreitaron lazos de amizade– non emite no documento opinións sobre os versos, senón que as formula a canda estes.

O poeta nace no seo dunha familia acomodada, pertencente ao *ordo equester* ou estamento dos cabaleiros, e moi ben relacionada con membros da caste senatorial que, ao cambio, vén sendo a aristocracia romana. Tal conxuntura, xunto coa prosapia do noso home –Volterra era unha antiga localidade etrusca, o que lles confería aos devanceiros de Persio certa conciencia histórica– fan pensar nunha persoa de talante conservador, defensora dos postulados do réxime republicano.

Para trazar o perfil intelectual do escritor, témonos que remontar aos comezos da súa adolescencia cando, con doce aniños e, segundo os costumes das clases podentes dende a Antigüidade, o rapaciño trasladouse á capital con intención de estudar. Instrúese, fundamentalmente, en Gramática e en Retórica, co propósito de aprender a expresarse correctamente. Este feito correspóndese co principio que rexía o sistema educativo en Grecia e en Roma: de nada servían os coñecementos se un non era quen de transmitilos.

Dende moi cedo, logo, o noso autor contacta co ambiente cultural da metrópole, tan diferente do escenario provinciano que adornaba a vila da que el procedía. O eido escolar amosoulle a Persio un tecido literario, filosófico, político rico en categorías e matices. Alí acubillou as súas ideas, alí estableceu conexións e fixo amigos. Trátase este dun capítulo particularmente fecundo dentro da biografía. Hai dous personaxes que revisten singular importancia ao respecto: Cornuto e mais Cesio Baso.

Non posuímos excesivas referencias sobre Lucio Anneo Cornuto. Naceu en Libia a principios do século I d. C., e a meirande parte da súa existencia transcorreu en Roma. Parece que chegou á Urbe en calidade de escravo, e cabe a posibilidade –e non remota, a xulgar polo *nomen* ou apelido Anneo, herdanza do propietario que o manumitira– de que estivese ao servizo da familia dos Séneca, orixinaria de Corduba (Hispania). Coma os membros máis célebres da mencionada estirpe, Cornuto fixo da filosofía un modo de vida e, igual ca estes, adscribiuse á disciplina estoica. Coma Séneca o Novo, preceptor de Nerón, e o sobriño do Novo, o prometedor poeta Lucano, seguramente se opuxo á conduta fastosa e pantagruélica do mandatario.

Contamos con escasas noticias relativas á intervención de Cornuto nas elites artísticas: pasou á posteridade, en gran medida, grazas

a Persio, xa que este lle dedicou a quinta das súas sátiras; e viuse na obriga de abandonar a cidade arredor do 66 d. C. ao incorrer na ira de Nerón, quen se sentiu aldraxado ante unha opinión desfavorábel que Cornuto formulou sobre os seus versos. Non dispoñemos de informacións sobre a súa persoa posteriores a esta data.

Persio e máis Cornuto trabaron amizade cando o primeiro cumpriu dezaseis anos. Empezou a asistir ás clases do segundo, perito en cuestións filosóficas e literarias. As ensinanzas que Cornuto impartía estaban mesturadas de crítica social e política. Entón non era estraño que a mestre e alumno os vincularan os nexos do saber e da sabedoría. O afecto que os xunguiu perdurou ata o falecemento do vate, cuxa obra corrixiu o preceptor. A continuación, entregouna a Cesio Baso, responsábel da edición da mesma, e cuxa actividade no panorama cultural daqueles anos segue a constituír unha incógnita a día de hoxe.

As *Sátiras* de Persio reflicten a Roma da idade neroniana. Enténdese que a mentalidade tradicionalista do noso autor non concordaba co despótico desenfreo ao que a deriva imperial sometía os habitantes. Persio envía a súa mensaxe no que *a priori* se estima o único xénero literario que os romanos non copiaron dos gregos: a *satura*, unha fogueira na que se cociñaban variados compoñentes de carácter político, relixioso e social. Proporcionábase a estes unha aparencia creativa mediante recursos estilísticos que atopan oco nunha estruturación métrica ben delimitada, e que inciden na ironía, no humor e no dúplice sentido das argumentacións.

A sátira é, acaso, o rexistro máis adecuado para exhibir o pensamento dende unha perspectiva crítica. Persio fai uso dunha linguaxe enormemente críptica. Desprega todo un catálogo de figuras retóricas que, en ocasións, entorpecen a intelección das pasaxes. O poeta non desaproveita a oportunidade de lucir a súa sapiencia. Non minimicemos, porén, o papel que a censura pode desempeñar ao respecto: o cariz pedregoso dos poemas obedece, ademais, a un intento de sortear os atrancos que a oficialidade atravesaba no percorrido dunha obra incómoda.

No intre de valorar a traxectoria de Persio, non esquezamos que os albores do imperio romano coa dinastía Xulio Claudia (27 a. C.- 68 d. C.) estatúen unha etapa da historia que se ofrece desfigurada ante os ollos dos lectores actuais. Desta visión foron partícipes os cronistas da época, cortesáns empeñados en esparexer intereses espurios e, sexa como for, alleos á intencionalidade estritamente artística.

Malia tamaña dificultade, Persio estivo incluído dentro do canon da latinidade dende a súa época ata o Renacemento. Nos últimos anos non semella, porén, gozar de gran aceptación no eido académico. A presente tradución tenta, humildemente, paliar deficiencia tal, ingratitude tal para cun autor que nos deparou insólita brillantez.

A. PERSI FLACCI SATVRAE

PROLOGVS

Nec fonte labra prolui caballino
nec in bicipiti somniasse Parnaso
memini, ut repente sic poeta prodirem.
Heliconidasque pallidamque Pirenen
illis remitto quorum imagines lambunt 5
hederae sequaces; ipse semipaganus
ad sacra uatum carmen adfero nostrum.
quis expediuit psittaco suum 'chaere'
picamque docuit nostra uerba conari?
magister artis ingenique largitor 10
uenter, negatas artifex sequi uoces.
quod si dolosi spes refulserit nummi,
coruos poetas et poetridas picas
cantare credas Pegaseium nectar.

SATVRA I

O curas hominum! o quantum est in rebus inane!
'quis leget haec?' min tu istud ais? nemo hercule. 'nemo?'
uel duo uel nemo. 'turpe et miserabile.' quare?
ne mihi Polydamas et Troiades Labeonem
praetulerint? nugae. non, si quid turbida Roma 5
eleuet, accedas examenue inprobum in illa
castiges trutina nec te quaesiueris extra.
nam Romae quis non—a, si fas dicere—sed fas
tum cum ad canitiem et nostrum istud uiuere triste

AS SÁTIRAS DE PERSIO

PRÓLOGO

Non sei como devín poeta, pois
nin enxauguei os beizos na fonte do cabalo[1],
nin lembro ter soñado co dobre cumio do Parnaso.
A aqueles cuxos bustos lamben as hedras a gabearen,
déixolles Pirene, que fai branquexar, e Musas, devotas do monte Helicón. 5
Eu, que che son máis ben mundano, proporciono os meus versos
aos vates, para que celebren as súas cerimonias.
Quen amestrou o loro para que saúde "ola, ola!" dun xeito característico,
ou aprendeu a pega a imitarnos? O ventre, repartidor espléndido do talento
e adestrador diste, é quen de chegar a emitir sons impensábeis. 10
De idéntico modo que refulxe unha moeda trucada,
poderiamos crer que pegas e mais corvos,
convertidos en poetas,
entoan o néctar de Pegaso.

SÁTIRA I

Argumento.- O autor aborda o depauperamento literario contemporáneo, en consonancia coa degradación moral, social e política da época. A tal efecto, Persio mestura o diálogo co monólogo. Comeza a sátira coa intervención dun interlocutor ficticio que serve a Persio de comodín para falar daqueles negocios e materias que lle interesan particularmente.

Ai, desvelos das persoas! Que perda de enerxía hai en tantos deles!
–"Quen ha ler isto?". –"Pregúntasmo a min? Abofé que ninguén, por Hércules!".
–"Ninguén?". Ao mellor un par de tipos, ao mellor ninguén...
– "Que vergoña! Mágoa!". Por que? Non será que os troianos ou Polidamante[2]
consideran a Labeón mellor ca min? Parvadas! Non oh! Aínda que Roma, dispersa, 5
vitupere unha obra, non te deixes levar, non loites contra tal veredicto,
non renegues da túa personalidade, xa que en Roma, a quen...? Ai, se falar
estivera permitido...! Permítesenos, é verdade, sempre e cando un divise
as sens nevadas e esta maneira de vivir estrita, tan propia,

[1] Todo o fragmento alude á condición divina que se lles supoñía aos poetas na Antigüidade clásica grecorromana. Ás Musas, patrocinadoras das artes, estaban consagrados a fonte do cabalo (o adxectivo *caballinus* traduce o termo grego Hippocrene), así como os montes Parnaso e mais Helicón.

[2] Héitor temía as recriminacións que lle fixeran tanto Polidamante como os troianos (*Il.* XXII, 100-105). Baseándose no devandito episodio, a instrución escolar dos romanos consideraba a Polidamante e os troianos paradigmas do rigor na crítica literaria. Os ecos de Homero resoan no poema; de feito, Labeón é un tradutor de Homero.

aspexi ac nucibus facimus quaecumque relictis, 10
cum sapimus patruos. tunc tunc—ignoscite (nolo,
quid faciam?) sed sum petulanti splene—cachinno.
scribimus inclusi, numeros ille, hic pede liber,
grande aliquid quod pulmo animae praelargus anhelet.
scilicet haec populo pexusque togaque recenti 15
et natalicia tandem cum sardonyche albus
sede leges celsa, liquido cum plasmate guttur
mobile conlueris, patranti fractus ocello.
tunc neque more probo uideas nec uoce serena
ingentis trepidare Titos, cum carmina lumbum 20
intrant et tremulo scalpuntur ubi intima uersu.
tun, uetule, auriculis alienis colligis escas,
articulis quibus et dicas cute perditus 'ohe'?
'quo didicisse, nisi hoc fermentum et quae semel intus
innata est rupto iecore exierit caprificus?' 25
en pallor seniumque! o mores, usque adeone
scire tuum nihil est nisi te scire hoc sciat alter?
'at pulchrum est digito monstrari et dicier "hic est."
ten cirratorum centum dictata fuisse
pro nihilo pendes?' ecce inter pocula quaerunt 30
Romulidae saturi quid dia poemata narrent.
hic aliquis, cui circum umeros hyacinthina laena est,
rancidulum quiddam balba de nare locutus
Phyllidas, Hypsipylas, uatum et plorabile siquid,
eliquat ac tenero subplantat uerba palato. 35
adsensere uiri: nunc non cinis ille poetae
felix? non leuior cippus nunc inprimit ossa?
laudant conuiuae: nunc non e manibus illis,
nunc non e tumulo fortunataque fauilla
nascentur uiolae? 'rides' ait 'et nimis uncis 40
naribus indulges. an erit qui uelle recuset
os populi meruisse et cedro digna locutus
linquere nec scombros metuentia carmina nec tus?'

e o noso comportamento ao deixarmos de xogar coas noces[3];
cada vez que emulamos a sabedoría dos antepasados, entón, si –desculpade
(eu non quixera, pero non poido aguantar), son de riso solto– escacho.
Algúns suxeitos á métrica, outros sen respectala, concentrámonos en compoñer
un texto pedante que fatigue o alento do peito máis brioso. Dende elevada tarima,
ben peiteado e guapo coa toga de estrea e o ónix do aniversario[4], leralo
ante o público, por suposto, despois de facer gargarismos para pronunciar
correctamente, impostando a voz e entornando os ollos. Entón comprobarás
como se excitan, de xeito indecente e coa voz alterada, cada vez que os versos
lle perforan o ril e lle escarvan nas entrañas logrando que se estremezan,
os xigantescos Titos.
Ti, vello verde, non estás agarimando os oídos alleos aos que,
cando esteas xa farto, ao mellor tamén lles dis: "Até aquí!"?
–"Para que é tanto saber, se esta substancia e o vómito
que a un tempo botaron raíces internas,
non rachan o fígado e rebentan?".
Eis a pálida cor e a vellez! Terríbeis tradicións! A que extremo chegamos,
se o saber de cada un no vale nada, a non ser que se decate o veciño?
–"Ao revés! Moi bonito cando te sinalan e exclaman: 'aí o vai!'
Tanto che dá que copien ao ditado os teus versos cen rapaces
de cabeciña rizada?". Mira para aquí, abeberados entre trago e trago,
os descendentes de Rómulo preguntan polo contido dos poemas divinos.
Un tipiño que cobre o lombo cunha touca cor de xacinto, con voz fungona
recita un poemiña pasado de moda, e cuspe Filis e Hipsípilas[5]
e, por se restan argumentos que susciten pranto abordados polos vates,
tamén os disfraza de emotividade grazas ao vocabulario.
Os varóns distinguidos considerárono adecuado: non gozan agora de fortuna
as cinsas do ilustre poeta? Non lle pesa agora menos aos ósos a lápida da tumba[6]?
Asenten os seareiros: non brotarán agora violetas daqueles Manes,
daquel sepulcro, daquel polvo ben fadado?
–"E ti riste", indica, "e pos boa cara?" Ou haberá quen, con razón
non desexe andar nas linguas do mundo nin, despois de ter escrito
versos merecentes do aceite de cedro e que non se arreden
diante das xardas e do incenso?".
A ti, quenquera que sexas, a quen acabo de conseguir que me leves a contraria,
non che vou ter medo cando me sente a escribir. Se acaso o resultado é aceptábel

[3] *O xogo das noces* simbolizaba a transición entre a primeira infancia e a adolescencia.

[4] Propoñemos "o ónix do aniversario" para traducir o sintagma *natalicia... cum sardonyche*, porque este refírese ao agasallo que os podentes adoitaban regalar a un mozo polo aniversario: un anel no que se engarzaban pedras preciosas. Debido á vistosidade da alfaia, esta foi considerada, co paso do tempo, un signo de coquetería e, particularmente, de efeminamento.

[5] Heroínas mitolóxicas presentes nos poemas de temática sentimental. Persio utiliza estes nomes en plural para expresar o seguinte recurso: a presenza constante de persoeiros mitolóxicos nos versiños dos poetastros, nun intento de prestixiar os seus traballos.

[6] Menciónase a fórmula ritual romana *Sit tibi terra levis*: "Que a terra che sexa escasamente gravosa", empregada nas cerimonias fúnebres.

quisquis es, o modo quem ex aduerso dicere feci,
non ego cum scribo, si forte quid aptius exit, 45
quando haec rara auis est, si quid tamen aptius exit,
laudari metuam; neque enim mihi cornea fibra est.
sed recti finemque extremumque esse recuso
'euge' tuum et 'belle.' nam 'belle' hoc excute totum:
quid non intus habet? non hic est Ilias Atti 50
ebria ueratro? non siqua elegidia crudi
dictarunt proceres? non quidquid denique lectis
scribitur in citreis? calidum scis ponere sumen,
scis comitem horridulum trita donare lacerna,
et 'uerum' inquis 'amo, uerum mihi dicite de me.' 55
qui pote? uis dicam? nugaris, cum tibi, calue,
pinguis aqualiculus propenso sesquipede extet.
o Iane, a tergo quem nulla ciconia pinsit
nec manus auriculas imitari mobilis albas
nec linguae quantum sitiat canis Apula tantae. 60
uos, o patricius sanguis, quos uiuere fas est
occipiti caeco, posticae occurrite sannae.
'quis populi sermo est? quis enim nisi carmina molli
nunc demum numero fluere, ut per leue seueros
effundat iunctura unguis? scit tendere uersum 65
non secus ac si oculo rubricam derigat uno.
siue opus in mores, in luxum, in prandia regum
dicere, res grandes nostro dat Musa poetae.'
ecce modo heroas sensus adferre docemus
nugari solitos Graece, nec ponere lucum 70
artifices nec rus saturum laudare, ubi corbes
et focus et porci et fumosa Palilia feno,
unde Remus sulcoque terens dentalia, Quinti,
cum trepida ante boues dictatorem induit uxor
et tua aratra domum lictor tulit—euge poeta! 75
'est nunc Brisaei quem uenosus liber Acci,
sunt quos Pacuuiusque et uerrucosa moretur
Antiopa aerumnis cor luctificabile fulta?'
hos pueris monitus patres infundere lippos
cum uideas, quaerisne unde haec sartago loquendi 80

(aínda que se trate dun merlo branco); reitero, se acaso o resultado for aceptábel, 45
non me van meter medo as loas. Non son de pedra, pero négome a crer
que os lindes da perfección sexan os "Magnífico!" ou "Marabilloso!"
que enchen a túa pluma. Mira, home, golpea con ganas ese "Marabilloso!";
que é o que non cabe dentro del? A *Ilíada* –enchoupada en eléboro[7]– de Accio, 50
non se atopa nel? Nin as parvadas que aspiraban a elexías e que,
mentres facían a dixestión, mandaban poñer por escrito fachendosos señores?
Nin calquera cousa que, en definitiva, se compuxese nos leitos taraceados
en madeira de cedro? Sabes servir quente para comer un ubre,
sabes obsequiar cunha capa usada a un cliente se está a pasar frío, e exclamas: 55
"Como me gustan as verdades, cantádeme as verdades na cara".
Que dis, ou? Queres que fale? Catro pelos! Estás de chiste, pois
o teu obeso bandullo de animal cólgache por diante pé e medio.
Por Xano, cuxo lombo non peteira cegoña ningunha,
nin mans habelenciosas para a imitación che levantan brancas orellas de burro,
ou unha lingua tan longa coma a dunha cadela de Apulia que morre coa sede! 60
Ai, proxenie dos patricios, a quen os deuses favoreceron co privilexio de vivirdes
sen ollos no cocote, virádevos para facer fronte á mofa que por detrás se vos fai!
–"Que anda a xente a rosmar?" Nada menos que, por fin, os versos flúen
acomodándose aos metros, a fin de que a rima permita ás unllas máis afiadas
esvarar con axilidade. "Sabe escribir los versos nunha liña tan dereita 65
como se alguén tensase a liña vermella chiscando o ollo.
E, se hai necesidade de expoñer os costumes, o boato, as enchentes dos próceres,
as Musas proporcionan temáticas interesantes ao escritor".
Neste intre, imos aprender a expresar sentimentos heroicos
a aqueles que adoitan escribir cousiñas en grego, pero carecen de técnica 70
para describir un monte sacro ou loar unha terra abondosa
en corres, en leña, en porcos, nas Palilia[8] que se anuncian con nubes de fume,
onde creceu Remo e te atopabas ti, Quintio, a chantares a rella no suco,
cando a túa muller, tremelicando, te investiu ditador cos bois por testemuña
e un lictor che levou o arado á casa. –"Hurra, poeta!" 75
Agora mesmo, a alguén lle agrada o libro eslamiado de Accio[9] Briseo;
a alguén lle comprace Pacuvio e mais Antíopa,
sostida polo desasosego, repleta de verrugas e provista de alma compasiva.
Cando ves como uns pais pitoños amosan aos fillos preceptos desta ralea,
inquires de onde chega ata as linguas tal leria de verbas, tal deshonra 80
na que brinca polas bancadas un raparigo coqueto?

[7] O autor sinala o *eléboro* como substancia estimulante que inspiraba a Accio Labeón (*vid. supra* nota 2) no intre de escribir os seus versos.

[8] As *Palilia* constituían unha festividade celebrada, na primavera, para venerar a Pales, divindade dos campos. Teñen lugar o 14 de abril, data da fundación de Roma, polo que se trata dunha efeméride que reviste certa significación política.

[9] Tanto Accio como Pacuvio son poetas dramáticos de cuxa obra non restan senón escasísimos fragmentos. En consecuencia, non descartamos a posibilidade de que o epíteto *Brisei*, que Persio dedica a Accio, aluda ao título ou, polo menos, ao argumento dunha traxedia composta polo poeta. *Antiopa* si dá título a unha das traxedias de Pacuvio.

uenerit in linguas, unde istud dedecus in quo
trossulus exultat tibi per subsellia leuis?
nilne pudet capiti non posse pericula cano
pellere quin tepidum hoc optes audire 'decenter'?
'fur es' ait Pedio. Pedius quid? crimina rasis 85
librat in antithetis, doctas posuisse figuras
laudatur: 'bellum hoc.' hoc bellum? an, Romule, ceues?
men moueat? quippe, et, cantet si naufragus, assem
protulerim? cantas, cum fracta te in trabe pictum
ex umero portes? uerum nec nocte paratum 90
plorabit qui me uolet incuruasse querella.
'sed numeris decor est et iunctura addita crudis.
cludere sic uersum didicit "Berecyntius Attis"
et "qui caeruleum dirimebat Nerea delphin,"
sic "costam longo subduximus Appennino." 95
"Arma uirum", nonne hoc spumosum et cortice pingui
ut ramale uetus uegrandi subere coctum?'
quidnam igitur tenerum et laxa ceruice legendum?
'torua Mimalloneis inplerunt cornua bombis,
et raptum uitulo caput ablatura superbo 100
Bassaris et lyncem Maenas flexura corymbis
euhion ingeminat, reparabilis adsonat echo.'
haec fierent si testiculi uena ulla paterni
uiueret in nobis? summa delumbe saliua
hoc natat in labris et in udo est Maenas et Attis 105
nec pluteum caedit nec demorsos sapit unguis.
'sed quid opus teneras mordaci radere uero
auriculas? uide sis ne maiorum tibi forte
limina frigescant: sonat hic de nare canina
littera.' per me equidem sint omnia protinus alba; 110
nil moror. euge omnes, omnes bene, mirae eritis res.
hoc iuuat? 'hic' inquis 'ueto quisquam faxit oletum.'
pinge duos anguis: 'pueri, sacer est locus, extra
meiite.' discedo. secuit Lucilius urbem,
te Lupe, te Muci, et genuinum fregit in illis. 115
omne uafer uitium ridenti Flaccus amico
tangit et admissus circum praecordia ludit,
callidus excusso populum suspendere naso.
me muttire nefas? nec clam? nec cum scrobe? nusquam?
hic tamen infodiam. uidi, uidi ipse, libelle: 120
auriculas asini quis non habet? hoc ego opertum,

Non che dá vergoña, acaso, non ser quen de afastar dunha branca cabeleira
o risco, sen que desexes escoitar un "ben feito!" pronunciado tepedamente?
"Ti es un ladrón", dille un individuo a Pedio, e Pedio, que fai? Sopesa
as acusacións despois de adornar os razoamentos expostos, 85
e colleita loanzas por ter aplicado correctamente as figuras retóricas:
"Que fermosura!". Fermosura, o que, oh? Pero Rómulo, que pretendes?
Que isto me impresione? Vaites...! Se un náufrago cantase, teríano
que recompensar cun as? Entoas unha canción ao mesmo tempo que cargas
no ombro a madeira rota sobre a que se pintou o naufraxio? 90
Ha chorar un pranto verosímil, non un improvisado a noite previa,
quen desexe que eu me conmova ante as súas preces.
–"Mais, os metros sen graza dótaos de beleza unha axustada combinación.
Desta maneira, aprendeu a pechar un verso 'Atis Berecintio', e mais 'o golfiño
que loitaba contra o cerúleo Nereo'; desta maneira, 'subtraémoslle 95
unha costela ao extenso Apenino'. 'As armas e mais o heroe', non é talvez
artificioso e de grosa cortiza coma un ramallo vellouqueiro
empurrado polo aumento da casca?". En consecuencia,
algunha lectura nos entenrece e é digna de que algún pescozo se abaixe?
–"Encheron as trompas anoxadas de rebumbio mimaloneo, e a Basáride[10], 100
a piques de facerse coa testa arrincada ao fachendoso novelo, e mais a Ménade,
cando ía dobregar o lince coroado de hedra, redobran o 'Evohé!';
o eco rebota, repenicando o grito". Había suceder tal se en nós aniñase
febra algunha de virilidade dos nosos proxenitores? Co orballo da saliva,
mantense a frote esta vacuidade, e tanto Ménade coma Atis son palla mollada: 105
descoñecen o escritorio e o sabor a unllas comestas.
"Porén, é preciso que a cáustica franqueza roia as delicadas orellas?
Ten coidado, non vaia, se acaso, a friaxe tapiar as portas dos que teñen pata:
aquí resoa, fungona, a letra do can". Amoso a conformidade con que todo
sexa branco; nada que obxectar, en absoluto. Ben por todos! Bravo! 110
Seredes dignos de admiración! Estás así satisfeito? "Prohibo que ninguén
faga aquí as súas necesidades", repós. Debuxa dúas serpes: "Rapaces! Estades
nun lugar consagrado; mexade fóra! Marcho. Lucilio esnaquizou a cidade,
esnaquizoute a ti, Lupo, a ti, Mucio, e acabou con el mesmo. 115
Flaco, pérfido, é consciente de todos os defectos do amigo ao que fai rir,
e, malia ter sido admitido no círculo íntimo daquel, faille burla por detrás,
arteiro, para deixar a xente coa boquiña aberta. E eu non teño licencia
nin para griñir? Nin sequera ás agochadas? Nin metido nun furado?
En ningures? Bo! Sepultarei aquí as miñas palabras. Libriño, eu vino, 120
vírono estes dous luceiros! Quen non ten unhas orellas de burro? Eu non
che vendo este meu segredo, esta miña cacharada, por *Ilíada* ningunha.

[10] Eis a descrición dun ritual na honra de Baco. Basaris e Ménade, entre outras Bacantes que conforman o séquito do deus, profiren a exclamación "Evohé!" en medio de cánticos cerimoniais na honra de Baco, Líber, Dioniso, a divindade do desenfreo, da exaltación, da liberdade.

hoc ridere meum, tam nil, nulla tibi uendo
Iliade. audaci quicumque adflate Cratino
iratum Eupolidem praegrandi cum sene palles,
aspice et haec, si forte aliquid decoctius audis. 125
inde uaporata lector mihi ferueat aure,
non hic qui in crepidas Graiorum ludere gestit
sordidus et lusco qui possit dicere 'lusce,'
sese aliquem credens Italo quod honore supinus
fregerit heminas Arreti aedilis iniquas, 130
nec qui abaco numeros et secto in puluere metas
scit risisse uafer, multum gaudere paratus
si cynico barbam petulans nonaria uellat.
his mane edictum, post prandia Callirhoen do.

SATVRA II

Hunc, Macrine, diem numera meliore lapillo,
qui tibi labentis apponet candidus annos.
funde merum genio. non tu prece poscis emaci
quae nisi seductis nequeas committere diuis;
at bona pars procerum tacita libabit acerra. 5
haut cuiuis promptum est murmurque humilisque susurros
tollere de templis et aperto uiuere uoto.
'mens bona, fama, fides', haec clare et ut audiat hospes;
illa sibi introrsum et sub lingua murmurat: 'o si
ebulliat patruus, praeclarum funus!' et 'o si 10
sub rastro crepet argenti mihi seria dextro
Hercule! pupillumue utinam, quem proximus heres
inpello, expungam; nam et est scabiosus et acri
bile tumet. Nerio iam tertia conditur uxor.'
haec sancte ut poscas, Tiberino in gurgite mergis 15
mane caput bis terque et noctem flumine purgas.
heus age, responde (minimum est quod scire laboro)

Quenquera que sexas que, inspirado polo audaz Cratino, presentas mala cor
ao estudares o iracundo Eúpolis e o provecto ancián, ademais bótalle
unha ollada a isto, a ver se escoitas algo ben preparado; coa orella quente, 125
en consecuencia, amose o lector receptividade para comigo; non o imbécil
que ri con acenos do calzado dos gregos, e ousa chamarlle 'chosco'
a un chosco, e tense por personaxe pois, subido a un cargo itálico cando era
edil en Arezzo, zapateou medidas trucadas; nin o paspán que sabe como
trascoleirar os números no ábaco e os topes trazados na area, 130
listo para a mofa abonda se unha desvergoñada pendanga lle turra
das barbas a un filósofo cínico. Edicto á mañá, despois do xantar
Calírroe[11], a estes aconsello.

SÁTIRA II

Argumento.- Nesta composición, o poeta diríxese a Macrino co pretexto de parabenizarlle o aniversario. O autor encarécelle ao amigo agradeza ás divindades o benestar do que goza, e leve a cabo os rituais pertinentes coa sinceridade que se lle presume a un cidadán leal e honesto. Persio segue esta liña argumental ata desenvolver o tema da hipocrisía que rodea as cerimonias relixiosas, as cales se converteran nunha exhibición de boato e pompa.

Macrino, sinala coa pedriña máis linda a data de hoxe, resplandecente,
que se che engade aos anos fuxidíos.
Derrama viño sen mesturar na honra
do teu Xenio. Non solicitas mercando pregarias o que non se lles pode
encomendar ás deidades senón en soidade. Porén, moitas autoridades
levarán a cabo as libacións calados, ulindo o incenso. Non todo o mundo 5
consegue calar os rumores e os murmurios que se escoitan de fondo,
e desenvolver a súa vida manifestando con franqueza o que pensa.
"Sentidiño, gloria, fidelidade", dise abertamente, de xeito que o escoiten
os invitados; para o seu interior, entre dentes, rosma: "Ai, se rebentase o meu tío
por parte de pai, fastoso funeral!", e mais "Ogallá o meu arado, coa anuencia 10
de Hércules, tropezase cunha pota chea de moedas de prata!"; ou "Sequera eu
botase fóra o meu discípulo, porque son o herdeiro que vén detrás del! Ademais,
ten espullas e está inchado por acre bile. Xa vai para aló a terceira muller
de Nerio!". Para que poidas facer as súas súplicas con sinceridade, mergullas
a cabeza dúas ou tres veces pola mañá no río Tíber e, coas súas augas, lavas 15
os estragos da noite.
–Veña! Responde (non che é nadiña o que trato de coñecer)
Que sensación che esperta Xúpiter? Non o situarías, ao mellor, diante de...?

[11] Calírroe é un personaxe mitolóxico cuxa presenza nesta sátira probablemente apele aos versos de asunto amoroso semellantes aos que aparecen en I 33 (vid. supra nota 5). O remate da sátira avoga pola contraposición entre o *negotium* –o deber, representado polos documentos que rexistran a actividade do foro– e o *otium* –o pracer–, encarnado na poesía.

de Ioue quid sentis? estne ut praeponere cures
hunc—cuinam? cuinam? uis Staio? an—scilicet haeres?
quis potior iudex puerisue quis aptior orbis? 20
hoc igitur quo tu Iouis aurem inpellere temptas
dic agedum Staio. 'pro Iuppiter, o bone' clamet
'Iuppiter!' at sese non clamet Iuppiter ipse?
ignouisse putas quia, cum tonat, ocius ilex
sulpure discutitur sacro quam tuque domusque? 25
an quia non fibris ouium Ergennaque iubente
triste iaces lucis euitandumque bidental,
idcirco stolidam praebet tibi uellere barbam
Iuppiter? aut quidnam est qua tu mercede deorum
emeris auriculas? pulmone et lactibus unctis? 30
ecce auia aut metuens diuum matertera cunis
exemit puerum frontemque atque uda labella
infami digito et lustralibus ante saliuis
expiat, urentis oculos inhibere perita;
tunc manibus quatit et spem macram supplice uoto 35
nunc Licini in campos, nunc Crassi mittit in aedis:
'hunc optet generum rex et regina, puellae
hunc rapiant; quidquid calcauerit hic, rosa fiat.'
ast ego nutrici non mando uota. negato,
Iuppiter, haec illi, quamuis te albata rogarit. 40
poscis opem neruis corpusque fidele senectae.
esto age. sed grandes patinae tuccetaque crassa
adnuere his superos uetuere Iouemque morantur.
rem struere exoptas caeso boue Mercuriumque 45
arcessis fibra: 'da fortunare Penatis,
da pecus et gregibus fetum.' quo, pessime, pacto,
tot tibi cum in flamma iunicum omenta liquescant?
et tamen hic extis et opimo uincere ferto
intendit: 'iam crescit ager, iam crescit ouile, 50
iam dabitur, iam iam';donec deceptus et exspes
nequiquam fundo suspiret nummus in imo.
si tibi creterras argenti incusaque pingui

"De quen?". De quen? Váleche, digamos, Estaio[12]? Ou vacilas, poñamos por caso?
Que xuíz máis adecuado, ou que xuíz óptimo para cos orfos? 20
Vaia! Con que termos seducir os oídos de Xúpiter, cóntallo
a Estaio, ou! "Por Xúpiter! Ai, bo Xúpiter!", el exclamaría.
Pero, non se habería chamar el mesmo Xúpiter?
Pensas que estás perdoado porque, cando trona, Xúpiter fulmina
coa veneranda chispa a faia antes cá túa casa e mais ca a ti? 25
Porque non xaces, feito un bidental[13] do que convén fuxir
grazas á orde de Erxena e das febras das ovellas, nos montes sacros,
cres por iso que, dun xeito idiota, che presta Xúpiter a barba
para que rinches con ela? Iso pensas, si? A que prezo mercaches
as orellas das divindades? Gustáronche unhas carnes tan ben guisadas? 30
Mira para aquí: unha avoa ou unha tía pola parte do pai, que saiba
como afastar o meigallo, levanta o meniño do berce,
e esconxúralle co dedo do medio a fronte e mais a boquiña, mollándollas
coa saliva lustral. A continuación, sacódeo coas mans e, cunha devota súplica,
traslada, xa ás terras de Licinio, xa ás mansións de Craso, a feble esperanza. 35
"Para xenro o pretendan o rei e a raíña, rifen por el as mozas, broten rosas
en calquera chan onde pouse pé". Pero eu...! Eu non deposito os meus votos
nunha ama de cría. Négate a cumprir, Xúpiter, tales preces, aínda que,
mentres as formulase, estivese engalanada de branco.
Pides vigor para os membros e, para cando chegue a vellez, un organismo 40
que che responda. Vale, así suceda! Porén, opíparas bandexas e friames en conserva
impiden que as divindades che concedan os desexos, e a Xúpiter dificúltanlle a tarefa.
Pretendes adquirir bens; para conseguilo, sacrificas un boi e invocas a Xúpiter
brindándolle as entrañas do animal: "Outórgame prosperidade para os meus Penates[14],
outórgame rabaños e crías para os acrecentar". Como vai ser, parviño, se as talladas 45
de tantos animaliños se che torran nas labaradas? Aínda que se esforza en acadar
os seus obxectivos mediante alegrías e suculentos biscoitos ("Desta medra
o froito que produce a miña leira, desta aumenta o meu gando, desta háseme conceder
o que pedín, desta, desta..."), ata que, desenganado, desilusionado, en balde
exhala un folgo: a derradeira moeda deixa o fondo limpo. 50
Se eu te obsequiase con cráteras de prata facetadas de ouro de lei,
habías suar, pois, á esquerda do peito,
o corazón, tremente de ledicia,
ía bater ata che arrincar gotas.

[12] Dende a Antigüidade, identificouse este personaxe con Gaio Estaio Peto, paradigma da cobiza e da deshonestidade.

[13] Os romanos aprenderon dos seus veciños etruscos a coñecer o futuro a través da observación das entrañas dos animais. Os arúspices eran as persoas especializadas en levar a cabo este tipo de predicións; crese que Erxena era un nome de orixe etrusca que tomou algún arúspice singularmente famoso. Nese marco de presaxios reside a explicación do vocábulo *bidental*. Cando unha persoa caía fulminada por un raio, sacralizábase o episodio. Víase a man de Xúpiter no accidente e, para esconxurar o anoxo da suprema divindade, efectuábase un sacrificio dunha ovella que aínda non cumprira dous anos. Nesta anécdota estriba a orixe, por metonimia, da palabra *bidental*.

[14] Os Penates eran deidades encargadas do abastecemento ou penus dun fogar. Adoitaban, de feito, ser dous: un para a comida, e outro para a bebida.

auro dona feram, sudes et pectore laeuo
excutiat guttas laetari praetrepidum cor. 55
hinc illud subiit, auro sacras quod ouato
perducis facies. 'nam fratres inter aenos,
somnia pituita qui purgatissima mittunt,
praecipui sunto sitque illis aurea barba.'
aurum uasa Numae Saturniaque inpulit aera 60
Vestalisque urnas et Tuscum fictile mutat.
o curuae in terris animae et caelestium inanis,
quid iuuat hoc, templis nostros inmittere mores
et bona dis ex hac scelerata ducere pulpa?
haec sibi corrupto casiam dissoluit oliuo, 65
haec Calabrum coxit uitiato murice uellus,
haec bacam conchae rasisse et stringere uenas
feruentis massae crudo de puluere iussit.
peccat et haec, peccat, uitio tamen utitur. at uos
dicite, pontifices, in sancto quid facit aurum? 70
nempe hoc quod Veneri donatae a uirgine pupae.
quin damus id superis, de magna quod dare lance
non possit magni Messalae lippa propago?
conpositum ius fasque animo sanctosque recessus
mentis et incoctum generoso pectus honesto. 75
haec cedo ut admoueam templis et farre litabo.

SATVRA III

Nempe haec adsidue. iam clarum mane fenestras
intrat et angustas extendit lumine rimas.
stertimus, indomitum quod despumare Falernum
sufficiat, quinta dum linea tangitur umbra.
'en quid agis? siccas insana canicula messes 5
iam dudum coquit et patula pecus omne sub ulmo est'
unus ait comitum. uerumne? itan? ocius adsit
huc aliquis. nemon? turgescit uitrea bilis:
findor, ut Arcadiae pecuaria rudere credas.

Por esta razón se che ocorreu bañar en celebrado ouro 55
as sacrosantas caras[15]. "Para que os que envían soños
desde gargantas sas[16] cobren notoriedade entre os seus irmáns de bronce,
e posúan barbas douradas". O ouro pasa a ocupar o lugar dos vasos de Numa
e mais dos bronces saturnios, o ouro posterga os vasos das Vestais
e mais as representacións da olaría etrusca. 60
Ai, almas que criades chepa enriba da terra, despreocupadas dos asuntos do ceo!
Que beneficio reporta imbuír os templos dos nosos hábitos,
e entregar aos deuses o rédito da criminosa carne?
Esta mesturou canela con aceite de oliva, e cortouno;
esta tinguiu la de Calabria con púrpura, e rebaixou a púrpura; 65
esta ordenou extraer a perla da cuncha e trazar no escombro
veas de masa fervendo. Esta, en fin, ten vicios; ten vicios,
mais aprovéitase deses defectos. Porén, que función desempeña o ouro
nos sacrosantos emprazamentos? Respondede, sacerdotes!
Igual se pode falar das bonecas que a Venus lle regalan as doncelas. 70
Por que non ofrendamos ás deidades o que a prosapia pitoña
do grandioso Mesala[17] non se aviría a entregar dunha gran fonte de ofrendas?
As leis divinas e humanas convivindo en harmonía, sentimentos de bondade
–ata os máis íntimos– e o corazón ateigado da honradez propia dos devanceiros.
Confórmome con isto para levárllelo aos deuses, e os rituais celebrareinos con espelta. 75

SÁTIRA III

Argumento.- Persio aconsella un estudante que non leve unha vida disoluta, que aproveite as noites para durmir, e non desperdicie o vigor físico nin a forza espiritual con excesos que carrexan funestas consecuencias.

Todo igual, viches? A luz da mañá xa traspasa as fiestras
e anchea coa súa claridade a angostura dos buratos.
Nós roncamos mentres está a macerar o salvaxe Falerno,
ata que a sombra alcanza a quinta liña. –"E ti, que andas a facer?
A nociva canícula está a abrasar as espigas, chuchándoas, xa hai, 5
e o gando todo atópase tombado á sombra espallada do olmo",
indica un compañeiro. –"Si? Que alguén se presente aquí
de socate! Acaso non hai ninguén?". A transparente bile ínflao.
Exclama, "vou rebentar!", e soa coma os griñidos das bestas arcadias.
Axiña lle bota a man ao libro, ao pergameo previamente afeitado, 10

[15] O autor refírese ao costume de bañar co ouro obtido na guerra a imaxe dos deuses por parte dun xeneral que, triunfador, retorna do combate.

[16] Os estoicos crían que os soños posuían esencia profética. Os soños plácidos, alleos a calquera tipo de malestar, reputábanse veraces.

[17] Mesala Corvino (64 a. C.- 8 d. C.), prestixioso orador e intelectual, coidou de se rodear de persoeiros amantes da cultura e do saber. Estes conformaron o chamado "círculo de Mesala", ao que pertenceron, nos albores da súa evolución creativa, Tibulo, Horacio e Ovidio.

iam liber et positis bicolor membrana capillis 10
inque manus chartae nodosaque uenit harundo.
tum querimur crassus calamo quod pendeat umor.
nigra sed infusa uanescit sepia lympha,
dilutas querimur geminet quod fistula guttas.
o miser inque dies ultra miser, hucine rerum 15
uenimus? a, cur non potius teneroque columbo
et similis regum pueris pappare minutum
poscis et iratus mammae lallare recusas?
an tali studeam calamo? cui uerba? quid istas
succinis ambages? tibi luditur. effluis amens, 20
contemnere. sonat uitium percussa, maligne
respondet uiridi non cocta fidelia limo.
udum et molle lutum es, nunc nunc properandus et acri
fingendus sine fine rota. sed rure paterno
est tibi far modicum, purum et sine labe salinum 25
(quid metuas?) cultrixque foci secura patella.
hoc satis? an deceat pulmonem rumpere uentis
stemmate quod Tusco ramum millesime ducis
censoremue tuum uel quod trabeate salutas?
ad populum phaleras! ego te intus et in cute noui. 30
non pudet ad morem discincti uiuere Nattae.
sed stupet hic uitio et fibris increuit opimum
pingue, caret culpa, nescit quid perdat, et alto
demersus summa rursus non bullit in unda.
magne pater diuum, saeuos punire tyrannos 35
haut alia ratione uelis, cum dira libido
mouerit ingenium feruenti tincta ueneno:
uirtutem uideant intabescantque relicta.
anne magis Siculi gemuerunt aera iuuenci
et magis auratis pendens laquearibus ensis 40
purpureas subter ceruices terruit, 'imus,
imus praecipites' quam si sibi dicat et intus
palleat infelix quod proxima nesciat uxor?
saepe oculos, memini, tangebam paruus oliuo,
grandia si nollem morituri uerba Catonis 45

aos papiros e mais á cana co tallo cheo de nós. A continuación,
queixámonos de que a tinta, debido ao seu espesor, fique pola metade
da pluma, pero a borra do chopo destinxe se a rebaixamos con auga;
queixámonos de que o pau dobre as gotas se as mesturamos.
Desventurado, oh! Máis desgraciado a medida que transcorren os días! 15
A tal punto chegamos? Coma os agarimosos pichóns e mais
coma os señoritos, por que non solicitas que che esmaguen a comida
e, carraxento, devolves o leite da ama de cría? "Credes que son quen
de escribir con semellante pluma". Pretendes enganar a alguén? Por que
non paras de dar arredas? Estaste a enganar ti mesmo. Toliño! Foxes 20
e desprézante. As potas de barro, se este non coceu de vez, emiten
un son de cascallo cando un as bate. Ti es lama mollada e esvaradía.
Este é o intre no que debemos bulir e non parar de moldearte
coa axilidade do torno. Porén, contas cunha colleita xeitosa na leira
de teu pai, cun saleiro tan limpo que non ten nin unha carapola 25
(non teñas medo) e, libre de mal, a bandexa empregada para honrar os Lares[18].
Éche dabondo, ou compénsache esgazar os pulmóns coas friaxes polo feito de
pendurares, o milésimo, dunha rama da árbore xenealóxica etrusca[19],
ou, engalanado coa trábea[20], saudares o censor? Ao revés, os trofeos
para o pobo! Eu coñezo con detalle o teu modo de pensar. 30
Non che dá vergonza comportarte coma Nata, descoidado no intre de se vestir?[21]
Pero ese bloqueárono os vicios e criou unha gorentosa graxa que lle cobre
as entrañas. El non ten culpa, nin sabe o que perde, nin consegue rebulir na flor da auga
de tan fondo canto mergullou.
Pai das deidades magníficas! Ogallá castigues os desapiadados tiranos 35
de idéntica maneira que, cando a súa rabiosa furia, enchoupada
en incendiario veleno, lles activou os pensamentos, advirtan o valor,
e podrezan a choraren por telo perdido. O bronce do boi sículo[22] proferiu
máis xemidos, ou a espada que colga dos dourados teitos provocou 40
máis terror nos purpúreos pescozos que cadraban debaixo, que se algún
para si dixese "Ai, vanme pescar sen remedio!" e, pobriño, íase poñer pálido
por razóns que a súa muller, a carón del, ignora? Lembro que, sendo eu neno,
refregaba os ollos con aceite de oliva, cada vez que non me apetecía estudar
as palabras pronunciadas por Catón no transo de enfrontarse coa morte, 45
as mesmas que un mestre pouco atinado ía loar esaxeradamente,

[18] Nun principio, os *Lares* eran espíritos que velaban pola relixión da antiga Roma. Co paso do tempo, convertéronse en divindades protectoras das colleitas e da estrutura urbanística de pobos e cidades.

[19] Para os romanos, a prosapia etrusca xustificaba a fachenda e constituía un motivo de orgullo.

[20] Recibía o nome de *trabea* unha toga rematada con franxas de cor púrpura. Vestían esta prenda os cabaleiros cando o censor lles pasaba revista, cerimonia que se describe no poema.

[21] Traducimos *discincti* como "descoidado no intre de se vestir" porque o feito de levar a túnica sen pechar era, entre os romanos, un síntoma de sordidez física e, metaforicamente, moral.

[22] O autor fai referencia ao touro de bronce que Fálaris (?- 554 a. C.), tirano de Agrixento, inventou co propósito de torrar os seus inimigos.

discere non sano multum laudanda magistro,
quae pater adductis sudans audiret amicis.
iure; etenim id summum, quid dexter senio ferret,
scire erat in uoto, damnosa canicula quantum
raderet, angustae collo non fallier orcae, 50
neu quis callidior buxum torquere flagello.
haut tibi inexpertum curuos deprendere mores
quaeque docet sapiens bracatis inlita Medis
porticus, insomnis quibus et detonsa iuuentus
inuigilat siliquis et grandi pasta polenta; 55
et tibi quae Samios diduxit littera ramos
surgentem dextro monstrauit limite callem.
stertis adhuc laxumque caput conpage soluta
oscitat hesternum dissutis undique malis.
est aliquid quo tendis et in quod derigis arcum? 60
an passim sequeris coruos testaque lutoque,
securus quo pes ferat, atque ex tempore uiuis?
elleborum frustra, cum iam cutis aegra tumebit,
poscentis uideas; uenienti occurrite morbo,
et quid opus Cratero magnos promittere montis? 65
discite et, o miseri, causas cognoscite rerum:
quid sumus et quidnam uicturi gignimur, ordo
quis datus, aut metae qua mollis flexus et unde,
quis modus argento, quid fas optare, quid asper
utile nummus habet, patriae carisque propinquis 70
quantum elargiri deceat, quem te deus esse
iussit et humana qua parte locatus es in re.
disce nec inuideas quod multa fidelia putet
in locuplete penu, defensis pinguibus Vmbris,
et piper et pernae, Marsi monumenta clientis, 75
maenaque quod prima nondum defecerit orca.
hic aliquis de gente hircosa centurionum
dicat: 'quod sapio satis est mihi. non ego curo
esse quod Arcesilas aerumnosique Solones
obstipo capite et figentes lumine terram, 80
murmura cum secum et rabiosa silentia rodunt
atque exporrecto trutinantur uerba labello,
aegroti ueteris meditantes somnia, gigni
de nihilo nihilum, in nihilum nil posse reuerti.
hoc est quod palles? cur quis non prandeat hoc est?' 85
his populus ridet, multumque torosa iuuentus

as mesmas que meu pai, a suar arreo, tería escoitado en presenza
dos amigos. Era lícito, xa que no que máis afán el poñía era en coñecer
canto me había reportar un seis propicio, canto me había restar unha cadeliña
errada, non acertar na boca estreita dun vaso, ou que ninguén fixese 50
bailar o pión coa tanza máis habelenciosamente. Pero non che resulta allea
a práctica de hábitos torvos, nin as lecciónes que se ensinan no sabio pórtico
decorado cos calzóns medos, polas que perden o sono, a deshora,
os mozos rapados acomodados con garavanzos e con papas. 55
A letra que describe dous ramallos samios amosouche o camiño
subindo á dereita. E aínda estás a roncexar e a túa cabeza, que non se ten,
dá moneadas, e ábreseche a boca con desmesura
a causa do desenfreo da noite anterior. Diríxeste a algún punto?
Apuntas co teu arco cara a algún branco? A pedradas e con terróns 60
disparas aos corvos ás cegas, e sen mirar polos teus pasos,
adoptas un estilo de vida despreocupado?
Fíxate nos que en balde piden o eléboro cando xa a pel, debido
á enfermidade, se incha: facédelle fronte ao mal en canto acode e,
haberá despois necesidade de lle prometer a Cratero montes e moreas? 65
Cobrade consciencia e coñecemento, mexeriqueiros, da orixe
dos acontecementos: que somos, para levar que tipo de existencia
chegamos ao mundo, que ubicación nos corresponde, por onde e dende onde
se curva máis doadamente a meta, cal é o tope da riqueza, que pretensións
agradan á divindade, para que serven as moedas acabadas de acuñar? 70
Con canto convén obsequiar a patria, os parentes, os amigos? Que clase
de persoa ordenaron os deuses que ti foses, e en que posición dentro
do conxunto da poboación te colocou? Sé consciente e non envexes
que nunha artesa ateigada grazas á xenerosidade dos umbros, podrezan
numerosos tarros, pementa e xamóns, regalos dun cliente marso, 75
e de que nin sequera na primeira xerra escaseen os arenques.
Eis un tío, pertencente á lordenta ralea dos centurións, acaso sinale:
"Abóndame co que sei. Non me presta ser un Arxesilao,
nin un Solón[23] comesto de tristura, coa cabeza gacha
máis preta da terra na que chanta o ollar, cando para si rosman murmurios 80
e mastigan furibundos silencios.
Así calibran os parlamentos, alongando o beizo mentres imaxinan
as reflexións dun ancián enfermo: nada nace da nada,
non é posíbel que nada regrese á nada. E por iso andas esbrancuxado?
Este é motivo para que alguén deixe de comer?". A xente ri co chiste, 85
e os mozos, coa musculatura ben trazada, soltan cacharadas mesturadas
co tremor nervioso do nariz. "Examina que aquel –non sei que será–

[23] Solón (634-560 a. C.) foi un estadista ateniense por cuxa sabedoría acadou elevadas cotas de prestixio. Arxesilao (315-241 a. C.) promoveu a segunda fase da Academia filosófica, rexeitando a rotundidade con que Platón e mais os seus seguidores afirmaban certos postulados vitais, e promulgando o escepticismo fronte ás devanditas opinión.

ingeminat tremulos naso crispante cachinnos.
'inspice, nescio quid trepidat mihi pectus et aegris
faucibus exsuperat grauis halitus, inspice sodes'
qui dicit medico, iussus requiescere, postquam 90
tertia conpositas uidit nox currere uenas,
de maiore domo modice sitiente lagoena
lenia loturo sibi Surrentina rogabit.
'heus bone, tu palles.' 'nihil est.' 'uideas tamen istuc,
quidquid id est. surgit tacite tibi lutea pellis.' 95
'at tu deterius palles, ne sis mihi tutor.
iam pridem hunc sepeli; tu restas.' 'perge, tacebo.'
turgidus hic epulis atque albo uentre lauatur,
gutture sulpureas lente exhalante mefites.
sed tremor inter uina subit calidumque trientem 100
excutit e manibus, dentes crepuere retecti,
uncta cadunt laxis tunc pulmentaria labris.
hinc tuba, candelae, tandemque beatulus alto
conpositus lecto crassisque lutatus amomis
in portam rigidas calces extendit. at illum 105
hesterni capite induto subiere Quirites.
'tange, miser, uenas et pone in pectore dextram;
nil calet hic. summosque pedes attinge manusque;
non frigent.' uisa est si forte pecunia, siue
candida uicini subrisit molle puella, 110
cor tibi rite salit? positum est algente catino
durum holus et populi cribro decussa farina:
temptemus fauces; tenero latet ulcus in ore
putre quod haut deceat plebeia radere beta.
alges, cum excussit membris timor albus aristas; 115
nunc face supposita feruescit sanguis et ira
scintillant oculi, dicisque facisque quod ipse
non sani esse hominis non sanus iuret Orestes.

me treme no peito, e me gabea pola gorxa arriba; examíname, ten
a bondade. Un médico, a quen se dirixe a el en tales termos, prescríbelle
repouso, pero se despois de tres noites é testemuña de como o sangue 90
percorre as veas do paciente con fluidez, vai á casa dun amigo máis vello
na procura dunha garrafa medianeira de viño doce de Sorrento para a beber
mentres toma un baño. "Ai, meu, véxote esbrancuxado!". "Nada importante".
"Vaite mirar, ou, sexa o que sexa o mal do que padeces! Sen que te deas de
conta, estáseche a poñer a pel amarela". "Porén, tes ti cor máis cativeira. 95
Non queiras pasar polo meu responsábel legal; xa hai que o sepultei, e ti
estás de sobra". "Continúa, xa calo".
Fartuco polas enchentes e co bandullo frouxo, leva a cabo as ablucións,
eructando con pesadez gases con cheiro a xofre. Pero, entre vaso e vaso,
acométeo un que lle envorca das mans a copa de viño quente, 100
e lle fai arrichar os dentes que soan como castañolas. Entón, graxentas
talladas esvaran dos beizos esmorecidos. Seguen os instrumentos a tocaren,
as fachas a alumearen e, por último, meu pobre!, untado con pegañentas
esencias, preparadiño no fondo do leito, estira as pernas
con tal rixidez que petan na porta. E lévano, alzado, a ombros, 105
coa cabeza cuberta, Quirites[24] entregos. –"Tómame o pulso, infeliz,
e apálpame o corazón coa man dereita. Nin rastro de febre.
Tócame as puntas das mans e mais as dos pés; non están frías".
Se o azar, non obstante, che pon cartos ao alcance da vista, ou che sorrí,
tenra, a atractiva filla do teu veciño, láteche o corazón 110
co mesmo compás de sempre? Serviuse nunha fonte verza resesa
e tortas peneiradas nun baruto corrente. Inspeccionemos esa gorxa;
na túa boquiña delicada agóchase unha chaga que se vai infectar,
polo que non lle había facer ben roer as verduras que mastiga a plebe.
Danche calafríos cando o medo te pon pálido e che arrepía os pelos. 115
Agora férveche o sangue como nunha pota a cocer, e os teus ollos, a causa
do anoxo, despiden faíscas. Tes na boca e levas a cabo o que o propio
Orestes, quen non está cordo, xuraría fan as persoas que non están cordas.

[24] Chamábaselles *Quirites* aos primitivos cidadáns de Roma. Atribúese a etimoloxía da palabra a Cures, poboación da que, segundo o substrato mítico, proviña o rei sabino Tito Tacio.

SATVRA IV

'Rem populi tractas?' (barbatum haec crede magistrum
dicere, sorbitio tollit quem dira cicutae)
'quo fretus? dic hoc, magni pupille Pericli.
scilicet ingenium et rerum prudentia uelox
ante pilos uenit, dicenda tacendaue calles. 5
ergo ubi commota feruet plebecula bile,
fert animus calidae fecisse silentia turbae
maiestate manus. quid deinde loquere? "Quirites,
hoc puta non iustum est, illud male, rectius illud."
scis etenim iustum gemina suspendere lance 10
ancipitis librae, rectum discernis ubi inter
curua subit uel cum fallit pede regula uaro,
et potis es nigrum uitio praefigere theta.
quin tu igitur summa nequiquam pelle decorus
ante diem blando caudam iactare popello 15
desinis, Anticyras melior sorbere meracas?
quae tibi summa boni est? uncta uixisse patella
semper et adsiduo curata cuticula sole?
expecta, haut aliud respondeat haec anus. i nunc,
"Dinomaches ego sum" suffla, "sum candidus." esto, 20
dum ne deterius sapiat pannucia Baucis,
cum bene discincto cantauerit ocima uernae.'
ut nemo in sese temptat descendere, nemo,
sed praecedenti spectatur mantica tergo!
quaesieris 'nostin Vettidi praedia?' 'cuius?' 25
'diues arat Curibus quantum non miluus errat.'
'hunc ais, hunc dis iratis genioque sinistro,
qui, quandoque iugum pertusa ad compita figit,
seriolae ueterem metuens deradere limum
ingemit "hoc bene sit" tunicatum cum sale mordens 30
cepe et farratam pueris plaudentibus ollam
pannosam faecem morientis sorbet aceti?'
at si unctus cesses et figas in cute solem,
est prope te ignotus cubito qui tangat et acre
despuat: 'hi mores! penemque arcanaque lumbi 35

SÁTIRA IV

Argumento.- O autor asume a personalidade do filósofo Sócrates e, mediante un discurso ficticio, aconsella o seu discípulo Alcibíades emprender a senda do estudo e mais do traballo, fuxindo da popularidade, da fama e do prestixio que non repousen nun esforzo sólido.

"Andas na política?" –supón que che está a falar un mestre
mal afeitado a quen lle achegaron un sorbo da lúgubre cicuta[25]–,
"Quen responde por ti?". Cóntamo, discípulo do grandioso Pericles.
Abofé que o talento e a sabedoría buliron, no teu caso, máis cá barba,
pois coñeces á perfección o que convén sinalar ou calar. 5
En consecuencia, en canto a xentalla prende co fel revolto,
sentes o impulso de silenciar por medio dun aceno fachendoso
a chusma enaltecida, que lle has dicir entón? "Quirites," –digo eu–,
isto non é cabal, aquilo non é lícito, estoutro resultaría mellor!".
Sabes, de certo, como nivelar con exactitude os dous pratos 10
que abanean nunha balanza. Es quen de distinguir unha recta
entre as curvas, ou ben cando unha regra de pé trocado
induce a erro, e mais podes imprimir o funesto signo zeta na falta.
Por que non deixas, logo, garboso a causa da inútil
fermosura física, de menear antes de tempo o plumeiro 15
diante do vulgo que te anda a aclamar? Non che ía ser mellor
sorber a Antíciras sen dor? U-lo supremo ben, ao teu xuízo?
Papares todos os días manxares suculentos, e teres a pel dourada
de tanto sol? Esta anciá –mira– non había contestar doutro xeito.
Vai agora, infla o peito: "Descendo de Dinómaca, resplandezo!". 20
Vale, pero non é menos lista Baucis, cuberta de farrapos, cada vez que
pregoa "Véndese alfábega!" ante un escravo coas roupas sen cinguir.
Ninguén tente baixar ata o fondo da súa persoa, ninguén!, mais,
como vemos a mochila do que camiña diante de nós! E se un
inquire: "Coñeces o patrimonio de Vetidio?". "De quen?". 25
"Un rico que en Cures labra o que non abarca un miñatoco seu voo". "Falas dun que
naceu coas divindades anoxadas, e revirada a da súa caste? Ese que, sempre que finca o
xugo nos sinais da encrucillada,
por medo de lle raspar a unha garrafa de viño o barro seco, mexerica: 30
'Ben vaia!', e trinca con sal todas as capas dunha cebola, ou sorbe
os pousos pegañentos que lle restan ao vinagre, en tanto os escravos
berran de alegría diante dunha ola de papas?". Pola contra, se, untado,
te deitas a recibires o sol na pel, alguén cabo de ti te petará co cóbado
e che cuspirá acremente: "Tremendos costumes! Amosar en público 35

[25] Alusión á morte de Sócrates, que se viu na obriga de beber cicuta para se suicidar, vítima de acusacións infames e dun xeito de vida que non concordaba cos costumes imperantes.

runcantem populo marcentis pandere uuluas.
tum, cum maxillis balanatum gausape pectas,
inguinibus quare detonsus gurgulio extat?
quinque palaestritae licet haec plantaria uellant
elixasque nates labefactent forcipe adunca, 40
non tamen ista filix ullo mansuescit aratro.'
caedimus inque uicem praebemus crura sagittis.
uiuitur hoc pacto, sic nouimus. ilia subter
caecum uulnus habes, sed lato balteus auro
praetegit. ut mauis, da uerba et decipe neruos, 45
si potes. 'egregium cum me uicinia dicat,
non credam?' uiso si palles, inprobe, nummo,
si facis in penem quidquid tibi uenit, amarum
si puteal multa cautus uibice flagellas,
nequiquam populo bibulas donaueris aures. 50
respue quod non es; tollat sua munera cerdo.
tecum habita: noris quam sit tibi curta supellex.

SATVRA V

Vatibus hic mos est, centum sibi poscere uoces,
centum ora et linguas optare in carmina centum,
fabula seu maesto ponatur hianda tragoedo,
uolnera seu Parthi ducentis ab inguine ferrum.
'quorsum haec? aut quantas robusti carminis offas 5
ingeris, ut par sit centeno gutture niti?
grande locuturi nebulas Helicone legunto,
si quibus aut Procnes aut si quibus olla Thyestae
feruebit saepe insulso cenanda Glyconi.
tu neque anhelanti, coquitur dum massa camino, 10
folle premis uentos nec clauso murmure raucus
nescio quid tecum graue cornicaris inepte
nec scloppo tumidas intendis rumpere buccas.
uerba togae sequeris iunctura callidus acri,
ore teres modico, pallentis radere mores 15
doctus et ingenuo culpam defigere ludo.

como colgan o pene e as partes rasuradas! Peiteas nas meixelas
a barbiña con locións perfumadas, por que, xa que logo, che sae
da entreperna unha miñoca rasurada? Aínda que cinco ximnastas
adestrados na palestra esa selva che arrinquen, e cunha pinza curva
che depilen as nádegas postas previamente de mollo, 40
porén, non hai arado que dome fieito semellante.
Á mesma vez que caemos, poñemos os membros cara ás frechas;
vivimos segundo esta lei, é sabido! Tes unha ferida cega
debaixo do ventre, pero cóbrea un amplo cinto bordado en ouro.
Se o prefires e es quen de o faceres, minte, engana o teu vigor. 45
"E cando a veciñanza me considere superior, non vou dar creto
ás súas palabras?". Se cando ves un peso, parvo, esbrancuxas;
se fas o que che sae do carallo; se, aos poucos, zóupaslle á besta
ata poñerlle as carnes da cor das amoras, inutilmente
has regalar ao pobo as túas orellas sedentas. Afástate do que non es, 50
que o vulgo recolla os obsequios que lle pertencen. Mora no teu,
e saberás que tan parco es en moblaxe.

SÁTIRA V

Argumento.- Persio reivindica a sátira como esquema creativo máis apropiado cá épica para expresar a esencia da poesía. Na estrutura profunda desta composición late a concepción da sátira como único xénero literario xenuinamente romano[26].

Teñen por costume os vates reivindicar para si cen voces,
e arelar cen bocas e mais cen linguas para os seus versos,
ben se propoña unha peza que recite con impostura un tráxico,
ben as feridas dun parto que arrinca o ferro das coxas.
"Onde nos conduce tal reflexión? Ou papas tan enormes talladas 5
de atronador canto que de cen gorxas precisen como caxato?
Quen declame mensaxes grandilocuentes apañe nubes do Helicón,
tanto se pon a ferver a pota de Procne coma se pon a de Tiestes,
a cal adoita cear o xan de Glicón[27]. Ti nin encerras os ventos
nun fol afogado mentres o forno derrete o metal; nin cando, 10
con inintelixíbel murmurio, estás a roncar, quedas de parvo
ao imitares un corvo que aspira a un aquel de solemnidade;
nin tentas estourar cunha palmada os papos inflados. Fas uso
de palabras populares que, con habelencia, sazonas con enxeño
e picardía, con harmónico ritmo. Expoñer sabes con mordacidade 15
a decadencia moral e, con salaces chanzas, culpas a alguén.

[26] *Satura quidem tota nostra est* (QUINTILIANO, *De institutione oratoria*, X 2.93).

[27] A mitoloxía proporciona constantemente argumentos ao acervo literario grecorromano. Persio lembra, en particular, os xéneros en verso considerados "maiores", é dicir, a épica e a traxedia.

hinc trahe quae dicis mensasque relinque Mycenis
cum capite et pedibus plebeiaque prandia noris.'
non equidem hoc studeo, pullatis ut mihi nugis
pagina turgescat dare pondus idonea fumo. 20
secrete loquimur. tibi nunc hortante Camena
excutienda damus praecordia, quantaque nostrae
pars tua sit, Cornute, animae, tibi, dulcis amice,
ostendisse iuuat. pulsa, dinoscere cautus
quid solidum crepet et pictae tectoria linguae. 25
hic ego centenas ausim deposcere fauces,
ut quantum mihi te sinuoso in pectore fixi
uoce traham pura, totumque hoc uerba resignent
quod latet arcana non enarrabile fibra.
cum primum pauido custos mihi purpura cessit 30
bullaque subcinctis Laribus donata pependit,
cum blandi comites totaque inpune Subura
permisit sparsisse oculos iam candidus umbo,
cumque iter ambiguum est et uitae nescius error
diducit trepidas ramosa in compita mentes, 35
me tibi supposui. teneros tu suscipis annos
Socratico, Cornute, sinu. tum fallere sollers
adposita intortos extendit regula mores
et premitur ratione animus uincique laborat
artificemque tuo ducit sub pollice uoltum. 40
tecum etenim longos memini consumere soles
et tecum primas epulis decerpere noctes.
unum opus et requiem pariter disponimus ambo
atque uerecunda laxamus seria mensa.
non equidem hoc dubites, amborum foedere certo 45
consentire dies et ab uno sidere duci.
nostra uel aequali suspendit tempora Libra
Parca tenax ueri, seu nata fidelibus hora
diuidit in Geminos concordia fata duorum
Saturnumque grauem nostro Ioue frangimus una, 50
nescio quod certe est quod me tibi temperat astrum.
mille hominum species et rerum discolor usus;

Afasta de acó as túas verbas, en Micenas abandona mesas servidas
con cabeceira e pés, e mira de que xeito come case todo o mundo".
Dende logo, non me empeño en que, con palla tinguida de negro,
engorden as miñas páxinas ata faceren pesar o fume. 20
Estamos a falar ás caladiñas. Agora –ordénamo a Camena[28]–
outorgámosche o peito para que o batas, e que enorme porción
da miña alma che pertence, Cornuto, meu tenro amiguiño,
compráceme amosarche. E, atento a discriminar do envoltorio
cunha linguaxe florida o que soa rexo, peta nel. Eu ousaría, 25
con este propósito, reclamar cen gargantas, a fin de sinalar,
con límpida voz, a intensidade con que te levo cravado
no fondo da miña alma, e co gallo de verbalizar o que non son quen
de expresar, pois fica oculto nun recuncho íntimo do meu corazón.
No intre en que, medorento, me tiven que despoxar da púrpura 30
protectora, e alguén colgou a miña bula para honrar os Lares
de cinguida toga, uns compañeiros condescendentes e a roupa
–agora branca– permitíronme observar Sabura[29] atentamente
e sen reparos. Cando a traxectoria se bifurcaba, e o fallo, inexperto
ante os sendeiros da vida, conducía inocentes pensamentos 35
a poboados cruzamentos, fíxenche caso. Ti acubillaches
os meus anos mozos nos teus socráticos brazos, Cornuto. Entón
a regra, astuta cando de aplicar correctivos se trata, enderezou os
equívocos morais. O espírito sucumbe aos envites da razón, provoca
a derrota ante ela, e adquire estilo artístico grazas á guía do teu polgar. 40
Lembro, por certo, aproveitar a totalidade dos días,
e investir na cea o comezo da noite. A unha mesma vez
gustabamos ambos os dous do ocio e mais do negocio,
e repousabamos diante dunha mesa posta con humildade.
Non albergues dúbidas sobre o particular: Axústanse os nosos días 45
e guía os unha única estrela en virtude dunha sólida alianza.
Ou nivela as nosas vidas coa exactitude de Libra[30] a Parca,
persistente na sinceridade; ou entre os Xemelgos
distribúe o noso unánime destino a hora apropiada á fidelidade.
Coa axuda de Xúpiter, pois, rebentamos a un tempo o rigor 50
de Saturno. Non sei que destino, ou, logra que concorde contigo!
Hai persoas de mil clases, e de mil cores son os seus gustos.

[28] O vocábulo *Camena* ten que ver co termo *carmen*, o cal denota a actividade relacionada co verbo *cano*: "entoar un cántico, cantar". O *carmen* constitúe unha estrutura axustada a patróns métricos ou, polo menos, rítmicos, que se ubica na base da creación poética latina. As *Camenas*, por trasladar o significado da palabra a unha explicación sinxela, sería o equivalente na cultura romana ás Musas gregas. Lembremos que as Musas son as patrocinadoras das artes.

[29] Barrio da antigua Roma que, malia estar ubicado nunha zona céntrica da cidade, poboaba xente humilde.

[30] O autor refírese a *Libra*, signo do horóscopo que se representa cunha balanza, símbolo da xustiza. Do mesmo xeito, os *Xemelgos* reflicten o signo de Xéminis.

uelle suum cuique est nec uoto uiuitur uno.
mercibus hic Italis mutat sub sole recenti
rugosum piper et pallentis grana cumini, 55
hic satur inriguo mauult turgescere somno,
hic campo indulget, hunc alea decoquit, ille
in uenerem putris; sed cum lapidosa cheragra
fregerit articulos ueteris ramalia fagi,
tunc crassos transisse dies lucemque palustrem 60
et sibi iam seri uitam ingemuere relictam.
at te nocturnis iuuat inpallescere chartis;
cultor enim iuuenum purgatas inseris aures
fruge Cleanthea. petite hinc, puerique senesque,
finem animo certum miserisque uiatica canis. 65
'cras hoc fiet.' idem cras fiat. 'quid? quasi magnum
nempe diem donas!' sed cum lux altera uenit,
iam cras hesternum consumpsimus; ecce aliud cras
egerit hos annos et semper paulum erit ultra.
nam quamuis prope te, quamuis temone sub uno 70
uertentem sese frustra sectabere canthum,
cum rota posterior curras et in axe secundo.
libertate opus est. non hac, ut quisque Velina
Publius emeruit, scabiosum tesserula far
possidet. heu steriles ueri, quibus una Quiritem 75
uertigo facit! hic Dama est non tresis agaso,
uappa lippus et in tenui farragine mendax.
uerterit hunc dominus, momento turbinis exit
Marcus Dama. papae! Marco spondente recusas
credere tu nummos? Marco sub iudice palles? 80
Marcus dixit, ita est. adsigna, Marce, tabellas.
haec mera libertas, hoc nobis pillea donant.
'an quisquam est alius liber, nisi ducere uitam
cui licet ut libuit? licet ut uolo uiuere, non sum
liberior Bruto?' 'mendose colligis' inquit 85
Stoicus hic aurem mordaci lotus aceto,
'hoc relicum accipio, "licet" illud et "ut uolo" tolle.'
'uindicta postquam meus a praetore recessi,
cur mihi non liceat, iussit quodcumque uoluntas,

Teñen cadansúa pretensión e aspiracións propias cadaquén.
Dende o amencer, este troca por mercancías procedentes de Italia
a pementa de engurrado tacto e o potente comiño en gran; 55
estoutro, fartuco, devece por recobrar as forzas cun sono reparador;
un ocúpase dos deportes, a algún as tabas[31] pérdeno, aquel
podrece a causa dos praceres de Venus... Porén, cando a quiragra
pedregosa lle dobregou os dediños como se fosen os ramallos
dunha faia vella, entón lamenta no transcurso improdutivo 60
dunha vida arrastrada polo barro; porén, élles tarde. Pola contra,
a ti agrádache esbrancuxares de tanto estudar durante a noite.
Aras nos mozos, e botas a semente de Cleantes[32] nas orellas
ben limpas deles. Rapaces e mais vellos, procurade aquí
un obxectivo firme para o espírito e un viático que compense
a vellez miserenta. "Deixaremos a cuestión para mañá", 65
has dicir o mesmo mañá, "Que pasa? Ai! Obséquiasme
cun único día como se fose importante!". Pero, cando chega
a data seguinte, xa rematamos co "mañá" precedente; eis,
un ¨mañá" recente consumirá os anos actuais, e sempre ha ficar
pretiño un novo. Inda que se atope a carón de ti, inutilmente 70
te apegarás a unha peza que xire sobre si mesma sobre un só eixo,
pois ti, roda de reposto, avanzas sobre un segundo eixo.
Precisamos de liberdade, pero non da que Publio Velina,
un ninguén, pagou cunha pedriña a prezo de trigo cheo de bechos.
Ai, ignora a verdade quen considera válida unha soa rolda 75
para nomear un quírite! Velaí tes a Dama, un mozo de cortes,
cos olliños pitoños polo viño perralleiro, e mentirán polo penso,
e pouquiño! Se o amo lle ordena poñerse a dar voltas,
antes de completar o xiro transfórmase en Marco Dama. Toleiradas!
Négaste a facer préstamos, malia actuar Marco como garante? 80
Non te fías, malia ser Marco o xuíz? Se Marco deu fe, verdade é.
Asina, Marco, os documentos. Trátase da xenuína liberdade,
segundo a outorga no noso favor a gorra dos frixios[33]. "Que outro
é libre senón o que goza da lexitimidade de obrar como lle pete?
Se, a fin de vivir como desexo, a lei me ampara, non son 85
máis libre que Bruto?". Un estoico que lava as orellas con vinagre
corrosivo, responde: "Extraes unha conclusión mendaz. Substitúe
'lexitimidade' por 'posibilidade'; concordo co resto". "Afasteime,
dono e señor de min, do pretor cun toquiño da vara. Entón, non

[31] As *tabas* son unhas pezas de pedra parecidas, en termos actuales, aos dados.

[32] Cleantes (ex. IV-232 a. C.) foi un filósofo de filiación estoica seguidor de Zenón de Citio (336-254 a. C.).

[33] O *gorro frixio*, orixinario do Oriente, representa a liberdade na cerimonia de manumisión dos escravos en Roma. Cando se emancipaba do seu amo, ao servo permitíaselle lucir esta prenda como símbolo da súa estreada condición social. Por iso, a partir da Revolución francesa, a gorra dos frixios posúe fortes connotacións de independencia e, obviamente, liberdade.

excepto siquid Masuri rubrica uetabit?' 90
disce, sed ira cadat naso rugosaque sanna,
dum ueteres auias tibi de pulmone reuello.
non praetoris erat stultis dare tenuia rerum
officia atque usum rapidae permittere uitae;
sambucam citius caloni aptaueris alto. 95
stat contra ratio et secretam garrit in aurem,
ne liceat facere id quod quis uitiabit agendo.
publica lex hominum naturaque continet hoc fas,
ut teneat uetitos inscitia debilis actus.
diluis elleborum, certo conpescere puncto 100
nescius examen? uetat hoc natura medendi.
nauem si poscat sibi peronatus arator
luciferi rudis, exclamet Melicerta perisse
frontem de rebus. tibi recto uiuere talo
ars dedit et ueris speciem dinoscere calles, 105
ne qua subaerato mendosum tinniat auro?
quaeque sequenda forent quaeque euitanda uicissim,
illa prius creta, mox haec carbone notasti?
es modicus uoti, presso lare, dulcis amicis?
iam nunc adstringas, iam nunc granaria laxes, 110
inque luto fixum possis transcendere nummum
nec gluttu sorbere saliuam Mercurialem?
'haec mea sunt, teneo' cum uere dixeris, esto
liberque ac sapiens praetoribus ac Ioue dextro.
sin tu, cum fueris nostrae paulo ante farinae. 115
pelliculam ueterem retines et fronte politus
astutam uapido seruas in pectore uolpem,
quae dederam supra relego funemque reduco.
nil tibi concessit ratio; digitum exere, peccas,
et quid tam paruum est? sed nullo ture litabis, 120
haereat in stultis breuis ut semuncia recti.
haec miscere nefas nec, cum sis cetera fossor,
tris tantum ad numeros Satyrum moueare Bathylli.
'liber ego.' unde datum hoc sumis, tot subdite rebus?
an dominum ignoras nisi quem uindicta relaxat? 125
'i, puer, et strigiles Crispini ad balnea defer'
si increpuit, 'cessas nugator?', seruitium acre
te nihil inpellit nec quicquam extrinsecus intrat
quod neruos agitet; sed si intus et in iecore aegro
nascuntur domini, qui tu inpunitior exis 130

serei quen de obrar en orde aos meus antollos, se non o impide 90
algún veto de Masurio?". Copia, pero pínguenche do nariz a rabia
e mais ese aceno que o prega mentres dos pulmóns che extirpo
os antepasados. Non correspondía a un pretor atribuír compromisos
delicados aos cortiños, nin consentirlle un desfrute rateiro da vida.
Conseguirías máis rapidamente que un recadeiro tanxese a sambuca. 95
O raciocinio manifesta oposición, murmurándoche ao oído
que non é lícito culminar o que alguén vai destruír se o fai.
As leis e mais o sentido común baséanse no sacrosanto principio
seguinte: abstéñase a ignorancia, feble, de acometer empresas
non autorizadas. Sen saberes deter o fiel da balanza con precisión, 100
dilúes o eléboro? Tal prohibe a natureza da arte de sandar.
Se un agricultor ben calzado, profano en astronomía, reivindicase
navío, Melicerta había proclamar que no mundo a sensatez
se extinguira. A sabedoría aprendeuche a vivir cos pés na terra,
e es astuto para discernir a verdade das aparencias, non sexa que 105
algunha che soe tan falsa coma unha ficha de cobre bañada
en ouro. Apuntas o que convén obedecer ou convén evitar,
alternativamente, xa primeiro co xiz, xa a continuación
co carbón? Es ambicioso de xeito mesurado, humilde no teu fogar,
encantador cos amigos? Serías quen de abrir e cerrar as cortes, 110
e poderías facer que non ves unha moeda pegada nunha lameira
sen tragar a saliva que a Mercurio lle viría á boca? Cando afirmes
con franqueza: "Posúo tales calidades", has ser libre e sabio
co consentimento de Xúpiter e dos pretores. Porén, se ti, que eras
hai nada de idéntica pasta ca nós, preservas o pelexo dos vellos 115
e, lisa a fronte, encerras na alma corrupta unha raposa pilla,
retiro o que aí atrás che concederá e reduzo a corda. En nada
te favoreceu o raciocinio; amosa un dedo –non supón, acaso,
un acto ben nimio?– e xa cometes unha equivocación. Pola contra,
non se lles ha pegar aos imbéciles senón media onza –un anaquiño– 120
de virtude por moito incenso que na honra das divindades arda.
Trátase de cousas que é sacrílego mesturar e, no que resta, dado que
es un cavador, non lograrías interpretar nin tres compases da danza
do sátiro coma Batilo[34]. "Son libre"; onde pousas afirmación tal,
se importantes asuntos te someten? Ou non recoñeces outro señor 125
que te libera coa variña? E cando alguén che demande "veña,
rapaz, tráeme os rascadores aos baños de Crispino, espile,
paspán!", en absoluto te pule a amargura da escravitude nin pon
en marcha as túas pernas motivación externa ningunha. Se no fígado
enfermo, no teu interior, che xorden amos, como resultas 130

[34] Batilo foi un prestixioso mimo de comezos da época do Imperio. Alúdese á súa persoa porque, naqueles tempos, era habitual interpretar a danza do sátiro nos espectáculos teatrais.

atque hic quem ad strigilis scutica et metus egit erilis?
mane piger stertis. 'surge' inquit Auaritia, 'eia
surge.' negas. instat. 'surge' inquit. 'non queo.' 'surge.'
'et quid agam?' 'rogat! en saperdas aduehe Ponto,
castoreum, stuppas, hebenum, tus, lubrica Coa. 135
tolle recens primus piper et sitiente camelo.
uerte aliquid; iura.' 'sed Iuppiter audiet.' 'eheu,
baro, regustatum digito terebrare salinum
contentus perages, si uiuere cum Ioue tendis.'
iam pueris pellem succinctus et oenophorum aptas. 140
ocius ad nauem! nihil obstat quin trabe uasta
Aegaeum rapias, ni sollers Luxuria ante
seductum moneat: 'quo deinde, insane, ruis, quo?
quid tibi uis? calido sub pectore mascula bilis
intumuit quam non extinxerit urna cicutae? 145
tu mare transilias? tibi torta cannabe fulto
cena sit in transtro Veiientanumque rubellum
exhalet uapida laesum pice sessilis obba?
quid petis? ut nummi, quos hic quincunce modesto
nutrieras, pergant auidos sudare deunces? 150
indulge genio, carpamus dulcia, nostrum est
quod uiuis, cinis et manes et fabula fies,
uiue memor leti, fugit hora, hoc quod loquor inde est.'
en quid agis? duplici in diuersum scinderis hamo.
huncine an hunc sequeris? subeas alternus oportet 155
ancipiti obsequio dominos, alternus oberres.
nec tu, cum obstiteris semel instantique negaris
parere imperio, 'rupi iam uincula' dicas;
nam et luctata canis nodum abripit, et tamen illi,
cum fugit, a collo trahitur pars longa catenae. 160
'Daue, cito, hoc credas iubeo, finire dolores
praeteritos meditor' (crudum Chaerestratus unguem
adrodens ait haec). 'an siccis dedecus obstem
cognatis? an rem patriam rumore sinistro
limen ad obscenum frangam, dum Chrysidis udas 165
ebrius ante fores extincta cum face canto?'
'euge, puer, sapias, dis depellentibus agnam
percute.' 'sed censen plorabit, Daue, relicta?'
'nugaris. solea, puer, obiurgabere rubra,

máis indemne que o que apañou os rascadores por medo ao señor?
Pola mañá estíraste, preguiceiro! "Érguete! Érguete, ou!", grita
a Avaricia. Resistes, insiste. "Érguete!", outra vez. "Son incapaz!".
"Érguete!"."E que vou facer?". "E pregunta! Trae do Ponto
xardas asadas, aceites de castor, estopas, ébano, e tecidos 135
luminosos de Cos. Recolle a pementa fresca en primeiro lugar,
aínda que o camelo morra seco. Troca as mercancías, pon os deuses
por testemuñas". "Pero Xúpiter escoitará a miña voz!". "Ai, ai, burriño!
Se tentas vivir segundo os preceptos de Xúpiter, confórmate con
furar o saleiro a forza de chupar os dedos". Axiña descorres o cinto 140
e ordenas aos escravos cargar peles e garrafóns: "Bulide! Ao barco!".
Nada estorba que suquedes o Exeo en amplo navío, a non ser que,
arteira, a Luxuria te chame á parte con esta advertencia: "Onde
vas, toliño, tan apurado? Que andas a buscar? A túa bile viril
inflou tanto baixo o teu peito ardente que non a podería aplacar 145
un frasquiño de cicuta? Vas emprender unha travesía marítima?
Que nun banco de remeiros che sirvan a cea mentres permaneces
sentado nunha roda de cabos, e que unha xerra ancha feda
a clarete veientano[35] picado e acedo? Que é o que pretendes?
Que os teus posíbeis –aquí medraran, humildemente, un cinco 150
por cento– súen un suculento once por cento? Obedece
o teu instinto, gocemos da bonanza, as vivencias túas miñas son,
quedarás en cinsa, lembranza e murmuración. Aproveita a vida
sen esqueceres a morte; as horas escapan, e o que estamos a falar
xa non existe". Que fas? Esguízante dúas bicas; gañará 155
unha ou a outra? É necesario que alternativamente comprazas
ambos os dous amos, rotando as regalías, e alternativamente
os descoides. E non proclames "zafei xa das ataduras" por negarte
claramente unha vez a cumprir un mandado de urxencia, pois
con loita racha o can o nó, mais, ao fuxir, pendúralle do pescozo 160
un longo cacho de cadea. "Davo, atende, fai caso, matino
poñerlle fin aos infortunios do pasado", sinala Queréstrato mentres
morde as unllas ata a codia. Acaso a miña desvergonza ten que
lixara decencia dos parentes? Dilapidarei a herdanza do pai
en bordeis, a dar que falar, mentres, bébedo e co fachón sen lume, 165
entoo unha serenata diante da enchoupada porta de Crisis[36]?". "Viva,
rapaz! Sé listo e sacrifica unha ovella na honra das divindades
liberadoras". "Pero Davo, non cres que, unha vez que a deixe soa,
vai chorar?". Non digas parvadas. Ha zoupar en ti coa galocha

[35] Poboación etrusca situada na provincia de Roma.

[36] O *paraclausithyron* estatúe un tópico literario presente con profusión na poesía elexíaca grega, e que se erixiu nunha constante da poesía amorosa posterior. Consiste no pranto do amado ante a porta da casa da amada. O namorado laméntase do desprezo que amosa a rapaza ante as súas galanuras.

ne trepidare uelis atque artos rodere casses. 170
nunc ferus et uiolens; at, si uocet, haut mora dicas
"quidnam igitur faciam? nec nunc, cum arcessat et ultro
supplicet, accedam?" si totus et integer illinc
exieras, nec nunc.' hic hic quod quaerimus, hic est,
non in festuca, lictor quam iactat ineptus. 175
ius habet ille sui, palpo quem ducit hiantem
cretata Ambitio? uigila et cicer ingere large
rixanti populo, nostra ut Floralia possint
aprici meminisse senes. quid pulchrius? at cum
Herodis uenere dies unctaque fenestra 180
dispositae pinguem nebulam uomuere lucernae
portantes uiolas rubrumque amplexa catinum
cauda natat thynni, tumet alba fidelia uino,
labra moues tacitus recutitaque sabbata palles.
tum nigri lemures ouoque pericula rupto, 185
tum grandes galli et cum sistro lusca sacerdos
incussere deos inflantis corpora, si non
praedictum ter mane caput gustaueris ali.
dixeris haec inter uaricosos centuriones,
continuo crassum ridet Pulfenius ingens 190
et centum Graecos curto centusse licetur.

SATVRA VI

Admouit iam bruma foco te, Basse, Sabino?
iamne lyra et tetrico uiuunt tibi pectine chordae?
mire opifex numeris ueterum primordia uocum
atque marem strepitum fidis intendisse Latinae,
mox iuuenes agitare iocos et pollice honesto 5
egregius lusisse senex. mihi nunc Ligus ora
intepet hibernatque meum mare, qua latus ingens
dant scopuli et multa litus se ualle receptat.
'Lunai portum, est operae, cognoscite, ciues.'
cor iubet hoc Enni, postquam destertuit esse 10
Maeonides Quintus pauone ex Pythagoreo.

encarnada para que non te subleves e roias a tupida malla. 170
Agora anóxaste violentamente mais, se chamase, no tardarías
en responder. 'Que farei, xa que logo? Nin sequera agora,
que me procura e me roga, vou acudir?'. Pois se conseguiches
escapar san e salvo, nin sequera!". Eis o que andamos a buscar,
eis, non no pauíño que porta o barallocas do lictor. Manda 175
sobre si aquel a quen deixa coa boquiña aberta a Ambición,
coa súa indumentaria de luxo e o seu verbo tentador? "Anda
esperto e non chores os chícharos que, a moreas, lle botes
ao pobo rebelde, a fin de que os velliños, ao sol, lembren
as nosas Floralia[37]". Algo mellor? Pola contra, cando chegan os días 180
de Herodes, e as lámpadas, adornadas con violetas, vomitan
unha graxenta néboa que emporca a fiestra na que están dispostas,
e o rabo de atún abraza o prato de barro vermello, e o viño salta
da xerra branca, moves os labios sen emitir palabra, e esbrancuxas
de pensares nos sábados dos circuncisos. Agora negras pantasmas 185
e desgrazas prognosticadas por ovos que escachan, agora os galos
xigantescos, e mais unha sacerdotisa chosca portando un cetro,
ameázante con deuses que che inflen o corpo se non tragas
tres veces ao longo da mañá a cabeza de allo prescrita.
Fálase tal entre centurións cheos de varices, rirá a cachón 190
o mangallón de Pulfenio, e mercará cen gregos por cen moediñas.

SÁTIRA VI

Argumento.- Esta sátira vai dirixida polo escritor ao seu amigo Cesio Baso, tamén poeta. O noso autor interésase polo traballo do seu amigo, lóalle a produción e, decontino, expresa a felicidade que lle reporta a vida tranquila e libre de preocupacións da que desfruta.

Xa te trasladou o airiño á túa casa sabina, Baso? Acaso cobran
xa vida as cordas da túa lira baixo o sinistro plectro? Admirábel
artífice en adaptar aos ritmos tradicionais os sons da nosa lingua
e o viril ruído da cítara latina, en instigar romances xuvenís,
con decente polgar interpretándoos, espléndido ancián. Agora, 5
Ligur ofréceme as súas costas tépedas e bríndame o mar para que
pase eu o inverno alí, por onde as rochas exhiben un enorme ángulo,
e o litoral se reprega nun gran arco. "Visitade o porto
de Luna, cidadáns, paga moito a pena!". Así o suxire de corazón
Ennio, unha vez acordou, despois de ter soñado que el fora 10
Quinto Meónida nacido dun pavo pitagórico. Aquí atópome

[37] Festividades celebradas na honra de Flora, divindade das flores, dos xardíns e, por extensión, da primavera. Precisamente esta é a época en que teñen lugar as *Floralia*, cuxo eixo eran os *Ludi Florae* que fican referendados no texto.

hic ego securus uolgi et quid praeparet auster
infelix pecori, securus et angulus ille
uicini nostro quia pinguior, etsi adeo omnes
ditescant orti peioribus, usque recusem 15
curuus ob id minui senio aut cenare sine uncto
et signum in uapida naso tetigisse lagoena.
discrepet his alius. geminos, horoscope, uaro
producis genio: solis natalibus est qui
tinguat holus siccum muria uafer in calice empta, 20
ipse sacrum inrorans patinae piper; hic bona dente
grandia magnanimus peragit puer. utar ego, utar,
nec rhombos ideo libertis ponere lautus
nec tenuis sollers turdarum nosse saliuas.
messe tenus propria uiue et granaria (fas est) 25
emole. quid metuas? occa et seges altera in herba est.
at uocat officium, trabe rupta Bruttia saxa
prendit amicus inops remque omnem surdaque uota
condidit Ionio, iacet ipse in litore et una
ingentes de puppe dei iamque obuia mergis 30
costa ratis lacerae; nunc et de caespite uiuo
frange aliquid, largire inopi, ne pictus oberret
caerulea in tabula. sed cenam funeris heres
negleget iratus quod rem curtaueris; urnae
ossa inodora dabit, seu spirent cinnama surdum 35
seu ceraso peccent casiae nescire paratus.
'tune bona incolumis minuas?' et Bestius urguet
doctores Graios: 'ita fit; postquam sapere urbi
cum pipere et palmis uenit nostrum hoc maris expers,
fenisecae crasso uitiarunt unguine pultes.' 40
haec cinere ulterior metuas? at tu, meus heres
quisquis eris, paulum a turba seductior audi.
o bone, num ignoras? missa est a Caesare laurus
insignem ob cladem Germanae pubis et aris
frigidus excutitur cinis ac iam postibus arma, 45
iam chlamydas regum, iam lutea gausapa captis
essedaque ingentesque locat Caesonia Rhenos.
dis igitur genioque ducis centum paria ob res
egregie gestas induco. quis uetat? aude.
uae, nisi coniues. oleum artocreasque popello 50
largior. an prohibes? dic clare. 'non adeo' inquis
'exossatus ager iuxta est.' age, si mihi nulla

a salvo da chusma e do que depare ao gando o terríbel temporal,
a salvo e sen coidar que aquel anaco de terra que lle toca ao lindante
sexa máis produtivo ca o meu. Aínda que todos os que proveñen
de peor estirpe prosperasen, eu negaríame a achepar e consumirme 15
por tal razón na vellez, ou a probar bocado sen sazonar, e petar
co nariz no precinto dunha garrafa de viño picado.
Haberá quen discrepe comigo. Horóscopo, pares xemelgos
de dispar talante. Algún só na data do seu aniversario disfraza
a verdura chuchada mercando salmoira e baleirándoa nunha cunca, 20
pillabán!, e aliña, el en persoa, a fonte coa exquisita pementa. Outro,
un rapaz bondadoso, acaba cos seus bens. Eu gozarei, si, gozarei,
pero non por isto me vou gabar de servirlles rodaballos aos libertos,
nin vou catar finamente a saborosa substancia das perdices. Desfruta
da vida na medida en que a propia colleita o permita, e moe o froito 25
do teu almacén. De que sentes medo? Bota a semente, e na herba
brotará unha segunda colleita. "Porén, a obriga chama por ti.
Un amigo pobre naufragou e agarra as rochas brucias[38], e afunde
no mar xónico todo o seu patrimonio e mais as súas preces, ás que
os deuses fixeron oídos xordos. Fican a un tempo na praia tirados 30
os grandiosos deuses da popa e el, e o costado da nave, ferida,
xa se franquea para os muxes". Entón, arríncalle un cacho ás terras
frondosas e dóallo ao pobre, para que non vague polo azul do mar
coma se estivese pintado nel. "Pero o herdeiro non dará o convite
funeral, anoxado por lle minguares a riqueza; e meterá no nicho os ósos 35
sen perfumar, predisposto a descoñecer se o cinamomo carece
de aroma, ou se a trobisco cheira a cereixo". "Seica pensas que podes
perder os bens sen castigo?". Tamén Bestio aprema os doutores gregos.
"Así é! Dende que o noso aquel exento de masculinidade vén
á cidade cos dátiles e coa pementa, os que apañan a herba estragaron 40
as papas cun graxento prebe". Disto vas ter medo despois de te
converter en cinsa? Ao revés, meu herdeiro, ti, sexas quen sexas,
afástate un chisco do común da xente e presta atención: amigacho!
descoñeces acaso que...? César enviou un despacho laureado para
comunicar a gran derrota inflixida á mocidade xermana. Sacódese 45
dos altares a xeada cinsa, e Cesonia xa coloca as armas para
as portas, reais clámides, longas perrucas roxas para os reféns, carros
de combate e grandiosas pinturas do Rin. Propoño, logo, cen parellas
de gladiadores en razón das fazañas acometidas na honra dos deuses
e da divindade protectora do xeneral. Quen o impide? Ousa! E non 50
o aceptes ti...! Estrago entre a chusma aceite e tortas de carne.
Prohíbelo, ao mellor? Fala abertamente. Repós: "Esta leira lindante

[38] O xentilicio *brucias* apela a un pobo do sur de Italia, situado onde se atopa a actual Calabria.

iam reliqua ex amitis, patruelis nulla, proneptis
nulla manet patrui, sterilis matertera uixit
deque auia nihilum superest, accedo Bouillas 55
cliuumque ad Virbi, praesto est mihi Manius heres.
'progenies terrae?' quaere ex me quis mihi quartus
sit pater: haut prompte, dicam tamen; adde etiam unum,
unum etiam: terrae est iam filius et mihi ritu
Manius hic generis prope maior auunculus exit. 60
qui prior es, cur me in decursu lampada poscis?
sum tibi Mercurius; uenio deus huc ego ut ille
pingitur. an renuis? uis tu gaudere relictis?
'dest aliquid summae.' minui mihi, sed tibi totum est
quidquid id est. ubi sit, fuge quaerere, quod mihi quondam 65
legarat Tadius, neu dicta, 'pone paterna,
fenoris accedat merces, hinc exime sumptus,
quid relicum est?' relicum? nunc nunc inpensius ungue,
ungue, puer, caules. mihi festa luce coquatur
urtica et fissa fumosum sinciput aure, 70
ut tuus iste nepos olim satur anseris extis,
cum morosa uago singultiet inguine uena,
patriciae inmeiat uoluae? mihi trama figurae
sit reliqua, ast illi tremat omento popa uenter?
uende animam lucro, mercare atque excute sollers 75
omne latus mundi, ne sit praestantior alter
Cappadocas rigida pinguis plausisse catasta,
rem duplica. 'feci; iam triplex, iam mihi quarto,
iam decies redit in rugam. depunge ubi sistam,
inuentus, Chrysippe, tui finitor acerui.' 80

https://www.thelatinlibrary.com/persius.html

non está abondo despexada de pedras". Vale! Se pola parte de meu pai
non me queda parente algunha –a irmá de miña nai morreu sen fillos–,
e da parte da miña avoa non vive ninguén, achégome a Bovillas 55
e ao con de Virbio, e xa me fago cun Manio como herdeiro. "Fillo
da terra?". Pregúntame quen é o meu tataravó: respondereiche, aínda
que non decontino. Engade unha xeración anterior, e outra,
e velaí a estirpe da terra: o Manio é, segundo a árbore xenealóxica,
case o irmán máis vello da miña bisavoa. Ti, que me levas vantaxe, 60
por que me reclamas o fachón no medio da carreira? Sonche
Mercurio, e amósome tal e como aparezo nas pinturas. Renuncias?
Prefires conformarte coas migallas? "Algo lle resta á totalidade".
Perdín do meu, pero todo, sexa o que sexa, che pertence. Desiste
de pescudar onde se atopa o que outrora me legara Tedio, nin me 65
repitas "presenta as contas, súmalles os intereses, dese montante
suprime os gastos; canto queda?". Canto queda? Veña, veña, bótalles
máis aceite ás coles, bota sen dor. Nun día festivo vaise cociñar
para min verdura corrente e media cachucha afumada co furado
na orella? Todo para que? Para que nun futuro, ese neto teu, farto de 70
fígados de oca[39], cando a súa preguiceira virilidade lle bata
na entreperna golfa, se baleire dentro dunha vulva patricia?
Que eu fique nos ósiños e a el, pola contra, o seu ventre de bandido
lle trema de graxa?
Vende a túa alma para lucráreste, dedícate aos negocios para 75
comerciar e, espelido, peta en todos os cornechos do mundo,
co fin de que ninguén che faga sombra a apalpares, na solemne
tarima, gordos capadocios[40]. Duplica as túas riquezas. "Dupliquei,
e por tres, por catro e por dez a multipliquei; sinálame cando
debo determe". Xa atopei quen remate o teu montiño.

REFERENCIA BIBLIOGRÁFICA

A presente tradución baséase no texto latino aloxado en rede baixo a seguinte referencia:

PERSIO: *Sátiras* (*vid.* The Latin Library, *speciatim* Persius).

[39] Considerados unha *delicatessen* na época imperial, tal e como aprendemos da lectura do "Banquete de Trimalción", unha das pezas centrais do *Satiricón* de Petronio, composta nos albores da época imperial coma as *Sátiras* de Persio.

[40] A Capadocia, rexión situada na actual Turquía, era famosa pola gran cantidade de escravos que, procedentes dela, chegaban a Roma.

Barbantia

ano XVI

Barbantia. Balance anual 2020

Pastor Rodríguez

BARBANTIA®. FACENDO CAMIÑO

Un curso atípico por mor do SARS COV-2, pero Barbantia®, malia iso e os continuos copiadores despiadados da nosa marca, que neste momento xa van por sete, e que se aproveitan do nome da A. C. Barbantia®, fundada en 2005, continuou co seu labor cultural.

Un ano especial, no que resistimos e conseguimos promover case trinta actos culturais: presentación de libros, teatro, ballet, música, exposicións de arte, recitais poéticos, publicacións como o *Anuario de Estudos do Barbanza*, ou a publicación mensual do suplemento *A Voz de Barbantia*... cultura con maiúsculas para tempos de pandemia, tempos de piratas sen escrúpulos ningúns, confianza en nós mesmos, traballo e esperanza.

A nosa andaina comezou o **14 de decembro de 2019** coa celebración dos **XIII Premios Barbantia da Cultura** e a presentación do ***Anuario de Estudos do Barbanza***, o número décimo quinto. Este acto tivo lugar na casa de cultura Ramón Martínez López do Concello de Boiro, conducido pola actriz e directora teatral, **Esther F. Carrodeguas**. Contou coa asistencia da presidenta do Consello da Cultura Galega, **Rosario Álvarez Blanco**, quen salientou a importancia da cultura de base e o labor fundamental que fai Barbantia. Acompañouna no acto o Secretario Xeral de Política Lingüística, **Valentín García Gómez** –que insistiu nos mesmos argumentos–, e mais o alcalde de Boiro, **José Ramón Romero García**. Interviñeron tamén o presidente de Barbantia, **Manuel Cartea** e a vicepresidenta **Mª Xesús Blanco,** desmiuzando polo miúdo o contido da publicación do Anuario XV que se presentou durante o evento.

Foi a gran festa de Barbantia, o acto no que se entregaron os **Premios Barbantia da Cultura**, que nesta ocasión recaeron no pintor de Palmeira **Xoán Fernández**, á Traxectoria Cultural no Barbanza; ***A Pousada da Galiza Imaxinaria***, de Boiro, á Iniciativa Cultural no Barbanza pola súa promoción da música e da cultura galegas; e na poeta e xornalista noiesa **Ana Romaní** no apartado da Cultura Galega. Todos eles agradeceron a distinción e salientaron a importancia social da cultura galega. O acto contou coa interpretación musical de **Juan Ortega** e **Lois Pimentel**, membros da Banda Municipal de Boiro, e a soprano noiesa **Esperanza Mara**.

Os tres sereos entregados nos XIII Premios Barbantia

Modelo en bronce dos primeiros sereos, Anuario e os sereos actuais de Sargadelos

Xoán Fernández, Suso Santamaría, Ana Romaní e Ana García, en conversa animada

Valentín García Gómez, Rosario Álvarez, Xulio Gutiérrez e Manuel Cartea

Xoán Fernández e Ana Romaní Blanco

Os tres premiados conversan animadamente con Ana García

Panorámica do auditorio Martínez López

Juan Ortega e Lois Pimentel, en plena actuación musical no acto dos premios

Xoán Fernández, premio á traxectoria cultural do Barbanza, no uso da palabra

Esperanza Mara, soprano, con Esther Carrodeguas, dramaturga e presentadora do acto nos XIII Premios Barbantia

Os membros da mesa ollando as imaxes do vídeo dos Premios Barbantia do ano anterior



No vídeo, o suplemento cultural *A Voz de Barbantia*

Xoán Fernández, pintor, e Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega

Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística, entrégalle o Premio Barbantia á iniciativa cultural a Suso Santamaría, por A Pousada da Galiza Imaxinaria

Ana Romaní, escritora, recibe das mans de José Ramón Romero, alcalde de Boiro, o Premio Barbantia da Cultura Galega

Mesa formada por María Xesús Blanco, José R. Romero, Rosario Álvarez, Valentín García e Manuel Cartea

Suso Santamaría, da Pousada da Galiza Imaxinaria, fai uso da palabra

Ana Romaní, escritora e premiada, no uso da palabra

Rosario Álvarez, catedrática da USC e presidenta do Consello da Cultura Galega, no uso da palabra

José Ramón Romero, alcalde de Boiro, fai uso da palabra

Visión da sala, cos alcaldes de Rianxo, Noia, Ribeira, os tres premiados e, á dereita, Manuel Ayaso e Ana Blanco

Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística, no uso da palabra

Juan Ortega e Lois Pimentel, músicos

O presidente de Barbantia no uso da palabra

Xoán Fernández, felicitado polos seus amigos

Imaxe da sala do auditorio Ramón Martínez López, con Ana Blanco, Manuel Ayaso, Suso Santamaría, Ana Romaní, Xoán Fernández, e os alcaldes Manuel Ruíz, Santiago Freire e Adolfo Muíños, na primeira fila

As persoas agraciadas cos Premios Barbantia da Cultura 2019, felices cos seus sereos

Foto de familia das persoas premiadas rodeadas de amizades e autoridades

Foto de familia co Premio Barbantia da Cultura 2019

O **20 de decembro de 2019** presentou Barbantia® o libro, ***A sombra da cinza*** (Medulia Editorial), de **Fidel Vidal**, no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira. Ademais do autor interviñeron no acto o poeta **Xulio López Valcárcel**, o narrador **Antón Riveiro Coello**, a vogal de Barbantia, **Encarna Pego,** e o alcalde de Ribeira, **Manuel Ruíz Rivas**, quen enxalzou o labor de Barbantia e as virtudes de Fidel Vidal como psiquiatra e escritor. Ese mesmo día presentouse o número 150 do suplemento cultural *A Voz de Barbantia*.

Na presentación de *A sombra da cinza*. Na mesa, o autor, Fidel Vidal, acompañado de Antón Riveiro, Encarna Pego, Manuel Ruíz e o poeta e editor, Xulio L. Valcárcel

Vista nutrida da sala Lustres Rivas, da mesa, e exemplares da *Voz de Barbantia* dese día

No mes de **xaneiro de 2020**, a Asociación Cultural Barbantia colaborou na **XV Semana Cultural Francisco Lorenzo Mariño**, en homenaxe ao artista **Manuel Ayaso**, en Aguiño, celebrada do 17 ao 19 de dito mes. O presidente de Barbantia, **Manuel Cartea**, pronunciou a conferencia *"Manuel Ayaso pintor único e aguiñense ilustre"*. No mesmo acto presentouse o documental *"Manuel Ayaso, historia dun artista"*, dirixido por **Pastor Rodríguez**. No acto estiveron presentes a presidenta da Asociación Cultural Francisco Lorenzo Mariño, **Elvira Pisos**, o xestor cultural, **Unai González**, e o alcalde **Manuel Ruíz Rivas**, ademais de numeroso amigos do artista e veciños de Aguiño e resto de Barbanza. Actuaron as pandeireteiras ***As 7 linguas***.

Manuel Ruíz, alcalde de Ribeira, Manuel Cartea, presidente de Barbantia e Unai González, xestor cultural e expresidente da asociación cultural Francisco Lorenzo Mariño

Elvira Pisos, presidenta da asociación cultural Francisco Lorenzo Mariño, con Lucía Rivas, Manuel Ayaso e Unai González, no acto de homenaxe ao pintor aguiñense

A mesa no acto da homenaxe en Aguiño a Manuel Ayaso. De esqda. á dta., Pastor Rodríguez, Elvira Pisos, Manuel Ruíz, Manuel Cartea e Unai González

O **17 de xaneiro**, na Casa de Cultura Antón Avilés de Taramancos de Noia, presentouse o libro, ***Baixo o signo da bipolaridade*** (Editorial Galaxia) un estudo da obra poética de María Mariño realizado por **Xosé L. Ferraces**, obra prologada por Xesús Alonso Montero. O autor estivo acompañado na presentación polo historiador noiés **Xerardo Agrafoxo**, polo director da editorial Galaxia, **Francisco Castro**, e polo alcalde de Noia, **Santiago Freire Abeijón**.

A mesa no acto da presentación do libro *Baixo o signo da bipolaridade*, co seu autor Xosé L. Ferraces, Xerardo Agrafoxo, Santiago Freire e Xosé Deira

O **31 de xaneiro**, dentro dos **Actos Castelao 2020,** organizados polo Concello de Rianxo, acto co que Barbantia leva colaborando dende hai anos, celebrouse a asemblea anual de socios e socias da asociación e presentouse o libro ***Escribirme***, de **Héctor Pose Porto** (Edicións do Peirao), acompañado no acto polo alcalde da vila rianxeira, **Adolfo Muíños**, a secretaria de Barbantia, **Milagros Torrado,** e o socio **Xesús Laíño**. Durante a presentación, o artista **Manuel Ayaso** realizou unha intervención plástica en directo preparando dúas pranchas de cobre sobre a figura de Castelao que logo se estamparían en papel. O grupo ***Leliñas***, da Escola de Música de Rianxo, púxolle a nota musical ao evento. Presentouse o número 151 do suplemento cultural *A Voz de Barbantia*.

Nos Actos Castelao 2020, actuación musical do grupo *Leliñas*, no acto de presentación, en Rianxo, do libro *Escribirme*, de Héctor Pose Porto

Na mesa da presentación, Suso Laíño, Adolfo Muíños, Héctor Pose e Milagros Torrado

O artista Manuel Ayaso amosa as estampas realizadas durante o acto a Paco Casal, Pastor Rodríguez e Electra Menéndez

Seguindo en Rianxo, o **1 de febreiro**, nesta vez en colaboración coa **Comisión de Homenaxe a Plácido Betanzos**, no Salón Arcos Moldes do auditorio rianxeiro, presentouse o libro ***Relatos e lembranzas***, de **Plácido Betanzos**. Interviron neste acto a rianxeira **Pilar Sampedro**, **Manuel Cartea**, **Xosé Deira** e o alcalde de Rianxo, **Adolfo Muíños**.

A mesa da presentación do libro *Relatos e lembranzas*, homenaxe a Plácido Betanzos, en Rianxo, formada por Pilar Sampedro, Manuel Cartea, Adolfo Muíños e Xosé Deira

E de Rianxo pasamos a Palmeira, o **7 de febreiro**, para presentar a reedición facsimilar da obra pedagóxica ***La perla agrícola*** (1885), do mestre de Palmeira **Ignacio Martínez Malvido**, que puido saír do prelo grazas á colaboración co concello de Ribeira. O acto tivo lugar na "Sociedade Fillos de Palmeira", nun salón ateigado de público e onde participaron o presidente da Sociedade, **Emilio Pérez Outeiral**; o autor da introdución do libro, **Francisco Antonio Vidal**; a directora do CEIP de Palmeira, **Noelia Rebollido**; a concelleira de Cultura de Ribeira, **María José Sampedro** e o alcalde, **Manuel Ruíz Rivas**.

Presentación en Palmeira d'*A perla agrícola* (1885) do mestre Ignacio Martínez Malvido. Con Noelia Rebollido, Fco. A. Vidal, Manuel Ruíz, María José Sampedro e Emilio Pérez Outeiral

No acto de Palmeira, vista parcial da sala, cos compoñentes da mesa ao fondo

No día dos namorados, o **14 de febreiro**, Barbantia desprázase ao concello de Boiro para presentar o libro ***A xestión cultural en Galicia*** (Andavira Editorial), coas intervencións de **Marcos Lorenzo, Sergio Lago**, **Alberto García**, a concelleira de cultura boirense, **María Outeiral** e o alcalde **José Ramón Romero**. Acto no que os autores, por quendas, esmiuzaron o contido do libro e avanzaron o que cada un entendía debería ser unha xestión axeitada aos novos tempos.

Na presentación d'*A xestión cultural en Galicia*. Na imaxe os autores, Marcos Lorenzo, Sergio Lago, Alberto García, a concelleira de cultura María Outeiral e o alcalde de Boiro, José Ramón Romero

Marcos Lorenzo e Alberto García en animada conversa cun público atento

Mais, parece que este mes non ten fin, e así Barbantia presenta o **28 de febreiro**, en Noia, na Casa de Cultura Antón Avilés de Taramancos a obra ***Camiño á lagoa dos bardos*** (Editorial ViveLibro), de **Manel Monteagudo**, quen estivo acompañado por **Antón Riveiro Coello, María Xesús Blanco**, **Xerardo Agrafoxo** e o alcalde de Noia, **Santiago Freire Abeijón**. Pero neste mesmo acto realizamos tamén a homenaxe anual do **Día de Rosalía de Castro**, cun recital de poemas a cargo da polivalente **Ana Blanco**, acompañada pola música á guitarra de **Claudia Fernández**. Presentouse, así mesmo, o número 152 do suplemento cultural *A Voz de Barbantia*.

Momento do recital de Ana Blanco, homenaxe anual do Día de Rosalía de Castro, e parte da mesa

O autor de *Camiño á lagoa dos bardos*, Manel Monteagudo, acompañado na mesa por Xerardo Agrafoxo, Santiago Freire Abeijón, María Xesús Blanco e Antón Riveiro Coello

O **5 de marzo**, na Casa de Cultura Raquel Fernández Soler da Pobra do Caramiñal, inaugurouse a exposición do artista **Che Tembra**, en colaboración co concello pobrense. A exposición, titulada ***Feminino plural***, *estaba* inspirada na figura de Rosalía de Castro. O artista taragoñés foi presentado pola profesora e gran activista cultural **Pili Pereiro**, que estivo acompañada da concelleira de cultura da Pobra, **Patricia Lojo Nine**, e mais polo alcalde, **Xosé Lois Piñeiro**.

Pili Pereiro presenta o artista escultor Che Tembra, na exposición inspirada en Rosalía, *Feminino plural*, na Raquel Fdez. Soler da Pobra do Caramiñal

Acompañan a Che Tembra, Pili Pereiro e Patricia Lojo nesta homenaxe ás mulleres de Galicia e do mundo

Vista dos presentes na sala aplaudindo o final do numeroso acto do artista taragoñés do ferro, Che Tembra

O **6 de marzo,** no Auditorio do Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal, presentouse no Barbanza a tradución de ***La chute***, fundamental obra de **Albert Camus**, realizada por **Xosé Manuel Beiras** co título en galego de ***A caída***. O tradutor estivo acompañado no acto por **Manuel Cartea**, presidente de Barbantia; **Patricia Lojo**, concelleira de Cultura, **Miguel Anxo Fernán Vello**, poeta e editor da tradución; a profesora **Esperanza Mariño** e o alcalde da Pobra, **Xosé Lois Piñeiro**.

Na presentación de *A caída*, de Albert Camus, traducida do francés por Manuel Beiras, na imaxe acompañado polo poeta Miguel Anxo Fernán Vello. Acto celebrado no auditorio do museo Valle-Inclán da Pobra

Os/as compoñentes da mesa da presentación de *La chute* (*A caída*), d'Albert Camus, traducida por Manuel Beiras: Patricia Lojo, Fernán Vello, Manuel Beiras, X. L. Piñeiro, Esperanza Mariño e Manuel Cartea

E chegou o SARS-CoV-2 (COVID-19) e mandou parar o día 13 de marzo de 2020! Os actos quedaron en suspenso. Só de xeito virtual, a través da internet e das redes sociais, o **24 de abril** inaugurouse, en remoto, a exposición ***BarbantiaRte VII*** e o **VII Encontro de Creadores e Creadoras do Barbanza**, realizados en colaboración coa Fundación Museo de Artes do Gravado. Inaugurada a exposición pola concelleira de Cultura de Ribeira, **María José Sampedro**, pode verse nos seguintes enlaces:

- https://www.facebook.com/Barbantia/videos/2438328923075604/
- https://www.facebook.com/Barbantia/videos/2665786196990221/?q=asociación%20cultural%20barbantia&epa=SEARCH_BOX

O **17 de maio**, para celebrar o **Día das Letras Galegas 2020**, colgamos nas redes distintas voces narrativas, poéticas, teatrais e musicais para recordar a figura de **Ricardo Carvalho Calero**, na que participaron Isabel Santos, Pilar Sampedro, María Xesús Blanco, Manuel Cartea, Xesús Laíño, o grupo teatral Airiños de Rianxo; Pastor Rodríguez, Esperanza Mara, Xacobe e Milagros Torrado. Grazas á colaboración de **Aurora Marco** e **Héctor Cajaraville**, puidemos presentar, de xeito virtual, as súas respectivas obras: ***Foula e ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Caravalho Calero (1911-1941)*** (Laiovento) e ***Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso*** (Xerais). Pódense ver nos seguintes enlaces:

- https://www.facebook.com/111056043577 946/videos/668648770642272
- https://www.facebook.com/111056043577 946/videos/338741920428766
- https://www.facebook.com/111056043577 946/videos/623740075150924
- https://www.facebook.com/111056043577 946/videos/2591426211098913
- https://www.facebook.com/Barbantia/photos/pcb.3057978090915357/3057974114249088/

Continuou, malia a pandemia, o blog ***Cafebarbantia***, que durante 2020 editou un texto diario, agás nos meses de xullo e agosto. Máis de trescentos textos de diferentes colaboradores, un cada día, nun labor dirixido e executado por **Antón Riveiro Coello**.

E a volta! O día **12 de xuño** Barbantia tivo a honra de organizar o primeiro acto cultural con presenza de público despois do levantamento do Estado de alarma. E non foi un acto calquera senón a presentación dunha tradución do inglés, dunha das grandes voces da poesía anglosaxona, **Douglas Dunn**: ***Selected Poems / Poemas Escollidos*** (HFD Editorial), na tradución da boirense **María D. Armental**, presente no acto. Presentación que correu a cargo do coordinador da A. C. Barbantia, **Pastor Rodríguez**, onde tamén estiveron presentes o editor da obra, **Maximino Pérez Abuín**; o Secretario Xeral de Política Lingüística, **Valentín García Gómez,** e o alcalde de Boiro, **José Ramón Romero**.

María D. Armental, tradutora de *Selected Poems / Poemas Escollidos,* de Douglas Dunn, facendo uso da palabra

O **19 de xuño**, no Auditorio Municipal de Rianxo, Barbantia presentou a obra ***Irmandiñas*** (Laiovento), de **Aurora Marco**, quen estivo acompañada por **Xesús Santos Suárez**, **Encarna Pego**, o alcalde de Rianxo, **Adolfo Muíños**, e a actriz **Tero Rodríguez**. A música púxoa, con moito éxito, o grupo **Barahunda.**

Aurora Marco, presentando en Rianxo o seu libro, *Irmandiñas*, acompañada na imaxe por Encarna Pego, Adolfo Muíños e Xesús Santos

A finais de xuño, concretamente o **día 25**, no Museo do Gravado de Artes (Ribeira), celebrouse a clausura da VII edición de **BarbantiaRte**, coa presenza do alcalde de Ribeira, **Manuel Ruíz Rivas**; o Director Xeral de Políticas Culturais, **Anxo Lorenzo Suárez**; o director do Museo do Gravado, **Xoán Pastor Rodríguez Santamaría**; e **Pilar Sampedro**, en nome da directiva da A. C. Barbantia. Durante o acto, a soprano e artista noiesa **Esperanza Mara** realizou un monotipo de gravado, ao tempo que interpretaba un sentido canto de berce.

Na clausura da VII edición de BarbantiaRte, con Pastor Rodriguez, Pilar Sampedro, Anxo Lorenzo, Manuel Ruíz e María José Sampedro

Esperanza Mara e Pastor Rodríguez nun momento do proceso da estampación



Esperanza Mara amosa, con Pastor Rodríguez, o monotipo de gravado que acaba de realizar durante a interpretación dunha canción de berce

Ao día seguinte, o **26 de xuño**, no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira, presentou a vicepresidenta de Barbantia, **María Xesús Blanco**, a súa novela infantil ***O caderno de Rosalía***. Acompañaron a autora a profesora da USC, **Blanca-Ana Roig Rechou**; o director de Galaxia, **Francisco Castro**; o presidente de Barbantia, **Manuel Cartea**, e a tenente de alcalde de Ribeira, **María José Sampedro.**

María Xesús Blanco asina exemplares do seu libro *O caderno de Rosalía*, no Centro Cultural Lustres Rivas

Blanca-Ana Roig Rechou, con María Xesús Blanco, na presentación do *Caderno de Rosalía*, e unha parte da sala

O **30 de xullo**, Barbantia, a Editorial Galaxia e o Concello da Pobra convocaron a terceira edición do certame literario ***Carlos Mosteiro***, nun acto no que estiveron presentes **Manuel Cartea**, **Patrica Lojo**, **Xosé Lois Piñeiro**, **Francisco Castro** e **Lourdes Briones**.

Na presentación do III Premio de Literatura Infantil *Carlos Mosteiro*. Na imaxe, Lourdes Briones, Francisco Castro, X. Lois Piñeiro, Patricia Lojo e Manuel Cartea

O **31 de xullo**, na Pobra do Caramiñal, no Teatro Cine Elma, con máis de cen asistentes (cando a cabida para actos culturais nos locais deste tipo o permitía), o científico pobrense **Juan Casto Rivadulla Fernández** presentou con grande éxito a súa obra ***A que cheiran as cores?*** (Galaxia). Estiveron no acto acompañando o autor, o libreiro pobrense **Cipriano Pose**, a médico **A. García Pose**, o psiquiatra e escritor **Fidel Vidal**, a concelleira de Cultura pobrense, **Patrica Lojo** e o alcalde da Pobra, **Xosé Lois Piñeiro**. O acto estivo amenizado musicalmente polos alumnos da Escola de Música Municipal da Pobra.

Na presentación do libro *A que cheiran as cores?*, de Juan Casto Rivadulla Fernández, no Teatro Cine Elma da Pobra. Na imaxe, acompañado por Patricia Lojo e Xosé Lois Piñeiro

Seguindo coas colaboracións con outras asociacións e entidades, o **28 de agosto** Barbantia participa na **Homenaxe poética a Manuel Ayaso**, o noso ilustre pintor aguiñense, organizada pola concellería de Cultura de Ribeira. Nesta homenaxe estiveron presentes, amais do homenaxeado, **Eva Veiga**, **Patricia Torrado**, **Antonio Piñeiro** e **Carlos Pereira** como poetas, e as autoridades **María José Sampedro**, concelleira de Cultura, e **Manuel Ruíz Rivas**, alcalde de Ribeira.

Carlos Pereira recita un poema na *Homenaxe poética a Manuel Ayaso*. Na imaxe, ao fondo, Manuel Ayaso, Manuel Ruíz e María José Sampedro

Eva Veiga, poeta, intervén na *Homenaxe poética a Manuel Ayaso*, no Lustres Rivas. Ao fondo, Manuel Ayaso e Ruíz Rivas

Vistas da sala, con máscaras e distancia de separación na *Homenaxe poética a Manuel Ayaso*

Escena da presentación de *Náufragas no mar e na terra*, de Elisabeth Oliveira, no Lustres Rivas

O **11 de setembro** presentouse o poemario ***Náufragas no mar e na terra*** (Urutau Editora), de **Elisabeth Oliveira**. Interviñeron a directiva de Barbantia, **Encarna Pego**, o escritor **Antonio Piñeiro** e a concelleira de Cultura de Ribeira, **María José Sampedro**. A poeta recitou os seus textos nunha orixinal performance que sorprendeu positivamente os asistentes ao acto, celebrado na sala Lustres Rivas de Ribeira.

Na presentación de *Náufragas no mar e na terra*, na imaxe, María José Sampedro, Encarna Pego, Elisabeth Oliveira e Antonio Piñeiro

Elisabeth Oliveira en plena performance cos presentes moi atentos detrás das súas máscaras

O **25 de setembro**, no Teatro Coliseo Noela de Noia, en colaboración co concello noiés, **Agustín Agra** presentou a súa novela ***Silencio*** (Galaxia). Estivo acompañado pola vicepresidenta de Barbantia, **María Xesús Blanco**, por **Antonio Piñeiro,** e polo alcalde de Noia, **Santiago Freire Abeijón**. A música fíxose presente coas notas de **Pablo Sax**.

Presentación da novela *Silencio*, de Agustín Agra, no Coliseo Noela de Noia, acompañado, na imaxe, por María Xesús Blanco e Antonio Piñeiro

O **30 de outubro,** na Estación Leñaverde do Centro Social de Boiro, presentou **Antón Riveiro Coello** a súa última novela, premiada co Torrente Ballester 2019, ***O paraíso dos inocentes***. Unha novela que ten de fondo o grave, sanguento e interminable conflito de Siria. O autor conversou con **María Xesús Blanco** e **Xesús Laíño** sobre o contido da súa obra. Pechou o acto o alcalde de Boiro, **José Ramón Romero,** dando paso á maxistral actuación artística a cargo do grupo de ballet ***Cen Pliés***.

Antón Riveiro Coello asina exemplares da súa última novela *O paraíso dos inocentes*, na Estación Leñaverde, de Boiro

Na imaxe, María Xesús Blanco e Suso Laíño dialogan sobre a obra co autor, Antón Riveiro, acompañados do alcalde de Boiro, José Ramón Romero

Instante na grande actuación de danza por parte de dúas compoñentes do grupo de ballet, *Cen Pliés*, de Boiro

Aurora Marco presentando o seu libro *Foula e ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Carvalho Calero* (1911-1941), no auditorio de Boiro

Héctor Cajaraville, na presentación do seu libro, *Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso*, homenaxe ao homenaxeado este ano 2020. Acompañado por Milagros Torrado e María Outeiral

Debido a que a Real Academia Galega adiou a celebración do Día das Letras Galegas 2020 ao día **31 de outubro**, a Asociación Cultural Barbantia celebrou ese día, na Casa de Cultura de Boiro, unha atípica **Romaría das Letras**. Presentaron as súas biografías de Carvalho Calero **Aurora Marco: *Foula e ronsel. Os anos que marcaron a biografía de Caravalho Calero (1911-1941)*** (Laioventо) e **Héctor Cajaraville**: ***Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso*** (Xerais). Héctor Cajaraville conversou coa secretaria de Barbantia, **Milagros Torrado,** e, á súa vez, Aurora Marco foi presentada por **Xesús Laíño**. Tamén estivo presente a concelleira de Cultura de Boiro, **María Outeiral**. Pero non todo ía ser literatura, tamén para os máis pequenos, e para pechar o acto, actuaron os magníficos ***Monifates***, composto por Alberto Millán Betanzos e José Piñeiro Pérez, dous polifacéticos artistas do espectáculo e grandes da música, que fixeron as delicias do público infantil, e non tanto.

Panel fotográfico e literario en homenaxe a Carvalho Calero polo Día das Letras Galegas 2020 dedicado a el este ano

Xa o **27 de novembro**, e de novo na vila de Noia, **Pedro García Vidal** presentou no Teatro Coliseo Noela a segunda parte da súa tese de doutoramento sobre o urbanismo de Muros e Noia. Unha obra editada pola Editorial Toxosoutos, e que leva por título: ***Noia e Muros. Paisaxes urbanas de séculos II. Da destrución á ordenación, protección e rehabilitación da paisaxe construída (1950-2020)***. Acompañaron o autor, o director da editorial Toxosoutos, **Clodio González Pérez**, a vogal de Barbantia, **Encarna Pego** –que, á parte de presentar os compoñentes da mesa, adiantou a saída do suplemento cultural A Voz de Barbantia, nº 159–, e o alcalde de Noia, **Santiago Freire Abeijón**. A música correu a cargo de **Claudia Fernández Losada** á guitarra.

Pedro García Vidal, co seu último libro, *Noia e Muros. Paisaxes urbanas de séculos II*. Acto celebrado no Coliseo Noela, en Noia

Encarna Pego e Clodio González Pérez, na presentación do libro de Pedro García

Claudia Fernández Losada interpretando á guitarra.
Nas mesas, Encarna Pego, Clodio González, Pedro García e Santiago Freire

Pedro García Vidal, o autor, asinando exemplares do seu libro

Pedro García Vidal dialoga antes de comezar o acto de presentación do seu libro coa alcaldesa de Muros, Inés Monteagudo e co alcalde de Noia, Santiago Freire

Malia as dificultades da pandemia polo SARS COV-2, a coñecida COVID-19, ***A Voz de Barbantia*** recuperou en outubro a normalidade co número 158, para encarreirar xa dezaseis anos ininterrompidos da súa publicación. Só cómpre agardar que a pandemia nos permita a todos a volta á *esa* ansiada normalidade, tamén á cultural. Vale.

E mentres tanto as socias e socios irán votado os gañadores dos **XIV Premios Barbantia da Cultura**, que este ano ten como nomeados a **Enrique Paisal**, **Ana Blanco** e **Esther Carrodeguas** para a traxectoria cultural no Barbanza; a **A. C. Terra de Outes**, a **Real e Ilustre Confraría da Dorna** e o **Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal** para a iniciativa cultural do Barbanza; e **Clodio González Pérez**, **Manuel Olveira** e **Sonia Lebedynski** para o Premio Barbantia á Cultura Galega. Pero esa será xa outra andaina que esperamos percorrer co éxito sabido.

As fotografías de *La Voz de Galicia* son da autoría de Carmela Queijeiro, Marcos Creo e Dani Gestoso. Reciban o noso agradecemento máis sincero.

RELACIÓN DE SOCIAS E SOCIOS

1. Mª Dorinda Abuín Ces, **2**. Estefanía Ageitos Iglesias, **3**. Agustín Agra Barreiro, **4**. José Ramón Agrafoxo Pérez, **5**. Xerardo Agrafoxo Pérez, **6**. Xosé Lois Agrelo Hermo, **7**. José Manuel Alborés Mariño, **8**. Óscar Alcalde Carou, **9**. Mª Concepción Allut Vidal, **10**. Fernando Alonso Romero, **11**. Xosé Álvarez Castrelo, **12**. Ana Amado Reino, **13**. María Cristina Andrade González, **14**. Ana E. Arca Camba, **15**. Ramón Ares Noal, **16**. Purificación Arias Vázquez, **17**. María Xesús Armada Castaño, **18**. María Dolores Arxóns Álvarez, **19**. Asociación Balandro Joaquín Vieta **20**. Simón Balvís Freire, **21**. Víctor Barbeito Pose, **22**. Clara Barge Estévez, **23**. Pablo Barreiro, **24**. Xosé Manuel Barreiro Insua, **25**. María Isabel Barros Pazos, **26**. Biblioteca Fundación Penzol, **27**. Biblioteca Xeral da USC, **28**. Francisco Blanco Alcaide, **29**. José Manuel Blanco Castro, **30**. Ana Blanco Gómez, **31**. Fernando Blanco Lado, **32**. María Xesús Blanco López, **33**. José Manuel Blanco Romero, **34**. Ramón Ricardo Boo Puente, **35**. Carlos Branco Ansoar, **36**. Xosé Ramón Brea Rei, **37**. Mª Dominga Brión Sanmiguel, **38**. Lourdes Briones Pouso, **39**. Francisco Xosé Bugallo Otero, **40**. C.E.I.P. Santa María do Castro, **41**. Rosa María Caamaño González **42**. Manuel Caamaño Suárez, **43**. Francisco Cadaval Ayaso, **44**. Xosé Manuel Cairo Antelo, **45**. Xosé María Cal Vázquez, **46**. Carlos Manuel Callón Torres, **47**. Dolores Calo García, **48**. Ana Cambeiro Cambeiro, **49**. Jorge J. Campaña Dieste, **50**. Domingo Ramón Campos Alborés, **51**. Anxo Santiago Campos Pena, **52**. María Xosé Canitrot Trillo, **53**. Natalia Carou Figueira **54**. Ramón Carredano Cobas, **55**. Alba Carreño López, **56**. Juan Carril Miguéns, **57**. Manuel Cartea Gómez, **58**. José Ramón Casais Romero, **59**. Román Castaño García, **60**. Eva Castaño Torrado, **61**. Antonia Castelo Lampón, **62**. Jesús Manuel Castro Fernández, **63**. Emilio Castro Fustes, **64**. Herminda Castro Lage, **65**. Xavier Castro Rodríguez, **66**. Guillerme Caxaraville Arauxo, **67**. Centro Empresarial da Construción do Barbanza, **68**. Centro Ramón Piñeiro, **69**. Centro Recreativo e Cultural de Artes, **70**. Cep Pilar Maestú Sierra, **71**. Manuel Ces Canle, **72**. Sonia Ces García, **73**. Cornelia Ces Miranda, **74**. Adelina Ces Quintáns, **75**. Mauricia Ces Quintáns, **76**. Javier Jesús Ramón Chouza Gestoso, **77**. María Jesús Cobas Paz, **78**. Colexio Jaime Balmes, **79**. Xosé Comoxo Rodríguez, **80**. Concello da Pobra do Caramiñal, **81**. Concello de Boiro, **82**. Concello de Lousame, **83**. Concello de Noia, **84**. Concello de Outes, **85**. Concello de Porto do Son, **86**. Concello de Rianxo, **87**. Concello de Ribeira, **88**. Joaquín Cortés Laíño, **89**. Justo Cortizo Sóñora, **90**. Alfonso Costa Beiro, **91**. María José Couce Caneiro, **92**. Jaime de Los Ríos Hernández, **93**. Xosé Deira Triñanes, **94**. Faustina Dieste Sánchez, **95**. Juan J. Dosil Martínez, **96**. Ánxela Doval Méndez, **97**. Daniel Ermo Sanches, **98**. Xaquín España Fernández, **99**. María Teresa Esperante Lens, **100**. Francisco Javier Espino Domarco, **101**. Eduardo Xerome Estévez Agrafoxo, **102**. Manuel Fajardo Piñeiro, **103**. Xoán Fernández, **104**. María Esther Fernández Carrodeguas, **105**. Cipriano Emilio Fernández Fernández, **106**. Manuel Fernández Maneiro, **107**. María Eugenia Fernández Rebollido, **108**. Graciela Fernández Rebollido, **109**. Francisco Fernández Rei, **110**. Noelia Fernández Toledano, **111**. Marisol Fernández Valado, **112**. Serafín Fernández Villanueva, **113**. Luís Ferreirós Blanco, **114**. Guillermina Ferrol Martínez, **115**. Roberto Figueira Martínez, **116**. José Alberto Figueiro Resúa, **117**. María Isabel Fontano Fernández, **118**. Fundación Rosalía de Castro, **119**. Gustavo García Dieste, **120**. Rafael García García, **121**. Silvia García Mirón, **122**. Paula Susana García Paz, **123**. Victoria de los Ángeles García Peinó, **124**. Emilio García Pérez, **125**. García Rodiño, S. L., **126**. Xosé Anxo García Rodríguez, **127**. Alberto García Sánchez, **128**. Xoán Francisco García Suárez, **129**. Nieves García Vidal, **130**. Pedro García Vidal, **131**. Íria Gestoso Ríos, **132**. Xulio Gil Rodríguez, **133**. Xosé Anxo Gómez Figueira, **134**. Eugenia Gómez Vidal, **135**. Alfonso José González Asenjo, **136**. Manuela Sofía González Lestón, **137**. Manuel González Lorenzo, **138**. Unai González Suárez, **139**. Félix González Túñez, **140**. Gráficas Garabal S. L., **141**. Xosé Luís Groveiro González, **142**. María Gude Sampedro, **143**. Xulio Gutiérrez Roger, **144**. Xan Hermida Bouza, **145**. Josefa Hermo Insua, **146**. Genoveva

Hermo Sánchez, **147**. Ies Coroso, **148**. Ies Espiñeira, **149**. Ies Nº1 de Ribeira, **150**. Ies Praia Barraña, **151**. Ies Virxe do Mar, **152**. Lago Mallo, Ezequiel, **153**. Jesús Román Laíño Briones-Arén, **154**. Fernando Ramón Lavandeira Suárez, **155**. Xoán Xosé León Martínez, **156**. Xoán León Vidal, **157**. Manuel Lestón González, **158**. Mª Aurora Lestón Mayo, **159**. A Librería de Rosa **160**. Xosé Manuel Lobato Martínez, **161**. Carlos Mª López del Río, **162**. Amalia López Louro, **163**. Xabier López Marqués, **164**. María Luísa López Otero, **165**. Juan Ramón López Oviedo, **166**. Gloria López Paz, **167**. María Dolores López Rodríguez, **168**. Charo López Sánchez, **169**. Xosé Antonio López Silva, **170**. Jesús Lorenzo Cespón, **171**. Severiano Loroño Viazcoechea, **172**. Xosé Ricardo Losada Vicente, **173**. Marina Losada Vicente, **174**. María Loureiro Piñeiro, **175**. Aurora Marco López, **176**. Aurelia Mariño Blanco, **177**. Esperanza Mariño Davila, **178**. Manuel Mariño Del Río, **179**. Xoán Mariño Reino, **180**. María José Maroñas Sóñora, **181**. Andrés Martínez Cao, **182**. Josefa Martínez Domínguez, **183**. Rita Martínez Gude, **184**. Lidia Martínez Fernández, **185**. Jesús Martínez Moledo, **186**. Edmundo Martínez Muñiz, **187**. Beatriz Martínez Outeiral, **188**. Mª Consuelo Martínez Pérez, **189**. Daniela Martínez Somoza, **190**. Ángeles Miguéns Cristobo, **191**. Mónica Paula Montero Parcero, **192**. María Del Pilar Morales Pérez, **193**. Sara Moure Prado, **194**. José Luis Mouriño Miguéns, **195**. Adolfo Muíños Sánchez, **196**. Mariano Muñiz Blanco, **197**. Museo Do Gravado De Artes, **198**. Avelina Neiro Cuencio, **199**. Santiago Nieto Romarís, **200**. Xosé Manuel Nóvoa Collazo, **201**. Hadriana Ordóñez Otero, **202**. Mari Carmen Ordóñez Rey, **203**. Marusela Outeda Caneda, **204**. Ramiro Ouviña Ouviña, **205**. Alberte Pagán, **206**. María Do Carme Pallares Leal, **207**. Xosé Antón Parada Fernández, **208**. Antonio Parada Mariño, **209**. Santiago Páramo Aller, **210**. Alicia Pardal Pazos, **211**. Mª Dolores Pardo Fernández, **212**. Marian Paredes Villaronga, **213**. Juan Patiño González, **214**. Benjamín Paz Castro, **215**. María Xosé Paz Franco, **216**. José Francisco Paz Lijó, **217**. Santiago Pazos Rey, **218**. María Jesús Pazos Rey, **219**. Encarna Pego Paz, **220**. María Isabel Pelayo Barbarán, **221**. Soledad Penalta Lorenzo, **222**. Xoán Carlos Pereira Martínez, **223**. Pilar Pereiro Saavedra, **224**. José Manuel Pérez Abalo, **225**. Jesús Pérez Besada, **226**. Ismael Pérez Fernández, **227**. Xosé Manuel Pérez Fernández, **228**. José Antonio Pérez Fernández, **229**. David Pérez Iglesias, **230**. Silveria Pérez Martínez, **231**. Mª Dolores Pérez Mato, **232**. María Luísa Pérez Muñiz, **233**. Antonio Pérez Pérez, **234**. Mariña Pérez Rei, **235**. José Antonio Pérez Sánchez, **236**. Severiano Pérez Suárez, **237**. José Antonio Pérez Treus, **238**. Mª Jesús Picher Núñez, **239**. Manuela Pimentel Novo, **240**. Félix Pimentel Tubío, **241**. Alberto Piñeiro Bermúdez, **242**. Antonio Piñeiro Fernández, **243**. Pedro Piñeiro Hermida, **244**. Gerardo Piñeiro Lorenzo, **245**. Xoana Piñeiro Lorenzo, **246**. Manuel Piñeiro Pena, **247**. Manuela Places Fungueiriño, **248**. María Placín López, **249**. Cipriano Manuel Pose Lorenzo, **250**. Concepción Prado Baña, **251**. Asociación Prudencio Romo, **252**. José Manuel Queiruga Carballo, **253**. Ramón Quintáns Vila, **254**. Beatriz Quintela Rúa, **255**. María Dolores Rama Pico, **256**. Real Academia Galega, **257**. Óscar Reboiras Loureiro, **258**. Ana Redondo Loxo, **259**. Mª del Carmen Rego Domínguez, **260**. Xosé Xabier Reino Castro, **261**. Manuel Reiriz Dios, **262**. Marisa Resúa Quintáns, **263**. Rodrigo Rey López, **264**. Natividad Rey Ordóñez, **265**. Ester Rincón-Benzalá Fernández, **266**. Juan Manuel Ríos Pérez, **267**. Xosé Manuel Rivas Pérez, **268**. Antón Riveiro Coello, **269**. Santiago Robado Gaudeoso, **270**. Inmaculada Robleda Castro, **271**. Tero Rodríguez Castiñeiras, **272**. Antón Rodríguez Gallardo, **273**. Mª Teresa Rodríguez Iglesias, **274**. Daniel Rodríguez Lorenzo, **275**. Luís Carlos Rodríguez Río, **276**. Mateo Rodríguez Martínez, **277**. Ximena Rodríguez Martínez, **278**. José Mª Rodríguez Tubío, **279**. Blanca-Ana Roig Rechou, **280**. Lucía Romaní Fernández, **281**. Encarna Romay Otero, **282**. Rebeca Romero Viturro, **283**. Manuel Ruíz Rivas, **284**. Miguel Ángel Saá Ramos, **285**. Antonio Saborido López, **286**. Concepción Sabucedo Álvarez, **287**. Pilar Sampedro Martínez, **288**. Olegario Sampedro López, **289**. Ramón Sampedro Muñiz, **290**. Xavier Sánchez Alonso, **291**. Marcelino Sánchez Somoza, **292**. María Isabel Santos Davila, **293**. Mª Carme Santos Rodríguez, **294**. Xohán Santos Suárez, **295**. Xesús Santos Suárez, **296**. Ángela María Segade Otero, **297**. Guillermo de la Paz Serra Martínez, **298**. Juan Néstor Sierra Fernández, **299**. Raquel Silva Hermo, **300**. José Silva Triñanes, **301**. Blas Ramón Sobrido Lago, **302**. Sociedade Liceo De Noia, **303**. Antonia María Somoza Martínez, **304**. Santiago Suárez Blanco, **305**. Juan Nemopuceno

Suárez Lijó, **306**. César R. Tarela Pérez, **307**. Andrés Teira Ageitos, **308**. Manuel Teira Luaces, **309**. Luís Teira Parada, **310**. José Tembra Redondo, **311**. Pilar Tesouro Franqueira, **312**. María del Carmen Toba Trillo, **313**. Dores Torrado Ares, **314**. Milagros Torrado Cespón, **315**. Patricia Torrado Queiruga, **316**. Manuel Torres Cubeiro, **317**. Gonzalo Trasbach Paz, **318**. Gerardo Triñanes Fernández, **319**. Xosé Manuel Triñanes Núñez, **320**. Manuel Tubío Fachado, **321**. José Tubío Fachado, **322**. Felisa Tubío Saavedra, **323**. Vicente Vázquez Arias, **324**. Óscar Vázquez Dieste, **325**. Carmen Vázquez Dieste, **326**. Francisco Xabier Vázquez Fernández, **327**. Juan Manuel Vázquez García, **328**. José Manuel Vázquez Lijó, **329**. Amparo Vázquez Lores, **330**. Eva Veiga Torre, **331**. Xosé Luís Veiras Manteiga, **332**. Manuel Velo Velo, **333**. Francisco Vicente Teijeiro, **334**. Francisco Antonio Vidal Blanco, **335**. Fidel Vidal Pérez, **336**. Teresa Vidal Pose, **337**. Bernardo Xosé Vila Cameán, **338**. María Margarita Vilar Martínez, **339**. Teresa Villalba Torres, **340**. María del Carmen Villar Alonso, **341**. Manuel Xesús Villar Suárez, **342**. Mª Teresa Villaverde Pais, **343**. Segismundo Zúñiga Tubío

Este libro rematou de se imprentar

o 16 de decembro de 2020,

no décimo sexto aniversario

do nacemento de Barbantia

biblioteca
barbantia

La Voz de Galicia

Asociación Cultural Barbantia

Rúa Manuel María, s/n
Centro Social
15930 Boiro (A Coruña)
Tlfn: 981 842 635 Fax: 981 842 725

@barbantia Asociación Cultural Barbantia

Páxina web: www.barbantia.gal
www.barbantia.org
www.barbantia.es
Blog: www.cafebarbantia.barbantia.org
www.cafebarbantia.barbantia.es
Correo: barbantia@barbantia.org
barbantia@barbantia.es